

Revista galega
de filoloxía

monografía **7**

Goretti Sanmartín Rei (editora)

Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega

**Homenaxe a
Manuel García Blanco**

Director: Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

Subdirector: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretario: Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

Edita: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Depósito Legal: C 2114-2012

ISBN: 978-84-9749-527-1

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

Índice

Limiar, por <i>Goretti Sanmartín Rei</i>	7-9
O M.G.B. dun neto <i>M.A.M.G.</i>	11-14
Manuel García Blanco (1882-1974), cronoloxía dunha biografía intelectual <i>Benigno Fernández Salgado</i>	15-42
<i>Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega,</i> <i>por MGB</i> <i>M[anuel] G[arcía] B[lanco]</i>	43-60
Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega, por MGB <i>[tradución de Iolanda Galanes]</i>	61-78
Achegas á tradución ao galego de <i>Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega</i> , por MGB <i>Iolanda Galanes Santos</i>	79-82
Manuel García Blanco, heraldo das Irmandades da Fala <i>María Pilar García Negro</i>	83-94
Cen anos loitándonos contra a decadencia e pola rehabilitación da lingua galega <i>Teresa Moure</i>	95-106
De Manuel García Blanco á STC 31/2010. Cen anos de debate sobre a oficialidade <i>Alba Nogueira López</i>	107-122
<i>Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega</i> ou os primeiros pasos dunha didáctica da lingua galega propiamente consciente de seu <i>Xulio Pardo de Neyra</i>	123-157
Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Unha lectura en paralelo da sustentabilidade lingüística desde as achegas da economía feminista <i>Goretti Sanmartín Rei</i>	159-182
Manuel García Blanco e a calidade da lingua: o contexto social e o filolóxico nos inicios do século XIX <i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i>	183-205
Consideracións sobre a continuada decadencia e a rehabilitación das linguas galega e bretoa: cen anos despois <i>Robert Neal Baxter</i>	207-222

Limiar

Para quen non advirta que hai cousas que non se fan en por si,
senón que requiren da máis decidida intervención humana, serán
rematadamente utópicos estes ideais

M[anuel] G[arcía] B[lanco], 1912.

Manuel García Blanco expresábase con esta contundencia a respecto da imposibilidade de pretendemos transformar a realidade sociolingüística da lingua galega sen unha decidida intervención sobre ela. Facíao no ano 1912, sen se inscribir nun grupo ou corrente, senón de maneira illada, a través dun diagnóstico, como @s lector@s terán ocasión de comprobar, ben certo da situación do galego naquela altura e ofrecendo unha serie de propostas que demostran que estamos perante un planificador que sabe que é preciso posuír un discurso sobre as linguas con coñecementos rigorosos. Observar e ser quen de transcender a realidade individual e inmediata para establecer os criterios máis relevantes que provoquen a modificación das condicións de que parte o galego, velaí o obxectivo do pequeno opúsculo cuxa modernidade queremos reivindicar. As *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*, publicadas en outubro de 1912, expoñen sinteticamente as cuestións centrais que debían coñecer @s galeg@s da época para melloraren o coñecemento, incrementaren o uso e modificaren as actitudes sobre a lingua galega. E fano desde a consciencia de seren máis importantes o exemplo e a coherencia das elites e das persoas comprometidas coa lingua que a publicación de gramáticas e dicionarios, aínda naquela altura case inexistentes.

Ao se cumpriren cen anos da publicación deste texto, nada nos parece máis xusto que lembrarmos a necesidade de intervir sobre a(s) lingua(s) e de actualizar os nosos discursos. Por iso é que decidimos coordinar este volume de homenaxe a Manuel García Blanco cun duplo obxectivo:

- a) Realizar un achegamento á figura e á obra do autor das *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* e dar a coñecer un texto inxustamente esquecido.
- b) Desenvolver unha serie de reinterpretacións dos contidos desta obra desde unha perspectiva actual, isto é, proporcionarmos unha serie de consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega escritas no ano 2012 para seren transmitidas á sociedade galega no seu conxunto e aos sectores máis combativos na defensa das linguas dominadas en particular.

Canto aos contributos que finalmente se recollen nesta obra, poderíamos dividilos en tres tipos: aqueles que se centran na biografía do autor e no seu contexto sociohistórico,

o grupo máis numeroso que se achega ás *Consideracións sobre a decadencia e á rehabilitación da lingua galega* desde a perspectiva da Sociolingüística ou da Planificación Lingüística e aqueloutros que se centran nalgún aspecto particular do seu texto ou na comparación con outras realidades. Realizamos unha breve síntese para que o público lector poida previamente ter unha guía se o así decidir.

A viaxe deste volume parte dunha primeira aproximación biográfica de que se encargou Benigno Fernández Salgado, que xa achegara a este texto e este autor noutros traballos, particularmente naqueles derivados da súa tese de doutoramento, e que realizou nesta ocasión un importante labor de pescuda a través das súas memorias particulares, dos seus artigos, das súas obras e de numerosas consultas para nos transmitir unha visión certa de quen foi ese profesor e doutor en Filosofía chamado Manuel García Blanco.

Sabedor@s do difícil acceso ao texto obxecto de estudo e a súa escasa difusión, decidimos tamén incluílo no volume, tanto na súa versión orixinal, en español, como nunha tradución actualizada, obra de Iolanda Galanes Santos, que tamén nos ofrece os seus criterios para realizala e partilla connosco as dificultades de modernizar as *Consideracións sobre a decadencia e á rehabilitación da lingua galega*. A única ocasión en que previamente o texto se traducira parcialmente foi no xornal *A Nosa Terra*, no ano 1917, unha versión adaptada ás inxedanzas e á ideoloxía das principais figuras das Irmandades da Fala, como nos indicou Fernández Salgado en 2001.

M^a Pilar García Negro ofrécenos unha lúcida contextualización sociohistórica da obra e sitúa o seu autor como o heraldo das Irmandades nun traballo en que debulla os datos que recolle Manuel García Blanco á maneira dun fiel cronista da realidade galega. Os paradoxos e as contradicións en que incorre o autor, as inseguranzas e os continuos abalares do movemento normalizador, o big bang rosaliano..., nunha aproximación que pesa na balanza elementos positivos e negativos para reivindicar finalmente o “conmovente” dos seus argumentos, nese chamado a nos rebelarmos e actuar.

Teresa Moure parte no seu artigo da interrogación sobre as causas da incoherencia lingüística dun Manuel García Blanco que redacta en español un texto en que solicita coherencia por parte d@s defensor@s da lingua. Para alén de nos mostrarmos García Blanco como un planificador *avant la lettre*, a autora detense na obra filolóxica dominante naquela altura no Estado español e ofrece paralelismos con outras situacións ben afastadas, como a de Uganda, na procura de conexións que van desde o contraste entre os sistemas educativos até os sentimentos de perda que producen os procesos de substitución lingüística e a loita pola reconstrución das identidades.

Alba Nogueira rele as *Consideracións* desde a reclamación da oficialidade do galego e desde as constantes nos debates en que se produce esta reclamación lexislativa. Conceptos como a diversidade lingüística, a oficialidade e a progresividade son

analizados como se tivéssemos que someter a consideración o tanto o noso grao de madurez canto a coñecemento sociolingüístico como o da lingua galega.

Xulio Pardo de Neyra, nun documentado artigo, reclama Manuel García Blanco como un dos primeiros en propor e aplicar unha didáctica da lingua consciente de seu. Neste percurso, guíanos a través da figura do autor e do seu contraste con outr@s autor@s que con posterioridade realizaron propostas nesta liña, desde Ramón e Antón Vilar Ponte a Elvira Souto.

Xosé Manuel Sánchez Rei pondera as distintas afirmacións relacionadas co concepto de calidade da lingua que ofrece M.G.B. neste opúsculo, pois non é menor a reivindicación dun modelo de galego lingüísticamente digno, desposuído do estraño e reidentificado consigo propio. Asemade, o artigo ofrécenos unha panorámica do contexto social e filolóxico naquela altura.

Robert Neal Baxter rende homenaxe ás *Consideracións* desde a súa lectura en paralelo coas motivacións principais e as descricións que sobre o caso bretón se facían a comezos do século XX, tentando facernos chegar unha serie de concomitancias que percorren estas dúas situacións de contacto lingüístico. Doutra parte, este traballo tamén inclúe interesantes reflexións sobre a modernidade das ideas de García Blanco e destaca a súa “pavorosa” actualidade.

Finalmente, a tamén editora deste volume quixo sumarse a esta celebración cun artigo en que defende a posibilidade de recollermos conceptos da Economía Feminista para os utilizar no caso das linguas. Partín, pois, na miña contribución, das diferenzas formuladas por Astrid Agenjo e Amaia Pérez de Orozco, entre a Economía Feminista da Conciliación e a Economía Feminista da Ruptura para nunha, xulgamos, novidosa reinterpretación destes termos, comezar a situar os discursos sobre o galego desde a complementariedade da Sustentabilidade Lingüística da Conciliación e a Sustentabilidade Lingüística da Ruptura.

Énchenos de fonda ledicia contarmos co texto inicial de Miguel Anxo Murado Lorenzo, neto de Manuel García Blanco e fiel depositario do seu desexo de coñecer a realidade galega. Son as súas palabras imprescindíbeis neste volume.

Agradezo a todas as persoas as súas contribucións e desexo que este texto coadxuve a facer realidade a necesidade da planificación desde a ética e a xustiza. Para que non teñamos que dar conta de máis unha “inconsecuencia” para a lingua galega.

A Coruña, setembro de 2012

Goretti Sanmartín Rei

O M.G.B. dun neto

M.A.M.G.

Dado que o único motivo da miña intromisión nestas páxinas é o feito orgánico da miña avoencia, supoño que o acaído aquí é falar do avó en tanto que neto. Isto é, evocar sen enodelamentos formais uns retrincos razoabelmente íntimos desa relación peculiar, hoxe en trance de extinción, que adoita facer vibrar nos netos harmónicos de suaves consonancias.

Quen del tiñan acordanza na luguesa Xefatura de Estatística –entre eles un seu fillo e meu padriño– falaban dun rigor se cadra excesivo e sen dúbida pouco usual na burocracia do tempo; quen o lembran como profesor de francés no Instituto non escuden esta verquente, mais salientan unha curiosa *vis* irónica –Luis Cordeiro refírese nas súas memorias a un humor intelixente e epigramático–, que, de feito, nutriu un regular anecdotario local ilustrador dun ferrete emparentado co de Churchill. Non me custa concordar co esencial das dúas apreciacións, que eu vivín luídas pola sutil tolerancia que cos seus netos aplicaba a aquel ideal ilustrado de instruír deleitando. Home escéptico con pendor ao pesimismo, tal visión do mundo non o privaba de gozar coa graza creativa do chocante ou contraditorio; de austeridade monacal no que agora chamamos consumo, era en troques de gustos coidadosamente elaborados na literatura, na música, na pintura... Xa de mozote, eu desesperaba ás veces cando o vía acoller con moderado fervor o que eu coidaba alumadoras novidades epistémicas ou estéticas. Ben máis adiante reparei en que boa parte do que se coñece como educación consiste en saber rexeitar sen estridores a información redundante, e de que a refenda do bon, como el dicía, depara amiúde máis saber e máis pracer do que a aventura sen plano.

Un proverbio africano di que para educar un neno cómpre unha aldea, e eu debo dicir que, malia o resultado ser cousa de meu, pertenzo ás xeracións que tiveron o privilexio de se educaren así, a poder das interaccións que, coas instancias escolares e veciñais, producía unha familia complexa para os estándares de hoxe, e sempre moi ligada, moi entrecruzada, moi compartidora dos nenos. Os alicerces formais, a sistematización, o cerne, asomade, foron, claro, traballo dos meus pais: o sólido Antón, a sagaz Ánxela, mestres solícitos, penetrantes, incansábeis. Mais hoxe tamén identifico en min rastros inequívocos dos meus tíos: do agudo André, que me puña problemas de billas e buracos, de cruces de trens e díxitos permutantes, enunciados en galego, e facía rexouba da consigna do lecer instrutivo dicíndome: «veña, acaba axiña, que se o fas ben, déixoche facer outro». Do ecléctico Manolo, que me levaba ao cinema en Ourense, pedíndome á saída detallados comentarios críticos. Da doce e leda Camila, atalladora de calquera fonte de frustración infantil e constante fornecedora desas inesquecíveis leituras (Dumas, Salgari, Twain, Samaniego, Verne, Melville...) hoxe amiúde suplantadas por

sucedáneos badocos; que me aturou na rallante adolescencia dos últimos cursos do bacharelato, e que me mandaba logo a Madrid galletas da casa. Da piedosa avoa, que seica un tristeiro 19 de xullo fora ao estudo de Peñamaría, a lle pedir que retirara dunha súa exposición unha foto de André lucindo na botoeira a insignia do Partido Galeguista. Que lía unha e outra vez a Santa Tareixa e a *Imitación de Cristo* de Kempis, pero rosmaba coa *Perfecta casada* («moita zunia lles tiña este frade ás mulleres»). Xa de moi velliña confiome unha delicada encomenda logo dunha numerosa cea de Nadal: «dígocho a ti, que estes xa se sabe: se estás canda min ao me vir a morte, fai que me traian os óleos». Fíxose. Do meu irmán, naturalmente, parceiro de estudo e trasneada, de risos e rifadelas, de festas e carpeadas; arriscado transgresor de prohibicións (o río en horas de dixestión, ou na tósta das devesas), decidido e sempre impaciente: «tí moi-to me falaches de Uncas, pero vou na páxina 42 e aínda non apareceu». Dos curmáns maiores de Leilón (Xaime díxome unha vez que non lle falara se non era en galego; o despacho de Roberte, ategado de libros e cachafullas de fumador, parecíame un ideal residencial só con paría na casa de *Baker street*)...

Tal era a atmosfera na que a presenza do avó pairaba con discreto sobranceo. Tiña un especial don para, sen perturbar a fluencia ventureira do latricar guinante que rexe a conversa infantil, ir entretecendo, nos ocos do que podería chamarse a cultura regrada, eses detalles heteroxéneos que para un neno resultan estrañamente preñantes: unha fábula de Samaniego, o raro consello do oráculo de Delfos a Temístocles, o demo de Curros escandalizado pola inmoralidade humana ou aquel misterio da razón, coa lideira de se preguntar cousas que a exceden. A figura do demo chistáballe de maneira peculiar. Unha vez amosoume, na igrexa de Remonde, unha imaxe de resonancias miltonianas na que o trunfante arcanxo vencedor da rebelión primordial desaparecera rillado polo tempo, quedando do vello conxunto escultórico só un Lucifer furibundo con forma incerta de gato tarriscando os dentes, que era xustamente o que saía en cerimoniosa procesión o día de San Miguel. O paradoxo causáballe enorme gozo.

Amaba os longos paseos, aos que a compañía dos netos semellaba engadirilles atractivo, polos magníficos soutos e carballeiras de Pambre. Eu, que de neno botaba alá medio ano, ás veces iniciaba o ritual con certa renuencia: rozar as silveiras, esfollar o millo, levar as bestas á chousa sentindo o pracer cáseque erótico da monta a carona ou, simplemente, fruir entre os loureiros da muralla nas novidades bibliográficas aportadas por Camila, eran podentes atractores que as largacías camiñadelas interrompían. Mais a contrariedade era sempre efémera. O pousío que ninxía da sua persoa, do seu andar paseniño, dos seus falares calmos e vivos a un tempo, atrapaba decontado a imaxinación, levándoa de Atenas a Königsberg coa mesma naturalidade coa que, cando chegabamos aos mestos piñeirais da Porqueira, xurdía Pondal –dos galegos era o seu preferido– entre os queixumes.

Nestes paseos eu absorbía, cabo dos nomes das árbores, a persoalidade chiadora dos paxaros, a disteranza entre as pegadas de raposos e teixugos, o bulir apagado dos

vespeiros ou o zoar no fusco das vacalouras, as declinacións e conxugacións latinas, avivecidas con incursións comparatistas no galego (lembro a miña leda sorpresa, acolá na Chousa Nova, ao reparar en que a tríade ‘*ego sum*’/‘eu son’/‘*yo soy*’ esnaquizaba de vez a tese oficial do dialecto). Nuns diálogos cun meigallo difícil de especificar, natureza e cultura –por facer uso do tópico– mesturábanse enxergando o peneirar dun lagarteiro, descubrindo con respecto exquisito o niño dunha escribenta ou escoitando no solpor a longa chamada do moucho nas bravas penedías da Portela, non xa coa doada referencia rousseauniana a Mowgli, senon tamén con evocacións de Vercingetórix, ou de Leónides, ou de Milcíades, enchoupadas de heroicos ecoares pondalianos. Así logo, na casa, a tradución dun texto con fragmentos das Guerras Médicas tivo para min durante todo un inverno o engado das novelas de aventuras coas que o alternaba. Con certa heterodoxia didáctica, pero lóxica irrefutábel, dicíame: «non tolees a buscar o verbo, home; vai lendo, que che ha aparecer cando se precise. ¿Ti pensas que os romanos lían así?».

Ás veces dábanse desacordos familiares a respeito do que era pertinente para a miña recta educación. Unha noite, mentres eu traducía con el unha versión francesa das comedias de Aristófanes, chegou un momento no que a avoa, que tecía na mesma mesa escoitando con progresivo desacougo as licenzas non sei se de *As tesmóforas* ou *As núbens*, non puido aturar máis e preguntou con pudibunda ira: «Manuel, home: ¿non tes outra cousa para lle dar a ler ao neno?». Manuel ríu, pero interrompemos a lectura. E cando ao día seguinte fun na percura do libro para seguir pola miña conta, notei que desaparecera da biblioteca. Noutra ocasión a cena repetíuse, agora coa colaboración de Camila, por causa dun texto a propósito da rede na que Hefaiostos colle a súa Afrodita en piardeira anicadela con Ares, e leva ás reboladas polo Olimpo a envergoñada parella. «Vós tamén o iniciades –desculpouse– na mitoloxía cristá». Foi a primeira vez que escoitei chamarlle mito ao cristianismo (o seu laicismo, delicadamente respeitoso, non lle consentía o debate teolóxico nen cando prendía pibela por horas co crego de Pidre, do que era vello parceiro).

Deille un pequeneiro disgosto cando elixín ciencias, e non letras, no daquela chamado bacharelato superior. Outro cando estudei guitarra, e non violín, como lle impuxera a miña nai –a quen lle debo tamén a alfabetización musical, que me procurou gozos de moi variado carácter–. E outro aínda cando, logo de elixir ciencias, non escollín Matemática no paso á universidade. Ao lle botar unha ollada á miña tese comentara sorrinte: «non vexo moita ecuación» (a verdade é que non había alí moito a ver de caste nengunha de ciencia). O feito de eu estudar en Madrid, logo o dos inicios laborais naquelas terras e, ao cabo, o de casar alá, deixou reducida a nosa interacción nos seus últimos anos ás vacacións de Nadal e dúas ou tres semanas no verán. Falabamos basicamente de estética musical e filosofía da ciencia: seguía a preferir Beethoven a Bach, pero tamén o neoclasicismo ao romantismo; teimaba en que o esencial de Popper levaba dito había tempo, sinalaba que o escribir mal só podía consentírselle a Kant e ría coas agudas *boutades* de Bachelard e a iconoclastia

de Feyerabend, pero non os tomaba moi a serio. Tense dito que foi a súa devoción kantiana a que lle impediu chegar a Heidegger, malia a tenaz e amizábel recomendación de Celestino Fernández de la Vega. Mais eu sei que negaba coñecelo por non se enlevar na consideración –que o arrepiaba– dun eventual porvir nihilista. Magoei que non chegara a ver a miña volta a Galicia, e conmovínome coa súa emoción cando colleu no colo o seu primeiro bisneto.

Da súa influencia –hoxe coido que subtilmente profunda– no meu cousar desas pezas transversais que configuran a conciencia, decatárese xa ben Antonio Fraguas, bon amigo seu, no interrogatorio en Xeografía e Historia do meu exame de ingreso no bacharelato. Logo de me facer falar do Rin e do Danubio como fronteiras da cultura romana, preguntárame cun rebique solerte se o Rin non tiña tamén algo a ver coa cultura dos xermánicos. Pilloume a proviso, porque de manual eu non sabía engadir xa nada, mais por non ficar calado tentei o asunto co ouro dos nibelungos. Anímoume a seguir, e eu encetei entusiasmado a tetraloxía wagneriana, sen omitir nen tan sequer unha glosa infantil da incestuosa orixe de Sigfrido. Cando ía pola aleive acción de Hagen, o bon de Fraguas achegouseme e díxome rideiro, polo baixiño, en galego: «anda, vaite e dalle fundas memorias miñas ao teu avó».

Fundas memorias...

Vigo, setembro, 2012



Familia García Ouro, c. 1925, do Arquivo Murado-Tellado. Agradecemos a Manuel Murado García as posibilidades de reprodución deste documento.

Manuel García Blanco (1882-1974), cronoloxía dunha biografía intelectual

Benigno Fernández Salgado¹

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo

There is no life that can be recaptured wholly; as it was. Which is to say that all biography is ultimately fiction (Bernard Malamud, *Dubin's lives*, 1979; apud David Lodge: *The practice of writing*, p. 98.

E, con todo e iso, aceptei o desafío. E este é o resultado da pesquisa de dous meses acerca da vida e bibliografía de Manuel García Blanco.

1870: A que será súa nai, Camila Blanco, casa en primeiras nupcias con José Moreiras, fillo de Manuel Moreiras e María Vázquez, foreiros da Torre de Pambre e das súas propiedades (Libro II de Matrimonios da Parroquia de Laia).

1882: Nace en San Pedro de Pambre, concello de Palas de Rei (Lugo), o 19 de decembro. É fillo de Camila Blanco Blanco, natural de Quindimil, e José María García Vázquez, da familia dos Bizarro de Cabana, que casan na igrexa de San Miguel de Ramonde o 26 de febreiro de 1881. Os seus avós paternos son Juan García e María Vázquez, naturais de Cabana. Os seus avós maternos son Juan Blanco de Lamas e Josefa Blanco Carballo, veciños ambos de San Miguel de Quindimil.

1 Quero agradecer a axuda recibida nesta endeita. Síntome obrigado, de maneira particular, cos descendentes de Manuel García Blanco. Co seu bisneto Miguel Anxo Murado Lorenzo, a quen desexo o mellor a piques como está de se embarcar no proxecto editorial dunha Nova Atlantis, e con Miguel Anxo e Manuel Antonio Murado García, irmáns e netos do autor, por faceren memoria comigo da saga familiar, e por me emprestaren cordial e desinteresadamente a valiosa memorabilia (manuscritos, libros, xornais, fotos da época...) que gardaban. Coñecelos foi unha experiencia de verdade emocionante e enriquecedora, da que tirei a mellor parte do traballo. Matilde Tellado, Raquel e Daniel Méndez, e o profesor Alonso Montero, axudáronme cada un á súa maneira, atendéndome nas miñas idas a Lugo, Pambre, e Vigo, e compartindo comigo o que sabían. Blanca Pacín e Mercedes Salvador, do Museo Provincial de Lugo, facilitáronme os datos requiridos. No Arquivo Diocesano de Lugo e na Hemeroteca da Biblioteca Nodal de Lugo, os seus bibliotecarios subiron e baixaron os distintos libros e xornais da época as veces que o solicitei. Grazas a todos eles. Os erros e inexactitudes que poida haber dos feitos recreados só a min e á miña interpretación defectuosa dos testemuños orais ou escritos se me poden apoñer.

Vén ao mundo no pazo —o edificio central intramuros— do patio do castelo de Pambre, onde estaban domiciliados os seus pais segundo a partida de casamento. Ese ano nacen 28 nenos na parroquia de Pidre e os seus anexos de Cabana e Repostería.

É bautizado como Manuel García Blanco ao día seguinte de nacer, o 20 de decembro de 1882, na igrexa parroquial de Cabana por José María Rodríguez, cura propio de Santa María de Pidre. Foron os seus padriños D. Manuel Ouro e Dona Josefa Arias, da parroquia de San Cibrao. Ten dous irmáns por parte de nai, Andrés e José Moreiras Blanco, pois súa nai estivera casada en primeiras nupcias con José Moreiras Vázquez, herdeiro do castelo de Pambre, que morrera 7 anos antes, o 24 de novembro de 1874.

- 1887: Primeiras letras. Ensínallas o seu irmán materno máis vello que estudou para crego en Santiago, D. Andrés Moreiras (nacido en 1868). É probable que o iniciase tamén nos rudimentos da gramática latina, estudos imprescindibles para acometer o bacharelato. Da nenez transcorrida na Ulloa natal ha conservar ao longo de toda a súa vida a querenza por retornar a Pambre sempre que poida.
- 1894: Inicia os estudos de Bacharelato aos 12 anos en Lugo. Do seu paso polo Instituto de Segunda Enseñanza lembrarase anos despois do seu admirado profesor de Psicoloxía, Lóxica e Ética, o catedrático de Filosofía D. Julián Irurozqui, no primeiro artigo xornalístico que revela claramente a súa vontade de estilo. “Licenciado en Derecho antes de los veinte años de edad [...], adquirió los títulos académicos que le habilitaban para ejercer la docencia, fue periodista, colaboró en no sé que publicaciones, paseó buena parte de Europa, y ya de edad un tanto madura le vemos de catedrático... en nuestro Instituto” (*Renglones inconexos*).
- 1895: Mentres estuda en Lugo, D. José Soto, un comerciante de Palas de Rei, adquire, por compra notarial, ao Duque de Alba, o castelo de Pambre e varias outras propiedades, a saber, “el castillo y sus bienes, otras fincas rústicas, el palacio de los Ulloa (solar de esta finca) y 600 ferrados de renta anual, por el precio de 27.000 pesetas.”
- 1899: Perdeu xa os dous pais antes de rematar o bacharelato: “De no haber perdido a mis buenos padres antes de terminar los estudios de bachillerato... me hubiera hecho abogado en la universidad compostelana”. Ten 17 anos.
- 1900: Exame de grao previo ao ingreso na universidade en Santiago.
- 1901: Cursa Filosofía e Letras en Madrid na Universidade Central. Bo estudante se nos atemos ao que el comenta anos despois cando faga memoria do seu paso

por Madrid. “Diéronme crecido número de sobresalientes y matriculas de honor”. Ten 19 anos cando comeza a carreira e 24 cando deixa Madrid.

- 1902: A familia Moreiras, coa que Manuel García Blanco se cría no castelo, continúa en preitos con José Soto, comprador da torre ao secretario e administrador da familia do Duque de Alba, por 27.000 pesetas. Ten 20 anos.

Excursión guiada a Toledo o 15 de maio cun profesor de Arte, dous discípulos deste, que fan de fotógrafos e axudantes, e con 10 compañeiros dentro das actividades formativas do curso 1902-3.

- 1903: O autor anónimo da nota publicada en *Alrededor del mundo* dá a alarma de que, aparentemente, se está desmontando o castelo para aproveitar a pedra. Faise eco o xornal máis lido na provincia de Lugo que reproduce o artigo desa revista: “El Castillo de Pambre” (*El Norte de Galicia*, 9 de abril de 1903)

Publica en outubro “En la Universidad Central. La asignatura de ‘Teoría de literatura y de las artes’ durante el curso de 1902 á 1903”, unha especie de memoria da materia que se cita no título, que o mozo estudante envía a *El Norte de Galicia*, e o xornal publica nunha serie de 4 entregas consecutivas. Na primeira fai unha semblanza de Don Andrés Ovejero y Bustamante como profesor da Universidade Central, que opta por un ensino práctico, experimental e non memorístico da arte. Na segunda trata dos paseos artísticos e visitas a museos que fixeron con el por Madrid durante o curso. E na terceira, cuarta e quinta, espraíándose con todo luxo de detalles sobre o estilo e monumentalidade dos lugares que visitan, concéntrase na excursión a Toledo. Dedicaa a Amalio Huarte, condiscípulo da materia de “Teoría de la Literatura y de las Artes”. Ten 21 anos. É a súa primeira colaboración con *El Norte de Galicia*.

Queda en Madrid nas vacacións de Nadal. Con saudade da terra, rememora o profesor máis influínte dos seus anos de instituto en Lugo, D. Julian Irurozqui, e escribe o orixinal *Renglones inconexos*, no que lle agradece poñer nas súas mans a Balmes, e destaca a súa austeridade, modestia, puntualidade e meticulosidade: “un profesor concienzudo, un hombre que tenía del deber una noción muy exacta”. Publícase en *El Norte de Galicia* o xoves 24 de decembro de 1903, co que colaborará periodicamente ata 1915. Está dedicado “Al joven letrado D. José Ouro, mi distinguido amigo y conterráneo”, alcalde turnista conservador en Palas de Rei.

- 1904: Excursión artística a Sigüenza, na provincia de Guadalajara, un sábado de decembro de 1904 como actividade práctica da materia de Historia das Belas Artes: van el e un compañeiro, únicos alumnos matriculados nesa

“asignatura”, a proposta do profesor desta, Sr. Tormo y Monzó (*El Norte de Galicia*). Acaba de facer os 22 anos.

Publica en *El Norte de Galicia* un relato de asunto folclórico sobre a tentación dun trasno a unha muller nun muíño, “Dar que hacer al diablo”, asinando como Manuel G^a Blanco. Dúas entregas.

1901-06: Durante a súa estadia en Madrid, o espírito verdadeiramente anovador e reformista da Institución Libre de Enseñanza (ILE), de raíces krausistas e liberais-republicanas, constituirá a parte máis vivificante e perdurable do maxisterio intelectual que exercen sobre el os profesores da Universidade Central. Pasa polas cátedras de Alemany, Sales y Ferré, Simarro, Salmerón, Bonilla, Cossío e Giner de los Ríos, “nombres todos de grato y perdurable recuerdo, por más que haya sido la bienhechora e irresistible influencia del venerable fundador de la Institución Libre de Enseñanza, la que con más devoción he recibido y procurado conservar”.

1906-1907: Redacta a tese de doutoramento sobre os avances na clasificación das ciencias a partir da análise das obras teóricas de autores de vulto na filosofía da ciencia. Faino en nove intensivos meses: “De outubro de 1906 a xuño de 1907” (Tese, Portada). Consta de sete capítulos de carácter á vez expositivo e historiográfico. Aparecen precedidos dunha breve introdución e completados por unhas conclusións sumarias que resumen en abstracto as tendencias observadas. Dedícalles candanseu capitulo a Bacon, Locke, D’Alembert, Bentham, Comte, Ampère e Spencer. De interese para as fontes de que bebe a súa tese, pode ser o libro da súa biblioteca persoal: a *Clasificación de las ciencias*, de Herbert Spencer de 1889.

1907: Doutórase na Universidade de Madrid coa tese *La clasificación de las ciencias de Bacon a Spencer* (inédita). Ten 25 anos para finais do ano. “A los 24 años... era doctor en Filosofía, con premio extraordinario en ambos grados”. Con esta expresión refírese á licenciatura e ao doutoramento. A Universidade de Madrid era a única que podía conceder o grao de doutor en todo o estado despois da lei Moyano.

Continúa a súa colaboración periódica con *El Norte de Galicia* encetada en 1903. A última aparecerá en 1915. Este ano de 1907 inclúe polo menos dúas: “El diputado por Chantada”, un panexírico do deputado conservador por Chantada, Javier García de Leaniz, apoiado pola familia Ouro, a quen di ter coñecido persoalmente en Madrid; e “En las ruinas de Sobrado”, recensión dunha excursión ás ruínas do mosteiro de Sobrado dos Monxes con tres amigos. Esta última asinaa como Manuel Gas Blanco, pero, evidentemente, é el. A primeira coas siglas M.G.B.

1907-8: Vive en Madrid, dando clases nun colexio. Ten 25 anos. “Pasé año y medio en uno de esos asquerosos colegios incorporados a los Institutos de Madrid, encargado de no sé cuantas asignaturas, por un mezquino puñado de pesetas”.

1908: Acaba de facer unha copia manuscrita desta tese mentres reside en Albacete en 1908. Aparece asinada con este texto: “Es copia. / Albacete 16 de septiembre de 1908 / Manuel García Blanco”.

Con 26 anos ingresa no corpo de Estatística da Administración do Estado por concurso de méritos. É destinado uns meses a Albacete antes de regresar definitivamente a Lugo, onde exercerá a función pública ata a súa xubilación (GEG). Como conseguiu o posto nárrao así el mesmo: “Hojeando cierto día la “Gaceta de Madrid”, tropezáronme los ojos con el anuncio de un concurso... para cubrir vacantes de seis mil reales, en cierto cuerpo de la administración civil del Estado... presenté mis documentos: mas era, por lo visto, tan inmejorable mi hoja de estudios (para algo había de servir), que, sin mediar recomendación alguna (¡oh, caso único e inverosímil en los anales de la hispana burocracia!) vime sorprendido con una credencial”.

En abril publica no primeiro e único número da revista *Galicia* (A Coruña), dirixida por Andrés Martínez Salazar, un completo estudo do castelo de Pambre, reproducido tres anos máis tarde no xornal *El Norte de Galicia* en dúas entregas como “El castillo de Pambre”. Nese número colaboran Uxío Carré, Salvador Golpe, Florencio Vaamonde, Tettamancy, Pérez Constanti e Fernández Flórez. Poemas en galego de Pondal, Montenegro Saavedra e Rodríguez López e un relato de Lugrís Freire.

Casa con Dolores Ouro (Lola para a xente da Torre; Loló para os máis achegados da familia de Leilón). A voda ten lugar o 2 de outubro de 1908 na igrexa de San Cibrao da Repostería. “Estaba seriamente enamorado hacía tiempo, y comenzó a tentarme la idea del matrimonio.” (Memoria). O casamento non aparece no Libro de matrimonios das parroquias de Laia, Quindimil, Maceda, Puxeda e Filgueira porque ese ano o rexistro é enviado ao bispado de Lugo e desaparecen as anotacións de todo ese tempo. O ano anterior rexistráranse 10 casamentos. En 1908 só 1, o 9 de xaneiro. O seguinte aparece datado a 7 de outubro de 1909. No Libro IV de Bautismos de Pidre, Cabana e Repostería, en nota á marxe asinada polo párroco de Pidre, D. José Rodríguez, aparece a data do casamento ao lado da partida de bautismo de Manuel García Blanco.

1909: Colabora con *El Norte de Galicia* redactando o obituario de Hernández Fajarnés, profesor de Lóxica e Psicoloxía na Universidade Central, autor

duns *Estudios Críticos sobre la Filosofía Positivista*, e defensor convencido do escolasticismo tradicional.

Ese mesmo ano contesta, dende *El Norte de Galicia*, o antifeminismo de D'Orca, cronista de *El Progreso*, no que se daba a voz de alerta ante o perigo que entrañaría para a humanidade o triunfo dos ideais políticos feministas. Faino en dous artigos que aparecen baixo o mesmo título de "Sobre feminismo". Neles di subscribir o concepto de feminismo formulado por Honorata Glasser. Supoñemos que son del (aparecen no mesmo arquivo das súas publicacións), aínda que os dous artigos son rubricados baixo o pseudónimo de Margarita (Margita) Gretchen.

- 1910: "Balmes. Su vida". Longo artigo en dúas entregas en *El Norte de Galicia* co gallo da celebración do centenario do seu nacemento. García Blanco eloxia a capacidade intelectual do pensador catalán, en particular o seu xuízo seguro e perspicaz, e o seu talento para a observación, situándoo á par dos grandes filósofos hispanos: Séneca, san Isidoro, Averroes, Malmónides, Raimundo Lulio, Luis Vives, Alonso Cano, Fox Morcillo, Suárez, Gracián, Feijoo e Donoso Cortés. Documenta pormenorizadamente a súa biografía (1810-1848) e destaca a ideoloxía conservadora e católica do homenaxeado. Sobre a súa propia ideoloxía con relación á relixión, Alonso Montero escribe: "Hay, es cierto, zonas complejas en su carácter. Parece que no era creyente, pero *tiñalle medo ó demo*. Era, de todos modos, exquisitamente respetuoso con las creencias y prácticas religiosas de su esposa" (GEG: 167). Daniel Méndez rememoraba a Señora Dolores, a esposa de García Blanco, nestes termos: "A señora era da familia dos Ouros de Leilón. Era moi relixiosa e rezadora. Recordo preguntarlle un día: "Don Manuel, onde vai a señora?" e el responderme: "Onde demos vai ir? Vai no cuarto rezar!". Tamén o neto: "A nosa formación relixiosa corría da conta da nosa avoa".

Redacta para *El Norte de Galicia* dúas columnas sobre a *Congregación de Jóvenes Antonianos*: "*Juventud Antoniana*". Con sede na residencia dos relixiosos franciscanos, trátase dunha asociación xuvenil dos dous sexos cuxa actividade xiraba en torno a unha peculiar combinación de relixión e arte como modo de ocupar o tempo de lecer da xuventude lucense de maneira saudable e proveitosa (ensaio musicais e dramáticos, poesía, discursos e charlas).

En época de exames, o 22 de xuño, aparece en *El Norte de Galicia* unha excelente colaboración crítica súa baixo o simple título de "Los exámenes". Nela cuestiona as probas memorísticas e ás veces absurdas como ferramenta útil de aprendizaxe e como elemento de moi dubidosa eficacia na avaliación do estudantado. As ideas que expón sobre o ensino e a educación da mocidade

son progresistas e liberais, na liña da *Institución Libre de Enseñanza* e do liberalismo educacional anglosaxón.

- 1911: Colabora con *El Norte de Galicia* (“Sócrates en un baile de Máscaras”, subtítulo “Delirio carnavalesco”, unha recreación dun diálogo socrático) e con *El Progreso* (“El Castillo de Pambre”, reprodución en dúas entregas do publicado na revista Galicia).

Nace a súa filla primoxénita Ángela García Ouro o 2 de novembro de 1911 (Ánxela para Antón e os máis achegados; Anguelita para Daniel Méndez e a xente da Torre; Litiña para os de Leilón) (CSFL). Ten 28 anos.

- 1912: Aínda sen cumprir os 30 anos, publica o opúsculo *Consideraciones sobre la Decadencia y la Rehabilitación de la Lengua Gallega* baixo as siglas de MGB. Trinta páxinas envolvidas nunha portada de papel azul con oportunas reflexións sobre as causas da prostración do galego (a proscrición da escola, da igrexa e da comunicación política coas masas; o cada vez maior desuso como fala doméstica) e atrevidas observacións sobre unha ética lingüística coherente (as elites deberían dar exemplo usándoo; dentro da familia debería promoverse o cariño pola lingua; do ámbito da amizade, onde o galego se usa sen complexos, podería pasarse a usalo en rexistros máis formais) e as medidas que posibilitarían o futuro do idioma (necesidade do uso do galego no ensino e non só do seu estudo universitario –fora establecida unha cátedra na Central; publicación dun xornal en galego de ampla difusión; inclusión de seccións en galego no resto dos xornais; creación dun instituto de estudos galegos –a maiores da RAG, á que demanda un cambio de actitude– e publicación dun boletín; establecemento dunha Biblioteca Galega que actuase a modo de editora de autores galegos e de temática galega; creación dun Museo Galego). “No hai en ese período que precede a la fundación de las Irmandades da Fala (1916) una meditación más inteligente y ponderada sobre la problemática sociolingüística del gallego.” (GEG) De interese para entender o pensamento filosófico que subxace á obra é o volume da súa biblioteca persoal publicado en Madrid en 1914 por Daniel Jorro, *La crítica del darwinismo social* de J. Novicow, en tradución do seu benquerido mestre Nicolás Salmerón y García.

En novembro e decembro aparecen dúas recensións, unha en *El Heraldo de Vigo* de Javier Montero (“Miniando. Para M.G.B.”, 25 de outubro de 1912) e outra sen nome do autor en *La Voz de Galicia* (“La decadencia del idioma gallego”, 14 de novembro de 1912). “Usted, muy distinguido escritor, [...] es digno de que mis entusiasmos hincen estas líneas muy sinceras, muy bravas, que publico hoy” (HV): “No es una muestra más de lirismo. Son las observaciones sensatísimas y ordenadas de un gallego que siente cariño por

su tierra y por su lengua; razona con seriedad y buen juicio, y pretende dar soluciones para que el idioma regional recobre uso y pujanza”.

Os seus irmáns maternos, máis vellos ca el, Andrés e José Moreiras Blanco, “entablan acción de retracto” contra o comprador do castelo, fundándose en que non se lles propuxera previamente a compra dos bens e do castelo a que tiñan dereito preferente de opción, e que non prescribira, a pesar dos anos transcorridos dende a venda. O preito élles favorable e os Moreiras Blanco consolidan a propiedade do castelo e das súas terras (*Fortalezas de Lugo y su provincia*: 76).

- 1913: Colaboracións con *El Norte de Galicia*. En “Del Valle de Oro” exhorta cortesmente a D’Orca (José Trapero Pardo?) a tratar aspectos que el sabe orixinais da comarca do Valadouro e suxire uns cantos temas e excursións de interese. Asina coas iniciais M.G.B. En novembro realiza con displicencia a recensión dunha conferencia organizada pola *Juventud Antoniana* e dispensada na *Escuela de Obreros* sobre a patria e o patriotismo: “Discurso de Montenegro y Soto”. Tamén colabora por esta época, ata 1927, con *El Progreso*, mais só atopamos unha colaboración segura, a de 1911. É amigo de Puro Cora, da familia dos propietarios do xornal.
- 1914: Comeza a dar clases no *Instituto Masculino de Enseñanza Media de Lugo* como profesor axudante. “Desde 1914 ejerce como profesor en el Instituto de Enseñanza Media” (DBBE: 126). “El nombramiento de ayudante del Instituto... me dió ocasión para dedicarme algún tanto a las tareas docentes y para confirmarme en la complacencia con que me consagraría a ellas”. Ten 32 anos.

Aparece baixo o nome de José Pérez Gándaras o artigo “La literatura gallega en la actualidad” (*El Progreso*, 8 de xuño de 1914) con ideas similares ás sostidas por García Blanco no seu opúsculo: “Galicia... se ha dejado influir del abandono o indiferencia de una de sus glorias más legítimas y que ostentar debiera con orgullo, cual el de su literatura. El gallego, de dulzura insuperable, que en épocas pretéritas se consideraba un honor y predilección poseerle, júzgase ahora de poca monta usarle, y aún para mayor burla, por los mismos que le tienen de madre regional”.

Publica en *El Norte de Galicia* baixo o pseudónimo “B”, en xuño e xullo respectivamente, dúas columnas. Unha, de crítica político-moral, “Esterilización burocrática”, sobre a indolencia, preguiza e abulia dos funcionarios e a urxencia dun rexeneracionismo que libere o empregado público das súas tres preocupacións (o expediente, a nómina e o escalafón), e outro histórico-artístico, “Las ruínas de Sargadelos”, sobre o outrora

florecente complexo de Sargadelos, no pequeno burgo do concello de Cervo, e a última acción de rapacidade levada a cabo sobre o lugar.

O pontevedrés Renato Ulloa publica “El gallego puro” (*El Progreso*, 29 de xuño de 1914) con ideas reminiscentes do folleto de 1912 que facilmente subscribiría García Blanco: “Es muy corriente hablar de literatura gallega y es más corriente entregarse a disquisiciones filológicas y lingüísticas persiguiendo la creacion de un ambiente de amplia difusión del idioma gallego. Esa campaña es noble y es justa... Foméntese en las aldeas y en las ciudades el estudio del verdadero gallego y entonces podremos acercarnos a ese bello ideal. Tal es el camino.” Non é pseudónimo do intelectual lugués.

- 1915: Nace o seu segundo fillo, Manuel García Ouro. Ten 33 anos. “¡Esposa ideal la que me cupo en suerte; hijos robustos y hermosos los míos; hogar feliz el mío, si los hay!”.

Derradeira colaboración con *El Norte de Galicia*, un extenso comentario bibliográfico sobre unha publicación de tema artístico: “El coro de la Catedral de Lugo por D. Inocencio Portabales Nogueira, Arcipreste de la misma santa Iglesia Catedral Basílica”.

- 1917: Nace o seu terceiro fillo, Andrés García Ouro. Ten 35 anos. Aparecen as primeiras páxinas das *Consideraciones...* traducidas no xornal *A Nosa Terra* (12: 6, do 19/03/1917 e 17: 6, do 30/04/1917), voceiro das Irmandades da Fala, baixo o título de “Consideración sobre a fala galega”. “Trata d’un modo maxistral do estado de deixadés á que ten chegado o noso idioma materno e do xeito pra achegarnos ao seu rexurdimento. Con algunhas apreciacións do autor non estamos conformes, mais é merecente dos nosos laudes a ansia querendosa que quer espertar nas almas dos bos galegos. [...] Os nosos suscritores hannos agradecer que pol-a nosa mediación conozan tan proveitoso e patriótico traballo” (*A Nosa Terra*).

- 1918: Ten 36 anos. Desmárcase do nacionalismo incipiente de Villar Ponte, a quen coñece persoalmente, e das Irmandades que este pretende promover dende A Coruña. O desencontro cos nacionalistas pode ser xeracional, aínda que todo apunta a que non está disposto a compartir a súa excesiva inxenuidade e unha visión pouco fundada do galego. Non asiste o 17 e 18 de novembro de 1918 á celebración da I Asemblea Nacionalista de Lugo na que as Irmandades fan apoloxía da nación galega no seu manifesto. Non aparece o seu nome na lista das persoas participantes publicada polo xornal *A Nosa Terra* (5 de decembro de 1918).

Aparece como bibliotecario e membro da directiva da Irmandade Nazionalista de Lugo (12/12/1918) en *El Noroeste*. Faise eco da nova *El Progreso*. Jesús Carracedo desmente a noticia ao día seguinte no xornal lugués (13 de decembro de 1918). O 24 de decembro de 1918 non aparece na listaxe da xunta directiva da Irmandade que se constitúe finalmente en Lugo e que é publicada por *El Progreso*.

- 1919: É proposto como membro correspondente da Real Academia da Historia pola Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo reunida na sala de profesores do *Instituto General y Técnico* e presidida polo Sr. D. Manuel Amor Meilan. A acta aparece asinada en Lugo a 21 de xaneiro de 1919.

É xefe de negociado do corpo de Estatística, pero decide presentarse a unha cátedra vacante de literatura en Lugo. Viaxa a Madrid para as oposicións sobre as que escribirá unha memoria do que alí lle aconteceu: “Diez años después de mi ingreso en la administración pública, tenía categoría de jefe de negociado”. O Decreto de xubilación forzosa de catedráticos por razón de idade é a causa das sete vacantes que saen a oposición: “y entre ellas determinó la de Literatura del instituto en que yo era ayudante. Con aquella cátedra anunciáronse seis más, y en turno de auxiliares. La ocasión parecía excepcionalmente favorable”.

Tras meses que se lle fan eternos, separado da familia que deixa en Lugo, e despois de superar con éxito os varios exercicios da oposición, regresa en tren de Madrid coa conciencia tranquila de ter feito un bo traballo e co ánimo en suspenso polo resultado inxusto: “y atravesando en el tren la castellana tierra, de retorno a mi impaciente hogar...”. “Y al abrazar de nuevo a mi mujer y a mis hijos...” Ten 37 anos.

- 1920: Nace a súa filla máis nova, Camila García Ouro, o 8 de maio. Redacta: “Ir por lana... De lo que me aconteció en unas oposiciones a cátedras”, memorias asinadas no verán de 1920 baixo o pseudónimo de Juan de la Ulloa. 36 páxinas para narrar a inxustiza que se fixo con el. “No triunfó [...] Fue para el, para sus proyectos estrictamente intelectuales, traumatizante. [...] Hombre de espíritu recto, de carácter huraño y poco dado a contiendas prosaicas, se refugia en la familia” (Gran Enciclopedia Gallega). Ten 38 anos.

A familia García Ouro vive nun predio que dá á rúa Vilalba, a un paso da Muralla e do lugar de traballo do pai. “Tiña uns cuartos e unha galería espléndida”. Mudaranse máis tarde a unha casa da rúa do Progreso, preto da anterior, xusto a carón do Parque de Rosalía de Castro.

- 1922: A partir do asunto da cátedra de Literatura de 1920, e tras reincorporarse ao seu traballo de funcionario de Estadística, deixará de colaborar na prensa periódica (véxase a Bibliografía). Desencantado, comprobada a falta de honradez do tribunal e a mediocridade rampante promovida no ámbito académico, non volverá ansiar máis praceres que os derivados da súa cómoda posición como empregado do estado (entre a elite dunha capital de provincia, clasista) nin máis gozo que o da vida familiar, sinxela, tranquila e apracible da vila que será o Lugo dos anos 20 (uns 35.000 habitantes) e o Pambre idílico non tocado polo progreso do século: “El vivir lucense es el vivir provincial europeo, con toda su calidad y todo su sabor. Veinte siglos han sido necesarios para el Lugo de hoy, y se le nota a la cultura, finura y maneras de la ciudad, el trabajo de centurias en el feliz modelado” (Cunqueiro).
- 1923: Fritz Krüger, que estivo facendo investigación etnolingüística sobre o leonés e os falares de transición da Seabra (Sanabria) en 1921 e 1922, visita Lugo e relaciónase con García Blanco (ao ano seguinte publica “Mezcla de dialectos” en *Homenaje a Pidal* e *Die gegenstandskultur Sanabrias uns seiner Nachbargebiete* en Hamburgo, e en 1927 *El léxico rural del Noroeste ibérico*). Krüger tamén recensionará a *Gramática do Idioma Galego* de Lurgis en 1926. Unha carta do alemán e un folleto sobre o léxico da castaña dedicado polo autor a MGB en agradecemento polo trato cordial de que foi obxecto permanecen na posesión dun dos netos.
- 1925: Comunícaselle o nomeamento como membro correspondente da *Real Academia de la Historia* e como vogal da *Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* o 2 de xuño de 1925. Na sesión da Comisión actúa como secretario don Manuel Amor Meilán. Manuel García Blanco aparece na calidade de “Conservador”.
- 1926: Falece o 18 de xaneiro de 1926 aos 82 anos dona Carmen Bran España, que comparte con Andrés Moreira Blanco (1868-1938) o gravado da lápida máis antiga do cemiterio de Cabana da parroquia de Pidre, hoxe arrombada contra un dos seus muros.

Na reunión da Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo do 2 de agosto de 1926 ten lugar a comunicación dun importante achado: “se dió cuenta a la Comisión del descubrimiento en la parroquia de Santa Eulalia de Bóveda, del ayuntamiento de esta capital, de algunos vestigios probables de la existencia de un templo cristiano primitivo, de los cuales exhibieron reproducciones fotográficas que conformaban aquella sospecha. Para continuar los trabajos de exploración y depuración consiguientes, se carece de fondos con que atender al pago de jornales y

remoción de los escombros que obstruyen la bóveda subterránea donde se supone el emplazamiento de aquella edificación”.

1926-28: Participa regularmente nas reunións da *Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, que se xunta e delibera normalmente unha vez ao ano (ademais do 2 de xuño de 1925 aparecen na mesma carpeta actas das reunións mantidas na sala do profesorado do *Instituto General y Técnico* (i.e. no Instituto de Segunda Enseñanza, como é coñecido posteriormente) os días 2 de agosto de 1926, o 12 de abril de 1927, o 13 de outubro de 1928. Non asiste á do 2 de maio de 1928.

1927: O 10 de abril de 1927, en primeira páxina, *El Progreso* rexistra os nomes dos doadores a favor das Cantinas Escolares Lucenses. Van aparecendo durante varios días. A suma anterior á deste día era de 1512,05 pesetas. O concello de Lugo contribuíra con 790,15 pts. O nome de Manuel García Blanco aparece como colaborador con 5 pts. As subscricións abertas para diversos eventos, promovidas a través da prensa, eran normais nos xornais locais como medio de publicitar a mensaxe e animar á colaboración. En maio faise para agasallar cunha gaita galega á bandeira do Tercio que manda o comandante D. Jesús Teijeiro, e as vodas de prata de Alfonso XIII.

Posibles colaboracións con *El Progreso*. Son difíciles de detectar con seguridade. Ten 45 anos. “El pensamiento nuevo”, artigo asinado como Ricardo Charlán, presenta ideas que cadran coas súas de dez ou quince anos antes, pero non é necesariamente el (sobre todo, tendo en conta o pseudónimo): “Se dice a menudo que los jueces son locuaces e inconscientes en su pensamiento [...]. Para el que juzga, lejos ya de la primavera vital, esta forma emocional de pensar carece de lógica [...] Si, de joven es cuando mejor se piensa. Indudablemente el hombre nace con caudal grande de pureza [...] La inocencia es la primera cualidad vital, es el primer aspecto moral del individuo”. Tamén “La mujer triunfadora”, asinado como Cipriano Torre Enciso (San Cibrao-Cipriano e A Torre son topónimos ligados á súa vida), que presenta, na mesma liña de “Sobre el feminismo”, unha visión menos paternalista e máis progresista sobre a muller que a liña de colaboracións que mantén a prensa local da época. A ideoloxía lingüística da persoa que escribe baixo o pseudónimo de Ariel, por exemplo en “La exposición del libro catalán” (17 de decembro de 1927), tamén se corresponden coas defendidas en *Consideraciones*.

O xoves, 4 de agosto de 1927 excursión cultural á igrexa primitiva de Santa Eulalia de Bóveda con Gómez Moreno, catedrático da Universidade Central, profesor de arqueoloxía, que visita Lugo e outras cidades galegas (vai de viaxe logo á Coruña e a Santiago). Participan na misión cultural os señores Martí, Maquieira, Germán Alonso, José Fernández Pimentel, Juan López

Suárez, Charfolé, Fernando Domínguez e Velayos Hermida (*El Progreso/ Museo Provincial de Lugo, Documentos*).

- 1928: Na reunión do 13 de outubro de 1928 solicítase que Manuel García Blanco sexa designado pola Excm. Deputación como membro representante da Comisión Provincial de Turismo e confirmase a continuación da directiva na que MGB é “conservador” despois dunha ampla discusión sobre a conveniencia do precepto regulamentario de renuncia de cargos cada tres anos (Museo Provincial de Lugo, Documentos).
- 1928: A súa filla Ánxela cursa bacharelato no Instituto de Lugo, onde el dá clases de Latín e Francés.
- 1930: Ánxela comeza a estudar maxisterio na *Escuela Normal de Magisterio Primario de Lugo*, coñecida como “escola normal de mestres”.
- 1931: É animado desde a familia Ouro, a poderosa familia local da muller de propietarios e avogados, involucrada tradicionalmente na política local (hai notarios e, polo menos, un Ouro alcalde de Palas nos primeiros anos do século XX: sobre Don José Ouro como cacique, véxase Cordeiro 2004: 28-29), a que se integre na ORGA, a formación republicana galega de Casares Quiroga, pero nunca chegará a facelo.
- 1932: Segundo a tradición familiar, aínda que os profesores da súa filla e, en particular, a directora da Escola Normal, Sra. Múgica (amiga da Pardo Bazán) recoméndanlle que continúe os estudos e faga carreira universitaria, Manuel García Blanco, inexplicablemente, non a anima a seguir estudando. Si lle aconsella que volva facer os novos cursos de Maxisterio da República, onde coñecerá o que será o seu marido José Antonio Murado López, Antón, quen tamén estuda para mestre por eses anos.
- 1933: Doa ao Museo Provincial de Lugo o 1 de xullo de 1933 unha pedra sepulcral en 2 cachos con escudo e inscrición procedente do Castelo de Pambre, un xogo de pratos de louza de Sargadelos, un galo sen decorar e unha cabeciña de can decorada tamén de Sargadelos. O 10 de outubro do mesmo ano, medio peso de prata de Fernando VI. Segundo informacións da familia tamén doou varios muíños de pedra procedentes dun castro das inmediacións de Pambre.
- 1934: Roberto Ouro, sobriño seu de Leilón (Palas de Rei), que fora deputado pola ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), é deportado ás Hurdes, durante o denominado –pola esquerda– “Bienio Negro” (1933-35) no que goberna Lerroux apoiado pola CEDA.

- 1936: Dende a Guerra Civil “vive retraidamente, sin que su gran cultura haya transcendido como se merece”. Cunqueiro escribiu nunha guía: “Lugo es una ciudad tranquila, alguien dijo que “una ciudad ideal para el descanso de un poeta enfermo”.

Días despois do alzamento de Franco, a súa muller Lola, daquela con 50 anos de idade, irá falar co fotógrafo lucense José María (Peñamaría na Alameda) para que retire unha das catro fotos expostas publicamente na Farmacia Central, en que o seu fillo Andrés aparece coa insignia do Partido Galeguista (a fouce e a estrela): “José María, sácame a foto de aí que me van prender o fillo”. Manuel García Blanco ten 54 anos.

- 1937: Dá aulas, como profesor auxiliar, de Francés, Latín, Filosofía e Literatura no *Instituto de Enseñanzas Medias* da capital provincial dependendo das necesidades. Transmitíuse por varias vías a anécdota dos exames de bacharelato cos soldados que se veñen examinar da fronte e a adxudicación da nota de “Sobresaliente” para o que percibe que a lingua do texto non é francés. Relatada por Luciano Fernández Penedo, fillo do profesor de Matemáticas do Instituto, coetáneo de García Blanco. Narrao tamén Luis Cordeiro, alumno seu e parlamentario galego, en *Fume de pallas*, unha escolma de artigos de 2004 publicados en *El Correo Gallego* e *El Progreso*: “O Sr. García Blanco examinaba dun idioma... Seguindo o consello recibido de aplicar patriótica benevolencia, puxo enriba da mesa un libro dun idioma calquera, elixido ao chou. Chegaba o examinando e mandáballe abri-lo libro por onde lle cadrase. A seguir un tras outro, ordenáballe: —Lea... traduza... váiase... Aprobado. / Ata que chegou un calquera e a conversa cambiou: —Lea... / —Pero mire, don Manuel, que eu veño a examinarme de francés... / —Pois lea e traduza... / —Pero é que este libro está en alemán... / —Gracias a Deus que houbo un que se decatou; sobresainte...” (Cordeiro 2004: 41).

- 1938: Morre Andrés Moreiras, o seu irmán materno, aos 70 anos o 18 de decembro. Del herda, por disposición testamentaria, ao morrer con anterioridade o seu outro medioirmán José Moreira, o castelo de Pambre e todos os seus bens.

- 1939: Represión franquista sobre o contorno da familia. Os simpatizantes da Frente Popular vense obrigados a exiliarse, esconderse ou fuxir ao monte. Pepe de Leilón, irmán da súa muller, Dolores Ouro, estivo escondido catro anos, do 1936 ao 1940. A Arsenio, primo de Ánxela, colléranos no tren. Curuxás, que xogara de cativo na Torre con Ánxela, converterase en fuxido e chegará a ser unha verdadeira lenda na comarca. Novas sobre a súa vida, a súa militancia na CNT, e como “guerrilleiro” en Parrado (2009).

1940: Comeza a compilación de datos referidos ao Nomenclator de 1940 (posiblemente requirimento do novo réxime) e a redacción do informe sobre a provincia de Lugo que verá a luz dous anos máis tarde en Madrid, como publicación da Dirección General de Estadística do Ministerio de Trabajo, baixo o título de *Estudio geográfico y toponímico...* Ten 58 anos.

1941: O seu fillo Manuel, casado con Antonia Fernández, traballa tamén de funcionario de estatística en Lugo mais pedirá o traslado á sección provincial da Coruña para gañar autonomía respecto do proxenitor, ao que mira con reverencia na foto familiar que precede este traballo. García Blanco era, polo que se infire dos recordos e comentarios que se fan sobre a súa persoa, un home sumamente estrito e rigoroso no traballo. Tivo un fillo tamén chamado Manuel, coñecido como Mamem familiarmente, o terceiro e último neto, que estudou Dereito e vive na Coruña, e a quen non puiden contactar para a investigación

O seu outro fillo, Andrés, comeza a carreira de Farmacia, que nunca chegará a rematar, na Universidade de Santiago.

Cóntase a anécdota de que lle é ofrecido un posto de agregado cultural en Berlín na embaixada de España ante o III Reich. “Muy poco dado al trato social”, en confesión persoal ao profesor Alonso Montero (GEG), rexeita o colaboracionismo coa diplomacia do novo réxime, alegando que precisa reler a Kant e mellorar o seu alemán. A relectura do filósofo prusiano foi, ademais de escusa nesta ocasión, un verdadeiro pracer e paixón vital. Na biblioteca que herdou parcialmente un dos seus netos testemuñan o seu racionalismo kantiano, ademais dos varios títulos que se conservan de Kant (entre eles, *Crítica de la razón práctica* (1913); *Fundamentación de la metafísica de las costumbres* (1921); *Prolegómenos* (s/d, en tradución de Julián Besteiro), varios libros sobre o pensamento kantiano, entre eles, *La filosofía del estado en Kant* de 1952 publicado na Universidad de la Laguna e *Por que no es inútil una nueva crítica de la razón pura*, editado por Aguilar en 1960. Na revisión superficial que fixen non atopei ningún en alemán. Outro dos netos conserva o *Diccionario galego* de Valladares e a *Gramática* de Saco Arce, asinada e con dedicatoria do autor.

1942: Publica *Estudio geográfico y toponímico de la provincia de Lugo*. Son 36 páxinas referidas ao Nomenclátor oficial de 1940 (14 dedicadas á toponimia). Ten 60 anos. Deste folleto, Alonso Montero destaca o seguinte: “La parte dedicada a la toponimia –14 páginas– no está exenta de valor. El autor casi siempre tiene un certero juicio para regalleguizar las docenas y docenas de topónimos castellanizados”. É un opúsculo certamente valioso e interesante, dende o punto de vista historiográfico, non só polos datos que ofrece senón pola análise e os comentarios que o autor fai sobre os mesmos. Visto con perspectiva histórica, parece claro que a segunda parte serviu de estímulo non

só para a recensión que o profesor Moralejo Laso fixo en 1944 senón para o artigo verdadeiramente importante que publicou ao ano seguinte, en 1945, como “Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega”.

- 1943: Publica “Ayer como hoy: Cantiga de amigo do trobador Xoán de Requeixo” no nº 5 do recentemente estreado *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* (o nº 1 é de 1941).

Casan a súa filla Ángela García Ouro e José Antonio Murado López, natural de Álvare, da Pastoriza. “Ánxela” e “Antón”, entre eles.

Publica un pequeno artigo a modo de guía local, “Tres leguas por el camino de Santiago”, no nº 9 do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*.

- 1944: Casa a súa filla Camila con Jesús Arias Amedín, da familia dos coñecidos empresarios da construción de Lugo. Coñeceráanse un día de paseo mirando un escaparate dun comercio da capital.

- 1944: Recensión do *Estudio geográfico...* por Abelardo Moralejo Laso (1898-1983), catedrático de Latín da USC no tomo 1 dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* (a nova revista do recentemente fundado Seminario de Estudos Galegos Padre Sarmiento): “Notas a un folleto sobre geografía y toponimia lucense”. Ten 62 anos.

Ánxela, recordada tamén como Anguelita pola xente de Pambre, consegue destino definitivo en Palas de Rei. Antón (Antonio para a xente de Pambre) xuntárase con Ánxela en Pambre ao ano seguinte grazas a un “turno de consortes”. Dará escola nocturna para os maiores, fará as veces de procurador (Roberto, seu cuñado, é avogado en Palas), e axudará na administración das propiedades do Castelo.

- 1945: Edita na sétima entrega de “Documentos históricos” do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, (tomo II, nº 14-15) unha “Escritura de aforamiento de los bienes anejos al Castillo de Pambre. Año 1846”.

Nos anos cincuenta e sesenta o medio de comunicación máis usual entre a xente de Palas e Lugo e o “coche de linea” semanal de Pepe de Sambreiro. Dende Sambreiro á Torre había que ir a pé ou a cabalo. Todos os veráns, García Blanco visitará e pasará as vacacións na casa do castelo.

Nácelle o seu primeiro neto, Miguel Ángel, fillo de Ánxela, a súa primoxénita, e Antón, agora residentes en Palas, na casa da escola pública. Serán os seus

padriños os seus tíos maternos Manuel e Camila, fillos ambos de García Blanco, que cumprirá 63 anos para fins de ano. Miguel Ángel, Miguel para a familia, mudará oficialmente o nome no rexistro a finais dos setenta polo de Miguel Anxo, cando a nova lexislación democrática permita a súa galeguización. Hoxe reside en Vigo coa súa muller Blanca Nieves Lorenzo, a quen coñeceu mentres estudaba en Madrid.

- 1947: Ten outro neto, Manuel Antonio (hoxe residente en Lugo), o segundo fillo de Ánxela e Antón, que será coñecido polos amigos co mesmo nome familiar do avó, Manolo, e como Manolito pola xente da Torre. Serán os padriños do meniño, Andrés, o seu tío máis bohemio, e Dolores, a súa relixiosa avoa materna, muller de García Blanco.
- 1948: É proposto para académico correspondente da Real Academia Galega o 22 de decembro. Ao ano seguinte, resulta electo na sesión do 17 de abril de 1949 (Arquivo RAG). O recoñecemento como académico aparece na web da RAG na lista de correspondentes, aínda que non se achegan datas. Figura tamén nunha dedicatoria de Vázquez Seixas.
- 1949: Ao abeiro do Decreto do 22 de abril de 1949 sobre monumentos nacionais (a disposición legal publícase no BOE do 05/05/1949), o castelo de Pambre é recoñecido oficialmente como parte do patrimonio histórico que o Estado se compromete a protexer. Hai dúas versións sobre a ambigua actitude de García Blanco ante a protección e recoñecemento oficiais. Aparentemente, segundo información dun dos seus netos, García Blanco nunca fora favorable a unha disposición legal que cría que só atraería indeseixados turistas. Outra versión familiar fala do aseguramento procurado a través das institucións: “O meu bisavó tencionou a venda á deputación durante moito tempo, pero esta nunca amosou interese real no asunto, desculpándose pola falla de cartos”.
- 1950: Aínda que “muy poco dado al trato social (la confesión es suya)” (GEG) é recordado paseando polo Parque tanto “só, relendo a Kant e a súa *Crítica da razón pura*”, como na compañía de amigos, familiares e coñecidos. É amigo e compañeiro de paseos pola muralla de Lugo de Luís Pimentel (nado o 18/12/1895 como Luís Benigno Vázquez Fernández) no momento da publicación deste de Triscos na colección Benito Soto de Pontevedra en 1950. Cultivou a amizade da intelectualidade da posguerra, salientando entre os seus amigos o farmacéutico Eduardo Seijas, os escritores Ánxel Fole e Luís Pimentel, e o filósofo Celestino Fernández de la Vega.
- 1951: Morre o marido da súa filla Camila, Jesús Arias Amedín. Non tiveron fillos. Camila sufriu tres abortos non provocados nos sete anos de matrimonio.

- 1952: Xubilase aos 70 anos. Sabemos, a través de Matilde Telleira, que, ademais de dar clases no Instituto, foi profesor de Maxisterio, pois deulle clases a súa nai. Pronuncia un brinde nunha cea homenaxe sobre o tema do amor tomando como pretexto o *Banquete* de Platón.

A través dos seus netos, Miguel e Manolo, sabemos que seu avó lles ensina francés (traducindo directamente dunha versión francesa da *Crítica da Razón Pura*), latín e mitoloxía grega, en tanto que é a avoa Lola a que corre coas ensinanzas relixiosas. Ambos conservan recordos de pasear con el polo Castelo e as súas inmediacións. Miguel Anxo afirma que aprendeu a declinar paseando pola Torre con el. Manolo, que usaba con el o apelativo de “hómino”.

- 1955: É autor dun detallado estudo sobre Pambre (1955) do que se conservaba un manuscrito hoxe en paradoiro descoñecido, posiblemente unha extensión do publicado en 1908. A el débese tamén o trazado da planta da construción máis exacto de que aínda se dispón hoxe en día.

- 1958: En novembro de 1958 debuxa un croquis do castelo en escala 1/60 en que se fan explícitas as distintas partes que o compoñen. Os netos recordan o momento da medición cunha vara dun metro. A planta será incluída no volume III de *Fortalezas de Lugo y su provincia* publicado en 1962 na imprenta de *La Voz de la Verdad*. Manuel Vázquez Seixas, o autor, é o director do Museo Provincial.

Mórrelle de tuberculose, aos 41 anos, o seu fillo máis galeguista e inconformista, Andrés, en África, a onde chega fuxindo do traballo que lle ofrece o pai na administración e do alcoholismo cada vez máis agudo. Afecto ás liberdades republicanas, membro do Partido Galeguista no momento do Alzamento, bohemio nos anos universitarios que pasou en Compostela, Andrés foi incapaz de acomodarse na posguerra aos escuros tempos do franquismo. Seu pai nunca entendeu por que elixira Farmacia en vez de Matemáticas, para as que mostraba excelente disposición. Nas discusións familiares que mantiñan entre pai e fillo polas súas diferenzas, este acusaba a aquel de traizoar o galeguismo. Levando cada vez unha vida máis azarosa e falta de perspectivas, acabará na lexión en Melilla. “Andrés morreu moi novo. Chegou á Torre xa moi tocado de tuberculose. Traballara dous anos no norte de África, en Tánxer ou Melilla. Totalmente san. Estouno vendo no cuarto de abaixo, o máis próximo ao castelo, nunha habitación moi ventilada que tiña unha cortina moi ampla”.

- 1959: En outubro de 1959 recibe no castelo de Pambre aos seus bos amigos de Lugo, os Sres. Manuel Vázquez Seijas e José Traperero Pardo, ambos cultos e eruditos escritores de Lugo. Na visita fan un percorrido polas distintas dependencias accesibles da fortificación e o anfitrión chama a atención para os distintos elementos do castelo. A descrición do castelo nesta visita e detalles da súa

historia revelados aparecerán no capítulo dedicado ao Castelo de Pambre en *Fortalezas de Lugo y su provincia* que Vázquez Seixas incorpora no volume da obra mencionado que aínda tardará tres anos en aparecer.

1960: Chega a Lugo, procedente do seu destino en Palencia, o profesor Alonso Montero. Daralle clase no Instituto ao neto de García Blanco, Miguel Murado García, e ao seu curso de 6º, no cal estaban Arturo Reguera, Anxo Guerreiro “Geluco” e Miguel Sampedro, “unha promoción verdadeiramente excepcional”.

1963: Abril de 1963, Vázquez Seixas regálalle o tomo VI de *Fortalezas de Lugo y su provincia* coa seguinte dedicatoria: “A mi admirado y querido amigo Manuel García Blanco, correspondiente de la Real Academia Gallega y de la de la Historia muy agradecido por su estimada colaboración, y con un cordial saludo”.

Miguel, o neto da súa primoxénita, con inclinación científica e de ideoloxía ecoloxista, empeza a estudar Bioloxía na Universidade Complutense de Madrid despois de facer o selectivo en Santiago.

1965: Manolo, o seu outro neto, máis inclinado polas letras e de ideas anarquistas e radicais, estuda Filosofía e Letras tamén en Madrid.

1967: Morre o Curuxás, o guerrilleiro ao que Franco non deu cazado, segundo se desprende do título dun libro publicado en 2009. O lendario Curuxás, que se criara no castelo de Pambre e xogara de cativo con Ánxela para integrarse máis tarde na sección mineira da CNT, forma parte da mitoloxía local e familiar ligada á casa da Torre, onde se conta que se refuxiou durante algún tempo nos anos da inmediata posguerra.

1968: Manolo Murado participa nas protestas de estudantes de Madrid. Antonio e Ánxela reciben unha notificación das autoridades francesas de que o seu fillo Manuel Murado García foi detido e está en prisión por participar en París nos disturbios de Maio do 68. Tanto unhas coma outras, as revoltas dese ano estiveron protagonizados por sectores politizados da xuventude (socialistas, comunistas e de tendencia libertaria).

1970: Nace o seu primeiro bisneto Miguel Anxo Murado Lorenzo. Estudará Historia na Universidade de Santiago.

1971: Nos últimos anos da súa vida ve moi pouco. Pasa unha das últimas vacacións coa familia na casa da Torre. Cando Camila, Lola e Murado teñen que volver aos seus traballos, el confésalle a Daniel, o seu último caseiro, que ben lle gustaría quedar na Torre coa Saleta, a súa asistente. No cemiterio de Cabana están os nichos de dúas Saletas, as dúas lonxevas: unha da familia dos

Moreiras (Saleta Moreiras Baral, que morre aos 86 anos en 1986) e outra da familia Bizarro, case centenaria (María Saleta García García 1893-1991).

1972: Miguel Anxo Murado, o neto máis vello, le a súa tese sobre a degradación de insecticidas no chan na Complutense de Madrid. Cando lla amosa en Lugo a seu avó, García Blanco, con 88 anos, faille o comentario de que debe sentirse contento pois fixo algo que polo menos ha de ter aplicación.

1973: Nace o seu outro único bisneto, Alberte André Murado Lorenzo. Estudará Filosofía na Universidade de Santiago.

Sae a lume o tomo VI de *Fortalezas de Lugo y su provincia* de Vázquez Seixas. No capítulo dedicado ao “Castillo de Curbian” explica: “El excatedrático lucense D. Manuel García Blanco localizó una de las torres de los Ulloas en la citada parroquia de Curbián, a tres kilómetros de Pambre, lado derecha de la carretera de Pedraza al Couto” (*Fortalezas*: 125).

1973: Don Manuel superou os 90 anos. Xesús Alonso Montero, catedrático no Instituto de Lugo, publica o seu *Informe –dramático– sobre la lengua gallega* (1973: 167-9) no que exhuma dúas pasaxes das *Consideraciones* (1912: 16-17; 17-18) polo seu interese e relevancia para o presente. A propia agudeza nas análises que el destaca da personalidade de García Blanco pode ser aplicada ao libro de Alonso Montero, reminiscente, sen dúbida, do espírito crítico e aberto do opúsculo de García Blanco.

El reciente establecimiento de la cátedra de Lengua galaico-portuguesa en la Universidad Central es un hecho de innegable importancia, con el cual ha quedado oficialmente reconocido que la lengua y literatura regionales constituyen algo digno de atento estudio. No caigamos, sin embargo, en la candidez de creer que para reanimar el dialecto y fomentar su uso tengamos bastante con que se le haya hecho materia de enseñanza superior, cuando tan necesitada está de enseñanza elemental; que aun cuando aquella fuera efectiva, aunque constituyera inverosímil excepción entre la defectuosísima labor de nuestros establecimientos universitarios, sería muy útil para formar eruditos, conocedores teóricos de nuestra lengua, a quienes importa lo mismo investigar sobre materia viva que sobre materia muerta; pero tendría siempre escasísima eficacia como medio de contener el desuso práctico, habitual de un idioma que tanto importa conservar vivo y floreciente. Nuestra justa satisfacción por el propósito de que en la Universidad se estudie el gallego, no debe ser obstáculo, por tanto, para que protestemos de que sin razón se halle proscrito de la escuela, ni puede calmar la alarma que debe causarnos verla caer más cada vez en desuso como habla doméstica.

1974: D. Manuel ten 91 anos pero segue fumando. O tabaco con filtro que agora lle compra o seu xenro Antón e o tabaco de “cuarterón”, o seu preferido, que o

seu último caseiro, Daniel Méndez, saca dunha petaca e partilla con el nunha das súas derradeiras visitas á Torre.

Vende o castelo de Pambre, da súa propiedade, a Don Manuel Taboada Fernández, conde de Borraxeiros, quen o doaría á súa morte en 2009 á congregación relixiosa benéfica dos Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres. As informacións reunidas sobre a decisión de vender o castelo apuntan á resolta vontade das tres partes (as dúas fillas e a nora da Coruña, Antonia Fernández, viúva de Manuel –os dous fillos varóns xa morreran) de o vender e á conformidade dos pais. As razóns que se barallaron para a venda –a oposición dos dous netos non foi tida en conta– foron a de evitar os problemas de reparto entre os herdeiros e a de facilitar a comodidade e medios de vida dos descendentes nos novos hábitats urbanos en que residían –Vigo, Lugo e A Coruña. Hai testemuños de que García Blanco sentiu realmente desfacerse do castelo a pesar de que o fixo con convicción. Cóntase que Camila chorou a perda camiñando pola corredoira que vai ao castelo aínda que a súa man estaba detrás da decisión de seus pais. Cóntase tamén a anécdota de que ao tempo de saír pola portada, xusto despois de pechar o trato con Manuel Taboada, apareceu un novo comprador da Coruña que subía considerablemente a oferta de Taboada.

1974/12/19: Falece en Lugo aos 92 anos xustos, o mesmo día do seu nacemento (GEG).

1974/12/20: Segundo consta no Rexistro de cemiterio, entérrano ao día seguinte do falecemento no Cemiterio de San Froilán de Lugo ás 10 da mañá. Na orde de rexistro a súa defunción ocupa o nº 499. Ese ano de 1974 enterráronse no cemiterio lucense 533 persoas. A súa tumba é a nº 28, sección 16. Está soterrado coa súa muller, as dúas fillas e o seu xenro, Antonio Murado Pérez.

1975: O 6 de xaneiro de 1975, dúas semanas despois de finar o seu marido, morre Dolores Ouro Arias aos 88 anos de idade, mes e medio antes de cumprir os 89.

1975: “Nota necrolóxica. Manuel García Blanco”, probablemente redactada por Vázquez Seixas e publicada no tomo IX do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* (p. 225), que contiña os núms. 81-84 dos anos 1974 e 1975.

El 19 de diciembre de 1974 dejaba de existir en Lugo el ltmo. Sr. D. Manuel García Blanco, miembro correspondiente de la Real Academia de la Historia y querido compañero nuestro como vocal de la Comisión Provincial de Monumentos. El Sr. García Blanco, que fue profesor en el Instituto de Lugo y Jefe Provincial de Estadística, era un hombre de una gran cultura. En nuestro

Boletín ha publicado interesantes trabajos de tipo histórico y filológico. Ha publicado también algunos estudios en revistas especializadas y un volumen dedicado a trabajos estadísticos de nuestra provincia y a los topónimos de la misma. Su fallecimiento ha sido una dolorosa pérdida para esta Comisión, pues además de un vocal que tanto destacó por su cultura y personalidad, hemos perdido a un amigo entrañable, que con nosotros compartió muchas horas, mostrando siempre sus conocimientos históricos y su ingenio. Que el Señor haya premiado los méritos del querido compañero fallecido.

1975: Alonso Montero redacta a súa entrada para a *Gran Enciclopedia Gallega* coa información e materiais facilitados por Miguel Anxo, alumno seu e neto de García Blanco, e por Camila, a filla máis nova, que deixará Lugo e pasará a vivir en Vigo.

O seu neto Miguel Anxo Murado García publica en Akal *A contaminación en Galicia: o desarranxo ambiental galego no contexto da crise ecolóxica mundial*.

1978: O seu neto Miguel Anxo Murado, investigador do CSIC en Madrid, colabora con Blume na publicación colectiva de *Ecología y política en España*, e prepara o seu regreso a Galicia, onde desenvolverá a súa carreira como científico, dentro do Instituto de Investigacións Mariñas con base en Vigo.

1981: Morre o seu xenro Antón Murado Pérez o 13 de abril de 1981 aos 69 anos de idade.

1983: O *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia* publicado pola *Dirección de Bellas Artes y Archivos* do Ministerio de Cultura inclúe unha ficha de catro páxinas do castelo de Pambre en que reproduce o plano, obra de García Blanco, cos diversos elementos do castelo. Ademais da descrición e notas históricas recolle un apartado para a capela de San Pedro. Conclúe con esta voz de alarma: “Del pasado esplendor de esta gran fortaleza de Galicia, [...], sólo quedan unos muros, que no tardarán en convertirse en montón de escombros”.

1985: Manolo (Manuel Antonio Murado García), o fillo de Ánxela e Antón e neto máis novo de García Blanco, casa con Matilde Tellado, natural de Castroverde, profesora de ensino medio coma el. Tras un periplo por varias vilas galegas, acabarán fixando a súa residencia en Lugo, onde desempeñarán a docencia en senllos institutos de bacharelato da capital.

1992: Morre, aos 80 anos de idade, a súa filla Ánxela García Ouro, mestra de innúmeras promocións de escolantes na localidade de Palas de Rei. É o 11 de agosto de 1992.

- 1995: Sen a compañía dos pais, aos que coidara con devoción en Lugo na súa vellez, e mortos os seus tres irmáns, a miúda Camila, a máis nova e de aparencia máis fráxil dos catro fillos de García Blanco, funcionaria xubilada de sanidade, suicídase aos 75 anos de idade. Faino con barbitúricos e alcol. É o 1 de xullo de 1995. Déixalle o seu piso da rúa Ribadeo, mesmo ao lado do Parque Rosalía de Castro, a Manuel Antonio. No piso superior da mesma casa vivira durante varias décadas o autor desta homenaxe.
- 1996: En *The Rudiments of Galician. An Examination of Early Twentieth Century Linguistic Texts (1913-1936)*, tese defendida na Universidade de Oxford, Fernández Salgado analiza, dende unha perspectiva historiográfica, a importancia e a significación do opúsculo publicado por García Blanco en 1912. Unha versión reelaborada da idea das *Consideraciones* como antecedente do novo discurso e prácticas acerca da lingua que representaron as Irmandades dentro do galeguismo foi presentada en Ribadeo nas xornadas Mar por Medio dirixidas por John Rutherford. Publicouse no 2000 co resto das contribucións nas actas dese evento.
- 2009: No seu ensaio *Nos camiños do entusiasmo: calidade da lingua e planificación*, Gorette Sanmartín cita –en liña coa súa proposta de hibridación dun plurilingüismo universal cun monolingüismo social galego– o folleto en cuestión:
- Trátase non de falar só unha lingua, senón de que toda a cidadanía, con independencia de clase, idade, hábitat..., empregue o galego como espazo simbólico compartido. Xa no ano 1912, Manuel García Blanco escribía o seguinte:
- Para a solidariedade rexional (agora que tanto se fala de mancomunidade) supón gravísimo dano o que unhas clases sociais falen habitualmente o idioma oficial e outras o da rexión, e que o uso dun con menoscabo do outro estea máis estendido na cidade que no campo, nunhas localidades que noutras. En efecto, quen será tan cego que non vexa canto contribúe esta dualidade idiomática a manter e fomentar no pobo galego os antagonismos de clase, o divorcio entre os elementos urbano e rural e a rivalidade entre localidades e provincias irmás, cuxa estreita unión tan útil sería para a defensa eficaz dos comúns intereses? (García Blanco 1912: 9).
- 2012: Centenario das *Consideraciones*. A *Revista Galega de Filoloxía* dedica a Manuel García Blanco e á súa obra un número monográfico de homenaxe coordinado por Gorette Sanmartín Rei.

Fontes e documentos usados

- | | |
|---|--|
| <i>A Nosa Terra</i> , 1916-1936 | <i>El Norte de Galicia</i> , Lugo 1901-1923 |
| Arquivo da Real Academia Galega | <i>El Progreso</i> , Lugo 1908 |
| Biblioteca Persoal de Miguel Anxo | Fortalezas: Fortalezas de Lugo y su |
| Murado García, 2012 | provincia, 1955-1973 |
| Biblioteca Persoal de Manuel (Antonio) | Revista <i>Galicia</i> , A Coruña 1908 |
| Murado García, 2012 | <i>Inventario Artístico de Lugo y su Pro-</i> |
| Cemiterio de Cabana – Pambre, 2012 | <i>vincia</i> |
| Comunicación Persoal Daniel Méndez, | <i>La Provincia</i> , Lugo 1926-1929 |
| 2012 | Libro II de Matrimonios da Parroquia |
| Comunicación Persoal Miguel Anxo | de Laia, 1852-1902 |
| Murado García, 2012 | Libro IV de Bautismos da Parroquia de |
| Comunicación Persoal Miguel Anxo | Pidre, 1875-1899 |
| Murado Lorenzo, 2012 | Libro IV de Matrimonios da Parroquia |
| Comunicación Persoal Manuel (Anto- | de Pidre, 1875-1907 |
| nio) Murado García, 2012 | <i>Memorias: Ir por lana...</i> , 1920 |
| Comunicación Persoal Xesús Alonso | Museo Provincial de Lugo, 2012 |
| Montero | <i>La clasificación de las ciencias de Ba-</i> |
| Cemiterio de San Froilán de Lugo, 2012 | <i>con a Spencer</i> , 1907 |
| <i>El Noroeste</i> , A Coruña 1896-1919 | Web de “A Ulloa en fotos”, 2010 |

Bibliografía de Manuel García Blanco

1. García Blanco, Manuel (1903): “En la Universidad Central. La asignatura de ‘Teoría de literatura y de las artes’ durante el curso de 1902 á 1903”, *El Norte de Galicia*, (I) nº 808, p. 1-2. Xoves 29 de outubro de 1903 (II) nº 809, p. 1-2. Venres 30 de outubro de 1903; (III) nº 810, p. 1-2. Sábado 31 de outubro de 1903; (IV) nº 811, p. 1-2. Lunes 2 de novembro de 1903; (V) nº 812, p. 1-2. Martes 3 de novembro de 1903. 10 p. [Asinado como Manuel d’a Torre].
2. García Blanco, Manuel (1903): “Renglones inconexos”, *El Norte de Galicia*, nº 855, pp. 1-2, xoves 24 de decembro de 1903. (Lugo: El Norte de Galicia). 2 pp. [Asinado como Manuel d’a Torre]
3. García Blanco, Manuel (1904): “Dar que hacer al diablo”, *El Norte de Galicia*, (I) nº 1130, pp. 1-2, venres 25 de novembro de 1904; (II) nº 1132, pp. 1-2, luns 28 de novembro de 1903. (Lugo: El Norte de Galicia). 4 pp. [Asinado como Manuel G^o Blanco].
4. García Blanco, Manuel (1904): “Excursión artística a Sigüenza”, *El Norte de Galicia*, nº 1157, p. 1-2. Mércores 28 de decembro de 1904. 2 p. [Asinado como Manuel García Blanco].

5. García Blanco, Manuel (1907): *La Clasificación de las Ciencias de Bacon a Spencer*. MS. Tese de doutoramento. (Madrid: Universidad Central). 114 pp.
6. García Blanco, Manuel (1907): “El diputado por Chantada”, *El Norte de Galicia*, nº 1948, p. 1-2. Xoves 8 de agosto de 1907. 2 p. [Asinado como M.G.B.].
7. García Blanco, Manuel (1907): “En las ruinas de Sobrado”, *El Norte de Galicia*, nº 1968, p. 1-2. Sábado 7 de setembro de 1907. 2 p. [Asinado como Manuel Gas Blanco].
8. García Blanco, Manuel (1908): “El castillo de Pambre”, *Galicia*, nº 1, abril de 1908.
9. García Blanco, Manuel (1909): “Hernández Fajarnés”, *El Norte de Galicia*, nº 2468, p. 1, xoves 1 de abril de 1909. (Lugo: El Norte de Galicia). 2 pp. [Asinado como M. García Blanco].
10. García Blanco, Manuel (1910): “Juventud Antoniana”, *El Norte de Galicia*, nº 2880, p. 1. Luns 27 de xuño de 1910. [Asinado como M. García Blanco].
11. García Blanco, Manuel (1910): “Sócrates en un baile de máscaras”, *El Norte de Galicia*, nº 2766, p. 1-2. Martes 9 de febreiro de 1910. [Asinado como Trpsífobo].
12. García Blanco, Manuel (1910): “Labor secular del episcopado”, *El Norte de Galicia*, nº 2790, p. 3. Luns 7 de marzo de 1910. [Asinado como M. García Blanco].
13. García Blanco, Manuel (1910): “El sufragio conculcado”, *El Norte de Galicia*, nº 2837, p. 2. Mércores 4 de maio de 1910. 1 p. [Asinado como Nomófilo].
14. García Blanco, Manuel (1910): “Los exámenes. Carta pedagógica à los jóvenes escolares”, *El Norte de Galicia*, nº 2877, pp. 1-2, época II, año XIII, mércores 22 de xuño de 1910. (Lugo: El Norte de Galicia). 2 pp.
15. García Blanco, Manuel (1910): “Balms: su vida (I e II)”, *El Norte de Galicia*, (I) nº 2929; (II) 2030, pp. 1-2, época II, año XIII, (I) sábado 27 e (II) luns 29 de agosto de 1910. (Lugo: El Norte de Galicia). 4 pp.
16. García Blanco, Manuel (1911): “El castillo de Pambre”, *El Progreso*, nº 1141, pp. 1-2, mércores 15 de novembro de 1911. (Lugo: El Progreso). 2 pp. [Asinado como Manuel García Blanco].
17. García Blanco, Manuel (1912): *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega*. (Lugo: El Norte de Galicia). 30 pp. [Asinado como M.G.B.].
18. García Blanco, Manuel (1913): “Del Valle de Oro”, *El Norte de Galicia*, nº 3830, martes 26 de agosto de 1913. (Lugo: El Norte de Galicia). 4 pp. [Asinado como M.G.B.].
19. García Blanco, Manuel (1913): “Conferencias científico-sociales. Discurso del señor Montenegro y Soto”, *El Norte de Galicia*, nº 0000, xoves 13 de novembro de 1913. (Lugo: El Norte de Galicia). 1 p. [Asinado como B.].

20. García Blanco, Manuel (1914): “Esterilización burocrática”, *El Norte de Galicia*, nº 3912, sábado 6 de junio de 1914. (Lugo: El Norte de Galicia). 2 pp. [Asinado como B.]
21. García Blanco, Manuel (1914): “Las ruinas de Sargadelos”, *El Norte de Galicia*, nº 3933, sábado 4 de julio de 1914. (Lugo: El Norte de Galicia). 4 pp. [Asinado como B.]
22. García Blanco, Manuel (1915): “Comentarios Bibliográficos. El coro de la Catedral de Lugo por D. Inocencio Portabales Nogueira, Arcipreste de la misma santa Iglesia Catedral Basílica”, *El Norte de Galicia*, nº 4268, martes 19 de outubro de 1915. (Lugo: El Norte de Galicia). 4 pp. [Asinado como M.G.B.]
23. García Blanco, Manuel (1917): “Consideración sobre a fala galega (I) e (II)”, *A Nosa Terra*, (I) nº 12, p. 6; e (II) nº 17, p. 6; (I) 10 de marzo de 1917; (II) 30 de abril de 1917. (A Coruña: A Nosa Terra). 2 pp.
24. García Blanco, Manuel (1920): *Ir por lana... De lo que me aconteceu en unas oposiciones á cátedras*. MS. (Lugo: inédito). 36 pp.
25. García Blanco, Manuel (1927): “Airones abatidos”, *La Provincia*, nº 1211, p. 1, xoves 5 de maio de 1927. (Lugo: La Provincia). 1 p.
26. García Blanco, Manuel (1940): *Estudio Geográfico y Toponímico de la Provincia de Lugo* (Madrid: Dirección General de Estadística - Ministerio de Trabajo, Rivadeneyra). 36 pp.
27. García Blanco, Manuel (1943): “Ayer como hoy: ‘Amigo quen oje soubese...’”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo I, nº 5, pp. 116-117, (Lugo: Imprenta de la Diputación Provincial). 2 pp.
28. García Blanco, Manuel (1944): “Miscelánea: Tres leguas por el camino de Santiago”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo I, nº 9, pp. 236-239, (Lugo: Imprenta de la Diputación Provincial). 3 pp.
29. García Blanco, Manuel (1945): “Documentos históricos: Escritura de aforamiento de los bienes anejos al castillo de Pambre. Año 1846”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo II, nº 14-15, pp. 89-91, (Lugo: Imprenta de la Diputación Provincial). 3 pp.
30. García Blanco, Manuel (1952?). *Los brindis de un banquete*. MS. (Lugo: inédito). 33 pp.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1974): “García Blanco, Manuel”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 15, pp. 167-168. (Santiago/Gijón: Silverio Cañada).

- Alonso Montero, Xesús (2003): “García Blanco, Manuel”, *Gran Enciclopedia Galega*, vol. XX, pp. 11. (Santiago/Lugo: El Progreso & Diario de Pontevedra).
- Cordeiro, Luís (2004): “Lembranzas”, in *Fume de pallas*: 33-42 (Foz: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). [El Progreso, 11, 18 e 25 de xaneiro de 1999].
- Cordeiro, Luís (2004): “Eu fun cacique (con perdón)...”, in *Fume de pallas*: 28-32 (Foz: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). [*O Correo Galego*, 24 de outubro de 1994].
- Couceiro Freijomil, Antonio (1951-4): “García Blanco, Manuel”, *Diccionario bibliográfico de escritores*, pp. 126-127 (Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos).
- Cunqueiro, Alvaro (1977): *Lugo* (León: Everest).
- De Somoza, Juan R. (1914): “En pro del gallego” (El Progreso, 27 de setembro de 1914)
- De Somoza, Juan R. (1914): “La solidaridad” (El Progreso, 1 de xullo de 1914).
- De Somoza, Juan R. (1914): “Los poetas chulescos” (El Progreso, 18 de setembro de 1914).
- Domínguez González, Xosé (1993): *Mario de Languillo. O Derradeiro Fuxido* (Santiago: Sotelo Blanco Edicións).
- Lodge, David (1996): *The Practice of Writing. Essays, Lectures, Reviews, and a Diary*. (London: Penguin Books).
- Fernández Salgado, Benigno (2000a): “Decadencia e rehabilitación do galego”, en *Os Rudimentos da Lingüística Galega: Un Estudio de Textos Lingüísticos Galegos de Principios do Século XX (1913-1936)*: 287-311. Anexo 27 de *Verba*. Trad. de Ana Iglesias (Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernández Salgado, Benigno (2000b): “Lingua e rehabilitación: comentarios a propósito da decadencia da lingua galega”, in *Unha visión de Galicia dende o Reino Unido. V Xornadas Mar por Medio*: 17-38. (Lugo: Deputación Provincial de Lugo).
- Fernández Salgado, Benigno (2007) “El Agricultor: agrarismo solidario e rexionalismo lingüístico”, *El Agricultor*. Edición Facsimilar, vol. I, pp. 7-166 (Santiago de Compostela: Sociedade Anónima Xestión do Plan Xacobeo).
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2005): *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego* (Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra).
- López Ferreiro, Antonio (1952): *Novelas de López Ferreiro*. Limiar de Paulino Pedret Casado (Santiago: Bibliófilos Gallegos).

- Moralejo Laso, Abelardo (1977): *Toponimia Gallega y Leonesa*. (Santiago de Compostela: Editorial Pico Sacro).
- Moralejo Laso, Abelardo (1944): “Notas a un folleto sobre geografía y toponimia lucenses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1, pp. 355-362. (Santiago de Compostela: SEG Padre Sarmiento).
- Moralejo Laso, Abelardo (1945): “Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 3, pp. 59-72. (Santiago de Compostela: SEG Padre Sarmiento).
- Ministerio de Cultura – Dirección General de Bellas Artes y Archivos (1983): *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Centro Nacional de Información Artística, Arqueología y Etnografía.
- Murado Lorenzo, Miguel Anxo (1975): *A Contaminación en Galicia: O Desarranxo Ambiental Galego no Contexto da Crise Ecolóxica Mundial* (Madrid: Akal).
- Murado Lorenzo, Miguel Anxo et al. (1978): *Ecología y Política en España* (Madrid: Blume).
- Murado, Miguel A. & Juan J. Fernández (2003): “O veredicto dos científicos”, *Tempos Novos*, nº 76, pp. 20-25.
- Montero, Javier (1912): “Miniando. Para MGB”. *Heraldo de Vigo*, 25 de octubre de 1912.
- Parrado, Carlos (2009): *Curuxás: O Guerrilleiro que Non Cazou Franco*. (Vigo: A Nosa Terra).
- Pérez Gándaras, José (1914): “La literatura gallega en la actualidad”, *El Progreso*, 8 de xuño de 1914.
- s/a (1975): “Nota necrológica: Manuel García Blanco”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo IX, nº 81-84, pp. 225, (Lugo: Imprenta de la Voz de la Verdad). 1 pp.
- s/a (1912): “La decadencia del idioma gallego”, *La Voz de Galicia*, 14 de decembro de 1912.
- Sanmartín Rei, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. (Vigo: Xerais)
- Ulloa, Renato (1914): “El gallego puro” (*El Progreso*, 29 de xuño de 1914)
- Vázquez Seixas, Manuel (1962) [1997]: “Castillo de Pambre”, in *Fortalezas de Lugo y su Provincia.*, pp. 59-82, tomo III (Lugo: Tip. La Voz de la Verdad [ed. facsimilar: Deputación Provincial de Lugo).
- Vázquez Seixas, Manuel (1973) [1997]: “Castillo de Curbián”, in *Fortalezas de Lugo y su Provincia*, pp. 125-26, tomo VI (Lugo: Imp. de la Excma. Diputación [ed. facsimilar: Deputación Provincial de Lugo).

Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega por **M.G.B.**

“A lingua tiveran
Por lingua d’escravos;
Esqueceran os patrios acentos,
Suidosos e brandos”
(Pondal)

“Non, ti non morrerás, céltica musa,
Nada d’a Suevia n’os chouzales pechos”
(Curros Enríquez)

I

Subsiste aún en las demás regiones españolas, muy arraigado y extendido, un viejo concepto lugar de Galicia, exageradamente desfavorable para esta comarca y su población indígena; tiene aún el pueblo gallego nota de inculto, grosero, mísero, despreciable; todavía se le representa en muchas partes como estacionado en un grado de civilización casi primitivo. A este tradicional, humillante menosprecio que no se ha detenido en los límites nacionales, han opuesto reiteradas y valientes protestas dignos y amantes hijos de esta vilipendiada región; la belleza y fertilidad de su suelo, la exuberancia y laboriosidad de su raza, la calidad y copia de los hombres ilustres que la honran, las excelencias de su lengua, la riqueza de su arte y su literatura estimadas van siendo en lo que valen por la ilustración, el buen gusto y la crítica imparcial; sin embargo mucho falta todavía por hacer para que en boca de la ignorancia, del apasionamiento y la vulgaridad, deje de ser la palabra *gallego* un calificativo sinónimo de tosco y vil.

Es lo peor del caso que el pueblo que de tal juicio es objeto, lejos de rechazarlo, compártelo resueltamente; él propio es el más funesto detractor de cuanto le da carácter y especial fisonomía. Ciertas protestas individuales aisladas no representan el común sentir de la masa popular gallega, ni suelen ir acompañadas de actos prácticos capaces de añadirles fuerza y eficacia. Galicia no se estudia ni se conoce a sí misma, carece de conciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, para afirmarlo, hacerlo prevalecer, de lo que contiene de malo, para corregirlo;

cuando debiera desvirtuar los ataques inmoderados de la adversa opinión ajena con la tenaz conversación de las cualidades características de su personalidad, ríndese cobardemente a ellos, llega al extremo de adoptar por suya aquella malévola opinión, rompe la continuidad de su historia, de su condición se avergüenza y ocúltala cuidadosamente, dirige todos sus esfuerzos a *castellanizarse*; cree prevenir el desprecio y el insulto afanándose por copiar servilmente el modo de ser del pueblo del cual más sañudos proceden el insulto y el desprecio, y se complace en ser víctima de un absorbente centralismo.

Este desdichado fenómeno de menosprecio de sí y de lo suyo viene dándose en todas las manifestaciones de la vida de la región. Estudiarlo serena y objetivamente y combatirlo con algo más que con estériles lamentaciones es deber inexcusable de todo el que de buen gallego se precie. No será ocioso, pues, consagrarle algunas consideraciones en su manifestación en la esfera de aquel tan permanente como variable atributo humano que, por ser expresión de lo íntimo y substantivo de la personalidad individual y colectiva, la mentalidad, constituye una de sus notas más diferenciales y específicas, y con razón se cuenta entre los más fuertes vínculos sociales, entre los factores más activos y los más firmes sostenes de los pueblos y nacionalidades. Se alude al lenguaje.

* * *

El habla indígena¹ de la región gallega tiene un pasado gloriosísimo, cuyo recuerdo conforta y apena el ánimo juntamente. Hubo un tiempo —tiempo remoto, la XIII^a centuria y buena porción de la XIV^a— en que el ahora moribundo y despreciado dialecto galaico sirvió de instrumento exclusivo a la inspirada y copiosa literatura lírica de gran parte de la Iberia cristiana: entonces los sabios príncipes, los dulces y delicados poetas, los errantes trovadores de aquellos florecientes reinos no hallaron, fuera de la provenzal, lengua tan propia y adecuada como ella para la expresión de las geniales concepciones de su fecundo numen. Mas el sistema político, centralista y unitario, que luego después se entronizó en Castilla, no podía tolerar ninguna diversidad idiomática en la nación. Una variadísima e inagotable poesía popular y un brillante renacimiento contemporáneo de aquella gloriosa literatura ponen de relieve las cualidades de exquisita belleza que este viejo idioma atesora; la crítica documentada y seria tiénelo por envidiablemente rico, dulce, flexible y expresivo.

1 Sólo por un carácter meramente secundario suelen distinguirse los idiomas de los dialectos: el uso nacional oficial, que tienen los primeros y de que los segundos carecen. Por consiguiente, la lengua gallega puede sin petulancia denominarse idioma, puesto que es privativo y peculiar lenguaje de un pueblo, como sin afrenta se le puede llamar dialecto, ya que no es lengua oficial de una nación.

Pero todo en vano; no por eso deja de comprendérsele en el juicio general que se formula sobre cuanto tiene igual origen: lo mismo por el propio que por el extraño vulgo (no hay que encarecer cuan innumerable es el vulgo), esta lengua de tan precoz desarrollo, tierna, delicada, poética no menos que de ruda, bárbara y propia de un pueblo de beocios y estúpidos es calificada. El mismo pueblo que en lo antiguo la formó, traduciendo en esta obra su alma, la substancia de su ser, trátala hoy con el más despectivo desdén y avergüénzase de usarla como medio de expresión de sus ideas y afectos. He aquí un hecho de notoria realidad y de gravedad suma e innegable en orden a la supervivencia de la hermosa lengua regional, y que debe ser materia de honda, constante preocupación por parte de cuanto se cuiden un poco de contener la creciente decadencia que la amenaza de próxima, total ruina.

De la Galicia urbana desaparece a ojos vistas, sustituida al idioma oficial; en nuestras ciudades y villas ya no se usa sino entre las ínfimas clases de la sociedad; las demás estiman, por virtud y obra de un arraigado prejuicio que la lengua en que, a fuer de consumado artista, escribió el Rey Sabio las *Cantigas a Santa María*, no debe expresarse nunca, públicamente al menos, ninguna persona bien nacida que aspire a la consideración ajena y de medianamente culta y educada se precie. En situaciones y circunstancias en que se dé concurso de personas de cierta categoría social (reuniones, espectáculos, paseos), notado sería de ineducado y grosero, movería quizás gran escándalo quien prácticamente osara contradecir tan necia preocupación. Hablar en castellano ha llegado a ser entre nosotros no ya una condición de buen tono y una señal inequívoca de distinción, sino también una regla de elemental urbanidad: resígnese a no pertenecer al gremio de las personas distinguidas, de las personas decentes quien no le preste acatamiento.

Por modo muy especial entre el llamado con justicia bello sexo (en el cual toda frivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento), es de todo punto intolerable la menor oposición a este prejuicio. ¿No son inconciliables la fealdad y la hermosura, la tosquedad y la delicadeza, la insipidez y la gracia? ¿No dejarían de ser bellas, delicadas, graciosas la dama de distinción, la anémica señorita mesocrática, la plebeya menestrala, si de ellas se sospechase que usaban el feo, tosco e insípido hablar galaico? Y para hacer ver que no se le usa ¡en cuán extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de fátua presunción se incurre a menudo²! Peregrino es que no empañe el ridículo snobismo, ni menoscabe los atractivos y gracias de nuestro bello sexo la gran imperfección con que suele hablar el castellano, y que los mancillen esas dulces cadencias, esas expresivas inflexiones, esas delicadas tonalidades que dan a la lengua musical de Rosalía contextura tan opuesta a la recia y

2 Fácilmente puede el lector comprobar e ilustrar cuanto guste este punto, con innumerables, pintorescos casos de su diaria experiencia.

monótona de la oficial. Ya que se ha citado tan esclarecido nombre, no será inoportuno recomendar a la mujer gallega que antes de inferir agravio al habla regional considere detenidamente que en ella escribió sus *Cantares* y *Follas Novas* la inmortal Rosalía de Castro, una distinguida dama gallega, toda sentimiento delicadeza y ternura, cuya obra poética ensalza da día más la crítica ³.

Tales ideas, tales prejuicios del pueblo gallego respecto de su lengua propia no pueden menos de trascender a la importantísima función de la educación doméstica; y he ahí, en efecto, á nuestros previsores padres de familia, que estiman deficiente la que proporcionan a sus hijos, creen que no los capacitan para vivir en el mundo, si no logran inculcarles aversión decidida al habla regional, cual si les tardara ver extinguirse en ellos tan característico signo, tan primordial condición de la existencia autónoma de un pueblo. Para conseguirlo, muchos serían capaces de recurrir incluso al clásico procedimiento educativo de que habla un poeta (el buen poeta mindoniense Antonio Noriega), en esta graciosa quintilla:

«S' hay quen non val un pitillo,
nin sementa un grao de millo,
nin ha d' heredar un rego,
je dall azoutas ó fillo
pra que non fal en gallego!»

Lo que en opinión del padre precisa en primer término, el niño es que cuanto antes le sea familiar el idioma de Castilla, porque en él están escritos los libros que tendrá que leer, porque en él se comunicará con el medio social que contribuirá a ilustrarle y formarle y, sobre todo, porque sólo así se mostrará bien educado y miembro digno de familia distinguida. Y nuestros niños dóciles a la terminante prohibición y al ejemplo paternos, no hablan jamás en gallego, ni pueden experimentar amor alguno por una lengua que, aunque incomparablemente rica en tiernos arrullos de cuna, no es aquella en los mimó su madre, ni a que pertenecen los primeros sonidos que les fué dado articular ¿Qué otro efecto sino la más honda repugnancia puede inspirarles un modo de hablar que el dictamen paterno –el más autorizado para el niño inexperto– les presenta como plebeyo y tabernario, propio tan sólo de gente villana y embrutecida? Influido al cabo por elementos ajenos al hogar familiar, llega

3 Martínez Ruíz (“Azorín”) acaba de decir, lisa y llanamente, que por su libro “En las orillas del Sar”, debe contarse a Rosalía de Castro entre los mejores líricos castellanos modernos. Si estamos conformes con este juicio de crítico tan respetable autoridad y reparamos en la indiscutible inferioridad de la poetisa castellana respecto de la poetisa gallega, ¡cuán excelsa e incomparable se nos ofrece la obra literaria de esta sin par mujer!

el joven a reaccionar más o menos contra tales prevenciones; de otra suerte, una sola generación de tan celosos educadores bastaría para sepultar en el olvido lo que han respetado largos siglos.

Para la solidaridad regional (ahora, que tanto se habla de mancomunidad) entraña gravísimo daño el que unas clases sociales hablen habitualmente el idioma oficial y otras el de la región, y que el uso del uno con menoscabo del otro se halle más extendido en la ciudad que en el campo, en unas localidades que en otras. En efecto, ¿quién será tan ciego que no vea cuánto contribuye esta dualidad idiomática a mantener y fomentar en el pueblo gallego los antagonismos de clase, el divorcio entre los elementos urbano y rural y la rivalidad entre localidades y provincias hermanas, cuyas estrecha unión tan útil sería para la defensa eficaz de sus comunes intereses?

Dados la vitalidad y el incremento que por modo poco común se manifiestan en la población de Galicia, y la difusión que por una intensa emigración alcanza, de animar a nuestro pueblo algo del sentimiento de propia estima que a otros (v.gr., al vasco y al catalán) distingue, el grato eco de nuestra lengua dejaríase oír en todos los ámbitos del mundo. Muy lejos de ser así, ocurre, por el contrario, que lo primero de que el gallego se cuida, cuando a extraña tierra se encamina, es de despojarse de aquellas señales que, como su lenguaje, revelarían su procedencia, temeroso, sin duda, de que pudieran crearle un ambiente hostil; y de retorno en la oscura aldea (a veces tras una corta ausencia en una ciudad vecina) finge haberse olvidado del habla regional y aprovecha la coyuntura para permitirse el lujo de chapurrear el castellano. La pública chacota se le echa encima, nuestros poetas le ridiculizan en festivas estrofas; sin embargo él sabe muy bien que quien *corta* el castellano con la prontitud y la sultura que él pretende, es en Galicia objeto de admiración desmedida. Mucho se oye ponderar, cual si de una virtud (¿será debilidad?) exclusivamente nuestra se tratara, el acceso de morriña que acomete al gallego ausente de su tierra; mas lo cierto es que esa exaltación del amor al pueblo natal no se extiende a su lengua.

Del lamentable desafecto del pueblo gallego a su lengua constituye también prueba concluyente la corrupción que por doquiera la afea y aniquila. En vez de los propios y genuinos de la lengua indígena, tienen en toda la región uso corriente algunos sonidos exóticos, cientos de vocablos, crecido número de frases que, en atención a su procedencia, pueden llamarse *castellanismos*, a los cuales es debido que el gallego que en el día se habla (también el que se escribe: ni aun en los más castizos escritores galaicos dejan de manifestarse los estragos de esta corrupción) tenga tanto de disonante y abigarrada jerga. Y es de notar la gran aceptación de que goza el parecer de que tales barbarismos enriquecen y afinan nuestra lengua, le prestan gracia, hacen menos ingratas sus supuestas rudeza e inexpressión nativas: hay quien

tolera que se hable el gallego en determinadas circunstancias, mas sólo a condición de que sea un gallego modernista, sui generis, limpio de sus voces más *enxebres* y características, de sus giros y modismos más peculiares, más típicos. A su vez, también el castellano sale no poco maltrecho de los gallegos labios. Porque un idioma, en efecto, no tiene tan sólo un léxico y una sintaxis peculiares, sino también una entonación y un acento propios; y nuestro privativo acento gallego, que con dificultad llegamos a dominar, imprime al habla castellana modulaciones tan poco en armonía con la entonación propia de esta lengua, que delatan nuestra condición de gallegos con no menos seguridad que el mismo léxico del dialecto. De donde con frecuencia resulta que, al tratar de ocultarnos, mostrámonos con entera claridad.

* * *

Lo que a un idioma da prestigio y condiciones de fijeza estabilidad es, a no dudarlo, su cultivo mediante la escritura. Después del uso puramente oral observemos el estado del gallego en su uso gráfico.

A primera vista parece del todo indiscutible y obvio que la lengua en que comúnmente se hable sea también la que de ordinario se use en la escritura; esto no obstante, el fenómeno opuesto, que presenta ciertos visos de inexplicable y peregrino, es el que en Galicia se ofrece como más corriente y natural, hasta el punto de ser precisamente entre aquellos elementos de nuestro pueblo (el elemento rural y el urbano-popular) que habitualmente hablan el gallego, donde jamás se le halla escrito.

Carece por modo absoluto la lengua gallega de cultivo gráfico vulgar, espontáneo. Puede cualquiera convenir en ello con que repare tan sólo en dos o tres hechos por cierto bien observables: los rótulos de todas nuestras tiendas son castellanos, todos los periódicos y revistas regionales en castellano se escriben; nada más espontáneo y elemental que los escritos epistolares, y sin embargo bien a la vista se ofrece el sorprendente fenómeno de que ni aun la carta más familiar e íntima se escriba nunca en gallego: parece como si deliberada y sistemáticamente rehuyese nuestro pueblo toda manifestación ostensible y permanente de su idioma. Escribir en gallego ha caído tan por completo en desuso, que realmente es cosa en que existe general ignorancia, y que a muchos se ofrece como algo de extraña novedad y de penoso aprendizaje. Si hablar en gallego es plebeyo y vulgar, escribirlo sólo parece propio de una cultura sólida. Consiguientemente pocos son los que por falta de hábito, no hallan su lectura muy difícil, a lo que contribuye también la esperable carencia de fijeza y uniformidad en la ortografía. Son en gran número las personas que, aun sabiendo bastante más que leer y escribir, jamás han leído ni siquiera visto una página escrita en lengua regional.

El único uso que como lengua escrita tiene al presente la galaica es un uso reflexivo, erudito; mas como aun este uso se limita a obras en verso y a ciertos escritos en prosa,

de índole humorística las más veces, nace de aquí el prejuicio de que nuestra lengua no sirve sino para ser empleada en cosas de mero pasatiempo, y de que es impropia para tratar otra suerte de asuntos, todos los vulgarmente calificados de serios. Y tal prejuicio subsistirá en tanto que prácticamente no se demuestre que es disparatado, extendiendo el uso gráfico del dialecto a todo género de escritos. Verdad es que mucho tiene aún que evolucionar el gallego antes de llegar al grado de elaboración y perfeccionamiento que para servir para ciertos usos requiere una lengua; pero ¿qué otra causa más que un largo desuso ha impedido su evolución, y de qué otra manera sino mediante un cultivo asiduo podría pulirse y perfeccionarse?

El cuadro que a la ligera se acaba de bosquejar ofrece, en verdad, muy poco de halagüeño. Sin embargo no ha dudado en decir un glorioso vate

“Cando total-as linguas o fin topen
Que marca a todo o providente dedo,
Ec’os vellos idiomas extinguidos
Sola unha fala universal formemos:
.....
“Ese idioma, compendio d’os idiomas
.....
Será —¿qué outro sinón?—será o gallego”.

¿En qué remoto porvenir tendrá cumplimiento esta bella y osada profecía de Curros acerca de la futura grandeza y universalidad de una lengua que tan abatida yace y tan cubierta de oprobio?

II

Expuesto el estado de extrema decadencia en el que la lengua gallega se halla a causa del creciente desuso que la inmoviliza y merma sus legítimos dominios, será adecuado discurrir un poco sobre las medidas que se hayan adoptado y sobre las que sería conveniente adoptar, para promover su cultivo y oponernos a la falta de crédito que la afrenta. Es el lenguaje, en sus manifestaciones concretas, elemento de esencial valor para constituir el ser de los pueblos y darles carácter propio y distintivo; por consiguiente “ser o no ser, esa es la cuestión” verdaderamente grave y fundamental, que respecto del pueblo gallego se plantea, cando nos preguntamos por la razón de la conveniencia de conservar y perfeccionar el idioma galaico.

Ha surgido modernamente un brillante renacimiento de la gloriosa poesía galaica, fecundo en producciones artísticas de rara belleza; se han escrito sobre la lengua

regional eruditos trabajos gramaticales y filológicos; para cuidar de su conservación, depuración y esplendor se ha instituido una corporación de personas doctas; hasta se ha creado para su enseñanza una cátedra en el primero de los establecimientos universitarios de la nación; no hay duda de que ha comenzado un movimiento de las clases intelectuales de nuestro país en favor de la rehabilitación del moribundo dialecto gallego, y de la firme perseverancia en tan plausible empresa, cabe esperar que vuelvan para él días felices de lustre y prestigio. Mas sin el concurso popular toda labor de esta índole es efímera y estéril y hasta el presente no hay indicios de que se haya logrado gran cosa en el sentido de restaurar en el pueblo gallego el perdido amor a su propia lengua; aún no han llegado hasta él las manifestaciones de este movimiento regenerador.

Ahí están las obras de los inspirados poetas regionales contemporáneos, en muchas de las cuales (por ejemplo, *Cantares gallegos*, *Queixumes dos pinos*, *Aires d'a miña terra*) hay, aparte el valor literario, virtud suficiente para sacudir el amodorrado espíritu colectivo de la región y robustecer la conciencia de su personalidad; más, ¿quién las lee, quien se halla, mejor dicho, en condiciones a propósito para leerlas? Solamente una exigua minoría culta; el estado de ignorancia y apatía en que el resto de Galicia vive en cuanto a la literatura propia, elemento de capitalísima importancia en la vida de todo pueblo, raya verdaderamente en lo inverosímil. Así es que falta a nuestras magníficas obras poéticas el vigoroso refuerzo de la popularidad; y en consecuencia, cuidar de su vulgarización sería prestar a la exquisita labor de nuestros vates, inspirada, ante todo, por un vivo amor a la tierra, al pueblo y a la lengua galaicos, una colaboración absolutamente necesaria, si ha de contribuir al remedio del desafecto popular de que nuestro lenguaje es víctima. Nuestros poetas mismo han sentido la necesidad de una colaboración de este género.⁴

Pero, además, la literatura gallega contemporánea es exclusivamente poética, más aún, lírica y humorístico-descriptiva. Mientras se escriben versos e más versos de tal carácter y contenido, carecen de cultivo en nuestra lengua, o lo tienen escasísimo y pobre, otros géneros literarios que por su índole se hallan más al alcance de toda suerte de lectores, de todos los heterogéneos elementos sociales de que se compone el público, y que, por lo mismo, son susceptibles de mayor y más fácil divulgación

4 “Ben quixera qu’iste libriño -escribe el celebrado Lamas Carvajal en el prólogo de “Espiñas, follas e frores” – chegase hastr’as maos d’os que pobran as aldeas mais acurrunchadas, quixera espertar n’o curazón d’os meus paisanos o amor a nosa dulcísima lengua... Pídlle, pois, de favor a cantos merquen iste libriño, si é que non lles prace, que llo regalen a calquera aldeano qu’atopen n’o seu camiño, pra que leándoo entre’eles vexan que non é vergonza, cal pensan, ó expresarse n’a sua rica fala... ¡Ogallá qu’os que conozan o meu pensamento axuden os meus esforzos...”. Desgraciadamente nuestros aldeanos no se hallan capacitados para leer libritos; el analfabetismo alcanza en la región una proporción considerable, por lo cual difundir la instrucción es cosa que se presenta como cuidado preliminar, para que la poesía gallega erudita ejerza, en el sentido susodicho, la influencia popular que le corresponde.

y poseen más alcance educativo: por ejemplo, el teatro, la oratoria⁵, la novela o el periodismo; casi no tenemos, en suma, literatura en prosa. Y, sin embargo, Galicia es patria de famosos dramaturgos, de buenos periodistas, de excelentes novelistas y no escasean los libros ameno-descriptivos que tienen por asunto nuestro suelo, nuestras tradiciones, costumbres y peculiar psicología, siendo gallegos por todo excepto por la lengua. Consideremos lo que al esplendor actual de las letras castellanas contribuye la labor de tantos y tan estimables ingenios galaicos que y podremos fácilmente calcular de cuanto se ve privada la literatura gallega por no servirse de nuestra lengua muchos y muy geniales cultivadores gallegos de la lengua castellana. ¿Y por qué estos ilustres literatos rehusan asociar su nombre a la noble y magna empresa del resurgimiento de una lengua y de una literatura gloriosas? Seguramente porque

“Escribir nada mais pr’ unha provincia,
Ou, com’ os pobos árcades fixeron,
Escribir sobr’a casca d’ os curtizos,
Cáxeque todo ven a ser o mesmo.”

Y sin duda se requiere la más heroica abnegación para renunciar a un renombre tal vez mundial, por una reputación [sic] que, dado el desconocimiento que de nuestra lengua existe, por falta precisamente de un cultivo literario intenso y copioso, muy sólidos fundamentos habría de tener para traspasar los límites de nuestra pequeña región. Mas, por otra parte, la fama y la supervivencia de una producción literaria dependen esencialmente de su belleza intrínseca y muy poco de la lengua en [sic] se escriba, porque el mundo llega por fin a conocer y a celebrar lo digno de conocerse y admirarse; simple cuestión de tiempo, en que no debe reparar siquiera quien cultive el arte por el arte.

La *Real Academia Gallega* debiera y pudiera ser el más firme sostén de nuestra lengua, el instrumento más activo para labrar su prosperidad y el organismo central director de toda la labor encaminada a este fin. Tal vez llegue con el tiempo a satisfacer las prometedoras esperanzas que ha hecho concebir; mas hasta el día, lo que debiera servir para estimular y aunar los esfuerzos individuales de nuestros hombres de valer,

5 Nuestros curas rurales usan constantemente el castellano en las sencillas, familiares pláticas con que adoctrinan a sus feligreses. En los mítines solidarios y agrarios, ahora tan de moda: ¿qué elocuente tributo se cuida de comunicar en gallego a la multitud sus redentores ideales? ¿Cuáles de los ardorosos manifiestos regionalistas y redencionistas se han redactado en lengua regional? La floja campaña social política, que en favor de los intereses de la región sostienen algunos individuos y entidades, brinda, sin embargo, muy propicia ocasión para el cultivo de nuestro idioma y el desarrollo de nuestra literatura, y las doctrinas regionalistas ganarían en crédito y consistencia predicadas, propagadas mediante la lengua regional. ¿No es éste uno de nuestros mayores y esenciales intereses?

ha servido de pretexto a escandalosas y pueriles discordias. Apenas nacida aún, comenzó a ser apasionadamente criticada, acremente zaherida en su constitución y en su gestión, y sin duda le falta todavía aquella autoridad, aquel prestigio de que sería menester que se hallase investida, para ejercer dignamente y con fruto su función docente y legisladora en materia de lenguaje. En el tiempo que cuenta de existencia es muy difícil hallar en su labor algo que responda a sus altos fines. ¿Qué obras lleva publicadas? ¿Qué organismos complementarios y auxiliares de sus trabajos ha promovido? ¿Qué empresas beneficiosas para el porvenir del dialecto ha alentado? ¿Cuáles son los certámenes que ha convocado y cuáles los premios que ha instituido para recompensa de los mejores cultivadores de nuestra lengua y nuestra literatura?

Pero si todo esto pareciese excesivo para ser acometido en tiempo tan escaso y más si se tiene en cuenta cuan lenta suele ser la labor de este género de colectividades sabias, la chocante inconsecuencia de haber adoptado por idioma oficial el de la nación y no aquél cuyo cultivo y progreso tiene a su cuidado, constituyen dato de gran interés para juzgar del acierto con que la Academia Gallega orienta y encauza sus trabajos y prever la eficacia de los mismos. Que en sus deliberaciones, actos de recepción, etc., los académicos de la Gallega discursaran en gallego, que en gallego redactaran las actas de sus sesiones y escribieran en gallego su *Boletín*, son cosas que a la vista más limitada se presentan como previas, como supuestos, tratándose de una obra del carácter de la que les está encomendada. Claro es que de haber adoptado esta norma de conducta desde el primer momento de su existencia, el régimen centralista que nos gobierna, cuya más caracterizada tendencia es a anular la personalidad de las regiones, no le hubiera conferido tan gratuitamente como lo ha hecho el título de Real que la Corporación ostenta; pero aún es más claro que sin rozamientos con un sistema político que no transige con la variedad idiomática, es inútil que se empeñe en servir con esmero debido los legítimos intereses del habla regional; por donde ese mismo respetable epíteto, del que por otras razones debe estar orgullosa, viene a ser precisamente la señal más inequívoca de que los tiene descuidados.

El reciente establecimiento de la cátedra de Lengua galaico-portuguesa en la Universidad Central es un hecho de innegable importancia, con el cual ha quedado oficialmente reconocido que la lengua y la literatura regionales constituyen algo digno de atento estudio. No caigamos, sin embargo, en la candidez de creer que para reanimar el dialecto y fomentar su uso tengamos bastante con que se le haya hecho materia de enseñanza superior, cuando tan necesitada está de enseñanza elemental; que aun cuando aquella su enseñanza fuese efectiva⁶, aunque constituyera

6 Aun es puramente nominal. Esta cátedra no funciona aun, a pesar de haber sido establecida por ley del Reino y de haber votado las Cortes, pronto hará dos años, crédito para las atenciones de la nueva enseñanza. Lo cual, después de todo, no es cosa que pueda causar asombro en este país clásico de leyes incumplidas y de hacienda mal administrada.

inverosímil excepción entre la defectuosísima labor de nuestros establecimientos universitarios, sería muy útil para formar eruditos, conocedores teóricos de nuestra lengua, a quienes importa lo mismo investigar sobre materia viva que sobre materia muerta; pero tendría siempre escasísima eficacia como medio de contener el desuso práctico, habitual de un idioma que tanto importa conservar vivo y floreciente. Nuestra justa satisfacción por el propósito de que en la Universidad se estudie el gallego no debe ser obstáculo, por tanto, para que protestemos de que sin razón se halle proscripto de la escuela, ni puede calmar la alarma que debe causarnos verlo caer más cada vez en desuso como habla doméstica.

* * *

A pesar de su valor inmenso para el robustecimiento y la perfección de un idioma, como no es medio adecuado la simple labor de arte y erudición para ejercer una influencia popular extensa y decisiva, es insuficiente por sí sola en lo tocante a remediar el desuso y el descrédito que nuestra lengua padece. En la muchedumbre se debe influir por otros medios más en armonía con su capacidad de comprensión. Y lo que en orden a esto, tendría positiva eficacia, sería modélico ejemplo que gobernase la vida práctica, no tan sólo la vida literaria, de las personas distinguidas y celebradas por su hábito de estudio y sus dotes de ilustración; mas tales ejemplos escasean tanto como sobreabundan las estériles excitaciones sentimentales, líricas-escritas casi siempre en castellano, para mayor contraste⁷. No basta que la escogida y numerosa intelectualidad gallega celebre un día y otro las excelencias del habla regional, encarezca a menudo la necesidad de conservarla y engrandecerla y nos advierta de continuo del riesgo inminente que corre de ser inscripta en el catálogo de las lenguas muertas; no basta que se la use en poesía; es menester, además, que nuestros intelectuales den muestras claras y determinantes de que no respetan en la práctica vulgares preocupaciones, que ellos sean los más solícitos cultivadores del gallego en su trato y comunicación íntimos⁸, así orales como gráficos. Mientras

7 En el presente modesto trabajo se incurre en la misma falta que se censura. Su autor tiene que declarar aquí que no se ha resuelto a escribirlo en gallego porque, aunque que es en la regional la lengua en que oralmente suele expresarse (a mucha honra lo tiene, y no le sonroja confesarlo) en su comunicación ordinaria, también desgraciadamente le alcanza la común ignorancia de su empleo gráfico, ignorancia muy superior a la que revela (y no es poca) respecto del castellano. Pero, ¿qué importa al mundo una inconsecuencia más?

8 Lo cual no es lo corriente, ni mucho menos, entre los literatos regionales. Abundan, por el contrario, los que sólo usan el gallego en sus obras literarias. El caso de Ribalta, quien a sus paisanos sólo en gallego quiere hablar y escribir es una excepción, acaso única. El lector seguramente ha sido obsequiado alguna vez por distinguido [sic] poetas con ejemplares de valiosas obras que son gala de la literaturas [sic] regional. Las gratas dedicatorias de esos libros estarán escritas en castellano, sino todas, las más. Pues bien; ¿no cree el lector que es desvirtuar y desautorizar la lengua en que se ha escrito dedicar por medio del castellano, y no mediante el gallego, para dar vida y esplendor a nuestro idioma?

esto no hagan, mientras con el ejemplo no prediquen, no conseguirán persuadir al vulgo a que se comporte con el habla regional de distinta, de mejor, manera que ellos; puesto que si el vulgo la desdén, débese en buena parte a que la ve menospreciada prácticamente por hombres cultos que tal vez la exalten teóricamente. Importantísimos son (¿cómo negarlo?) el cultivo literario y el estudio científico del habla regional; pero simultáneamente con lo uno y lo otro, tienen que hablar y escribir en gallego los estudiosos y los doctos, en todos aquellos casos en que su voz pueda ser oída y sus escritos leídos por las masas ignorantes, por la muchedumbre necia, por el vulgo que afecta distinción avergonzándose de usar nuestro lenguaje, y al que, a diferencia de los cultos, hay que perdonar tan grave pecado, en atención a que no sabe lo que hace; y esas masas, que no tienen pensamiento propio y cuya norma es la imitación servil, irreflexiva de la conducta de aquellas personas en las que reconocen cualidades de cultura y superioridad no comunes, seguirán ciegamente su ejemplo.

Esta propaganda práctica tiene que comenzar en el seno mismo de la familia. Es preciso educar en el amor a nuestra lengua a la generación que ha de sucedernos. Está tan arraigado en el medio social el hábito de la educación doméstica informada por el sentimiento completamente contrario, que no hay que esperar que sea débil la oposición que habrá de salirnos al paso; mas vencer en este terreno sería ganar el triunfo decisivo.

Lo que por lo común se opone a que usemos el gallego en el trato corriente es vergüenza y es temor a que se forme de nosotros un juicio desfavorable. Este obstáculo desaparece por completo o disminuye considerablemente en la esfera de nuestra amistad y, en general, allí donde para juzgar de nosotros se disponga de abundancia y diversidad de datos y no tan sólo de la lengua en la que nos expresemos. Nada más hacedero pues, que comunicarnos en gallego con las personas de nuestra intimidad y confianza. ¿Y qué razón podrá abonar que en la comunicación por escrito con tales personas nos sirvamos de una lengua distinta de la que empleemos en la comunicación oral con las mismas? El gallego, por tanto, debe ser la lengua de las cartas que escribamos a nuestros familiares y nuestros amigos conterraneos. Mas si consideramos que los sentimientos de amistad y confianza evolucionan, haciéndose cada vez menos exclusivos no nos detendremos aquí, sino que sin gran esfuerzo llegaremos a la conclusión de que todo gallego, sólo por serlo, es para otro gallego un amigo a quien puede tratar con familiaridad: ¿no son los pueblos grandes familias? Llegados aquí podremos fácilmente imaginar el círculo en que sin recelo ni sonrojo nos sea dado servirnos omnímodamente de nuestra lengua ensanchado hasta tal punto, que coincida con el concepto de corregional.

Esta norma debemos practicarla donde quiera que nos encontremos con familiares y conterraneos, no solo dentro de los límites geográficos de la región. Tal hacen los

catalanes, y ¿quién osa mofarse de ellos? Hay que afrontar con entereza el desdén y la burla, hay que imponerse el sacrificio del mezquino amor propio individual en aras del noble amor propio regional. Una razonable tenacidad y una moderada despreocupación frente a despreciables vulgares preocupaciones, volverán el desvío en aprecio y en respeto la burla.

Quien en el día de hoy pretende influir en un sentido o en el otro en la masa social se vale de la prensa, funda un periódico. No hay en estos tiempos medio de propaganda más activo y eficaz. La “hoja impresa” llega a todas partes porque por su forma es accesible a todo el mundo y en su contenido cualquiera puede hallar siempre algo de interesante. Es altamente bochornoso para Galicia que no contemos con un mal periódico escrito en nuestro idioma. ¡Cuanto hemos retrocedido desde los días de *O Tío Marcos da Portela*! Toda la prensa regional es castellana, y también está contagiada del general menosprecio de que nuestra lengua es objeto: nada práctico hace en favor de su fomento y difusión; a lo sumo le rinde muy de tarde en tarde el irrisorio tributo de unos versos o de un cuento festivo. Es de urgente necesidad procurar al idioma gallego algún “órgano en la prensa”; con una revista, con un periódico gallegos, no meramente humorísticos, chocarros, sino serios, recomendables para los fines de la pública información, se podría en corto tempo lograr para nuestra lengua, por un procedimiento a la vez teórico y práctico, un crédito y un arraigo que todos nuestros poetas juntos no han podido proporcionarle. Hay que encaminarse, pues, a la fundación y mayor circulación posible de un periódico que sea gallego: desde el título hasta el último anuncio. Mientras tanto cuidemos siquiera de que en los periódicos y revistas actuales de la región no falte, por lo menos, una sección permanente, al cultivo de nuestra lengua destinada.

El trabajo individual tiene que robustecerse y arrecentarse con la acción colectiva. Asíciense, agrémiense, constituyendo entidades que respondan, con un programa de labor intensa y perseverante, a los fines del cultivo, en todos los órdenes, del idioma galaico, cuantos dirijan su personal esfuerzo a redimirle de la grave crisis porque atraviesa. Por este medio podría surgir un redentor *Instituto de Estudos galaicos*, el cual estudiaría, en efecto, esta tierra, este hombre y esta sociedad, en la diversidad de sus aspectos, sería órgano difusivo de la cultura y elaboraría y modernizaría el habla regional, hasta lograr convertirla en instrumento apto para dar forma incluso a las construcciones científicas. El *Boletín* de la institución, redactado en gallego que, al cambiarse con publicaciones similares nacionales y extranjeras, daría a conocer al mundo nuestra desconocida región y el trabajo de nuestros sabios, nuestros escritores y nuestros artistas, y recogería el movimiento intelectual universal, todo por el conducto de nuestra lengua. Una *Biblioteca gallega* reuniría los escritos de autores gallegos y cuantos con la región galaica se relacionaran, por uno u otro concepto; y al lado de la Biblioteca, ¿no estaría muy bien un *Museo gallego*?

Para quien no advierta que hay cosas que no se hacen de suyo, sino que requieren la más decidida intervención humana, serán rematadamente utópicos estos ideales. También lo eran en Cataluña pocos años hace, y el esfuerzo entusiasta y perseverante de unos cuantos hombres dotados de convicciones arraigadas y voluntad firme, los ha convertido en maravillosas y fructíferas realidades. Vasto campo se ofrece aquí a la Real Academia Gallega para ensayar sus iniciativas y empezar una labor sin duda harto más provechosa y urgente que la de escribir una gramática y un diccionario gallegos.

En esta grande obra de reivindicación da nuestra gloriosa lengua, el esfuerzo particular de los individuos y entidades (corporaciones científicas, literarias, artísticas, económicas, de recreo etc.) es, por hoy, lo único en que cabe confiar un tanto; de los órganos oficiales de nuestra administración [sic] local y provincial, que tanto pudieran hacer (el celebrado *Institut d'Estudis Catalans* es obra de la Diputación de Barcelona), no esperemos sino obstáculos, mientras funcionen con tan estrecha dependencia respecto de los organismos centrales y en tanto que no los veamos personificados en hombres cultos, serios, ajenos al repugnante oficio de esta política rastrera, innoble, y dotados de clara conciencia del valor total de los intereses morales de los pueblos.

Cuando de los intereses generales de Galicia se trata, no se puede evitar el recuerdo de sus numerosos hijos emigrados en tierras del Nuevo Mundo, recuerdo al cual van siempre unidos un sentimiento de gratitud y un sentimiento de esperanza. Apenas se puede citar, en estos últimos tiempos, empresa alguna beneficiosa para la región, que no haya sido iniciada o patrocinada por las nutridas y entusiastas colonias gallegas de Hispanoamérica, que ofrecen modelos de asociación floreciente y vigorosa, y en las cuales todas nuestras clases sociales tienen numerosa representación. En todo lo que acometen imprimen el sello de un patriotismo vehemente, impetuoso, que no hay que atribuir tan sólo a condiciones del alma gallega, sino también a circunstancias político-sociales, propias de ciertos países americanos de inmigración. Por hoy el ridículo y bochornoso espectáculo que nuestros flamantes “habaneros” dan, cuando fingen haber olvidado la lengua de su aldea, constituye clara señal de que, en realidad, esta lengua no está por allá mejor atendida que por aquí, a pesar de los centros gallegos, de las fiestas gallegas, de los calendarios gallegos, del título gallego de tal cual revistilla. Mas el día en que aquel sentimiento patriótico se ponga al servicio de causa tan noble y justa, la empresa de la rehabilitación de nuestro idioma tendrá en él un auxiliar eficacísimo.

A poco que en ello se medite, el problema del abandono y desuso de nuestro lenguaje aparece íntimamente enlazado con otros muchos relativos a la vida de la región, y por modo tan especial con el de la cultura, que no es aventurado suponer que nuestro estado de incultura sea una de las principales causas del olvido y menosprecio en

que tenemos lo que tener debiéramos en la más alta estimación. Si los extraños escarnecen nuestra lengua no es sino porque se imaginan a Galicia estacionada en un estado de gran inferioridad cultural; si nosotros no la usamos o la usamos con tímido recelo y cobardes limitaciones, sin duda es porque ignoramos lo que importa conservar y elevar los atributos peculiares de la personalidad regional (y esto sí que constituiría una buena muestra de cultura) y la parte esencialísima que en su formación, desarrollo y manifestaciones corresponde al lenguaje, y para prevenir (es el extremo de la abdicación y de la indignidad) que se nos tenga por elementos individuales de un pueblo que tal fama disfruta de atrasado y de beocio. Trabajemos por elevar el nivel cultural del pueblo, y lo que ahora se toma por signo de rudeza y atraso se cambiará en signo de adelanto y de cultura; no es otro el camino por donde las lenguas regionales llegan a ser lenguas nacionales y los idiomas alcanzan preponderancia internacional.

* * *

Es evidente que un mayor uso, un cultivo más asiduo de nuestro lenguaje sería incompatible con nuestra actual extremada devoción al nacido en la tierra que tanto aborreció la gran Rosalía. No imitemos, sin embargo, a la incomparable lírica, no volvamos mal por mal, que no se rompa por culpa nuestra la armonía interregional de España; admiremos, en buena hora, a Castilla, el fuerte y magnánimo pueblo que durante siglos ejerció dignamente la hegemonía ibérica; admiremos la rica y sonora lengua castellana y la excelsa literatura que la consagra e que la inmortalizará. Pero hagámonos también cargo de que España no es Castilla sólomente ni el idioma castellano el único idioma español cuya conservación y cuyo engrandecimiento importen a la nación, sino que lo que a la nación le importa es la persistencia de su rica variedad idiomática. Porque se estime que una nación, cual la nuestra, con diversidad de lenguas, no debe tener, sin embargo, sino un idioma oficial, ¿se ha de juzgar dicha variedad contraria al interés nacional? ¿se ha de conferir incondicionalmente a una misma de tales lenguas el disfrute a perpetuidad de la condición de oficial? ¿se ha de negar a los demás idiomas en uso en parte del territorio de la nación el derecho a luchar por la conquista de este privilegio exclusivo, una vez llegados a cierto superior grado de evolución y madurez? Si en tales inconvenientes paramos un poco la atención, acaso nos parezca que tiene también sus ventajas el reconocimiento del carácter de oficial a más de una de las lenguas usadas en una nacionalidad dada.

Tomemos ejemplo del pueblo catalán que tanto de bueno ofrece que imitar, en éste y en otros órdenes.

Cataluña comenzó a recordar el glorioso pasado y preocuparse del porvenir de su lengua poco más o menos cuando Galicia iniciaba el resurgimiento de su literatura.

Es verdad que el pueblo catalán nunca llegara en el olvido de su tradición al vergonzoso estado a que en el abandono de la suya ha llegado el galaico, y que el idioma de Castilla jamás tuvo allí tan cordial acogida como entre nosotros, de donde resulta que la restauración de la lengua catalana había de ser empresa harto menos difícil que la restauración de la gallega; mas así y todo el fruto que en este respecto ha recogido Cataluña contrasta vivamente con la esterilidad de nuestra labor en el mismo lapso de tiempo. Nosotros nos venimos limitando a cultivar la poesía lírica, con buena fortuna, ciertamente, mas sin lograr que el pueblo conozca la obra de sus vates, se interese por ella y la secunde, ni impedir que siga ciegamente enamorado del castellano y asqueado del gallego; en nada nos complacemos tanto como en hacer ver que, no obstante nuestra condición de gallegos, tenemos por lengua de uso habitual la castellana. En la región y fuera de ella, en público y en privado, sírvense de la suya los catalanes en todos los actos de su vida independientes del Estado central.

Su labor cultural, sumamente intensa, tiene por instrumento su lengua propia; en ella cultivan, con el éxito que se sabe, todos los géneros literarios y toda suerte de disciplinas científicas; hoy han conseguido internacionalizarla, le han conquistado un puesto entre las lenguas nacionales europeas, y mediante ella les es dado comunicarse con el mundo culto. Nada falta a la lengua catalana para una vida floreciente y próspera: tiene multitudes que con amor la hablan, literatos que la pulen y embellecen, sabios que científicamente la estudian. He aquí, pues, una región que lejos de estimar incompatibles su lengua y su progreso, ha hecho de la una instrumento y condición del otro; que labora por su adelanto y por su autonomía en base de una cuidadosa, de una casi idolátrica conservación y un continuo y esmerado cultivo de su idioma; una región en la cual se estima que es indicio de inferioridad de un pueblo no poder recibir el movimiento intelectual universal, ni contribuir al progreso de la humanidad por el instrumento de su lenguaje propio. Esta región es la más próspera, la más progresiva, la de más acusada y consciente personalidad de las regiones que integran la nación española. Impréguese, pues, Galicia, respecto de su lenguaje, de los sentimientos entusiastas y apasionados de que en cuanto al suyo rebosa Cataluña.

El movimiento regionalista alentado en esta culta y laboriosa región va propagándose a las demás, comienza a ser el eje de rotación de toda la política interior de España y pronto dará sazonados frutos. Si, permaneciendo en su laxitud y pasividad habituales, Galicia no se incorporase resueltamente a este movimiento que, después de haber sido execrado de doctrina antipatriótica, se presenta ya como redentora esperanza, mostraría indigna e indecorosamente, no hallarse preparada para vivir una vida moderna y autónoma, ni merecer participar de sus inapreciables beneficios. Afirmar y robustecer el espíritu regional y nuestra personalidad consciente debe ser materia de nuestro supremo interés. Ahora bien, nuestra marcha en esta labor de

reconstitución espiritual, obra de verdadero y noble patriotismo, se podrá medir por el uso que hagamos de la lengua propia y por la asiduidad y el cuidado con que la cultivemos.

De un profundo y galano discurso que el gran Maragall, inspirado de místico fervor, pronunció en el Ateneo Barcelonés en elogio de la palabra, son las bellas ideas que a continuación se copian, porque contienen un argumento filosófico en favor de la tesis que en este superficial trabajo se defiende, y una advertencia para aquellos obcecados espíritus que, faltos del más elemental concepto de relatividad y de evolución, condenan a las lenguas regionales por parecerles incompatibles con la estabilidad de la forma de organización político-administrativa a que hemos llegado, que juzgan perfecta y definitiva (como si alguna hubiera que lo fuese) y a la cual subordinan y sacrifican cualquier otro interés social.

“¿Qué quiere decir lenguaje universal sino expresión y comunicación del alma universal? Y si el alma universal es la amorosa belleza que traspira por toda la creación y que en cada tierra habla por boca de los hombres que la tierra misma se ha hecho en su amoroso esfuerzo, la única expresión universal será, pues, aquella tan variada como la variedad misma de las tierras y sus gentes... Cada tierra comunica a las más substanciales palabras de sus hombres un sentido sentimental que no hay diccionario que lo explique ni gramática que lo enseñe... He aquí, pues, como al predicar la exaltación de las lenguas populares, no predicamos otra cosa que el puro imperio del verbo creador, la infinita conversión de la tierra al cielo, que es el más profundo anhelo del verdadero progreso humano. Y así, cuando nuestra predicación sea motejada de rebelde, estéril o regresiva, podremos sonreír a nuestros enemigos con firmeza serena y seguir adelante predicando la ley del verbo, que es la ley del mundo. Porque siendo el mundo creado por el verbo, ¿quién sino él ha de dirigirlo hacia el cielo? Y si el verbo que llenaba la creación se manifiesta a través de la tierra por la palabra del ser hombre, que es la sublime expresión de cada tierra, ¿qué otra distribución de las tierras puede desearse, si no es la señalada por la vida espontánea de los lenguajes?... Tengamos bien presente que no somos unos sublevados llevando una bandera contra otra bandera, sino unos apóstoles inflamados en luz divina, que avanzaremos para esclarecer las tinieblas con el fuego en que nos consumimos; que nuestra causa no es sólo la causa de una nacionalidad, no es un pleito de Estados o una reyerta de familias, sino un ideal humano arraigado en el amor divino que anima bellamente al mundo.”

Por fortuna, en las encumbradas y majestuosas montañas y en los amenos y delicados valles de Suevia, percíbese aún, cual rasgo superviviente de una personalidad definida y vigorosa, el eco de una lengua, viril y robusto como el roble de la montaña, dúctil y tierno como el sauce del valle. Mientras ese grato eco no se extinga, cabe la consoladora esperanza de que el habla gallega recobre antiguos esplendores y

sea principio y fundamento de la regeneración regional. Saludémosla con el poeta, animados por un confortante optimismo:

“Língua dina de tal xente,
língua dina de tal raza,
que non morre en tanto teña,
no seo d’a sua terra brava,
o niño feito con seixos
d’ista montaña”.

Lugo, 28 de Outubro de 1912.

Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega por MGB

[Tradución de Iolanda Galanes Santos]

Departamento de Tradución e Lingüística. Universidade de Vigo

“A lingua tiveran
Por lingua d’escravos;
Esqueceran os patrios acentos,
Suidosos e brandos”
(Pondal)

“Non, ti non morrerás, céltica musa,
Nada d’a Suevia n’os chouzales pechos”
(Curros Enríquez)

I

Subsiste aínda nas demais rexións españolas un vello concepto vulgar de Galiza, moi arraigado e espallado, esaxeradamente desfavorábel para esta terra^I e para a súa poboación indíxena^{II}. Ten aínda o pobo galego sona de inculto, groseiro, mísero e desprezábel; aínda o representan en moitas partes ancorado nun grao de civilización case primitivo. A este tradicional e humillante menosprezo, que non se detivo nos límites nacionais, opuxéronse reiteradas e valentes protestas de dignos e amantes fillos e fillas desta aldraxada rexión^{III}. A beleza e fertilidade do seu solo, a exuberancia e laboriosidade da súa raza, a calidade e cantidade de persoas^{IV} ilustres que a honran, as excelencias da súa lingua e tamén a riqueza da súa arte e da súa literatura van sendo estimadas no que valen pola ilustración, o bo gusto e a crítica imparcial.

I Nota da tradutora: no orixinal figura o termo ‘comarca’, tras a a consulta das acepcións do termo no dicionario RAG na actualidade, concluímos que é máis acaída a súa tradución por terra.

II Nota da tr.: mantemos ‘indíxena’ coma no orixinal, como mostra dun prenatalismo de base etnicista. Cabe a equivalencia no sentido actual de “poboación orixinal dun país colonizado, por oposición á que chegou despois” (dicionario RAG).

III Nota da tr.: por fidelidade co orixinal e co ideario ideolóxico da época mantemos o termo ‘rexión’ para designar a Galiza e nación (ou nacionais) para España. Téñase en conta que a obra foi escrita en pleno auxo do rexionalismo, isto é, nunha fase prenatalista.

IV Optamos, sempre que foi posíbel, por actualizar o texto cunha escrita inclusiva.

Con todo, aínda falta moito por facer para que deixe de ser a palabra *galego* un cualificativo sinónimo de rudo e vil en boca da ignorancia, do apaixonamento e da vulgaridade.

O peor do caso é que o pobo que é obxecto de tal xuízo, fóra de rexeitalo, compárteo sen vacilar, sendo el mesmo o máis funesto detractor de canto lle dá carácter e especial fisonomía. Certas protestas individuais illadas non representan o común sentir da masa popular galega, nin adoitan ir acompañadas de actos prácticos capaces de lles infundir forza e eficacia. Galiza non se estuda nin se coñece a si mesma, carece de conciencia reflexiva de si, non distingue o que de bo posúe, para afirmalo e facelo prevalecer, fronte ao que de malo ten, para corrixilo. Cando debiera desvirtuar os ataques inmoderados da adversa opinión allea coa teimuda conversa das virtudes características da súa personalidade, réndese covardemente a eles, até o extremo de facer súa aquela malévola opinión, rompendo coa continuidade da súa historia, avergoñándose da súa condición e agochándoa coidadosamente. Dirixe todos os seus esforzos a *castelanizarse*^v e cre previr o desprezo e o insulto afanándose por copiar servilmente o modo de ser do pobo do que proceden o insulto e o menosprezo máis sañudos, converte Castela no seu máis perfecto ideal e comprácese sendo vítima dun absorbente centralismo.

Este lamentábel fenómeno de menosprezo, de si e do seu, vén dándose en todas as manifestacións da vida da rexión. Estudalo serena e obxectivamente e combátelo con algo máis ca estériles lamentos é deber inescusábel de quen se gabe da súa galegitude. Xaquelogo, non está de máis consagrarlle algunhas consideracións da súa manifestación na esfera daquel tan permanente como variábel atributo humano que, por ser expresión do íntimo e substantivo da personalidade individual e colectiva, a mentalidade, constitúe unha das súas notas máis diferenciais e específicas e que con razón se conta entre os máis fortes vínculos sociais, entre os factores máis activos e os máis firmes alicerces dos pobos e nacionalidades. Aludimos así á lingua.

* * *

A fala indíxena¹ da rexión galega ten un pasado gloriosísimo, cuxa lembranza conforta e, asemade, dá mágoa. Houbo un tempo –tempo remoto, no século XIII e en boa parte do XIV– no que o, agora moribundo e desprezado, dialecto galaico serviu de instrumento exclusivo para a inspirada e abundosa literatura lírica de gran parte da Iberia cristiá: os sabios príncipes, os doces e delicados poetas, os errantes

v Nota da tr.: mantemos a cursiva aínda que traduzamos o termo.

1 Só por un carácter simplemente secundario adoitan distinguirse os idiomas dos dialectos: polo uso nacional oficial que teñen os primeiros e do que carecen os segundos. Por tanto, a lingua galega pode sen fachenda denominarse idioma, posto que é privativo e peculiar lingua dun pobo, ou sen afronta denominarse dialecto, xa que non é lingua oficial dunha nación.

trobadores daqueles florecentes reinos non acharon, fôra da provenzal, lingua tan propia e axeitada coma ela para expresar as xeniais concepcións do seu fecundo nume. Mais o sistema político, centralista e unitario, que despois entronizou en Castela, non podía tolerar ningunha diversidade idiomática na nación^{VI}. Unha variadísima e inesgotábel poesía popular e un brillante rexurdimento contemporáneo daquela gloriosa literatura poñen de relevo os atributos de exquisita beleza que este vello idioma atesoura. A crítica documentada e seria téñeno por envexosamente rico, doce, flexible e expresivo. Mais todo é en van, pois non por iso deixa de recibir, na opinión xeral a mesma consideración que todo aquilo que provén da mesma orixe, tanto para o propio vulgo coma para o foráneo (non salientaremos aquí a inmensidade do vulgo). Esta lingua de tan precoz desenvolvemento, tenra, delicada e poética é cualificada de ruda, bárbara e propia dun pobo de beocios e estúpidos. O mesmo pobo que a formou de vello, traducindo nesta obra o seu xenio, a substancia do seu ser, trátala hoxe con máis despectivo desprezo e avergoñase de usala como medio de expresión das súas ideas e afectos. Velaí un feito de notoria realidade e de suma e innegábel gravidade no tocante á supervivencia da fermosa lingua rexional. E que debe ser materia de fonda, constante preocupación por parte de quen procure conter a crecente decadencia que a ameaza de próxima e total ruína.

Da Galiza urbana desaparece claramente a lingua, substituída polo idioma oficial. Nas nosas cidades e vilas xa só se usa entre as máis baixas clases da sociedade, as outras abandonana por virtude e obra dun arraigado prexuízo. De xeito que a lingua en que escribiu o Rei Sabio as *Cantigas a Santa María*, en tanto que consumado artista, non debe expresarse nunca, cando menos publicamente, por boca de ningunha persoa ben nacida que aspire á consideración dos máis e que se gabe de ser medianamente culta e educada. Pois en contextos de certa categoría social (reunións, espectáculos ou paseos) sería tachada de ineducada e groseira e aínda movería a grande escándalo quen coa súa praxe ousase contradicir tan necia preocupación. Falar en castelán chegou a ser entre nós non xa unha condición de bo ton e un sinal inequívoco de distinción, senón tamén unha regra de elemental urbanidade: quen non lle preste acatamento resígnese a non pertencer ao gremio das persoas distinguidas, das persoas decentes.

Nomeadamente no que atinxe ao chamado, con xustiza, belo sexo (no cal toda frivolidade e afectación teñen, porén, o seu natural asento), para o que é en todo caso intolerábel a menor oposición a este prexuízo. Non son irreconciliábeis a fealdade e a fermosura, a rudeza e a delicadeza, a insipidez e a graza? Non deixarían de ser belas, delicadas e graciosas a distinguida dama, a anémica señorita mesocrática, a plebea oficiala (mesteira), se delas se sospeitase que usaban o feo, rudo e eslamiado falar galaico? E para facer ver que non se usa, en que estrañas ridiculeces, en que

VI Nota da tr.: aquí no sentido de Estado.

chocante afectación, en que extremos de vaidosa fachenda se incorre a miúdo!². Resulta paradoxal que a grande imperfección con que as mulleres adoitan falar en castelán non embace o ridículo snobismo nin menoscabe os seus atractivos e grazas, fronte á idea de que si os manchan as doces cadencias, as expresivas inflexións, as delicadas tonalidades que lle dan á lingua musical de Rosalía, todas estas de contextura tan oposta á rexa e monótona da lingua oficial^{VII}. Xa que se citou tan egrexio nome, non será inoportuno recomendarlle á muller galega que antes de lle inferir agravio á fala rexional considere detidamente que nela escribiu os seus *Cantares e Follas Novas* a inmortal Rosalía de Castro, unha distinguida dama galega, toda sentimento, delicadeza e tenrura cuxa obra poética enxalza cada día máis a crítica³.

Tales ideas, tales prexuízos do pobo galego verbo da súa lingua propia^{VIII} non poden menos que transcender á importantísima función da educación doméstica. En efecto, eis os nosos previsores pais de familia, que consideran deficiente a educación que lle proporcionan á súa descendencia, cren que non a capacitan para vivir no mundo, de non conseguiren inculcarlle aversión decidida á fala rexional, coma se lles tardase ver extinguirse nela tan característico signo, tan primordial condición da existencia autónoma dun pobo. Para acadalo, moitos serían capaces de recorrer mesmo ao clásico procedemento educativo de que fala un poeta (o bo do poeta mindoniense Antonio Noriega) nesta graciosa quintilla:

S'hay quen non val un pitillo,
nin sementa un grao de millo,
nin ha d'heredar un rego,
je dall azoutas ó fillo
pra que non fal en gallego!

A xuízo do pai, o neno precisa en primeiro termo que o máis axiña posíbel lle sexa familiar o idioma de Castela, porque nel están escritos os libros que terá que ler, porque nel se comunicará co medio social que contribuirá a ilustralo e formalo

2 Facilmente pode o lector comprobar e ilustrar canto queira este punto, con innumerábeis e pintorescos casos da súa propia experiencia.

VII Nota da tr.: referido ao español.

3 Martínez Ruíz ("Azorín") acaba de dicir simplemente e ás claras que polo seu libro "En las orillas del Sar" debe contarse a Rosalía de Castro entre as mellores figuras líricas castelás modernas. Concordamos con este xuízo de crítico de tan respectábel autoridade e reparamos na indiscutíbel inferioridade da poeta castelá respecto da poeta galega. A obra literaria desta muller sen igual seméllanos ben excelsa e incomparable!

VIII Nota da tr.: o termo é tradución literal do que figura no orixinal, cómpre indicar que carece do sentido xurídico que presenta na actualidade en virtude do art. 1 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

e, sobre todo, porque só así se amosará ben educado e membro digno de familia distinguida. E os nosos rapaces, dóciles á terminante prohibición e ao exemplo paternos, non falan endexamais en galego, nin poden experimentar amor ningún por unha lingua que, aínda que incomparabelmente rica en tenros arrollos de berce, non é aquela en que os aloumiñou a súa nai, nin á que pertencen os primeiros sons que lles foi dado articular. E preguntámonos: que outro afecto, senón a máis fonda repugnancia, pode inspirarlles un modo de falar se o ditame paterno –o máis autorizado para o neno inexperto– presenta este como plebeo e tabernario, propio só de xente vilá e embrutecida? Inluído ao cabo por elementos alleos ao fogar familiar, chega o mozo a reaccionar máis ou menos contra tales prevencións. Doutro xeito, unha soa xeración de tan celosos educadores e educadoras abondaría para sepultaren no esquecemento o que se respectou durante longos séculos.

Para a solidariedade rexional (agora, que tanto se fala de mancomunidade) entraña un gravísimo dano o feito de que unhas clases sociais falen a cotío o idioma oficial e outras o da rexión, e que o uso dun en detrimento doutro estea máis espallado na cidade ca no campo, nunhas localidades ca noutras. En efecto, quen terá tal cegueira que non vexa canto contribúe esta dualidade idiomática a manter e fomentar no pobo galego os antagonismos de clase, o divorcio entre os elementos urbano e rural e a rivalidade entre localidades e provincias irmás, cuxa estreita unión tan útil sería para a defensa eficaz dos seus comúns intereses?

Dada a vitalidade e o incremento pouco común que se manifestan na poboación de Galiza, así como a difusión que consegue por unha intensa emigración, o grato eco da nosa lingua deixariáse sentir en todos os ámbitos do mundo, de se contaxiar o noso pobo de algo do sentimento de propia estima que a outros (v.gr., o éuscaro e o catalán) distingue. Pola contra, moi lonxe de ser así, acontece que o primeiro que o galego emigrante procura, cando se encamiña a outras terras, é despoxarse daqueles sinais que, como a súa lingua, revelarían a súa procedencia, medroso, sen dúbida, de que puidesen crearlle un ambiente hostil. E de retorno na escura aldea (ás veces tras unha curta ausencia nunha cidade veciña) finxe que esqueceu a fala rexional e aproveita a circunstancia para permitirse o luxo de chapurrear o castelán. A pública chacota bótaselle enriba e os nosos poetas ridiculízanos en festivas estrofas, con todo, el sabe moi ben que quen *corta* o castelán, coa celeridade e a soltura que pretende, é en Galiza obxecto de admiración desmedida. Moito se escoita ponderar, como se se tratase dunha virtude de noso (ou será febleza?), o acceso de morriña que atinxo ao galego ausente da súa terra, mais o certo é que esa exaltación do amor ao pobo natal non se estende á súa lingua.

Do lamentábel desafecto do pobo galego á súa lingua constitúe tamén proba concluínte a deturpación que por todas partes a pexa e aniquila. No canto dos propios e xenuínos sons da lingua indixena, teñen uso corrente en toda a rexión algúns

sons exóticos, centos de vocábulos, un crecente número de frases que, consonte a súa procedencia, poden chamarse *castelanismos*. Estes figuran no galego que se fala (tamén na escrita, pois nin nos máis enxebres escritores galaicos deixan de se manifestaren os estragos desta corrupción) e, por mor deles, considérase a nosa lingua disonante e deturpada xerga. Cómpre salientar a grande aceptación de que goza a idea de que tales barbarismos enriquecen e afinan a nosa lingua, danlle graza, amortecen a súa suposta rudeza e inexpressión nativas. Hai quen tolera que se fale en galego en determinadas circunstancias, mais só a condición de que sexa un galego modernista, *sui generis*, limpo das súas voces máis enxebres e características, dos seus xiros e modismos máis peculiares, máis típicos. Pola súa vez, tamén o castelán queda en grande medida deturpado nos galegos beizos. Porque un idioma, en efecto, non ten tan só un léxico e unha sintaxe particulares, senón tamén unha entoación e un acento propios; e o noso privativo acento galego, que con dificultade chegamos a dominar, imprímelle á fala castelá modulacións tan pouco acordes coa entoación propia desta lingua, que delatan a nosa galeguidade tanto, polo menos, coma o propio léxico do dialecto. Do que resulta, con frecuencia, que ao tratar de nos agochar, amosámonos con enteira claridade.

* * *

O que lle dá a un idioma prestixio e condicións de fixación e estabilidade é, sen dúbida, o seu cultivo mediante a escritura. Despois do uso puramente oral, observemos o estado do galego no seu uso gráfico.

A primeira vista parece completamente indiscutíbel e obvio que a lingua en que comunmente se fale sexa tamén a que de ordinario se use na escritura. Mais, pola contra, batemos co fenómeno oposto, que presenta certos visos de inexplicábel e errático, que é o que en Galiza se ofrece como máis corrente e natural, até o punto de ser precisamente entre aqueles elementos do noso pobo (o elemento rural e o urbano-popular) que a cotío falan en galego, onde nunca se escribe.

A lingua galega carece absolutamente de cultivo gráfico, vulgar e espontáneo. Calquera concorda niso, só con se deter en dous ou tres feitos por certo ben observábeis: os rótulos de todas as nosas tendas son casteláns e todos os xornais e revistas rexionais están escritos en castelán. Por último, nada hai máis espontáneo e elemental ca os escritos epistolares e, porén, é evidente o sorprendente fenómeno de que nin a máis familiar e íntima carta se escriba nunca en galego. Parece como se deliberada e sistematicamente o noso pobo refugase calquera manifestación ostensíbel e permanente do idioma. Escribir en galego caeu tan completamente en desuso, que realmente existe unha grande ignorancia niso e a moita xente se lle ofrece como feito de estraña novidade e de penosa aprendizaxe. Se falar en galego é plebeo e vulgar, escribilo só parece propio dunha cultura sólida. Polo tanto, pouca xente é quen, por falta de hábito, non considera a súa lectura moi difícil, ao que

contribúe tamén a explicábel carencia de fixación e uniformidade na ortografía. Son moitas as persoas que, aínda sabendo bastante máis que ler e escribir, endexamais leron nin sequera viron unha páxina escrita en lingua rexional.

O único uso que como lingua escrita ten na actualidade o galego é un uso reflexivo, erudito, mais como mesmo este uso se limita a obras en verso e a certos escritos en prosa, de índole humorística as máis das veces, nace de aquí o prexuízo de que a nosa lingua non serve máis que para ser empregada en cousas de simple pasatempo e de que é impropia para tratar outra sorte de asuntos, todos os vulgarmente cualificados de serios. E este prexuízo subsistirá en tanto que non se demostre practicamente que é disparatado, espallando o uso gráfico do dialecto a todo xénero de escritos. É verdade que moito ten aínda que evolucionar o galego antes de chegar ao grao de elaboración e perfeccionamento que require unha lingua para servir a certos usos. Mais, só o longo desuso impediu a súa evolución e cabe preguntarse: de que outra maneira senón mediante un cultivo asiduo podería pulirse e perfeccionarse?

O cadro que a grandes trazos se acaba de bosquejar ofrece, certamente, unhas perspectivas moi pouco prometedoras. Con todo, non dubidou en dicir un glorioso vate:

Cando total-as linguas o fin topen
Que marca a todo o providente dedo,
Ec'os vellos idiomas extinguidos
Sola unha fala universal formemos:
.....
“Ese idioma, compendio d'os idiomas
.....
Será —¿qué outro sinón?—será o gallego.

En que remoto porvir terá cumprimento esta fermosa e ousada profecía de Curros sobre a futura grandeza e universalidade dunha lingua que tan abatida e cuberta de oprobio xace?

II

Exposto o estado de extrema decadencia en que a lingua galega se acha a causa do crecente desuso que a inmobiliza e mingua os seus lexítimos dominios, será acaído discorrer un pouco sobre as medidas que se adoptasen e sobre as que sería conveniente adoptar, para promovermos o seu cultivo e opoñérmonos á falta de creto

que a aldraxa. É a lingua, nas súas manifestacións concretas, elemento de esencial valor para constituír o ser dos pobos e darlles carácter propio e distintivo. Polo tanto “ser ou non ser, esa é a cuestión” certamente grave e fundamental, que se formula con respecto ao pobo galego, cando nos preguntamos pola razón da conveniencia de conservar e perfeccionar o idioma galaico.

Modernamente xurdiu un brillante renacemento da gloriosa poesía galaica, fecundo en producións artísticas de rara beleza. Escribíronse sobre a lingua rexional eruditos traballos gramaticais e filolóxicos. Para procurar a súa conservación, depuración e esplendor instituíuse unha corporación de doutas persoas e mesmo se creou para o seu ensino unha cátedra no primeiro dos establecementos universitarios da nación. Non hai dúbida de que comezou un movemento das clases intelectuais do noso país a prol da rehabilitación do moribundo dialecto galego e da firme perseveranza en tan plausíbel empresa cabe agardar que volvan para el días felices de gloria e prestixio. Mais sen o concurso popular todo labor desta índole é efémero e estéril e até o presente non hai indicios de que se lograra moito no sentido de restaurar no pobo galego o perdido amor pola súa propia lingua, aínda non chegaron até el as manifestacións deste movemento rexenerador.

Velaí están as obras poéticas rexionais contemporáneas, en moitas das cales (por exemplo, *Cantares gallegos*, *Queixumes dos pinos*, *Aires d’a miña terra*) hai, alén do valor literario, virtude abonda para sacudir o amodorrado espírito colectivo da rexión e robustecer a conciencia da súa personalidade; mais, quen as le? mellor dito, quen está en condicións óptimas para lelas? Soamente unha exígua minoría culta. O estado de ignorancia e apatía en que o resto de Galiza vive en canto á literatura propia, elemento de capitalísima importancia na vida de todo pobo, linda certamente co inverosímil. De xeito que ás nosas magníficas obras poéticas fálalles o vizoso reforzo da popularidade. En consecuencia, procurar a súa vulgarización sería prestarlle ao exquisito labor dos nosos vates, inspirado ante todo por un vivo amor á terra, ao pobo e á lingua galaicos, unha colaboración absolutamente necesaria, alén de contribuír ao remedio do desafecto popular de que é vítima a nosa lingua. Mesmo os nosos poetas sentiron a necesidade dunha colaboración deste xénero⁴.

4 “Ben quixera qu’iste libríño -escribe o celebrado Lamas Carvajal no prólogo de “Espiñas, follas e frores” - chegase hastr’as maos d’os que pobran as aldeas mais acurrunchadas, quixera espertar n’o curazón d’os meus paisanos o amor a nosa dulcísima lingua... Pidolle, pois, de favor a cantos merquen iste libríño, si é que non lles prace, que llo regalen a calquera aldeano qu’atopen n’o seu camiño, pra que leéndoo entre’eles vexan que non é vergonza, cal pensan, ó expresarse n’a súa rica fala... ¡Ogallá qu’os que conozan o meu pensamento axuden os meus esforzos...”. Desgrazadamente a poboación aldeá non se acha capacitada para ler libríños. O analfabetismo alcanza na rexión unha proporción considerábel, polo que difundir a instrución é tarefa que se presenta como preliminar, para que a poesía galega erudita exerza, no devandito sentido, a influencia popular que lle corresponde.

Pero, ademais, a literatura galega contemporánea é exclusivamente poética, máis aínda, lírica e humorístico-descriptiva. Mentres se escriben versos e máis versos de tal carácter e contido, carecen de cultivo na nosa lingua, ou téñeno de modo escasísimo e pobre, outros xéneros literarios que pola súa índole están máis á man de toda clase de lectores, de todos os heteroxéneos elementos sociais de que se compón o público e que, por iso mesmo, son susceptibles de maior e máis doada divulgación e posúen máis alcance educativo: por exemplo, o teatro, a oratoria⁵, a novela ou o xornalismo. Case non temos, en definitiva, literatura en prosa. E, porén, Galiza é patria de famosos dramaturgos, de bos xornalistas, de excelentes novelistas e non escasean os libros ameno-descriptivos que teñen por asunto a nosa terra, as nosas tradicións, costumes e peculiar psicoloxía, sendo galegos por todo agás pola lingua. Consideremos o labor de tantos e tan estimábeis enxeños galaicos que contribúen ao esplendor actual das letras castelás e poderemos facilmente calcular de canto se ve privada a literatura galega por non se serviren da nosa lingua moitos e moi xeniais cultivadores galegos da lingua castelá. E, por que estes persoeiros da literatura rexeitan asociar o seu nome á nobre e magna empresa do rexurdimento dunha lingua e dunha literatura gloriosas? Seguramente porque

Escribir nada mais pr'unha provincia,
Ou, com'os pobos árcades fixeron,
Escribir sobr'a casca d'os curtizos,
Cáxeque todo ven a ser o mesmo.

E sen dúbida requírese a máis heroica abnegación para renunciar a un renome tal vez mundial, por unha escasa reputación. Moi sólidos fundamentos habería que ter para traspasar os límites da nosa pequena rexión, dado o descoñecemento que da nosa lingua existe, por falta precisamente dun cultivo literario intenso e abondoso. Mais, doutra banda, a sona e a supervivencia dunha produción literaria dependen esencialmente da súa beleza intrínseca e moi pouco da lingua na que se escriba, porque o mundo chega por fin a coñecer e celebrar o digno de coñecerse e admirarse; é simplemente unha cuestión de tempo, en que non debe reparar sequera quen cultive a arte pola arte.

5 Os nosos cregos rurais usan constantemente o castelán nas sinxelas e familiares prédicas coas que adoutrinan a súa freguesía. Nos mitins solidarios e agrarios, agora tan de moda: que elocuente tributo se coída de lle comunicar en galego os seus redentores ideais á multitude? Cales dos ardorosos manifestos rexionalistas e redencionistas se redactaron en lingua rexional? A frouxa campaña social política, que a prol dos intereses da rexión sosteñen algúns individuos e entidades, brinda, porén, moi propicia ocasión para o cultivo do noso idioma e o desenvolvemento da nosa literatura, e as doutrinas rexionalistas gañarían en crédito e consistencia predicada de se propagaren mediante a lingua rexional. Non é este un dos nosos maiores e esenciais intereses?

A Real Academia Galega debía e podía ser o máis firme elemento para termar da nosa lingua, o instrumento máis activo para labrar a súa prosperidade e o organismo central director de todo o labor encamiñado a este fin. Talvez chegue co tempo a satisfacer as prometedoras esperanzas que fixo concibir, máis até a data, o que debiera servir para estimular e xuntar esforzos individuais de persoas de valor, serviu de pretexto para escandalosas e puerís discordias. Apenas aínda recentemente creada, comezou a ser apaixonadamente criticada, agremente ferida na súa constitución e xestión e, sen dúbida, carece aínda daquela autoridade, daquel prestixio que lle cómpre ter para exercer dignamente e con proveito a súa función docente e lexisladora en materia de lingua. No tempo que conta de existencia é moi difícil atopar no seu labor algo que responda aos seus altos fins. Que obras leva publicadas? Que organismos complementarios e auxiliares dos seus traballos promoveu? Que empresas beneficiosas para o porvir do dialecto alentou? Cales son os certames que convocou e cales os premios que instituíron para recompensa das e dos mellores cultivadores da nosa lingua e da nosa literatura?

Mais se todo isto semellase excesivo para ser acometido en tempo tan escaso e máis de se ter en conta o lento que adoita ser o labor deste xénero de colectividades sabias. A chocante inconsecuencia de adoptar por idioma oficial o da nación, e non aquel cuxo cultivo e progreso procura, constitúe un dato de grande interese para falar sobre o acerto con que a Academia Galega orienta e encamiña os seus traballos e para esculcar a súa eficacia. Que nas súas deliberacións, actos de recepción, etc. os membros da academia galega emitisen os seus discursos en galego, que en galego redactasen as actas das súas sesións e escribisen en galego o seu boletín, son cuestións que até aos ollos máis máis limitados se presentan como previas, como obvias, tratándose do carácter específico da obra que ten encomendada. Está claro que, de adoptaren esta norma de conduta desde o primeiro momento da súa existencia, o réxime centralista que nos goberna, cuxa máis caracterizada tendencia é a anular a personalidade das rexións, non lle conferiría tan doadamente como o fixo o título de Real que a corporación detén. Pero aínda é máis claro que sen rozamentos cun sistema político que non transixe coa variedade idiomática, é inútil que se empeñen en servir co esmero debido os lexítimos intereses da fala rexional; por onde ese mesmo respectábel epíteto, do que por outra banda debe estar orgullosa, vén ser precisamente o sinal máis inequívoco de que os ten descoidados.

O recente establecemento da cátedra de Língua galaico-portuguesa na Universidade Central^{IX} é un feito de innegábel importancia, co cal quedou oficialmente recoñecido

IX Nota da tr.: cátedra que se creou na Universidade madrileña a instancias, entre outros, de Menéndez y Pelayo ou Giner de los Ríos. Tivo como primeiro titular en 1914 a Víctor Said Armesto, que morreu á fin do primeiro curso sen se dotar economicamente no seguinte, foi logo efémera.

que a lingua e a literatura rexionais constitúen algo digno de atento estudo. Non caíamos, no entanto, no candor de crer que para reanimar o dialecto e fomentar o seu uso temos abondo con que se faga del materia de ensino superior, cando tan necesitado está de ensino elemental. Mesmo se o seu ensino for efectivo⁶, aínda que constituíse inverosímil excepción entre o defectuosísimo labor dos nosos establecementos universitarios, sería moi útil para formar persoas eruditas, coñecedoras da teoría da nosa lingua, ás que lles importe o mesmo investigar sobre materia viva que sobre materia morta. Mais tería sempre escasísima eficacia como medio para conter o desuso práctico, habitual dun idioma que tanto importa conservar vivo e florecente. A nosa xusta satisfacción polo propósito de que na Universidade se estude o galego non debe ser obstáculo, por tanto, para que protestemos por que sen razón estea proscrito da escola, nin pode calmar a alarma que debe causarnos velo caer máis cada vez en desuso como fala doméstica.

* * *

O labor artístico e erudito da lingua non é medio adecuado para exercer un influxo popular que resulte extenso e decisivo, malia ao seu inmenso valor para o robustecemento e a perfección dun idioma. Este labor resulta insuficiente en por si no tocante a remediar o desuso e o descrédito que a nosa lingua padece. Para chegar aos máis débese influír por outros medios máis consonte coa súa capacidade de comprensión. De acordo con isto, tería positiva eficacia, sería modélico exemplo que gobernase a vida práctica, non tan só a vida literaria, das persoas distinguidas e celebradas polo seu hábito de estudo e os seus dotes de ilustración. Mais tales exemplos son tan escasos como abondosas son as estériles excitacións sentimentais, líricas-escritas case sempre en castelán, para maior contraste⁷. Non abonda con que a selecta e numerosa intelectualidade galega celebre un día e mais o outro as excelencias da fala rexional, con que enxalce a cotío a necesidade de conserva-la e engrandecela e con que advirta seguido do risco inminente que corre de ser inscrita no catálogo das linguas mortas. Non abonda con usárena na poesía, cómpre, ademais, que a nosa intelectualidade dea mostras claras e determinantes de que despreza na súa práctica as vulgares preocupacións sobre a lingua, de xeito que esta se constitúa

6 Aínda é puramente nominal. Esta cátedra non funciona aínda, malia a establecerse por lei do reino e votar nas Cortes crédito para implantar o seu novo ensino, logo fará dous anos. O cal, despois de todo non é cuestión que poida causar abraio neste país clásico de leis incumpridas e de facenda mal administrada.

7 Neste modesto traballo incórrase na mesma falta que se censura. O autor ten que declarar aquí que non se decidiu a escribilo en galego porque, aínda que é na rexional lingua en que adoita expresarse oralmente (e teno a moita honra sen que lle arrubie confesalo) na súa comunicación ordinaria, tamén é certo que, desgrazadamente, non se lle alcanza o seu correcto emprego gráfico. Tal ignorancia é moi superior á que revela (e non é pouca) respecto do castelán. Pero, a quen lle importa unha inconsecuencia máis?

na máis dilixente cultivadora do galego no seu trato e comunicación íntimos⁸, quer oral, quer escrita. Mentres isto non faga, mentres non predique co exemplo, non conseguirá persuadir ao vulgo de que se comporte coa fala rexional de distinta, de mellor, maneira ca ela. Pois se o vulgo rexeita a lingua, tamén se debe en boa parte a que a ve practicamente menosprezada por persoas cultas que tal vez a enxalcen teoricamente. Non se pode negar que son importantísimos o cultivo literario e o estudo científico da fala rexional, pero simultaneamente a ambos ten que falar e escribir en galego quen doutamente a estuda en todos aqueles casos en que a súa voz poida ser ouvida e os seus escritos lidos polas masas ignorantes, pola xente necia, polo vulgo que acusa distinción mais que se avergoña de usar a nosa lingua. A estas, a diferenza das xentes cultas, hai que lles perdoar tan grave pecado, pois é obra de quen non sabe o que fai pois esas masas non teñen pensamento propio e a súa norma é a imitación servil e irreflexiva da conduta daquelas persoas en que recoñecen cultura e superioridade non ordinarias e seguirán cegamente o seu exemplo.

Esta propaganda práctica ten que comezar no seo da propia familia. Cómpre educar no amor á nosa lingua a xeración que nos vai suceder. Está tan arraigado no medio social o hábito da educación doméstica imbuída polo sentimento completamente contrario, que non hai que agardar que sexa feble a oposición que nos saia ao camiño, mais vencermos neste terreo sería gañar o triunfo decisivo.

O que normalmente se opón a usarmos o galego no trato corrente é a vergoña e o temor a que de nós se forme un xuízo desfavorábel. Este atranco esvaécese por completo ou mingua considerabelmente no círculo das nosas amizades e, en xeral, onde se nos permita un trato íntimo e franco, alí onde para nos xulgar se dispoña de abondosos e diversos datos e non tan só da lingua en que nos expresemos. Nada hai máis doado, logo, que nos comunicar en galego coas persoas da nosa intimidade e confianza. E que razón pode avalar que na comunicación por escrito con estas persoas nos sirvamos dunha lingua distinta da que empregamos na nosa comunicación oral con elas? O galego, por tanto, debe ser a lingua das cartas que lles escribamos aos nosos familiares e amigos conterráneos. Mais de considerarmos que os sentimentos de amizade e confianza evolucionan, facéndose cada vez menos exclusivos non nos deteremos aquí, senón que sen grande esforzo chegaremos á conclusión de que todo galego, só por selo, é para outro galego un amigo a quen

8 O cal non é o habitual, nin moito menos, entre as personalidades literarias rexionais. Pola contra, abunda quen só usa o galego nas súas obras literarias. O caso de Ribalta, que só lles quere falar e escribir en galego aos seus paisanos é unha excepción, acaso única. Quen está a ler esta obra seguramente foi obsequiado algunha vez por distinguido [sic] poetas con exemplares de valiosas obras que son gala da literatura rexional. As gratas dedicatorias deses libros estarán escritas en castelán, senón todas, as máis delas. Pois ben, non cre quen isto le que dedicala en castelán, e non en galego, non é desvirtuar e desautorizar a lingua en que se escribiu unha obra literaria galega creada para lle dar vida e esplendor ao noso idioma?

pode tratar con familiaridade: e acaso non son os pobos grandes familias? Chegados aquí poderemos facilmente maxinar o círculo no que sen suspicacias nin rubores se nos dea a ocasión dun uso omnímodo da nosa lingua alargado até o punto de que coincida co concepto de correxional.

Esta norma debemos practicala onde queira que nos achemos con familiares e conterráneos, non só dentro dos límites xeográficos da rexión. Tal como fan os cataláns e, quen ousa mofarse deles? Cómpre afrontar con enteireza o rexeitamento e a burla, hai que se impoñer o sacrificio do mesquiño amor propio individual a prol do nobre amor propio rexional. Cunha razoábel teimosía e un moderado desleixo fronte ás desprezábais e vulgares preocupación estas converteranse en aprecio e a burla en respecto.

Quen no día de hoxe pretende influír nun sentido ou no outro na masa social válese da prensa, funda un xornal. Non hai nestes tempos medio de propaganda máis activo e eficaz. A “folla impresa” chega a todas as partes porque pola súa forma é accesíbel a todo o mundo e no seu contido calquera pode achar sempre algo de interese. É altamente vergoñento para Galiza que non contemos cun mal xornal escrito no noso idioma. Canto recuamos desde os días de *O Tío Marcos da Portela*! Toda a prensa rexional é castelá e tamén está contaxiada polo xeral menosprezo de que a nosa lingua é obxecto e que nada práctico fai a prol do seu fomento e difusión. Todo o máis réndeselle moi de cando en vez o irrisorio tributo duns versos ou dun conto festivo. É de urxente necesidade procurarlle ao idioma galego algún “órgano na prensa” cunha revista, cun xornal galegos, non simplemente humorísticos ou choqueiros, senón serios e recomendábeis para os fins da pública información. Poderíase en pouco tempo acadar para a nosa lingua, por un procedemento asemade teórico e práctico, un creto e un arraigamento que todos os nosos poetas xuntos non puideron fornecerlle. Hai que se encamiñar, pois, á fundación e maior circulación posíbel dun xornal que sexa galego: desde o título até o último anuncio. Entrementes procuremos sequera que nos actuais xornais e revistas da rexión non falte, polo menos, unha sección permanente consagrada ao cultivo da nosa lingua.

O traballo individual ten que se fortalecer e anovar coa acción colectiva. Asíciense, afliense, constituíndo entidades que respondan, cun programa de traballo intenso e perseverante, co obxecto de cultivar o idioma galaico en todas as ordes e que dirixan o seu esforzo persoal a redimilo da grave crise pola que atravesa. Por este medio podería xurdir un redentor *Instituto de Estudos galaicos*, que estudaría, en efecto, esta terra, quen a habita e a súa sociedade, na diversidade dos seus aspectos. Sería o órgano de difusión da cultura e elaboraría e modernizaría a fala rexional, até lograr convertela en instrumento apto para lle dar forma mesmo ás construcións científicas. O *Boletín* da institución, redactado en galego que, ao se intercambiar con publicacións similares nacionais e estranxeiras, daría a coñecer ao mundo a nosa

descoñecida rexión e o traballo da intelectualidade galega, de escritores e artistas, e recollería o movemento intelectual universal, todo iso a través da nosa lingua. Unha *Biblioteca Galega* reuniría os escritos de autoras e autores galegos e de quen coa rexión galaica se relacionase, por un ou outro concepto, e a carón da Biblioteca, non estaría el moi ben un *Museo galego*?

Para quen non advirta que hai cousas que non se fan en por si, senón que requiren da máis decidida intervención humana, serán rematadamente utópicos estes ideais. Tamén o eran en Cataluña hai poucos anos, mais o esforzo entusiasta e teimudo dunhas cantas persoas, dotadas de arraigadas conviccións e firme vontade, converteunos en marabillosas e frutíferas realidades. Ofréceselle aquí un vasto campo á Real Academia Galega para ensaiar as súas iniciativas e encetar un labor sen dúbida ben máis proveitoso e urxente que o de describir unha gramática e un dicionario galegos.

Nesta grande obra de reivindicación da nosa gloriosa lingua, o esforzo particular das persoas e entidades (corporacións científicas, literarias, artísticas, económicas, de lecer etc.) é, hoxe por hoxe, o único en que cabe confiar algo. Dos órganos oficiais da nosa administración local e provincial, que tanto puideran facer (o celebrado *Institut d'Estudis Catalans* é obra da Deputación de Barcelona), non esperemos máis que atrancos mentres funcionen con tan estreita dependencia respecto dos organismos centrais e en tanto non os vexamos comandados por persoas cultas, serias, alleas ao repugnante oficio desta política rastreira, innobre e dotadas de clara conciencia do valor total dos intereses morais dos pobos.

Cando se tratar dos intereses xerais de Galiza, non se pode evitar a lembranza das xeracións de emigrantes en terras do Novo Mundo, lembranza á que van sempre vinculados un sentimento de gratitude e un sentimento de esperanza. Apenas se pode citar, nestes últimos tempos, ningunha empresa beneficiosa para a rexión que non fose encetada ou patrocinada polas abondosas e entusiastas colonias galegas de Hispanoamérica, que ofrecen modelos de asociación florecente e vizosa e nas cales todas as nosas clases sociais teñen numerosa representación. En todo o que acometen imprimen o selo dun patriotismo vehemente, impetuoso, que non hai que atribuír só ás condicións da ánima galega mais tamén a circunstancias político-sociais, propias de certos países americanos de inmigración. Na actualidade o ridículo e lamentábel espectáculo que os nosos flamantes indianos^x dan, cando finxen ter esquecido a lingua da súa aldea, constitúe un claro sinal de que, en realidade, esta lingua non está por aló mellor atendida que por aquí, malia os centros galegos, as festas galegas, os

x Nota da tr.: no texto orixinal figura entre aspas “habaneros” no sentido de persoa que volve rica de América (diccionario RAE), para traducila recorreremos á figura do indiano, de longa tradición no imaxinario popular e na literatura galega.

calendarios galegos ou o título galego de tal ou cal revista. Mais o día en que aquel sentimento patriótico se poña ao servizo de causa tan nobre e xusta, a empresa da rehabilitación do noso idioma terá nel un apoio eficazísimo.

A pouco que se matine niso, o problema do abandono e desuso da nosa lingua aparece intimamente vinculado con outros moitos relativos á vida da rexión e, nese sentido, salientamos de modo especial a cultura, tanto que non é aventurado supoñer que o noso estado de incultura sexa unha das principais causas do esquecemento e do menosprezo no que temos o que deberamos ter na máis alta estima. Se os estraños escarnecen a nosa lingua non é senón porque maxinan a Galiza ancorada nun estado de grande inferioridade cultural. Se nós non a usamos ou a usamos con tímido receo e covardes limitacións é sen dúbida porque ignoramos a importancia de conservar e de elevar os atributos peculiares da personalidade rexional (e isto si que constituiría unha boa mostra de cultura). E ignoramos tamén a parte esencialísima que na súa formación, desenvolvemento e manifestacións lle corresponde á lingua en tanto que instrumento para previr (no extremo da abdicación e da indignidade) que se nos teña por elementos individuais dun pobo ao que se lle atribúe sona de atrasado e de beocio. Traballemos por elevar o nivel cultural do pobo e o que agora se toma por signo de rudeza e atraso cambiárase en sinal de avance e de cultura: non é outro o camiño por onde as linguas rexionais chegan a ser linguas nacionais e os idiomas acadan preponderancia internacional.

* * *

É evidente que un maior uso, un cultivo máis asiduo da nosa lingua sería incompatíbel coa nosa actual extremada devoción por quen naceu na terra que tanto aborreceu a gran Rosalía^{XI}. Non imitemos, con todo, á incomparábel lírica, non volvamos mal por mal, que non se rompa por culpa nosa a harmonía interrexional de España. Admiremos, en boa hora, Castela, cuxo forte e magnánimo pobo exerceu durante séculos dignamente a hexemonía ibérica. Admiremos a rica e sonora lingua castelá e a excelsa literatura que a consagra e que a inmortalizará. Mais fagámonos tamén cargo de que España non é só Castela nin o idioma castelán é o único idioma español cuxa conservación e cuxo engrandecemento importan á nación, senón que o que lle importa á nación é a persistencia da súa rica variedade idiomática. De se estimar que unha nación con diversidade de linguas (como a nosa) non debe ter, porén, máis que un idioma oficial. Cómpre preguntarse: vaise considerar esta variedade contraria ao interese nacional? Ten que se lle conferir incondicionalmente a unha desas linguas o beneficio a perpetuidade da condición de oficial? Háselles negar

XI Nota da tr.: deducimos que se refire aos casteláns. No poema “Castellanos de Castilla” (*Cantares Gallegos*, 1863) a autora repite varias veces “castellanos que aborrezco”, polo demais, a oposición desta coa nosa terra revélase nos, por exemplo, no seguinte fragmento: “Que Castilla e Castellanos, / Todos nun montón, a eito, / Non valen o que un-ha herbiña / D’estes nosos campos frescos”.

aos demais idiomas en uso en parte do territorio da nación o dereito a loitar pola conquista deste privilexio exclusivo, unha vez chegados a certo superior grao de evolución e madureza? Se reparamos un pouco en tales inconvenientes, acaso nos pareza que tamén teñen as súas vantaxes o recoñecemento do carácter de oficial a máis dunha das linguas usadas nunha nacionalidade dada.

Tomemos exemplo do pobo catalán que tanto de bo ofrece para imitar neste e noutros asuntos.

Cataluña comezou a lembrar o glorioso pasado e a se preocupar do porvir da súa lingua pouco máis ou menos cando Galiza iniciaba o rexurdimento da súa literatura. Certo é que o pobo catalán non deixara caer nunca no esquecemento a súa tradición até o vergoñento estado ao que Galiza chegou no abandono da súa. Tamén é certo que o idioma de Castela nunca tivo aló tan cordial acollida como entre nós, do que resulta que a restauración da lingua catalá había de ser empresa ben menos difícil que restaurar a galega. Así e todo, o froito que recolleu Cataluña neste aspecto contrasta vivamente coa esterilidade do noso labor no mesmo período temporal. Nós vímonos limitando a cultivar a poesía lírica, con boa fortuna, certamente, mais sen conseguir que o pobo coñeza a obra dos seus vates, sen que se interese por ela e a secunde, sen impedir que siga cegamente namorado do castelán e anoxado do galego. En nada nos compracemos tanto como en facer ver que, malia a nosa galegitude de galegos, temos por lingua de uso habitual a castelá. Na rexión e fóra dela, en público e en privado, sérvense da súa os cataláns en todos os actos da súa vida independentes do Estado central.

O seu labor cultural, sumamente intenso, ten por instrumento a súa lingua propia; nela cultívanse, co consabido éxito, todos os xéneros literarios e toda clase de disciplinas científicas. Na actualidade conseguiron internacionalizala, acadaron para ela un posto entre as linguas nacionais europeas e mediante ela comunícanse co mundo culto. Nada lle falta á lingua catalá para unha vida florecente e próspera: multitude de xente que a fala con amor, persoeiros literarios que a pulen e a exornan, douts persoas que científicamente a estudan. Velaí, pois, unha rexión que lonxe de estimar incompatíbeis a súa lingua e o seu progreso, fixo dela un instrumento e condición do outro, que traballa polo seu avance e pola súa autonomía con base nunha coidadosa e case idolátrica conservación decontino e cun esmerado cultivo do seu idioma. Unha rexión na cal se estima que é indicio de inferioridade dun pobo non poder recibir o movemento intelectual universal, nin contribuír ao progreso da humanidade senón é por medio da súa lingua propia. Esta rexión é a máis próspera, a máis progresiva, a de máis acusada e consciente personalidade das rexións que integran a nación española. Así pois, imprégnese Galiza dos sentimentos entusiastas e apaixonados verbo da súa lingua dos que Cataluña reborda no referido á súa.

O afouto movemento rexionalista nesta culta e laboriosa rexión vaise espallando ás máis, comeza a ser o eixo de rotación de toda a política interior de España e logo dará sazonados froitos. Se, ficando no seu desleixo e pasividade habituais, Galiza non se incorporase decididamente a este movemento que, despois de ser tachado de doutrina antipatriótica, se presenta agora como redentora esperanza, amosaría indigna e indecorosamente non estar preparada para vivir unha vida moderna e autónoma, nin merecer participar dos seus inapreciables beneficios. Afirmar e fortalecer o espírito rexional e a nosa personalidade consciente debe ser materia do noso máximo interese. Agora ben, a nosa marcha neste labor de reconstitución espiritual, obra de verdadeiro e nobre patriotismo, poderase medir polo uso que fagamos da lingua propia e pola asiduidade e o coidado con que a cultivemos.

As fermosas ideas que a seguir se copian proveñen dun fondo e exquisito discurso^{XII} que pronunciou no Ateneo de Barcelona o gran Maragall inspirado polo místico fervor en louvanza da palabra. Estas ideas conteñen un argumento filosófico a prol da tese que se defende neste superficial traballo e unha advertencia para aqueles obcecados espíritos que, faltos do máis elemental concepto da relatividade e da evolución, condenan as linguas rexionais por lles pareceren incompatíbeis coa estabilidade da forma de organización político-administrativa á que chegamos, que xulgan perfecta e definitiva (como se algunha houber que o fose) e á cal subordinan e sacrifican calquera outro interese social.

“Que quere dicir linguaxe universal senón expresión e comunicación da alma universal? E se a alma universal é a amorosa beleza que transpira por toda a creación e que en cada terra fala por boca das persoas que a propia terra creou no seu amoroso esforzo, a única expresión universal será, pois, aquela tan variada como a variedade mesma das terras e as súas xentes... Cada terra imprime nas máis substanciais palabras dos seus falantes un sentido sentimental que non hai dicionario que o explique nin gramática que o aprenda... Eis, pois, como ao predicar a exaltación das linguas populares, non predicamos outra cousa que o puro imperio do verbo creador, a infinita conversión da terra no ceo, que é a máis fonda arela do verdadeiro progreso humano. E así, cando a nosa tese sexa tachada de rebelde, estéril ou regresiva, poderemos sorrirlles aos nosos inimigos con acougante firmeza e seguirmos avante predicando a lei do verbo, que é a lei do mundo. Porque sendo o mundo creado polo verbo, quen será senón o verbo quen nos dirixa cara ao ceo? E se o verbo que enche a creación e que se manifesta na terra pola palabra do ser humano, isto é, pola sublime expresión de cada terra, daquela, que outra distribución das terras pode desexarse, senón a sinalada pola vida espontánea das linguas?... Teñamos ben presente que non somos individuos sublevados levando unha bandeira

XII Nota da tr.: en tanto que discurso que supomos oral e en catalán, traducimos ao galego as palabras de Maragall mesmo se figuran no orixinal entre aspas.

contra outra bandeira, senón apóstolos inflamados na luz divinal, que avanzaremos para esclarecer as tebras co lume no que nos consumimos. A nosa causa non é só a dunha nacionalidade, non é un preito de Estados ou unha lea de familias, senón un ideal humano arraigado no amor divino que anima fermosamente o mundo”.

Por fortuna, nas altas e maxestáticas montañas e nos amenos e delicados vales de Suevia, percíbese aínda, como trazo sobrevivente dunha personalidade definida e vizosa, o eco dunha lingua, baril e robusta coma o carballo da montaña, dúctil e tenra coma o salgueiro do val. Mentres ese grato eco non se extinga, cabe a consoladora esperanza de que a fala galega recobre antigos esplendores e sexa principio e fundamento da rexeneración rexional. Saudémola co poeta, animados por un confortante optimismo:

Língua dina de tal xente,
Língua dina de tal raza,
Que non morre en tanto teña,
No seo d’a sua terra brava,
O niño feito con seixos
d’ista montaña.

Lugo, 28 de outubro de 1912.

Achegas á tradución ao galego de *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* por M.G.B.

Iolanda Galanes Santos

Departamento de Tradución e Lingüística. Universidade de Vigo

O documento *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* foi publicado en Lugo na imprenta El norte de Galicia en 1912. Trátase dun documento escrito no español da época, a súa tradución lévanos a reflexionar e, no posíbel, xustificar a versión galega o que pasa por contextualizar o texto de orixe e o texto meta.

A función do texto orixinal é presentar as ideas da época sobre a lingua galega. Nel realízase unha diagnose detallada das causas do seu abandono e propóñense algunhas medidas de defensa para tentar mudar a súa adversa situación. Porén, estamos ante un texto escrito en español, o que foi e é causa de contradición ou “inconsecuencia” como o propio autor sinala na nota 7 do orixinal e que só resulta quizais explicábel de ollarmos o contexto de produción do texto orixinal (vid. p.e. a nota 8 ou as alusións á RAG da época). Encádrase no “segundo rexionalismo” ou “rexionalismo tardío” (Fernández Salgado 2000:288) no que a defensa da lingua non é incompatíbel con que esta se faga en español.

Antes de encetar a nosa tarefa de xerar unha versión galega procuramos traducións anteriores que nos servisen de referencia. Sabemos que existen dous fragmentos en galego publicados no xornal *A Nosa Terra* en 1917, cuxa autoría descoñecemos, aínda que provenientes do primeiro nacionalismo. Fernández Salgado (2000: 291e ss.) analiza unha das traducións e afirma que o anónimo tradutor/a adopta unha perspectiva ideolóxica nacionalista diverxente da intención inicial do autor, que era rexionalista. Tamén sabemos que estas traducións seriadas ían ter continuidade no xornal até acadar a versión galega íntegra, o que non chegou a materializarse, quer por non concordar co ideario da época ou do xornal, quer pola “inconsecuencia” apuntada. En todo caso, mesmo se estas traducións fragmentarias non tiñan cabida na nosa versión por motivos puramente formais, fixéronnos pensar na conveniencia de adaptar ou non a nosa versión galega ao momento en que esta tradución se publica.

O opúsculo tivo (e ten) unha circulación limitada. É agora no centenario da súa edición cando para difundilo cremos necesaria unha tradución. Esta non quere traizoar o espírito do orixinal pero precisa, ao noso ver, dalgunhas adaptacións que conecten co público meta cen anos despois. Xorden así, varios problemas: cal será a

estratexia máis acaída? precisa dunha adaptación total ao contexto actual? Até onde podemos ir na adaptación? etc. Abordamos a seguir as nosas (discutíbeis) decisións tradutolóxicas.

Partimos dun orixinal español publicado hai cen anos, nunha lingua que, se na ortografía e sintaxe non é incorrecta, presenta un estilo inzado de circunloquios, requintamentos, paráfrases e eufemismos que decidimos simplificar para poder achegarnos ao texto de mellor maneira e, asemade, para mellorar a súa lexibilidade.

Así pois, procuramos debullar o texto, revisando parágrafo a parágrafo orixinal e tradución. Mantemos a estrutura por entendermos que a división en partes, apartados e parágrafos responde á estrutura informativa, isto é, a un esquema de redacción previo do autor. Se diseccionamos a estrutura comprobamos que no título figuran as palabras clave, decadencia e rehabilitación, que son os eixes en torno aos que se organizan as dúas partes de que consta. Polo demais, aínda que algúns contidos resulten repetitivos decidimos mantelos pois ben podía este texto ser a transcripción escrita dun coidado discurso paraacadémico. Ademais, estas repeticións fanse por veces necesarias para nos lembrar de que se está a tratar ou ben para reforzar as principais teses do documento.

Agora ben, no interior de cada parágrafo operamos importantes transformacións que se reflicten nomeadamente na puntuación do texto traducido. Moitos dos innumerábeis punto e coma do orixinal substituíronse por puntos, que nos permiten salientar as ideas vertidas entre eles, mesmo se en ocasións nos esixiu identificar e repetir o antecedente para fiar un discurso menos confuso. Engadimos conxuncións copulativas no canto das orixinais comas para fechar as longas enumeracións do orixinal. Mais ao tempo tampouco quixemos traizoar en exceso o espírito do texto, polo que mantemos a complexidade das oracións fuxindo dun estilo telegráfico.

Decidimos tamén renumerar as notas do texto orixinal, de xeito que na tradución figuran con numeración consecutiva e non se renumeran ao inicio dunha nova páxina. A carón destas chamadas figuran as notas da tradutora que xustifican as equivalencias e adaptacións ou achegan informacións que poden contribuír á comprensión do texto. Unhas e outras referencias figuran mesturadas e distínguense no sistema de notación. As do orixinal seguen a enumeración con arábigos, mentres que as da tradutora se indican en números romanos seguidos da mención Nota da tradutora ou Nota da tr.

Outra das importantes modificacións que introducimos refírese á utilización dunha linguaxe inclusiva. O androcentrismo está moi presente no orixinal tanto na forma coma no contido, por iso nos pareceu adecuado, sempre que foi posíbel, amortecelo no plano formal en favor de expresións menos marcadas nas que os supostos masculinos xenéricos foron sendo substituídos por expresións neutras. Así, actuamos no plano

formal con adaptacións que converten os *eruditos* en *doutas persoas*, ao lector en *quen isto está a ler* ou en *baril* aquilo que no orixinal era *viril*. Con todo, o androcentrismo persiste no plano dos contidos en expresións tan afectadas como “o belo sexo” en referencia ás mulleres, o “pai de familia” e os seus fillos ou na idea de que só o pai educa nunha lingua que non é a propia, fronte á lingua en que os aloumiñou a súa nai. Somos conscientes de que a posición/consideración da muller nesa altura difire moito da actual e de que unha escrita plenamente igualitaria desvirtuaría o orixinal, o que resultaría extemporáneo. Agardamos que a nosa intervención no plano formal non se perciba como unha traizón ao documento orixinal.

Non adaptamos, en cambio, á situación actual as referencias ás divisións territoriais. Temos claro que na tradución no canto do termo *rexión* ben puideran figurar *nación* ou *comunidade nacional* e, á súa vez, no canto de *nación*, referida á española, podería utilizarse o termo *Estado*. Agora ben, se analizamos o contexto en que este documento se escribe, no que o rexionalismo daba os seus últimos pasos, non parece adecuado falsear o texto remitíndoo a unha posición política e intelectual, o nacionalismo, daquela aínda non formalizada no plano discursivo. Só o termo *comarca* resultou extemporáneo e, polo tanto, substituído por *terra*, unha vez que se comprobou a existencia dunha acepción marcada en español como arcaísmo (diccionario RAE) no sentido que hoxe sería equivalente ao conxunto da comunidade. Mantemos en cambio *indíxena* referida á nosa lingua, de acordo coa visión etnicista da época e coa acepción que del se recolle no diccionario da RAG.

Por esta mesma razón, respectamos a consideración que o autor expresa no referido ás linguas. Se na actualidade puideramos adoptar o termo *español* para nos referir á lingua castelá, como se vén facendo na nomenclatura académica tradutolóxica, a consideración que o autor ten de que no Estado existen varias linguas españolas condiciona a nosa decisión no sentido de mantermos Castela e lingua castelá, en contraposición á nosa terra/Galiza e galego. En liña con esta estratexia, tampouco modificamos a referencia á *Universidade central*, entendida esta como española, que o autor contrapón a outros adxectivos para designar o noso, como por exemplo, cando escribe *Administración local e provincial*.

Maior reflexión nos esixiu resolver a variación terminolóxica que o texto presenta na designación da lingua. Xunto a *lingua* figura *dialecto* en todo o texto, variación que o autor xustifica (vid. nota 2) para expoñer que o uso dunha ou doutra depende da perspectiva. A súa distinción pivota sobre a oficialidade que define as linguas fronte aos dialectos que non o son. Sendo así, ambos os termos poderían ser aplicados ao galego, o segundo por non ser oficial e o primeiro por ser a lingua dun pobo. A equiparación, neste caso, de pobo e nación deixa, quizais, albiscar o estadio prenacionalista en que se xerou a obra. Na nosa tradución mantemos unha ou outra segundo o texto orixinal, se ben, *dialecto* é unha denominación minoritaria

que aparece, polo xeral, cando se fai algunha referencia negativa á minorización da lingua. Tamén se utilizan outros termos como *fala* ou *linguaxe* que esixiron un esforzo maior. O noso criterio foi manter *fala* naqueles casos en que se alude á expresión oral ou á minorización. De feito e nesa liña é moi sintomático que presente unha alta frecuencia o sintagma *fala rexional*. Desbotamos en cambio *linguaxe* a prol da denominación *lingua* para todos aqueles contextos en que se refire ao idioma, de acordo coa definición de *linguaxe* que nos ofrece a máis actual edición do dicionario da RAG. Por último, reparamos sobre outra das variantes que designan o idioma que neste documento non pode ser máis que pioneira, referímonos á denominación de *lingua propia* que na actualidade se aplica tamén ao galego, mais agora cun valor xurídico recoñecido en virtude do art. 1 do Estatuto de autonomía de 1981.

A estes criterios responden as modificacións ou o mantemento de voces que non terían cabida nun texto de hoxe en día. Mais nunha obra como a que tratamos, cuxo contido se nos revela en moitos aspectos desgrazadamente de plena actualidade, consideramos acaído reproducir o marco en que se creou, aínda que só for para nos mover á reflexión sobre o camiño andado neste século.

Referencias bibliográficas

A Nosa Terra núm. 12 [10.03.1917]

A Nosa Terra núm. 17 [30.04.1917]

Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega*. Anexo 47 de *Verba, Anuario Galego de Filoloxía* (Santiago de Compostela: Servizo de Publicación da Universidade de Santiago de Compostela).

Real Academia Española (2001): *Diccionario de la lengua española* (Madrid: Espasa Calpe), 22ª edición. Dispoñíbel en: <http://www.rae.es/rae.html> [Última consulta: 28.06.2012].

Real Academia Galega (2012): *Diccionario Real Academia Galega* (A Coruña: Real Academia Galega). Dispoñíbel en: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do> [Última consulta: 28.06.2012].

Manuel García Blanco, heraldo das Irmandades da Fala

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

A ideación normalizadora rompe augas...

O que primeiro chama a atención do opúsculo de Manuel García Blanco (MGB) é a data –hai agora xusto cen anos– en que foi publicado. Semella a chamada de atención necesaria para deixar atrás o cultivo epigonal do galego e poñer o acento, modernamente, nas necesidades reais de normalización que acertarían a concretar, poucos anos despois, os fundadores das Irmandades da Fala. É evidente, en segundo lugar, que o autor –como el propio recoñece– non concreta a potencia en acto, isto é, non leva á práctica –escreber en galego un texto en prosa e con carácter formal– o que el mesmo postula como indispensábel para arrincar a lingua galega das poutas do autodesprezo, do desprestixio e da falta de uso público e social. Non é de estrañar, de por parte.

Por moito que supoña unha grande comodidade didáctica (ou, aínda peor, o tributo ao pensamento cómodo e rotineiro), as grandes mudanzas, os cambios inclusive revolucionarios, non se xestan nun estourido, ao xeito dun foguete imprevisto ou dun lóstrego inusitado. Teñen a súa xerminación, a súa incubación –lenta, a maior parte das veces–, os seus pasos, a súa evolución. Ollemos retrospectivamente para o XIX. Só Rosalía de Castro acada a *explosionar* a lingua galega nun *big bang* de extraordinaria transcendencia: no verso multifuncional e polixenérico; na poesía e na prosa dos seus ensaios (prólogos); na ruptura de calquer (auto)limitación obxectiva ou subxectiva. Con ela, en feito, a lingua galega demostra e certifica a súa validez para calquer tema, para calquer asunto do repertorio, para toda combinación estrófico–métrica, para elevar, en suma, a lingua do pobo aos máis altos cumes de expresión e para lle devolver a ese mesmo pobo a súa lingua transformada e ampliada en múltiples rexistos e modos creativos. Mais nen sequer ela partiu do nada. Existía xa unha atmosfera filogalega, un incipiente cultivo, aquí e alá, da lingua galega como lingua literaria, unha tentativa de romper tanta afasia histórica, tanta suplantación pola lingua oficial do Estado. Só que ela creou, de vez, as bases para toda unha literatura ficar inaugurada e para o ser cun selo de calidade a proba de toda esixencia, como así o recoñeceron os seus contemporáneos e seguidores.

Que esta ruptura non se vise acompañada dos mesmos froitos en prosa e no uso público é unha evidencia. Desde os primeiros poemas de Eduardo Pondal, aínda tardaremos en ler unha súa carta escrita en galego. Toda unha vida dedicada á dignificación da

Galiza e á construción da súa historia nacional, como a que define Murguía, non vai coñecer o uso do galego nun acto público (os Xogos Florais de Tui, 1891) até os anos finais do XIX. A formación-traballo de Curros en Madrid e a súa emigración-exilio en Cuba lévao, loxicamente, a que a súa obra se verta nos dous idiomas, galego e español. Sobre Lamas falaremos máis adiante, polo que obvios agora a súa mención. Digamos só que non nos decatamos ben de até que ponto todos os patróns da *normalidade* imposta (no duplo sentido: como norma e como habitualidade) operaban daquela (e hoxe!) de forma rotunda a prol do español, non como escolla posíbel, senón como lingua social e pública indiscutíbel. Pola mesma, non valoramos aínda en todo o que merece a ruptura deste paradigma que se conceptuaba inmóbil e inmutábel. O galego, para todas as institucións, era ponto menos que *patois*, fala atrasada que o pobo, na súa ignorancia conxénita, aínda non dera arrincado de si: signo da pobreza, do atraso, da incultura, da falta de educación... Até aquí chegara o dominio inflixido sobre a Galiza, coa súa terrible secuela de autoodio e clasismo en pleno rendemento: a lingua como divisoria, como muro infranqueábel entre pobo e clases medias e altas, entre funcionarios civís, militares e eclesiásticos tanto estranxeiros como nativos (xa domeados, xa capataces). En resumo, significou unha fazaña hercúlea (mellor dito, de cariatides) que cómpre valorar en toda a súa medida.

Maybe si pertenza ao *fado* histórico que haxan de pasar varias xeracións para que un segundo e fulgurante lampo de luz veña alumar de forma novidosa e á altura dos tempos a lóxica dunha restauración, a continuación dun proceso iniciado na literatura, como campo posíbel, mais que non esgotaba nela as súas virtualidades nen cancelaba nela as necesidades de normalización da lingua que abría. Tal se pasou na historia da Galiza ao menos.

Coidamos que este pano de fondo explica as posicións de MGB, tanto no *vello* como no *novo*. É un produto preclaro da transición, da crise do epigonismo decimonónico e, ao tempo, do albor que supón, en 1916, a creación das “Irmandades de Amigos da Fala Gallega”. Na recuperación do xentilicio orixinal, xenuíno, atoparemos tamén un bon símbolo do tempo que custou a reapropiación, a asunción dun novo paradigma de normalidade que cumpría instaurar. Con efecto, “gallego” e as súas variantes perdura, ben entrado o século XX, no primeiro Cabanillas, na primeira nomenclatura das Irmandades, n’*A Nosa Terra* refundada en 1916 (como boletín decenal, “Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’ América e Portugal”), até que, en 1917, fai entrada xa o nome auténtico, galego, como identificador irrenunciábel. Mais non será este, como veremos, o único signo epocal que marca a prosa do noso autor. Toda a carga de denuncia das consecuencias do autoodio clama, asemade, pola implantación de vez dun novo paradigma, o que bastantes anos despois se deu en chamar normalización de usos da lingua galega e que nel atopa un firme defensor *avant la lettre*, o que non deixa de ratificarnos na idea –desenvolvida noutros traballos– de que existe unha sociolingüística galega moi anterior á academicamente

considerada tal, por certo, como case todo, serodía a respeito da levada a termo e tamén da exposta e divulgada en ámbitos extra-académicos, léase nacionalismo galego socialmente actuante e con vocación de difusión maioritaria.

Por isto, cualificamos como heraldo dos novos tempos, da inauguración do século XX histórico, este traballo de MGB, modestamente publicado na imprensa de *El Norte de Galicia*, en Lugo, cidade onde viveu e traballou a maior parte da súa vida (Pambre, 1882-Lugo, 1974).

Os antecedentes

O noso autor encabeza o seu traballo con senllas citas de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez, ambas, como se ve, moi a tergo co contido daquel. A primeira é corroborante da súa tese central. A segunda expresa un *desideratum* dolorido (a lingua galega non pode morrer) do poeta que abre introducir a súa estrea na literatura galega (*Aires da miña terra*, 1880) co poema, “Introducción”, a que pertencen os versos reproducidos por García Blanco. Non por casualidade, claro está. Este poema-adro de Curros desenvolve, en perfecta simetría trinaría, a “tese” e a “antítese”, sendo a “síntese” a propia lingua galega. As dez primeiras estrofas encerran o alegato pro-lingua universal que o propio autor –cal advogado do diabo– expón, seguindo o manual ideolóxico do progreso universal, da irmandade de todos os homes do mundo e, nesta lóxica, da existencia futura dunha única lingua que selase esta igualdade radical. A undécima, a chavella entre as outras dúas partes (10+1+10), vai nomear a causa do litixio, a lingua galega, porque ela, “compendio dos idiomas”, vai ser esa lingua unitiva (versos que citará tamén MGB). As dez últimas estrofas constituirán un afervorado canto apoloxético da lingua, dotada de fortes recursos lexitimadores: é a fala familiar e dos antepasados; a que se usa nos momentos máis íntimos e comprometidos; mais é tamén a lingua de vultos históricos e dun Olimpo actual que xa ten figuras como Francisco Añón ou Rosalía de Castro. No seu final, o poema camiña decididamente por unha verba cristolóxica, ao invocar a lingua galega como “Cristo das linguas”, crucificada, por tanto, mais, ao igual que o Nazareno, suxeito de resurrección. Na mesma liña, o autor declárase “apóstol teu” e predicador do seu “Evanxelio” que propagará por terras e mares, para falar da patria aos desterrados, “de liberdade e redención ós servos”, con vehemencia tal que se amosa disposto a morrer por esta causa, cal os mártires do primitivo cristianismo.

Non podemos saber, en troca, se MGB coñecería o poema “Na tumba de Rosalía” que o mesmo autor celanovés escribciu co gallo da súa visita ao panteón onde, desde 1891, pousaban os restos mortais da súa grande e admirada amiga. Tal poema –como exhumou modernamente Francisco Rodríguez– data de 1904 e, reproducido nunha tarxeta postal, xunto coa fotografía do autor no acto da súa oferenda floral na tumba de Rosalía, foi

distribuído profusamente nos multitudinarios actos de recepción dos restos mortais do poeta, trasladados desde Cuba á Coruña, en Abril de 1908. Que este poema –para o estudioso citado, un dos mellores de toda a literatura galega, opinión que compartimos– non chegase ás mans de MGB non tería nada de estraño, coñecidas as condicións ventureiras de (re)producción da literatura galega e as dificultades grandes de intercomunicación intragalega, de lugar a lugar, de cidade a cidade, sempre coa inestimábel axuda, claro está, da aparataxe mediático-oficial. Traemos a mantenta este poema aquí, porque el tamén contén unha irada denuncia da indiferenza-hostilidade para coa sorte da patria e a causa da súa cultura que se respiraba, en dolorosa soidade, naqueles primeiros anos do século XX, tan tributarios aínda da vaga de re-españolización derivada do '98 e o seu desenlace. Paga a pena reproducirmos tres das súas oito estrofes:

*Tanto do noso tempo a xente esquiv
as patrias grorias burla i escarnece:
¡Xeneración de mánceres cativa
que hastra o pai que a enxendrara desconece!*

*Que hoxe é pecado lembrar fazañas
porque impotentes pra as facer nacemos
e cecais que gabar grorias estrañas
nos console das propias que perdemos.*

*O valor; o carácter; as ideas,
Fala, costumes... son “lendas douradas”
¿De que coñr serán ¡ai! as alleas
que nos fan ler a couces e pancadas?*

Deste viveiro –coñecese ou non o poema– se alimenta en grande parte a argumentación do noso autor. Se procurarmos un antecedente moito máis distante no tempo, acudiremos sen dúbida a Xoán Manuel Pintos, o xurista pontevedrés, entusiasta apoloxeta da lingua galega e igualmente debelador dos nativos capataces dos amos estranxeiros. No soneto que comeza “Ou Galicia, Galicia boi de palla”, despois de, nos cuartetos, caracterizar con fortes imaxes expresionistas o espolio, a explotación inclemente da nación, increpa, nos tercetos:

*Agarima alleeira eses ingratos
ou víboras que postas ó teu peito
co ferrete che rompen mil buratos!*

*Si o sangue teu refugas do teu leito
malas novas madrasta de insensatos
dos fillos teus ò amor non tès dereito.*

De tan cedo (*A gaita gallega*, 1853) data a denuncia rotunda e dolorida do *colaboracionismo* e da alienación extrema. Non por casualidade. Desde os Precursores (na terminoloxía actual, non na murguiana) ou pre-rosalianistas até as máximas figuras do Primeiro Renacemento, está moi presente esta variábel fundamental do conflito lingüístico, como do conflito nacional no seu conxunto: toda a fenomenoloxía sociocultural que caracteriza aquela fase do mesmo en que o dominio se acomoda na sociedade que o padece, internalizándose como un conflito social e espacial: clases altas, adiñeiradas, intermediarias dos poderes do Estado / clases traballadoras, pobo; aldea / vila, cidade, coas “clases medias” maioritariamente miméticas das superiores, desertoras, xa que logo, das súas orixes e patrimonio e só nunha minoría decididas a, lingua mediante, selaren a súa alianza patriótico-política co pobo. Pouco importa, neste contexto, que a inmensa maioría social-territorial da nación sexa xente do traballo, do campo-mar na altura, e residente tamén esta maioría en núcleos rurais e semivilegos. Pouco importa que as consideradas cidades estivesen rodeadas de campo-mar por toda a parte. O caso é que todos os focos emisores e perpetuadores de poder, prestixio, desprezo-represión do galego, son cualitativamente moi superiores en capacidade e influencia.

É esta, como se sabe, unha etapa decisiva na evolución dun conflito lingüístico, porque é nela onde se fraguan e asentan preconceitos profundos sobre a lingua galega e os seus utentes. En primeiro lugar, créase a percepción de o galego ser un conflito non provocado por unha instancia exterior e superior á propia Galiza, senón debido aos propios galegos, nunha división social acompañada da correspondente distribución lingüística dual: arriba / abaixo; vila-cidade / aldea = español / galego. Coñecido o dinamismo ínsito a toda existencia diglósica, non sorprenderá que a asimilación obre por osmose, non se deteña estaticamente, senón que impregne a cada paso máis capas sociais, pobo incluído, coa emigración como coadxuvante formidábel deste proceso de substitución do galego orixinario polo español desexado e imitado. Tal fenómeno xa foi advertido pioneiramente por Rosalía de Castro, por exemplo, no conto-ensaio “El cadiceño”, publicado precisamente en Lugo (*Almanaque Soto Freire*) en 1866. Os dous emigrantes retornados de Cádiz que o protagonizan finxen descoñecer o seu lugar de orixe, falan un castrapo horroroso (“Pro que neturalmente, dendes que salín da terra, nunca puden volver a la fala, ¡de verdad!”) e desprezan as xentes con quen se encontran, porque, segundo eles, voltan ricos e prósperos, por máis que os cartos non aparezan por nengures. Pergúntase a autora “¿Cómo, pues, pueden tener en tanto al forastero y en tan poco a sí mismos?” (a xenoestima, correlato exacto do autoodio). Rosalía de Castro pon, efectivamente, o dedo na ferida: a brutal asimilación e autodesprezo que provoca a emigración, sentida e executada como destino fatal, que afunde aínda máis o complexo de inferioridade e supón reforzo de españolización nunha sociedade xa dabondo agredida pola lingua oficial do Estado. A escritora, que considera o tema “de alguna trascendencia para el país” estima preciso volver sobre el, cousa que fará tanxencialmente no ensaio “Las literatas. Carta a Eduarda”, publicado no mesmo número do *Almanaque* de 1866.

Sirva esta esquemática recordación para situarmos o traballo de MGB no ronsel dunha diacronía galega que advirte das funestas consecuencias psicosociais do proceso de alienación en marcha. Del falará abondosamente o noso autor.

MGB, notario veraz da sincronía lingüística a comezos do XX

MGB levanta acta, efectivamente, do estado de cousas nesta materia, nun microcosmos social como o da cidade de Lugo, metonimia, claro está, da Galiza toda. Mais o seu traballo non se limita a un conxunto de notas impresionistas, senón que responde a un plan coidadosamente organizado. Tentemos resumilo:

1. Comeza polo feito causal de maior relevo: a xenofobia española proxectada sobre a Galiza, ao punto de o nome “gallego” ser sinónimo de “tosco y vil”. A gravidade do dicterio racista medra exponencialmente, pois recai nun pobo que non só non o rexeita senón que o admite e aplaude compracido. “Galicia no se estudia ni se conoce a sí misma, carece de conciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, para afirmarlo, hacerlo prevalecer, de lo que contiene de malo, para corregirlo”. Como se ve, o xuízo negativo, o estereotipo de fábrica española, callou fondamente no destinatario: “gallego” é obxecto de repudio só por selo. De aquí deriva a simulación, os esforzos desesperados por **aparentar** o que non se é, sendo a castelanización da fala o instrumento máis eficaz e rápido. Por tanto, o combate de tal carga de menosprezo debe comezar e finalizar polo signo principal da identidade galega, a súa lingua.
2. A lingua galega (“dialecto” ou “habla”, na terminoloxía epocal, ao non ser lingua oficial, non no sentido de sub-lingua) ten un pasado glorioso como vehículo privilexiado da lírica en toda a Península. A súa decadencia está vinculada directamente a un proceso político: “el sistema político, centralista y unitario que luego después [século XV] se entronizó en Castilla no podía tolerar ninguna diversidad idiomática en la nación”. Desta derrota deriva e este dominio explica a ruína que, segundo o autor, padece a lingua, sobre todo nas áreas urbanas, onde non só padece a exclusión do uso público senón o estigma de se ver expulsada de calquer uso social homologado.
3. Toca aquí MGB un aspecto fundamental da complexa rede de consecuencias psicosociais que a represión do galego trouxo consigo: a súa redución a un acto inadmisíbel de má educación, semellante –engadimos nós– a botar un esgarro fóra de lugar, proferir palabróns nunha oratoria formal ou comer coas mans nun banquete de alto *standing*. Unha inconveniencia maiúscula que abondaría para quen ousase protagonizala verse expulso *ipso facto* da sociedade visíbel. Anota MGB a, segundo el, maior vulnerabilidade do sexo feminino no tocante á substitución da lingua, que, tanto na clase media como na popular mimética, fai estragos e che-

ga a extremos de ridiculez maiúscula. Tal abandono representa un contraste máis forte aínda se se ten en conta que foi unha muller, Rosalía de Castro, a iniciadora do renacemento da literatura galega. Podemos moi ben imaxinar –só con ollarmos a realidade presente, onde unha estrutura lingüística galega envolve decote a fala propositada en castelán– o que, hai cen anos, revestiría caracteres ben máis marcantes: o insensato empeño de branquexar a negritude... Incorre neste ponto MGB na mesma xeneralización estereotípica que denuncia para a lingua galega: no “bello sexo” “toda frivolidad y toda cursilería tienen [...] su natural asiento”.

4. Considerar o galego unha falta de educación é unha consecuencia da falta de educación. Ela, a comezar pola familiar, inclúe como elemento de catálogo indispensable a aversión á lingua galega, unha lingua que se lles apresenta como un modo de falar “plebeyo y tabernario, propio tan solo de gente villana y embrutecida”. Por este camiño, a lingua finaría, a contar só cunha xeración de aplicados desarraigadores.
5. O autor avanza cara á tese nuclear do seu traballo. É a cuestión do idioma central na fixación e endurecemento de fronteiras sociais que impeden o desenvolvemento da Galiza, porque provoca o divorcio entre rural e urbano, entre mundo do traballo e clases ilustradas e con posibilidades políticas.
6. Naturalmente, con semellante panorama, a lingua “indígena” reséntese e inzan nela “castellanismos” de todo tipo, que non dan ocultado, porén, a identidade orixinaria. Xustamente, “al tratar de ocultarnos, mostrámonos con entera claridad”.
7. O síntoma máis visíbel da subordinación do galego no ámbito público vén dado pola súa agrafía. Toda a poboación que o fala non o acha nunca escrito, co cal a imaxe de fixación e prestixio que a lingua precisa brilla pola súa ausencia. Tal fenómeno leva da man á necesidade imperiosa de estender “el uso gráfico del dialecto a todo género de escritos”. Esta vai ser a primeira medida correctora da extrema decadencia que vive a lingua galega, na dirección de a recuperar e, con ela, a lañada identidade galega, ocultada, disimulada ou escarnecida: ser ou non ser, en definitiva.

A definición do proceso de restauración

O autor constata o continuísmo poético dos seus días a respecto da literatura renacida no XIX. A lingua tamén é obxecto de estudos metalingüísticos, mais ambos non abundan en absoluto para levantar a veda ao galego canto ao seu uso social e público estendido. Semella partillar MGB o aserto que décadas despois establecería Castela: o tradicionalismo é o peor inimigo da tradición. De nada valen un e outro –cultivo poético, metalingüística– se non se restaura no pobo galego o perdido amor á súa propia lingua e se a aquel non chegaren as manifestacións do movemento

restaurador. É este, de certo, un dos aspectos máis clarividentes do traballo do autor pambrés.

Xa no século anterior, Valentín Lamas Carvajal advertira sobre a improcedencia de limitar o uso do galego (“la cumbre de toda buena fortuna”) ao ámbito dunha elite sen terminais no pobo: “No intentando la **propaganda activa** [subl. noso] de nuestro idioma, no desvelándose por darlo a conocer por medio del periódico ó del libro en nuestras aldeas, para que se instruyan en su lectura, el gallego no sería otra cosa más que una lengua armoniosa, dulce y apasionada que solo existe para recreo de un determinado número de personas, que la conocen en toda su pureza” (*El Heraldo Gallego*, nº 5, 5/2/1877). Como se ve, trinta e cinco anos antes da publicación das *Consideraciones...* do noso autor, o ourensano apuntaba xa na mesma dirección, sinal dun debate entre propagación e estabilización, onde o purismo xogaríase, en definitiva, a favor da corrente diglósica, algo que, con suma intelixencia xa advertira Rosalía de Castro no ensaio-prólogo de *Cantares gallegos* (1863): *Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e para disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro esprito do noso pobo*. Efectivamente: para haber botánica, debe haber antes árbores...

As obras cume do XIX que MGB menciona cómprelles difusión, popularidade, lectores que dilaten o tamaño desa “exigua minoría culta” que as coñece. Mais a extensión da literatura galega non se limita ao aspecto cuantitativo, senón, e de forma premente, ao cualitativo. Sostén o autor que ela, a literatura, ha de se abrir a todos os xéneros literarios diversos do poético: o teatro, a oratoria, a novela, o xornalismo. Conmóvele ler como estas necesidades normalizadoras van ser obxecto programático dos membros das Irmandades da Fala, con exactitude total: a novela das coleccións Céltiga e Lar; o teatro-ópera de grande fuste (*O Mariscal*, de Cabanillas-Antón Vilar Ponte), onde a alta nobreza fala galego; as intervencións políticas ou culturais do nacionalismo en galego; o xornalismo d’*A Nosa Terra* e outros boletíns; a alta cultura de *Nós...* Realmente, eis os fillos do obxectivo enunciado por MGB.

Non escapa á ollada crítica do noso autor a grave incidencia castelanizadora dos curas rurais, así como a inconsecuencia de predicaren os agrarios-solidarios (“Solidaridad Gallega” fundárase en 1907) o seu programa de redención en castelán. Pergúntase cantos dos ardorosos manifestos rexionalistas-redencionistas se redixiron na lingua galega e propugna, naturalmente, a unión de ambos propósitos, economía e lingua. De novo, semella que o leron os que no nº 2 d’*A Nosa Terra* citada (24 de Novembro de 1916) proclaman: *C’oa restauranza do gallego, atoparemos a nosa redención*. Velaí a simbiose a que aspiraba MGB.

Na análise do campo pro-galego existente á altura, o escritor atopa moitas máis insuficiencias do que logros efectivos. Non menciona, por exemplo, a estrea, en La Habana,

Decembro de 1907, do Himno Galego. Tamén non o que hoxe temos por primeiro discurso político proferido en galego, o de Manuel Lugrís Freire, en Betanzos, o 6 de Outubro de 1907. Si se fai eco da Real Academia Galega, que non cumpre as expectativas que a súa fundación despertara nen atende os seus altos fins, sendo a súa incongruencia maior ter declarado como oficial o idioma do Estado e non o propio do país, co cal incrementa o campo do rexime centralista e reforza o inveterado dominio interno. A Academia ten ao seu dispor un amplo e denso campo de necesidades a que atender, iniciativas de traballo efectivo, co que pode “emprender una labor sin duda harto más provechosa y urgente que la de escribir una gramática y un diccionario gallegos” (palabras que talmente semellan escritas para hoxe!).

Concesións como a creación (non dotación) dunha cátedra de “Lengua galaico-portuguesa” na Universidad Central non vai resolver, tamén non, a necesidade do ensino elemental, aquel que tan rotundamente excluía Menéndez Pidal, en 1902, para a lingua catalá (a causante de problemas, a galega non existía...): “El Estado, lejos de buscar la muerte del catalán, debe promover su estudio, aunque no el estudio empírico y elemental de la escuela, que es innecesario y no se puede sumar con el preciso de la lengua nacional, sino el estudio más profundo y científico en la Universidad” (“El Catalán y los catalanistas. Cataluña bilingüe”, *El Imparcial. Diario Liberal*, 15-12-1902). MGB é preclaro sabedor, sen dúbida, da táctica paralisadora cuxos efectos chegan aos nosos días: cómpre que a reliquia exista, con restos presentábeis para o seu estudo sedicentemente filolóxico que enrede e dé de comer a uns cantos profesionais da medicina forense aplicada ao moribundo idioma. Suplantación, en fin, de uso por estudo, que o noso autor detecta perfectamente como letal para a normalización (“rehabilitación”) da lingua galega. Para conxurar o desuso e o descrédito cómpren armas moito máis eficaces que as que ofrecen as gramáticas.

O galego necesita, antes de máis nada, “propaganda práctica”. A comezar no seo da familia; a seguir, co uso social estendido, para alén dos usos primarios, isto é, o mantido “con las personas de nuestra intimidad y confianza”. Ha de ser a lingua epistolar, a lingua corrente en que se escriban as cartas a familiares e amizades (lémbrese, a maiores, o aumento do español escrito que supuñan os miles de cartas *ditas* en galego e escritas en castelán dirixidas aos familiares emigrados ou destes aos do interior), como ha de ser a lingua cuxo aparecemento non dependa dun coñecemento previo, xa que “¿no son los pueblos grandes familias?”. Debe, pois, instaurarse unha nova norma de uso, a de nos dirixir sempre en galego a todos os conterráneos, independentemente do lugar onde nos encontremos, tal e como –sostén– fan os cataláns. Lembremos, por exemplo, como o uso do galego padecía dunha hiperlocalización, tal e como se informa nunha novela de gran suceso, *Volvoreta* (1917), de Wenceslao Fernández Flórez: Rafaela, a criada que, coa súa ama, volve da cidade para a aldea, muda toda a súa indumentaria, os seus hábitos de comida e vida no exterior, traballa de novo no campo, acariña os animais domésticos e... recupera o galego (“olvidó el castellano” di o autor).

É vital, ademais (e, de novo, topamos co carácter profético de MGB), a existencia de prensa en galego, como o máis moderno meio de propaganda activa e eficaz. Lamenta o autor o retroceso habido desde os tempos en que se editaba e contaba con boa recepción popular *O Tío Marcos da Portela*, no derradeiro cuartel do século XIX. Na altura, toda a prensa editada na Galiza utiliza o castelán e nada fai pola rehabilitación da lingua galega. Cómpre, pois, “un periódico que sea gallego, desde el título hasta el último anuncio”. Un “Instituto de Estudios Galaicos” acrecentaría o resultado redentor (o Seminario de Estudos Galegos crearíase once anos despois), ao igual que unha “Biblioteca Gallega” e un “Museo Galego” (o de Pontevedra, con esta pretensión, nacerá en 1928).

O abano de precisos axentes galeguizadores complétase co concurso das entidades e individuos de prestixio operantes na Galiza e coa necesaria metamorfose dos emigrantes e as súas colectividades: de niños de españolización a centros ao servizo da causa da rehabilitación do idioma. Todo este amplo, canto imprescindible, programa ha de contar coa elevación do nivel cultural do pobo: este é o camiño “por donde las lenguas regionales llegan a ser lenguas nacionales y los idiomas alcanzan preponderancia internacional”.

E chegamos a unha das declaracións máis interesantes e reveladoras de todo o traballo de MGB. Antes deste percurso final, o autor referírase, como xa vimos, ás limitacións do rexionalismo e a toda a carga de xenoestima que —acompañante forzosa do autoodio— lastraba toda consideración obxectiva da Galiza. Agora, reconece, nen máis nen menos, como o progreso do galego por forza non é compatíbel co dominio-devoción do castelán. E aquí introduce un xuízo elocuente: non debemos imitar Rosalía de Castro no seu furioso anti-castelanismo senón facer compatíbel a debida autoestima colectiva coa admiración que Castilla merece, na intelixencia de que España non é só aquela e de que “lo que a la nación importa es la persistencia de su rica variedad idiomática”. Evoquemos as súas propias palabras, para elas existiren sen a peneira da nosa interpretación:

Es evidente que un mayor uso, un cultivo más asiduo de nuestro lenguaje sería incompatible con nuestra actual extremada devoción al nacido en la tierra que tanto aborreció la gran Rosalía. No imitemos, sin embargo, a la incomparable lírica, no volvamos mal por mal, que no se rompa por culpa nuestra la armonía interregional de España.

Velaquí, en confesión final, o nó da contradición. De golpe recibemos varias informacións ben valiosas: (a) a radicalidade recoñecida de Rosalía de Castro, cuxo “anti-castelanismo” (léase: valente e firme defensa patriótica do pobo galego e retrato desacomplexado do ofensor, do maltratador) asusta, vinte e sete anos após a súa morte, benintencionados, tanto como moderados, rexionalistas; (b) os ecos es-

pañolizadores e recentralizadores do '98 seguen vivos e actúantes: que a incipiente (exigua, máis ben) política pro-galega non ouse tocar os esteos do Estado; (c) ábrese tamén unha liña que denominaremos “pre-piñeirista”, en virtude da cal o canto á variedade idiomática española detense nos límites da configuración do propio Estado, lingua oficial incluída; (d) colle corpo, asemade, a admiración de Cataluña, do catalán e das súas institucións, que se enaltecen como modelo imitábel, nun certo a-historicismo que terá que agardar por un Ramón Vilar Ponte ou por un Castelao para ser debidamente explicado.

Conclusión

É este aserto final o que mellor caracteriza, coidamos, o retrato do noso autor: acerto pleno na sintomatoloxía e mais no diagnóstico; fina percepción do cuadro sociolingüístico, nas súas consecuencias sociais e psicolóxicas; recoñecemento da orixe netamente política da decadencia da lingua galega e das institucións anexas; clara identificación e discriminación de causas e de consecuencias; clarividente captación da natureza social da fala e do seu carácter delator, moitos anos antes dos Saussure, dos Hudson, dos Robinson, dos Calvet, dos Ninyoles... (de todos os que teorizaron sabiamente sobre a capacidade identificatoria da fala); intelixente distinción entre **imitación** e **identificación** [subl. noso] (a identificación mantense a nivel inconsciente, en tanto a imitación é unha copia consciente), e en liña de análise precoz a respecto dos grandes do pensamento galego como os xa citados Ramón Vilar Ponte e Castelao ou Antón Vilar Ponte, Risco, Ben-Cho-Shey... e todos os que os continuaron.

Atreverémonos, pois, a concluírmos coas seguintes observacións:

1ª. No capítulo “Os epígonos”, Carvalho Calero, na súa magna *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, inclúe, en primeira instancia, unha nómina de dezaioito escritores que completará con “Outros epígonos”, máis de cuarenta, e cunha enumeración, “Nómina de esquecidos” (máis de vinte), “Poetas da dereita do Eo” (tres) e, aínda, “Outros poetas da antoloxía de Carré” (máis dunha ducia). Cuantitativamente, por tanto, a poesía está máis que servida. Unha outra cousa é a súa calidade media, a súa tensión normalizadora, a súa vontade de unir literatura e destino do país. Demostra, esta amplísima “versofilia”, a grandeza do Renacemento e a servidume do Post-Renacemento: como ficaron ben asentadas as bases da validez da lingua galega para unha literatura de valor e de continuidade, mais, ao tempo, como axiña callou a ecuación limitadora literatura galega = lírica, de maior ou menor (ás veces, ínfima) calidade. Ten razón, pois, MGB cando reclama abrir o arco do cultivo literario á prosa en toda a súa extensión, obxectivo que han cumprir, como é sabido, os integrantes da Xeración do 16, por citármolos coa nomenclatura

de Ramón Vilar Ponte. Noriega Varela (reproducido por MGB) sería o poeta da transición, como Ramón Cabanillas marcaría xa de cheo o inicio do modernismo e do nacionalismo literario.

2ª. Na entrada da *Gran Enciclopedia Gallega* que se corresponde coa biobibliografía de MGB, da autoría de Xesús Alonso Montero, infórmasenos da súa enorme frustración e raiba por lle ser roubada unha praza de catedrático de Literatura a que fora opositor a Madrid, e da súa dedicación ás letras como devoción e ao traballo como funcionario de Estatística por sobrevivencia. Repasando a súa formación e esta obra que lle coñecemos, advertimos a óptica dun sociólogo *avant la lettre* e dun firme defensor da lingua galega –coas limitacións ou contradicións que sinalamos– que se arreda felizmente dos cantos pseudolíricos do epigonismo intersecular e aposta decididamente polo uso de medidas e tácticas abertamente modernas.

3ª. É, en fin, indicativa a obra que aquí celebramos, nos seus cen anos de existencia, dunha constante de groso trazo da historia da Galiza. Referímonos á realizada desde dentro dela mesma, co afán de autocoñecemento e anagnórise, coa ansia de a facer funcionar como un contributo indispensable ao progreso e benestar da nación. Esta constante –aínda non superada– resúmese na dificultade na circulación nacional e uniforme do coñecemento; a ocultación de fontes; a manipulación burda e intereseira da documentación existente; a secundarización, minimización ou, aínda, vaporización de vultos e factos de grande relevo. Tal feito é causa e é consecuencia, simultaneamente, e dá lugar a unha especie de “fichas” de cómodo manexo que non esclarecen a “fórmula maxistral” de época e autores, senón, antes ben, lévannos a repetirmos unha e outra vez tópicos rotineiros, simplistas, vougos ou, todavía, declaradamente falsos. Inhábeis, en suma, para un adecuado avance do coñecemento, non por tópicos senón por incertos. Por todo isto, ten un valor enorme a recuperación da nosa particular e específica memoria histórica. A ela pertence este opúsculo cuxa tan exacta diagnose do problema lingüístico abofé que chega na súa vixencia aos nosos días. Permítasenos concluír afirmando que a súa releitura nos resultou non só corroborante dos apontamentos primeiros senón conmovente: *vemos* o autor polas rúas do Lugo dos primeiros anos do século XX a comprobar unha e outra vez a fada da substitución lingüística, da asimilación inclemente ao español. Que o Lugo actual –e con el a Galiza toda– faga xustiza a este seu ilustre paisano recuperando a lingua que lle foi exclusiva e que se viu expulsa dentro e fóra da Muralla. Que ela, símbolo maior, nos recorde sempre de onde vimos e a que non debemos renunciar. Que así sexa.

Cen anos loitándonos contra a decadencia e pola rehabilitación da lingua galega

Teresa Moure

Universidade de Santiago de Compostela

1. Que importa ao mundo máis unha inconsecuencia?

Un texto breve e pouco divulgado, as chamadas *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* presentan como ningún outro, na lectura contemporánea, un activista na encrucillada. Probabelmente resulte difícil valorar con tino, cen anos despois, o alcance desta proposta. Atento á realidade social inmediata, sensíbel como para recoñecer a disimetría, o autor deste opúsculo ostenta un espírito crítico fóra do común, que lle fai idear un peculiar modelo de planificación do galego nutrido de observacións interesantes e dun coñecemento profundo da realidade social, de maneira que nunhas poucas páxinas aparentemente informais consegue compor un auténtico tratado de sociolingüística. Con todo, este matinar atinado e rebelde está atravesado por unha contradición fundamental: García Blanco argumenta a favor do uso do galego por todas as clases sociais e xéneros, por oral e por escrito, en todos os rexistros e circunstancias mais..., faino en español. Resultaría extremadamente reduccionista, con todo, berrar “o emperador vai espido” e conformarnos con sinalar a incoherencia do seu proceder. O autor debulla perante nós a mesta rede de prexuízos tecidos en torno ao idioma e, como non parece un inconsciente nin a súa obra un arrouto que non se deteña nas posibles inconsecuencias de non practicar o que predica, o emperador non debe de ir espido sen máis. De feito, García Blanco acusa con fereza os intelectuais que alertan do risco de inscribir o galego no catálogo de linguas mortas –unha expresión esta que case renxe no texto, de puro actual– para despois non adoptaren a medida de escribiren en galego. O MGB que asina as *Consideracións* sabe ben que todas as ameazas que axexan a lingua non se esconxurarán se os seus propios defensores non a falan. Está pedindo compromiso e, con todo, redixe a súa reflexión en español. Na miña opinión, con asegurarmos que esa foi a actitude do seu tempo non abonda.

Podería argumentarse aquí que a consciencia nacional, máis que unha calidade ou estado foi un proceso, e difícil de adquirir. Aínda hoxe a identidade está en construción e só fomos percorrendo colectivamente un camiño abafado de contradicións desde o punto de vista individual. Desta maneira cando albiscamos, desde o actual horizonte histórico, o pasado, sorprendenos a lentitude con que o pensamento nacionalista

foi madurando. Moitas das persoas que actuaron como paladíns na defensa do galego —figuras da talla de Rosalía ou de Murguía— mantiñan correspondencia en español, quizais porque rachar cos usos sociais que prevalecen esixe sempre tantas autocríticas que unha soa biografía non abonda para as realizar todas e precisáanse exemplos alleos con que retroalimentarse verificando que o proceso da identidade colectivamente está en marcha; quizais porque a racionalidade individual non dá para cubrir soa os ocos dun sistema educativo que alfabetiza na lingua dominante e acaba converténdoa na referencia escrita por antonomasia. As linguas son poder. E a tecnoloxía da escrita resulta unha peculiar fórmula para exercer ese poder. Diariamente nun hospital en calquera parte do mundo, mesmo con linguas normalizadas e estandarizadas, cantas reclamacións deixarán de facerse cando a persoa encargada de tramitalas lle coloca á demandante un formulario para cubrir a queixa por escrito? Escribir dista moito de ser unha actividade “natural”; esixe coñecer convencións e dominar un modelo de lingua. Podemos comprender, por tanto, os condicionantes en que García Blanco escribe as súas *Consideraciones...* mais non por iso deixarmos de constatar o estrañamento que ese discurso inflamado, escrito en español, produce hoxe en quen o le. Porque talvez ese estrañamento sexa o único positivo que poidamos tirar da tépeda política lingüística que trouxo a Democracia. Deteñámonos aquí un instante.

Desde os anos oitenta o galego foi promovido institucionalmente dun xeito ritual, que dese unha maquillaxe de corrección política e de comprensión cara á realidade política e lingüística sen asumir maiores compromisos. O escaso desenvolvemento do marco lexislativo foi da man da aceptación implícita de que este nunca ía cumprirse de todo, de que a sociedade galega non podía desapegarse do español. Entrementes, a defensa do discurso da cooficialidade agochaba unha igualdade a todas luces inexistente: o galego segue en condición de desvantaxe desde todos os puntos de vista mais un ideal de harmonía pretendeu durante anos fomentar actitudes de indiferenza para que non se producise unha defensa pechada da lingua propia. Se se conseguía instalar a poboación da dubidosa idea de que tanto val unha lingua coma outra con tal de nos entendermos, toda a posibilidade de denuncia dunha opresión ficaba desactivada. Finalmente, cabe amentar a escandalosa política seguida cos medios de comunicación, onde os grupos poderosos aparecen subvencionados por un uso da lingua que nunca se produciu, mentres as publicacións minoritarias ou alternativas, alentadas polo voluntarismo político, non reciben as axudas baixo diferentes desculpas burocráticas ou alegando que non se axustan á normativa ortográfica oficial. Porén o momento culminante prodúcese a partir da lexislatura do 2009, cun intento de destrución planificada da lingua, arbitrado polo goberno con medidas concretas, como a derogación do Decreto 124/2007 de fomento do uso do galego, a eliminación dos libros de texto escritos en galego ou a supresión do requisito de demostrar coñecemento da lingua para ocupar postos na administración. Evidentemente, a política lingüística en Galiza non está a paliar a

perda de transmisión xeracional nin o fenómeno de substitución. O galego é visto, por unha parte da sociedade moi considerábel en número, como unha lingua do pasado, asociada ao mundo rural, a falantes de idade, a espazos de desprestixio e afastada da modernidade e da efervescencia social. Porén, volvendo a García Blanco, se algo de positivo trouxo que a Administración pasase a considerar a lingua como obxecto de atención ao longo dos últimos trinta anos, foi a alfabetización –escasa, insuficiente, feita tardiamente e sobre o español, con todas cantas limitacións se quixer salientar– mais en 2012 non sería posíbel que ningún erudito anónimo sentase en Lugo a escribir tan excelentes argumentos en español alegando a propia inseguranza na escrita. Non é moito en cen anos, abofé, mais cómpre notalo porque a inconsecuencia de García Blanco non é, ao meu ver, tan pequena como a el se lle antolla (1912:19, nota 1):

En el presente modesto trabajo se incurre en la misma falta que se censura. Su autor tiene que declarar aquí que no se ha resuelto a escribirlo en gallego porque, aunque es la regional la lengua en que oralmente suele expresarse (a mucha honra lo tiene, y no le sonroja confesarlo) en su comunicación ordinaria, también desgraciadamente le alcanza la común ignorancia de su empleo gráfico, ignorancia muy superior a la que revela (y no es poca) respecto del castellano. Pero ¿qué importa al mundo una inconsecuencia más?

Que García Blanco falase normalmente en galego e se sentise fachendoso de o facer e que, no entanto, tamén a el “o alcance a común ignorancia do seu emprego gráfico” non pode máis que sorprendernos. No seu rigoroso traballo sobre a lingüística galega de principios do século XX, B. Fernández Salgado (2000) considera que, por estar escrito en castelán, este libelo pertence ao Rexionalismo tardío, aínda que (2000: 288) desde unha perspectiva ideolóxica anticipe os postulados das primeiras Irmandades. De feito foi adaptado pola Irmandade da Coruña e publicado no xornal *A nosa Terra* en 1917 nunha curiosa tradución, máis ben unha versión libre, que bebe desas ideas audaces e modernas de García Blanco, adaptándoas a unha mensaxe política xa moito máis concreta e pulida. Para Fernández Salgado a actitude de García Blanco, ao denunciar a Real Academia por defraudar as expectativas que suscitara, é revolucionaria, xa que, ademais de supor unha crítica a Murguía ou, digamos, ás autoridades implicadas publicamente na defensa do galego, a práctica de defender en español a lingua e a cultura galegas era neste momento incontestada. As palabras de García Blanco son dunha claridade meridiana (1912:20):

Mientras con el ejemplo no prediquen, no lograrán persuadir al vulgo a que se comporte con el habla regional de distinta, de mejor manera que ellos; puesto que si el vulgo la desdeña, débese en buena parte a que la ve menospreciada prácticamente por hombres cultos que tal vez la exalten teóricamente. [...] Tienen que hablar y escribir en gallego los estudiosos y los doctos, en todos

aquellos casos en que su voz pueda ser oída y sus escritos leídos por las masas ignorantes, por la muchedumbre necia, por el vulgo que afecta distinción avergonzándose de usar nuestro lenguaje y al que, a diferencia de los cultos, hay que perdonar tan grave pecado, en atención a que no sabe lo que hace.

A pesar do seu compromiso coa lingua, observárase que García Blanco non desbalde precisamente comprensión cara ás desigualdades sociais. As *Consideraciones...* non abeiran unha particular solidariedade coas clases desprotexidas, como a que pode lerse en Rosalía de Castro. As masas son ignorantes; a multitude, necia; o “vulgo” afecta distinción. Entendemos que o obxectivo é culpar as clases elevadas, ese cultos a quen non perdoa o pecado de se desinteresaren pola lingua propia, mais o pobo non deixa de ser identificado como alguén que non sabe o que fai. Esta é, tamén, na miña opinión, unha forma de auto-odio. Con frecuencia argumentábase que o nacionalismo de Murguía se desenvolveu especialmente en torno ao perigoso concepto de raza; unha galegitude constituída en torno á lingua veríase daquela con escaso futuro, porque o desprestixio absoluto do galego non contribuíría á procura de adhesións. Ao contrario, acudir a un mito céltico, e aos seus ingredientes históricos, permitía sortear o problema básico: un pobo en condicións de opresión acaba véndose como inferior, acaba por xustificar esa opresión. Precisamente, a peculiaridade de Rosalía de Castro, no sentido literario e tamén socio-político consiste en conxuntar a construción dun discurso feminista —a creación dun suxeito muller consciente que reborda as expectativas concedidas ao seu sexo no século XIX— coa construción dun discurso nacionalista —a identificación cunha nación oprimida—. E a posibilidade desta excepción que constitúe Rosalía determina que botemos de menos esa conciencia en favor das clases oprimidas que non se aprecia en García Blanco.

Abofé que o opúsculo defende a idea de que o galego merece a dignidade de calquera outra lingua. Mais esta defensa semella unha cuestión filolóxica, non unha causa para a liberación nacional. De feito (Garcías Blaco 1912: 5, nota 1), utiliza o autor criterios pretendidamente técnicos para diferenciar as linguas dos dialectos en función da oficialidade, e os idiomas en función do seu uso. O galego sería ao tempo idioma, como “privativa e peculiar linguaxe dun pobo”; e dialecto por carecer do rango de lingua oficial dunha nación. En ningún momento, porén, reclama esa oficialidade, nin moito menos, insiste en reivindicar o concepto de nación ou, cando menos, o perfil diferencial. O seu traballo parece orientarse, máis ben, a fundamentos éticos, como un conxunto de principios de actuación individual. Teima, daquela, en que cómpre afrontar con enteireza o desdén e mais a burla, que hai que impor o sacrificio do mesquiño amor propio individual en aras do nobre amor propio “rexional” mais, a medida que avanza na súa argumentación, vaise notando que non procuran as súas palabras exactamente un horizonte de liberación nacional (1912:25, cursiva miña):

No imitemos, sin embargo, a la incomparable lírica [Rosalía de Castro], no volvamos mal por mal, que no se rompa por culpa nuestra la *armonía interregional de España*; admiremos, en buen hora, a Castilla, el fuerte y magnánimo pueblo que durante siglos ejerció dignamente la hegemonía ibérica; admiremos la rica y sonora lengua castellana y la excelsa literatura que la consagra y la inmortalizará. Pero hagámonos también cargo de que España no es Castilla solamente ni el idioma castellano el único idioma español cuya conservación y cuyo engrandecimiento importen a la nación [...]

Apenas uns anos despois, en 1920, un historiador español e españolista como Américo Castro escribiría unha obra que tivo moita influencia no ensino de linguas en todo o estado, *La enseñanza del español en España*, coincidindo con García Blanco no concepto de harmonía, algo que non parece casual porque, para alén da repetición da palabra, latexan na argumentación uns presupostos parcialmente compartidos¹:

Estas lenguas [catalán, éuscaro e galego] deben vivir dentro de una *armonía hispánica*, cuya superior unidad non puede ser otra que la lengua española [...]. Luego que todo el mundo supiera español [...], consideraría como una admirable obra de civilización que se combinara la enseñanza de la lengua regional con la del español.

En realidade, como explica Rodríguez Alonso (2004) na época de García Blanco toda a filoloxía no Estado español está dominada pola escola de Menéndez Pidal, que expande o seu maxisterio a partir do Centro de Estudios Históricos da Universidade Central de Madrid, a mesma onde estudara García Blanco e que este exalta por contar cunha cátedra de galego. Esta escola encargárase de difundir nos principais centros de ensino unha serie de ideas, como a primacía do castelán e a súa elevación a *español*, ou a maior antigüidade e valor da literatura castelá, ademais dun forte temor contra os separatismos independentistas que marcaría o franquismo e documentan á perfección que a lingüística non é un saber inocente nin afastado da realidade inmediata como ás veces se fai crer. Nada no libelo de García Blanco permite identificar este autor cos mitos e as mentiras propagadas pola escola de Madrid: ao contrario, empéñase en defender o pasado glorioso da literatura galega medieval e “as calidades de exquisita beleza” que a lingua atesoura. Simplemente, a súa proposta pode resumirse a unha reivindicación das linguas diferentes do castelán dentro do Estado español, sen cuestionar a súa indisolubilidad e contemplándoas como unha mostra da pluralidade e da riqueza dentro dunha única nación española. Sen dúbida, desde esta primacía da lingua pode chegarse ao pensamento nacionalista

1 Cito por Rodríguez Alonso (2004:56).

moderno, mais cómpre confesar que aínda fai falla camiñar un tramo. Por agora, ao meu ver, o aspecto máis interesante das *Consideraciones* está en apuntaren un concepto de Weltanschauung, moi acorde coa formación filosófica de García Blanco, que conserva o seu pulo e a súa modernidade hoxe (1912:4):

Galicia no se estudia ni se conoce a sí misma, carece de conciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, para afirmarlo [...], de lo que contiene de malo, para corregirlo. [...] Dirige todos sus esfuerzos a castellanizarse [...] y convierte a Castilla en su más perfecto ideal, y se complace en ser víctima de un absorbente centralismo. Este desdichado fenómeno de menosprecio de sí y de lo suyo viene dándose en todas las manifestaciones de la vida de la región. [...] No será ocioso, pues, consagrarle algunas consideraciones en su manifestación en la esfera de aquel tan permanente como variable atributo humano que, por ser expresión de lo íntimo y substantivo de la personalidad individual y colectiva, la mentalidad, constituye una de sus notas más diferenciales y específicas, y con razón se cuenta entre los más fuertes vínculos sociales, entre los factores más activos y los más firmes sostenes de los pueblos y nacionalidades. Se alude al lenguaje.

Cen anos despois da súa primeira edición, o opúsculo de García Blanco parece, a primeira vista, un anticipo do pensamento nacionalista construído desde a abstracción filosófica, e non desde o arraigo popular. O autor lamenta que o galego só sexa usado entre as “ínfimas clases da sociedade”, que non se exprese na lingua propia ningunha “persoa ben nacida que aspire á consideración allea” ou que se gabe de medianamente culta e educada (1912: 6). Mesmo cando se decata do desapego das mulleres cara á lingua, non deixa de manexar prexuízos sociais que hoxe parecerían impropios dun discurso interclasista (1912: 6-7):

Por modo muy especial entre el llamado con justicia bello sexo (en el cual toda frivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento), es de todo punto intolerable la menor oposición a este prejuicio. [...] ¿No dejarían de ser bellas, delicadas, graciosas la dama de distinción, la anémica señorita mesocrática, la plebeya menestrala, si de ellas se sospechase que usaban el feo, tosco e insípido hablar galaico? Y para hacer ver que no se le usa ¡en cuan extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de fátua presunción se incurre a menudo! Peregrino es que no empañe el ridículo snobismo [...] la gran imperfección con que se suele hablar el castellano, y que los mancillen esas dulces cadencias, esas expresivas inflexiones, esas delicadas tonalidades que dan a le lengua musical de Rosalía contextura tan puesta a la recia y monótona de la oficial.

En García Blanco conflúen dúas forzas. Dunha banda, unha extraordinaria percepción do conflito lingüístico e unha lucidez que lle permite decidir unha

solución, a de traballar apaixonadamente na defensa da lingua. Por outra banda, non dá superado os tópicos sociais do seu tempo e condición: o vulgo é incapaz de decidir, as mulleres nin sequera parecen persoas, unicamente son o *bello sexo* onde a frivolidade e a *cursilería* teñen asento. Porén el xa se curou en saúde porque, pretender liberar o galego sen liberar o pobo que o fala sería máis unha incoherencia nun mundo completamente incoherente.

2. García Blanco, planificador

As *Consideraciones...* poden parecer, polo seu tamaño e relativamente escasa difusión, unha obra menor. Mais neste século de andaina dificultosa, non pode escapárenos que nesa dignificación sen concesións da lingua, da súa forma completa de representar a realidade, da súa capacidade para se adaptar a calquera rexistro e da súa versatilidade estética e conceptual que fai García Blanco está a cerna de toda acción planificadora. Non pode escapárenos tampouco que o libelo é en si propio unha convocatoria para a intervención onde se procura:

- a) Tirar os prexuízos que identifican o uso do galego cunha posición subordinada.
- b) Estimular a produción literaria, especificamente en xéneros pouco cultivados como a novela e especialmente a prensa, en cuxa acción normalizadora García Blanco confía especificamente.
- c) Fundar institucións específicas que velen pola lingua, como unha cátedra de galego, a publicación de obras filolóxicas e gramaticais ou a organización dunha corporación erudita para a súa conservación e purificación, o cal parece, dito sexa de paso, unha crítica implícita á Real Academia Galega, que non estaría a cumprir ese obxectivo.

Estamos perante un planificador *avant la lettre*: alguén que orienta o seu esforzo a que os procesos sociais non se deixen ao pairo, senón que se decida coidadosamente sobre eles. Esta figura do planificador afeccionado é moi interesante en por si, ademais de conectar coa cuestión da inseguranza para a lingua escrita. Os manuais de lingüística, cando se refiren á disciplina coñecida como Planificación das linguas insisten en que se trata dun conxunto de accións destinadas a propulsaren, conservaren ou depuraren unha lingua, feitas deliberadamente por parte dun departamento de especialistas que traballen nunha institución, ou de xeito máis ou menos consciente, a través da acción do profesorado, da prensa, das persoas que traducen textos ou os escriben e contribúen así a difundiren uns determinados modelos de lingua. No entanto, nas sociedades anómalas, as figuras de planificadoras e planificadores son máis variadas, menos académicas. Representan as forzas sociais dunha época ou

dun país e teñen todo o rigor ético e o espírito subversivo de quererem inverter os valores. Por iso non ten nada de estraño contemplar o autor deste escrito, breve e non especializado, como un auténtico planificador, polo menos no sentido amador da expresión.

En Galiza ás veces pensamos que o noso caso é único no mundo e iso, obviamente, non é certo. Nos últimos anos, a apatía social tamén medrou no que atinxe á defensa da lingua e, á caloríña de distintas reivindicacións en favor do bilingüismo, podería parecer que a escolla entre galego ou castelán e unha preferencia semellante a quen elixe entre dous canapés nunha festa: tanto ten o un como o outro. O poder fai ben o seu traballo cando consegue despolitizar grandes preguntas. Porque a cuestión de *Por que falo X?* non pode responderse sen aludir a un conflito social profundo, a unha fenda que racha a identidade galega. Por iso acudimos a conceptos como *imperialismo* na explicación das actitudes e os compromisos en torno ao galego non é coller unha bandeira militante, é utilizar un concepto histórico, de pleno rigor científico. Igual que non se pode facer química sen falar de elementos ou ácidos, non se pode facer sociolingüística –ou socioloxía, ou lingüística– sen falarmos de imperialismo ou nacionalismo; tamén conceptos técnicos, tamén instrumentos conceptuais imprescindíbeis para explicarmos a realidade.

Neste sentido, gustárame comparar as consideracións de García Blanco coa testemuña dalgunha outra planificadora afeccionada, como a escritora ugandesa Doreen Baingana, quen publicaba o 23 de novembro de 2009 en *The Africa report* o seguinte texto:

O meu avó materno foi o primeiro da súa familia en se converter ao cristianismo. Isto acontecía en Kigezi, arredor dos anos 20. O seu pai botouno da casa dicíndolle que estaba lambéndolles os pratos aos brancos pois, como moitos dos novos conversos, traballaba para os misioneiros. Con todo, o meu avó foi enviado a Ruanda para estudar e converterse nun líder relixioso. Só despois de meu avó enviar unha manta de lá ao seu pai foi aceptado de volta na casa. O meu tío Yosiah, que nos contou esta historia, chamaba a manta, que era moi valorada nas frías montañas de Kigezi, un suborno. Para case todos os africanos, nalgún lugar na liña familiar, hai un momento de encontro cun poder e unha cultura colonial que determina a liña de xeracións vindeiras. Unha decisión calculada ou medida pon a cadaquén no lado gañador ou perdedor. Daquela, só na medida en que continúes tomando algo desa cultura, continuarás gañando? Paréceme que a xeración dos meus pais fixo mellor en adoptar o que era bo para eles sen perderen a súa propia cultura. Miña nai fálanos en runyankore, a lingua do noso pai, que é moi semellante ao rukiga, a súa lingua materna. Nós contestámoslle en inglés. A xeración dos meus pais, que foron á escola nos días coloniais dos ‘40 e os ‘50, foi ensinada por brancos. O inglés da miña nai é mellor que o de moitas persoas da miña xeración, en parte porque as nosas escolas públicas foron a peor co paso dos anos. Sospeito

que os meus pais estaban orgullosos de que nós falásemos inglés tan novos porque eles tiveran que aprendelo cando xa eran algo maiores. Non pensaron que tiñan que ensinarnos runyankore ou rukiga. Chegaron a iso naturalmente e así farían. Nós non. Fomos á escola primaria en Entebbe que prohibía calquera lingua que non fose o inglés. Levamos nós mesmos a política para a casa. [...] Mais o meu gran tropezo para medrar non foi estranxeiro senón militar: os anos 70, de Idi Amin, e a política musical dos 80. A brutalidade e a guerra económica tiveron un efecto aínda máis nocivo: puxeron a cultura en coma. Como resultado, non había moita cultura nova á que puidésemos abrazarnos. O suahili converteuse nunha lingua de tortura e relegouse ao exército. Había libros accesíbeis, aínda que vellos e escasos. O meu corazón devecía polos libros e o inglés deume unha fina apreciación de matices e poesía. Non é accidental que sexa escritora. O inglés funcionou comigo. Mais que dei a cambio na relea? [...] Non se trata só da lingua, senón de todos os aspectos da cultura que recibimos e eliximos abrazar e pasar a outros: que historias lles contamos ás nosas crianzas, que cancións lles ensinamos a cantar, que comida xantamos e como a cociñamos, que rituais internalizamos ou non, o xeito en que pensamos. Deixaremos todo isto ao azar ou tomaremos decisións calculadas? Non lle puxen ao meu fillo un nome inglés e non o bautizarei para horror dos meus veciños. Fálolle a Kamara nun runyankore rudimentario e a miña nai e as miñas irmás rin de min. Agora vivimos en Kenya, así que el fala unha mestura de suahili, luhya e inglés “roto”, que aprendeu da súa coidadora. Canta cancións infantís en inglés. Aínda que eu puidese aprender o que a miña nai sabe e o meu pai soubo, para pasarllo a Kamara, axudaríao isto na África que estamos a crear?

Baingana é unha muller actual que vive noutro continente e noutra lingua. Porén, o seu texto sobrecolle polas semellanzas coa sociedade descrita por García Blanco. Tamén en Uganda se observa un brutal desprezo cara ás linguas propias, tamén a poboación experimenta un éxodo masivo cara a unha lingua ben instalada no mundo, neste caso o inglés. Tamén en Uganda as familias admiten con complicidade que as novas xeracións se instalen nunha lingua que parece brindar maiores oportunidades sociais e que o estado inocula a través da escola. Por iso, a frescura da declaración de Baingana, que lle ensina ao seu fillo con dificultade unha lingua que xa non fala ben, posto que se comunica coa súa propia nai no inglés aprendido na escola, resulta especialmente emotiva de se comparar coa situación lingüística que a comezos do século XX García Blanco describe para o trato coa xente máis nova (1912: 8-9):

Y he ahí, en efecto, á nuestros previsores padres de familia, que estiman deficiente la que proporcionan a sus hijos, creen que no los capacitan para vivir en el mundo, si no logran inculcarles aversión decidida al habla regional, cual si les tardara ver extinguirse en ellos tan característico signo, tan primordial condición de la existencia autónoma de un pueblo [...] ¿Que otro afecto sino la más honda repugnancia puede inspirarles un modo de hablar que el dictamen

paterno [...] les presenta como plebeyo y tabernario, propio tan sólo de gente villana y embrutecida?

Baingana teme non poder transmitir á seguinte xeración un estilo de coñecemento que xa lle foi vedado, como vedado lle era a García Blanco o coñecemento escrito da lingua que defendía. Se consideramos este dato, nunha época en que os gobernos deciden consultar coas familias a lingua do ensino, vémonos na obriga de detallar unha reflexión adicional.

O papel da educación nunha sociedade consiste fundamentalmente en conceder a todos os individuos maiores marxes de liberdade individual e capacidade de resposta e acción autónoma. Só a través da educación a comunidade pode facer progresos, adquirir e diseminar coñecemento e gañar conciencia sobre a propia capacidade de mudar a realidade. Se a educación é o espazo para desenvolver a conciencia crítica das persoas novas e humildes –as ricas teñen máis oportunidades para desenvolve-la, en caso de quererem–, cómpre con urxencia proporcionar-lles a esas persoas ferramentas para traballaren polo cambio social. Unha escola que non se comprometa coa unha lingua en condicións de minorización, non ofrece opción para alternativas sociais e políticas. Mesmo un individuo tan crítico como García Blanco vai ver deslucida a súa mensaxe por transmitila en español, aínda que a escola do seu tempo non lle brindara outra opción.

Cando decidimos utilizar a comparación con Doreen Baingana somos conscientes da sorpresa que iso pode producir. Nin os textos son semellantes, nin hai aparentemente relación intelectual ningunha entre eles. A conexión é máis sutil e tamén máis importante. Quizais no século XXI calquera poida pensar que a educación debe realizarse na lingua materna dos individuos, sobre todo nos primeiros niveis. Pois ben, todas as políticas lingüísticas educativas practicadas en África conculcan esta regra elemental, xa que das 1.200 linguas africanas só 2 chegan a estar presentes no ensino secundarios: o somalí en Somalia e o malaio en Madagascar. Segundo Djité (2008), en grandes zonas de África, unha crianza non ve un libro até que vai ao colexio e o primeiro libro que verá estará escrito nunha lingua que non entende. O colonialismo deliberadamente minusvalorou as linguas que ás veces se chaman locais (como poden as linguas ser algo distinto a locais?) para promocionar as dos colonizadores. Con todo, o uso exclusivo das linguas europeas unha vez concluído o período colonial debe de ser unha responsabilidade compartida polas xentes da África, as súas elites e os seus dirixentes políticos, toda vez que as decisións xa as toman estados soberanos. Seguindo os datos de Djité (2008), algunhas linguas están presentes como suxeito de estudo na secundaria porque interveñen nalgúns programas de humanidades no ensino superior (en Malí e Sudáfrica), outras van entrando nos medios de comunicación e nos usos legais, como o suahili en Tanzania e Kenya, ou hausa, ioruba e igbo en Nixeria, ademais das linguas de Sudáfrica

que o estado nacido despois do Apartheid restaurou. Mais todo isto é ben pouco. Nos estados xurdidos tras a colonización as linguas oficiais elixidas ás veces por sufraxio foron maioritariamente inglés ou francés. E aínda no século XXI voces supostamente autorizadas (Adegbite 2003) insisten en que a poboación infantil non debe recibir ensinanza na lingua materna porque iso tería efectos prexudiciais na súa intelixencia, porque interfere co dominio do inglés ou porque a aprendizaxe da lingua materna non contribúe á calidade da educación:

Yoruba language is not appropriate for the conduct of business of the House of Assembly, since Lagos is a cosmopolitan city. Besides, its use is capable of demeaning and reducing the intellectual capacity of legislators (The Guardian, 10 december 1999, citado en Adegbite 2003).

Non pode sorprenden logo que moitas nais e pais consideren a instrución en linguas locais como unha perda de tempo, posto que queren ver os seus fillos e fillas falando fluidamente nalgunha lingua europea. Mesmo en Tanzania, onde o 95% da poboación fala a lingua nacional, o suahili, que é ademais o medio oficial da administración, as leis, os medios de comunicación e a educación primaria, hai un crecente número de escolas en inglés chamadas academias, especialmente en Dar es Salaam, a capital. Non pretendo con estes datos incorrer en transfuguismo ningún, escapando do tema da Galiza de García Blanco e da actual. Ao contrario, considero que analizarmos un caso ben alleo axuda a adquirirmos perspectiva.

O desenvolvemento, material e intelectual, esixe una masa de coñecemento crítico que só pode darse entre poboación informada. Os lingüistas que están a adoptar unha perspectiva ecolingüística, respectuosa da diversidade de linguas que aínda sobreviven no planeta, alertan dos riscos de perspectivas elitistas. En cincuenta anos non parece que a descolonización de África, por exemplo, producise unha cantidade de mans e cerebros que a estean facendo autosuficiente (Djité 2011:91). Desde aí poderíamos inducir que as políticas lingüísticas indiferentes á identidade dunha poboación, á súa historia a ás súas necesidades inmediatas, acaban conseguindo un fracaso no camiño da autodeterminación, sen limitar esa palabra ao concepto, desexábel mais non único, da independencia política. Un pobo que recibe continuamente a idea de que a súa lingua non ten valor internacionalmente, que a ciencia, a tecnoloxía e a modernidade obrigan a introducir cotas altísimas de linguas alleas no ensino, é un pobo que dubidará das posibilidades da súa lingua para facer ciencia, tecnoloxía e arte. García Blanco non daba escrito no galego que quería ver elevado á condición de lingua rehabilitada. Un ensino españolizante priváralo deses posibilidades. O planificador afeccionado que escribiu estas consideracións vivía nunha época en que a Planificación, como disciplina académica non se coñecía mais si que se exercía desde un estado que tiña a fragmentación pola maior ameaza. Cen anos despois, a escola galega ten o problema dunha oferta de plurilingüismo

que non contribuíra a que as xeracións actuais teñan maior solvencia que García Blanco, se se subtraen todas as horas e todos os esforzos para adquirir a lingua agora dominante.

O artigo 25 da Declaración universal de dereitos lingüísticos senta o marco dunha legalidade necesaria: “Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor de todos os recursos humanos e materiais necesarios para conseguir o grao desexado de presenza da súa lingua en todos os niveis da educación dentro do seu territorio: ensinantes coa formación debida, métodos pedagóxicos axeitados, manuais, financiación, locais e equipos e medios tecnolóxicos”. O problema, quizais, está en cifrar cal é o grao desexado desa presenza. Nos países normais, ese grao é absoluto, para evitar decadencias e asegurar rehabilitacións.

Referencias bibliográficas

- Adegbite, W. (2003): “Enlightenment and attitudes of the Nigerian elite on the roles of languages in Nigeria”, *Language, Culture and curriculum* 5 (2), 185-196.
- Djité, P. N. (2008): *The Sociolinguistics of development in Africa* (Clevedon-Buffalo-Toronto: Multilingual Matters).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rodríguez Alonso, M. (2004): *O españolismo lingüístico* (A Coruña: Espiral Maior).
- Rodríguez, F. (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria* (A Coruña: AS-PG).
- Skutnabb-Kangas, T. (2000): *Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?* (New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates).

De Manuel García Blanco á STC 31/2010. Cen anos de debate sobre a oficialidade

Alba Nogueira López
Universidade de Santiago de Compostela

Pero hagámonos también cargo de que España no es Castilla sólamente ni el idioma castellano el único idioma español cuya conservación y cuyo engrandecimiento importen a la nación, sino que lo que a la nación importa es la persistencia de su rica variedad idiomática. Porque se estime que una nación, cual la nuestra, con diversidad de lenguas, no debe tener, sin embargo, sino un idioma oficial, ¿se ha de juzgar dicha variedad contraria al interés nacional? ¿se ha de conferir incondicionalmente a una misma de tales lenguas el disfrute a perpetuidad de la condición de oficial? ¿se ha de negar a los demás idiomas en uso en parte del territorio de la nación el derecho a luchar por la conquista de este privilegio exclusivo, una vez llegados a cierto superior grado de evolución y madurez? Si en tales inconvenientes paramos un poco la atención, acaso nos parezca que tiene también sus ventajas el reconocimiento del carácter de oficial a más de un de las lenguas usadas en una nacionalidad dada.

Tomemos ejemplo del pueblo catalán, que tanto de bueno ofrece que imitar, en éste y en otros órdenes (Manuel García Blanco).

1. Introducción

Un século despois da achega realizada nas *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* por Manuel García Blanco continúa aberto o debate sobre a oficialidade das linguas no Estado español e o contido propio desta oficialidade. A pesar de non ser esta unha cuestión central entre as que trata García Blanco, son relevantes as súas reflexións mesmo pola mención de tantos aspectos aínda vixentes hoxe: diversidade lingüística e oficialidade dentro da construción ideolóxica do Estado-nación; peso social como requisito da oficialidade; trazos da oficialidade e progresividade na aplicación das normas que garanten a oficialidade.

De xeito temperán García Blanco pon os alicerces dun discurso sociolingüístico que había de ser galeguizado e adaptado socioloxicamente polas Irmandades da Fala (Sanmartín Rei, 2009: 117) constituíndo un dos primeiros elos nun longo proceso de construción colectiva que, aínda hoxe, desafortunadamente está moi próximo a

inquietudes reflectidas no texto (necesidade de educación en galego, importancia do uso da lingua, prexuízos, relevancia da existencia de medios de comunicación...). Neste traballo imos aproveitar as reflexións sobre a oficialidade de García Blanco para poñelas en relación coa situación actual da oficialidade das linguas propias e os efectos que esta ten na súa normalización.

2. Diversidade de linguas e oficialidade

Manuel García Blanco afirma a necesidade de protexer a diversidade lingüística existente (a “rica variedad idiomática”) e lanza en forma de pregunta o debate de esta protección facerse mediante a declaración de oficialidade. A visión uniforme do Reino de España –cualificado como nación nunha mostra clara dunhas posicións máis ancoradas no rexionalismo fronte ás que con pouca diferenza temporal mantiveron, por exemplo, os irmáns Vilar Ponte ou Peña Novo¹- non lle impide reclamar o mantemento da diversidade lingüística.

Denominando a diversidade lingüística como rica, García Blanco, pon os cimentos dun dos argumentos que aínda hoxe son moeda común nos textos legais para protexer as linguas. Eis o artigo 3.3 da Constitución española (3. *A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección*) ou a Carta Europea de linguas rexionais ou minoritarias no que a protección vai dirixida a garantir “la protection des langues régionales ou minoritaires historiques de l’Europe, dont certaines risquent, au fil du temps, de disparaître, contribue à maintenir et à développer les traditions et la richesse culturelles de l’Europe”.

Con todo, é preciso sinalar que nestes textos esas mencións ás linguas como un elemento estritamente de riqueza cultural tamén serviron para amparar o establecemento de réximes de protección máis atenuado, simbólicos, que confinan as linguas ameazadas ao ámbito das manifestacións culturais e folclóricas. Xusto un

1 “Como habemos de darlles fe aos que se amostan rexionalistas, namentres teñen postos os ollos na escada do centralismo para rubir? Como habemos de seguire aos rexionalistas que lle deben a súa presoalidade ao Poder Central?”, Antón Vilar Ponte, “A bandeira ergueita”, *A Nosa Terra*, 14-11-1916. De feito A. Vilar Ponte reivindica para si con posterioridade el ter acuñado por primeira vez o uso do termo nacionalismo en Galiza: “Fun eu quen primeiro que ninguén falou de «nacionalismo galego». Até min, nunca, en ningures, esa frase tiña dito.”, Antón Vilar Ponte, “O camiño do nacionalismo galego”, *Seara Nova*, Lisboa, 7 de febreiro 1935. “A patria ceibe que os nacionalistas cobizamos, vaise creando pasenño”, Ramón Vilar Ponte, “Liñas aburadas”, *Rexurdimento*, 1 de setembro de 1922. “O nacionalismo como sentimento, como cultura, como doutrina, en tódolos aspectos, ten unha finalidade fundamental: o conqurimento para a nosa terra do dereito a dispor de si mesma, e a rexir libremente os seus destinos”, Lois Peña Novo, “O nacionalismo e a política”, *A Nosa Terra*, 30 de setembro de 1922. Os textos están tirados de Fernández del Riego 1995.

dos elementos contra os que García Blanco levanta á voz ao esixir un uso cotiá, no ensino, máis alá da poesía.

Así no caso da Constitución española houbo discusión sobre se o artigo 3.3 da Constitución española gardaría unha sorte de posición xerárquica con respecto aos apartados primeiro e segundo do mesmo artigo e por tanto tan só ampararía unha intervención de protección de aquelas “modalidades lingüísticas” distintas do castelán, protexido polo 3.1, e as outras linguas oficiais, que emanarían do 3.2. Concordamos con Arzoz (2009: 79) en que o artigo 3.3 pode utilizarse tanto para as linguas oficiais do Estado como para aquelas que non teñen ese recoñecemento e permitiría “un deber non individual-subxectivo, senón público-obxectivo” de protección das linguas (Amoedo, 2010: 91). Aquí se atoparía, por tanto, o fundamento das políticas públicas de acción positiva en favor das linguas.

Non obstante, o pe que ofrece o artigo 3 da Constitución española para ser interpretado como unha gradación xerárquica favoreceu que as linguas non-oficiais (o catalán en Aragón, o galego en Castela-León, Asturias ou Estremadura, o dariya en Ceuta ou o tamazight en Melilla...) vexan confinada a súa presenza ás manifestacións culturais sen garantir dereitos de uso xeneralizados aos seus falantes. Mesmo o Consello de Europa no seu primeiro informe de avaliación do cumprimento da *Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias* (ECRML, 2005: 13) lle indica ao Reino de España que a pesar do que se pretendeu co Instrumento de Ratificación da Carta:

77. El Comité de Expertos observa que toda lengua que cumpla el criterio fundamental establecido en el apartado a) del artículo 1 de la Carta (según el cual una lengua regional o minoritaria, a los fines de la Carta, es aquella “hablada tradicionalmente en un territorio de un Estado”) está amparada al menos por el artículo 7 de la Carta.

E tendo en conta esa obriga de as protexer, cando menos coas medidas mínimas que se establecen no artigo 7 (recoñecemento de ser expresión da riqueza cultural, respecto da área xeográfica na que se fala; fomento; favorecemento do uso oral e escrito na vida pública e privada; provisión de medios para o seu ensino; incentivación da comunicación entre falantes; estudos e investigacións nas universidades sobre as linguas), o comité de expertos (ECRML, 2005: 13) solicítalle ao Reino de España que no seguinte ciclo de revisión do cumprimento:

El Comité de Expertos alienta a las autoridades españolas a aportar aclaraciones, en colaboración con los hablantes, sobre la situación de la siguientes lenguas, y a incluir comentarios detallados, en su próximo informe periódico, sobre la aplicación del artículo 7 de la Carta a las mismas:

- el gallego en Castilla y León;
- el portugués en la ciudad de Olivenza;
- el bereber en la Ciudad Autónoma de Melilla, y –el árabe en la Ciudad Autónoma de Ceuta.

O ecolingüismo, o mantemento da diversidade lingüística co que de preservación da identidade e do pensamento esta achega, enraíza en grande medida neses argumentos desprovendoos da compoñente utilitarista e facendo incidencia no mantemento das características únicas de cada lingua como un patrimonio sobre o que se constrúe o ser.

Seguindo cos argumentos de García Blanco, é precisa a declaración de oficialidade para garantir esa diversidade? Non necesariamente, xa que existen moitas linguas non ameazadas que non son formalmente oficiais. Mais o certo é que son linguas oficiais “de facto”. Son as linguas dominantes dos estados que mesmo sen contaren con ese plus de recoñecemento reciben o apoio das estruturas institucionais e ideolóxicas dos estados. Nos estados plurilingües, a maioría, o recoñecemento xurídico –quer como lingua oficial, nacional, dunha minoría...– adoita ofrecer un maior nivel de protección.

Curiosamente un argumento que usa García Blanco para afortalar a necesidade de protexer a diversidade lingüística é esta non ser contraditoria co “interese nacional”. Reveladora mención a un dos prexuízos aínda hoxe presente no discurso lingüístico dominante en que as linguas propias, paradoxalmente, se presentan como artefactos capaces de destruíren o predominio legal, institucional e mesmo económico, do castelán nunha manipulación palmaria da realidade. O *Manifiesto por una lengua común* promovido en 2008 é indicativo neste sentido.

3. Progresividade

Pregúntase García Blanco: “¿se ha de conferir incondicionalmente a una misma de tales lenguas el disfrute a perpetuidad de la condición de oficial?” e, efectivamente, este é outra das cuestións que está presente na discusión lingüística. A oficialidade “incondicional”, usando as súas palabras, ou a oficialidade como decisión colectiva destinada a darlle un recoñecemento xurídico ás linguas.

O artigo 3.2 da Constitución hoxe vixente considera a declaración de oficialidade das linguas distintas do castelán un acto ligado ao autogoberno e traslada aos respectivos Estatutos de Autonomía a decisión sobre a oficialidade (“As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos”). Precisamente neste punto a Constitución do

1978 marca unha diferenza coa republicana de 1931 en que unha declaración de oficialidade do castelán e a obriga de coñecemento bastante semellante ao texto vixente, complementábase cunha atribución á lexislación estatal do recoñecemento de dereitos ás outras linguas:

Artículo 4. “El castellano es el idioma oficial de la República.

Todo español tiene obligación de saberlo y el derecho de usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de las provincias o regiones.

Salvo lo que se disponga en leyes especiales a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional.”

Malia algún autor defender a interpretación de a Constitución esixir a declaración de oficialidade polos Estatutos –polo uso do verbo “serán” e non “poderán ser”- (Vernet, 2003: 95), vemos como nalgúns casos a oficialidade foi recoñecida polos Estatutos –mesmo circunscrita a unha parte do territorio como no caso de Navarra-, e noutros casos linguas tradicionalmente faladas non foron obxecto dese recoñecemento (i.e. o galego en Asturias ou Castela-León). Mesmo recentemente a STC 31/2010 en relación co Estatut de 2006 de Catalunya interpreta que a habilitación para declaración de oficialidade non é aberta senon que está limitada en función de ser a lingua “característica, histórica, privativa...en este sentido, propia”:

En efecto, el art. 3.2 CE no permite que los Estatutos de Autonomía proclamen la oficialidad de cualquier lengua española distinta del castellano, del mismo modo que el art. 143.1 CE condiciona el derecho a la autonomía a la concurrencia de una serie de características que permitan la identificación en los territorios que lo ejercitan de una cierta «entidad regional histórica». La lengua española distinta del castellano susceptible de ser proclamada oficial por un Estatuto de Autonomía es la lengua de la «respectiva» Comunidad Autónoma, esto es, la lengua característica, histórica, privativa, por contraste con la común a todas las Comunidades Autónomas, y, en este sentido, propia (FX 15).

O carácter construtivo da oficialidade, a posibilidade ou non de declarar oficial unha lingua, depende dunha decisión estatutaria e está sometida aos eventuais cambios que experimente o Estatuto de Autonomía. Eis o exemplo do Estatuto catalán co aranés que malia non ser oficial no primeiro Estatuto do período posconstitución de 1978 acadase ese recoñecemento en 2006 (“*art.6.5. A lingua occitana, denominada aranés en Arán, é a lingua propia deste territorio e é oficial en Cataluña, de acordo co establecido neste estatuto e nas leis de normalización lingüística*”).

Tampouco a normativa lingüística ten ese carácter incondicional do que falaba García Blanco. Ao contrario do que sucede coa estrutura xurídica completa das normas en que o mandato, a imposición de deberes ou a atribución de dereitos, ten unhas consecuencias, a normativa lingüística foi temperada en moitos casos ao non recoller consecuencias ao seu incumprimento e, tamén, nuns casos por interpretacións xurisprudenciais, noutros polas propias previsións da lexislación coa aplicación dun criterio de *progresividade*. Este criterio permitiría a adopción paulatina de medidas por parte dos poderes públicos adaptando os seus medios ás esixencias normativas ou a capacitación dos suxeitos afectados por estas normas, un criterio que, tamén, abriu as portas a unha sempre inacabada normalización das linguas propias pola inmunidade de certos sectores a poñer en práctica o que supón esta progresividade (i.e. Administración de Xustiza).

Na Lei de normalización lingüística atópase ese mandato de incorporación progresiva do galego en catro ámbitos: a Administración da Xunta (art.6.4), a Administración de Xustiza (art.7.3), a capacitación para o uso polos empregados públicos e as empresas públicas (art.11.1) e o ensino (art.13.2 e 17.2).

Agora ben, a modulación que podía imporse inicialmente á normalización derivada da necesidade de adoptar normas, poñer en marcha recursos e formar persoal ou alfabetizar a cidadanía na súa propia lingua non pode prolongarse indefinidamente –a perpetuidade como dicía García Blanco para o castelán.

Unha cousa é non chegar á meta inmediata ou aceleradamente, como establecía a sentenza do Tribunal Constitucional 337/1994 que fixou a interpretación dos parámetros de constitucionalidade para a lingua no ensino, e outra non chegar nunca:

Al determinar la utilización de la lengua propia de la Comunidad como lengua docente, los poderes autonómicos deben ponderar adecuadamente la consecución de aquella finalidad atendiendo tanto al proceso de formación de la personalidad de los estudiantes en los sucesivos niveles del sistema educativo como a la progresividad inherente a la aplicación de dicha medida. Pues en relación con el presente caso cabe observar que aun siendo constitucionalmente legítima la opción del legislador catalán en favor de un modelo de conjunción o integración lingüística, con sus innegables beneficios para la integración social, no es menos cierto, sin embargo, que los objetivos de dicho modelo no pueden ser alcanzados de forma inmediata o aceleradamente (STC 337/1994, FX 13).

As políticas de normalización lingüística son políticas finalistas, no sentido de que deben ir orientadas a un obxectivo de uso en igualdade das dúas linguas oficiais removendo os obstáculos que puideren existir para esa fin. As normas que regulan

a lingua son, por tanto, normas de resultado encamiñadas a conseguir ese obxectivo de xeito progresivo.

O que parece claro é que esta progresividade debe ir medrando en intensidade coa única limitación no seu alcance de conseguir o obxectivo de normalización. En tanto non se produza unha situación de igualdade real das linguas, xustifícanse medidas de discriminación positiva para corrixir a situación de desigualdade (Villares 2010: 32 e ss.). É evidente que os estudos sociolingüísticos, os datos estatísticos e a avaliación do sistema educativo indican que o galego segue sofrendo unha situación de desigualdade e que experimenta un retroceso sostido n@s nov@s falantes.

A STC 337/1994 estableceu esa “situación histórica de desigualdade”, como fundamento da acción de normalización e do establecemento de medidas progresivas coa intensidade requirida para conseguir a igualdade. Así o FX 7º: “Dentro destas accións políticas inclúense, como xa se declarou por este Tribunal, as disposicións das Comunidades Autónomas encamiñadas a promover a normalización lingüística no seu territorio (SSTC 69/1988 e 80/1988). O obxectivo xeral destas disposicións non é outro que a de asegurar o respecto e fomentar o uso da lingua propia da Comunidade Autónoma e cooficial nesta e, a este fin, corrixir positivamente unha situación histórica de desigualdade respecto ao castelán, permitindo alcanzar, de forma progresiva e dentro das esixencias que a Constitución impón, o máis amplo coñecemento e utilización da devandita lingua no seu territorio”; no FX 8º engádese que “cabe observar tamén que tales medidas posúen unha innegable incidencia social, pois (..) por razóns históricas vinculadas ao uso exclusivo do castelán no ensino (..) nas Comunidades Autónomas cun réxime de cooficialidade lingüística, existen sectores da poboación que non coñecen, ou só coñecen imperfectamente, a lingua propia desa Comunidade”. Tamén no FX 10º establece que “ao ser o catalán materia curricular e lingua de comunicación no ensino, iso asegura que a súa cooficialidade se traduza nunha realidade social efectiva; o que permitirá corrixir situacións de desequilibrio herdadas historicamente e excluír que a devandita lingua ocupe unha posición marxinal ou secundaria”.

Esta progresividade e intensidade non é, no ensino, cuestión de horarios senón de consecución do fin de igualdade real –e non puramente formal– e competencia plena en galego e castelán (SSTC 87/1983, FX 5º, 88/1983, FX 4º e 337/1994, FX 14º).

Loxicamente, *a sensu contrario*, resulta evidente que calquera norma que estableza límites regresivos ao uso das linguas propias, como sucede co Decreto de plurilingüismo para o ensino (menos da metade das materias, excluído o inglés e, no seu caso, outras materias impartidas en lingua estranxeira), sen ter conseguido o fin de normalización, viola o principio de progresividade fixado polo art.13.2 da LNL. A configuración progresiva do coñecemento das linguas propias tería como único

límite a exclusión do castelán ou a consecución do obxectivo final da normalización lingüística entendida como igualdade real das dúas linguas. Daquela, parece claro que o Decreto ao marcar un retroceso da porcentaxe de horas de galego claramente desconectado coa desigualdade na competencia lingüística real dos estudantes –que mesmo nalgúns cursos sitúa o galego con menos horas docentes que o castelán– incumpre os mandatos da LNL para se converter nunha regulación ilegal por falta de habilitación legal.

Consciente das implicacións (favorecendo políticas de discriminación positiva) que ten ese carácter de construción progresiva da normalización lingüística o Tribunal Supremo intentou desactivala nos últimos tempos con varias sentenzas (STS de 9.12.2010, 13.12.2012, 16.12.2010), en que, xogando con esa mesmo razoamento, pretende poñerlle freo interpretando que os datos sociolingüísticos revelarían que en Cataluña o obxectivo de normalización está conseguido polo que se debería operar unha transición cara a un modelo de “equilibrio”.

Esta declaración abre un interrogante acerca de cuál deba ser la proporción en la que se incorpore el castellano como lengua vehicular al sistema de enseñanza en Cataluña. La determinación de la misma y su puesta en práctica corresponde acordarla a la Generalidad de Cataluña, de modo que si el Gobierno de la misma creyese que el objetivo de normalización lingüística estuviera ya conseguido, ambas lenguas cooficiales deberían ser vehiculares en la misma proporción y si, por el contrario, se estimase la existencia aún de un déficit en ese proceso de normalización en detrimento de la lengua propia de Cataluña, se debería otorgar al catalán un trato diferenciado sobre el castellano en una proporción razonable, que, sin embargo, no haga ilusoria o simplemente constituya un artificio de mera apariencia en la obligada utilización del castellano como lengua vehicular. Trato de favor que debería ser transitorio hasta tanto se obtenga el objetivo de normalización que constituye el modelo de conjunción lingüística o de bilingüismo integral que constituye el modelo constitucional que garantiza el principio de lealtad constitucional entre Administraciones Públicas y que de acordarse deberá estar suficientemente motivado (STS 9.12.2010, FX 7°).

Sen entrar no feito dunha sentenza efectuar valoracións sociolingüísticas que lle corresponde ao poder político e impropias dunha resolución xurisdiccional que debe limitarse a aplicar a norma, o certo é que o Tribunal Supremo é consciente de que penetra nun ámbito que non lle é propio e acaba deixando no ar, abrindo a porta aos sucesivos incidentes que se produciron na execución da sentenza, a que o poder público autonómico rebata eses argumentos sociolingüísticos para manter a inmersión no ensino por non terse chegado á equiparación das linguas e ser precisa aínda unha acción normalizadora.

4. Grao de evolución e madurez

Outro dos interrogantes que formula García Blanco é o de se se debe “negar a los demás idiomas en uso en parte del territorio de la nación el derecho a luchar por la conquista de este privilegio exclusivo, una vez llegados a cierto superior grado de evolución y madurez”.

A oficialidade como selo da madurez. Noutros casos a oficialidade como contraste do número de falantes. Os parámetros cuantitativos ou cualitativos como filtro para a protección, en definitiva.

A pesar de declaracións temperás e reiteradas do Tribunal Constitucional que reclamaban que “*con independencia de la realidad y el peso social de cada lengua* (STC 82/1986), el régimen de cooficialidad lingüística establecido por la Constitución y los Estatutos de Autonomía presupone no sólo la coexistencia sino la convivencia de ambas lenguas cooficiales, para preservar el bilingüismo existente en aquellas Comunidades Autónomas que cuentan con una lengua propia y que constituye, por sí mismo, una parte del patrimonio cultural al que se refiere el art. 3.3 C.E (STC 337/1994, FX5)”, o certo é que o test de madurez e peso segue incidindo no réxime de protección garantido ás linguas.

Os compromisos de protección da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias aplicanse, por exemplo, “segundo a situación de cada lingua”. Unha forma de modular o alcance da Carta ao número de falantes, ao contorno socio-político en que se insire ou á consolidación dun estándar lingüístico. De permitir, en definitiva, que a protección á lingua e os dereitos recoñecidos aos seus falantes poidan experimentar gradacións de acordo coas decisións de cada Estado.

A propia discusión sobre as “linguas” do artigo 3.2 da Constitución española e as “modalidades lingüísticas” do 3.3 –co seu réxime diverso de protección, no primeiro caso a oficialidade, no segundo o fomento como parte do patrimonio cultural–, enraiza nesa mesma valoración. A que fundamenta a protección da diversidade lingüística no seu peso cuantitativo ou cualitativo. A que baixo denominacións como modalidade lingüística ou dialecto, lembremos a Castela no *Sempre en Galiza* afirmando “A esta fala popular, viva e groriosa, os imperialistas chámanlle dialecto”, queren agochar simplemente un réxime devalado de protección.

A pesar de o Tribunal Constitucional incluír reiteradamente a alusión na súa xurisprudencia á irrelevancia da “realidade e peso como fenómeno social” para a súa declaración como oficial, o certo é que as mencións de García Blanco ao grao de evolución ou madurez –entendidos como presenza efectiva e uso xeneralizado dos falantes– foron determinantes para a declaración de oficialidade das linguas no Estado español.

Agás o caso do aranés, e aínda nese suposto non é ata 2006 co novo Estatut que se proclama a súa oficialidade, a dupla oficialidade lingüística no Estado español reservouse para aquelas linguas cunha presenza relevante en número de falantes e extensión territorial. O peso social foi o elemento que xustificou limitar a oficialidade ou os seus efectos a partes concretas do territorio, por exemplo, no caso de Navarra, someténdoo a unha avaliación sociolingüística periódica de acordo coa Lei 18/1986, de 15 de decembro, Foral do Vascuence.

Artículo 9 Ley orgánica de reintegración y mejoramiento del régimen foral de Navarra

1. El castellano es la lengua oficial de Navarra.
2. El vascuence tendrá también carácter de lengua oficial en las zonas vascoparlantes de Navarra.

Una ley foral determinará dichas zonas, regulará el uso oficial del vascuence y, en el marco de la legislación general del Estado, ordenará la enseñanza de esta lengua.

En parecidos termos o Estatuto de Valencia de 1982 cingue os efectos da oficialidade do catalán nalgunhas partes do seu territorio:

Artículo 7.

1. Los dos idiomas oficiales de la comunidad autónoma son el valenciano y el castellano. Todos tienen derecho a conocerlos y usarlos.
6. Mediante Ley se determinarán los territorios en los que predomine el uso de una y otra lengua, así como los que puedan exceptuarse de la enseñanza y del uso de la lengua propia de la comunidad.

Condicionar os dereitos das persoas falantes ou a protección das linguas ao seu peso social ou ao grao de expansión dos usos é condenala ao desuso e á morte por inanición. Todo o contrario do mantemento da diversidade lingüística da que falabamos e da aplicación de medidas de discriminación positiva que revertan os prexuízos ou a situación minoritaria *de facto* en que se atopan as linguas pola presión de múltiples factores sociolingüísticos.

5. Avantaxes do recoñecemento de oficialidade

Finalmente habería que entrar no que significa a oficialidade e os efectos do recoñecemento da oficialidade. Cando Manuel García Blanco reclamaba a posibilidade de o galego ser oficial, que pedía? Cando hoxe falamos da dupla

oficialidade, de que falamos? En que consiste ese “privilegio exclusivo” do que falaba García Blanco e que vantaxes ten de acordo tamén coas súas interrogantes?

O Tribunal Constitucional fixou na STC 82/1986 (FX 2) que “unha lingua é oficial cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación entre eles e na súa relación cos particulares, con plena validez e efectos xurídicos, con independencia da súa realidade ou peso como fenómeno social”.

Dous son, por tanto, os elementos que se deben ter presentes cando definimos a unha lingua como oficial:

- A oficialidade ten consecuencias no ámbito público e garante a plena validez das comunicacións realizadas nesta lingua sen que poida alegarse descoñecemento por parte da Administración
- A oficialidade produce plenos efectos con independencia do número de falantes da lingua.

Son as persoas falantes as que poden usar validamente calquera das linguas oficiais sen os poderes públicos poderen rexeitar as comunicacións nesas linguas.

O Tribunal Constitucional non derivou máis consecuencias desta definición da oficialidade polo que existen interpretacións diversas sobre se a oficialidade tería como consecuencia o “deber de coñecemento” ou esta cuestión resulta allea á declaración de oficialidade. Milian I Massana (1984) indica que da declaración de oficialidade dun idioma se extraen tres consecuencias: a adopción como lingua de relación dos cidadáns cos poderes públicos e, por tanto, a súa plena validez xurídica; a obrigatoriedade do seu estudo no sistema educativo; e, a imposibilidade de alegar o seu descoñecemento ou de usar unha lingua distinta cos poderes públicos.

Se miramos comparadamente, a maioría dos textos constitucionais límitanse a enunciar a oficialidade das linguas sen conteren referencias aos dereitos ou liberdades lingüísticas derivadas desta cualificación (Vernet 2003: 91). Precisamente por iso tanto a Constitución da República de 1931, como a mimética reprodución que fai a de 1978 da obriga de coñecer o castelán, supoñen un elemento en certo modo desconcertante desde a perspectiva comparada e xerou discusión en canto a se iso era unha nota caracterizadora da oficialidade ou non.

Habrá que concordar con Carballo Calero cando expresaba as súas cautelas pola declaración de oficialidade non ir acompañada por un deber de coñecemento (García Negro, 1991: 340). A oficialidade é, no entendemento actual, unha declaración que ten o seu centro de gravidade no ámbito público impondo obrigas de protección e de respecto dos dereitos dos falantes aos poderes públicos mais non inclúe cargas no lado das persoas falantes.

El precepto, sin embargo, es conforme con la Constitución ya que puede interpretarse en el sentido de que, en el marco de la política de fomento y difusión del catalán, las entidades públicas, instituciones y empresas a que el precepto se refiere, pueden utilizar la lengua catalana con normalidad, sin perjuicio de poder utilizar también con normalidad el castellano, en sus relaciones internas, en las relaciones entre ellas y en sus comunicaciones con los particulares, siempre que se arbitren los mecanismos pertinentes para que el derecho de los ciudadanos a recibir tales comunicaciones en castellano pueda hacerse efectivo *sin formalidades ni condiciones que redunden para ellos en una carga u obligación que les constituya en la posición de sujeto activo en sus relaciones con la Administración pública* (STC 31/2010, FX.23).

A Sentenza do Tribunal Constitucional en relación co Estatut de Catalunya pretende consolidar esta interpretación con afirmacións que claramente queren marcar unha desigualdade entre o castelán e as outras linguas oficiais do Estado. Un equilibrio formal mais unha desigualdade real cunha obriga de coñecemento xeneralizada para o castelán e unha obriga de coñecemento só na educación e o emprego público para as outras linguas.

No hay aquí, por tanto, contrapunto alguno a la facultad del poder público de la Generalitat de utilizar exclusivamente la lengua catalana en sus relaciones con los ciudadanos, que sería improcedente, sino que se trata, aquí sí, no de un deber generalizado para todos los ciudadanos de Cataluña, sino de la imposición de un deber individual y de obligado cumplimiento que tiene su lugar específico y propio en el ámbito de la educación, según resulta del art. 35.2 EAC, y en el de las relaciones de sujeción especial que vinculan a la Administración catalana con sus funcionarios, obligados a dar satisfacción al derecho de opción lingüística reconocido en el art. 33.1 EAC (FX15).

Mesmo esa aparente limitación da declaración de oficialidade para os plenos efectos xurídicos no ámbito público é teimudamente desmentida pola realidade por existiren poderes públicos –a Xustiza, nomeadamente– inmunes ás propias afirmacións xurisprudenciais de plena validez no ámbito territorial en que as linguas son oficiais.

Non obstante, malia os claros problemas que aínda presenta o galego o certo é que a declaración de oficialidade si que contribuíu a unha presenza social e institucional, mesmo a unha recuperación ou nacemento de usos –no ámbito público, como reclamaba García Blanco, ou na rede– impensable hai poucas décadas. Unha perspectiva dos problemas que atravesan as denominadas pola Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias linguas rexionais ou minoritarias (Nogueira, Ruiz Vieytez, Urrutia: 2012) evidencia que a oficialidade das linguas acompaña unha protección que pode ser insuficiente pero que é significativamente maior que

a que se acorda ás linguas minorizadas na maior parte dos estados europeos. A non limitación dos dereitos lingüísticos aos membros da “minoría lingüística” e o dereito a usalas perante as institucións públicas e a seren educados na propia lingua serían os elementos que máis comunmente acompañan as declaracións de oficialidade no ámbito comparado aínda existindo un amplo abano de solucións que dificultan facer unha sistematización do significado da oficialidade (Ruiz Vieytez 2004: 26).

Tamén ten vixencia outro elemento que apunta García Blanco e liga á breve referencia que realiza sobre a oficialidade: o exemplo que se debe tomar do pobo catalán. Este exemplo, ao seu ver, deriva do seu uso culto e na ciencia, do emprego “en la región y fuera de ella, en público lo mismo que en privado”, e, máis significativamente, da capacidade propia de “contribuir al progreso de la humanidad por el instrumento de su lenguaje propio” convertíndose na rexión “más próspera, la más progresiva, la de más acusada y consciente personalidad de las que integran la nación española” logrando o movemento rexionalista “ser el eje de rotación de toda la política interior de España” (García Blanco 1912: 27).

Aínda hoxe esta diferenza nos ritmos de construción nacional marca a diversa evolución lingüística entre Cataluña e Galiza. A vontade política e a conciencia nacional teñen condicionado radicalmente a normalización do uso da lingua e actuado, consecuentemente, de forma oposta (nun caso manténdoos, no outro combatendo mesmo os esóxenos) sobre os prexuizos lingüísticos que destaca García Blanco.

Xustamente por iso parece claro que, coa relevancia que indubidablemente ten a declaración de oficialidade, a existencia dunha convicción nacional sobre a identidade propia –da que a lingua é o elemento máis importante– xoga un papel tan esencial como o da oficialidade. Tamén Paz Andrade situaba na “inhibición regional una buena parte de la responsabilidad” (1959: 140), intentando construír no seu caso a recuperación do galego sobre a súa oficialidade “irmá” -a do portugués- rexeitando a pexorativa consideración de lingua vernácula por esta presenza alén das fronteiras galegas no amplo mundo da lusofunía (1959: 143,153).

Voltando á ecolingüística “situar as persoas usuarias no centro e estender a idea de que as linguas remataren por ser o que quixeren os seus falantes” (Sanmartín Rei 2010: 89). Asumir que a diversidade lingüística para se manter depende das decisións dos seus falantes nun acto de asunción do seu papel no mantemento da lingua como unha reivindicación de xustiza.

O Dereito, a declaración de oficialidade, non é dabondo para reverter unha situación histórica de discriminación política que creou uns prexuizos lingüísticos profundamente enraizados na sociedade (Núñez Singala 2009, Costas 2010). Se ben é certo que compre remover os obstáculos xurídicos que impiden unha

verdadeira igualdade dos falantes das dúas linguas oficiais, non o é menos que a igualdade xurídica ten que ir acompañada de pasos firmes de extensión das políticas normalizadoras a todos os ámbitos sociais. Sen recuperación de prestixio social e de introdución en novos sectores –como sucedeu con internet– o galego apreciárase como unha lingua eivada limitada nas posibilidades de expresión que ofrece.

Neste proceso o labor dos poderes públicos é ben importante, mesmo para incidir nas relacións privadas. O certo é que, desmentindo afirmacións que se escoitan con frecuencia nestes días, a normalización do galego desde o comezo das institucións de autogoberno non foi obxecto de políticas sistemáticas, comprensivas e activas. Os poderes públicos non foron quen de usar a súa capacidade de condicionamento da vida económica e social para promover cambios substanciais na presenza do galego en ámbitos en que esta está infra-representada. O amplo volume de negocio que xeran as Administracións públicas coa contratación de bens, obras e actividade asesoramento e servizos (cálculase que representa un 16% do PIB) supuña, por exemplo, un campo aberto ao condicionamento lingüístico desas actividades que ten como contratistas, non se esqueza, a Administracións galegas que teñen como lingua propia o galego.

En clara sintonía co desleixo normalizador produciuse un adiamento da normativa de desenvolvemento da oficialidade do galego “sine die”. Ao contrario do que sucedeu en Cataluña e Euskadi, en Galicia apenas se pode falar dun desenvolvemento sectorial e regulamentario máis coactivo e concreto logo da aprobación da Lei de Normalización Lingüística en 1983.

Co mesmo punto de partida, unhas leis de normalización lingüística declarativas e programáticas, pódese afirmar que hoxe Cataluña e Euskadi, conseguiron uns niveis aceptables de normalización nos sectores afectados por esa primeira xeración de normas (función pública, procedemento administrativo, toponimia, ensino...). Isto debeuse a un intenso labor nese segundo terreo do labor normativo que é a aplicación mediante a configuración de obxectivos concretos e medidas para poñelos en práctica coa acción concreta de normalización. En Galicia os escasos avances experimentados son o resultado evidente do desinterese por realizar ese labor de desenvolvemento normativo e traballo normalizador que precisaba claramente a Lei de normalización lingüística. Se exceptuarmos o ámbito do ensino –sen incluír a Universidade– e máis relativamente o da función pública, as normas con contido lingüístico son anecdóticas e, mesmo, experimentamos serios retrocesos nos últimos tempos. A acción normalizadora practicamente inexistente. E aínda neses ámbitos evidénciase a ausencia dunha verdadeira planificación lingüística que, progresivamente, vaia fixando obxectivos de mellora e avaliando os resultados.

6. Conclusións

A lectura das *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* de Manuel García Blanco permiten apreciar que moitos dos debates existentes en relación coa situación da lingua galega nos últimos cen anos teñen pouco de novo o que nos debe levar a pensar que fallaron diagnósticos e, sobre todo, houbo erros evidentes na planificación lingüística (in)existente levada a cabo no período en que as circunstancias políticas e institucionais poderían ter sido máis favorables, aínda que os responsables implicados fixeran clara deixación do seu labor.

Sen minusvalorar a relevancia, sobre todo examinada comparadamente, da declaración de oficialidade polo Estatuto de Galicia, o descenso do número de falantes, a persistencia dos prexuízos contra a nosa lingua, convidan a pensar que o camiño ten que ser outro.

Un século despois as reclamacións sobre a educación, a prensa en galego, os usos lingüísticos das clases dominantes efectuadas por García Blanco parecen –se non for polo pouso da linguaxe utilizada– de plena actualidade. Os condicionantes que se pretenden poñer á plena igualdade das linguas oficiais –peso, ritmo do proceso de normalización para permitir a “progresividade”– tamén.

Referencias bibliográficas

- Amoedo Souto, C.A. (2010): “A comprensión xurídica da lingua galega como ben cultural”, en Villares Naveira, L. (coord.) *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*: 73-128 (Ames, Bertamiráns: Laiovento).
- Arzoz Santiesteban, X. (2009): “Lenguas y modalidades lingüísticas en la Constitución española: ¿dos regímenes jurídicos diferenciados?”, en Milian I Massana, A., (coord.): *El plurilingüisme a la Constitució espanyola*: 61-123 (Barcelona, Institut d’Estudis Autonòmics).
- Costas, X.H. (coord.) (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames, Bertamiráns: Laiovento).
- ECRML (2005): *Informe del Comité de Expertos sobre la Carta. Ciclo inicial de control. España*, 21 de setembro de 2005, http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/report/EvaluationReports/SpainECRML1_es.pdf.
- Fernández del Riego, F. (ed.) (1995): *Pensamento galeguista do século XX* (Vigo: Galaxia).
- García Negro, P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (Pontevedra: Eds. do Cumio).

- Milian I Massana, A. (1984): “La regulación constitucional del multilingüismo”, *Revista española de Derecho Constitucional*, nº10.
- Nogueira López, A.; Ruíz Vieytez, E.; Urrutia Libarona, I. (eds.) (2012): *Shaping language rights: Commentary on the European Charter for Regional or Minority Languages in light of the Committee of Experts’ evaluation* (Council of Europe).
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?: Contra os perxuizos e as simplificacións sobre a lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Paz Andrade, V. (1959): *Galicia como tarea* (Ediciones Galicia).
- Ruíz Vieytez, E. (2004): “Official languages and minority languages: Issues about their legal status through comparative Law”, II Simposi Internacional Mercator: Europa 2004: Un nou marc per a totes les llengües?/ *II Mercator International Symposium: Europe 2004: A new framework for all languages?*, 27-28 / 2 / 2004 Tarragona – Catalunya, (<http://www.ciemen.org/mercator/pdf/simp-vieytez-ang.pdf>).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Sanmartín Rei, G. (2010): *Lingua e futuro* (Ames, Bertamiráns: Laiovento).
- Vernet, J. (coord.) (2003): *Dret lingüístic* (Cossetània Ed.).
- Villares Naveira, L. (coord.) (2010): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*, (Ames, Bertamiráns: Laiovento).

Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega ou os primeiros pasos dunha didáctica da lingua galega propiamente consciente de seu

Xulio Pardo de Neyra
Universidade da Coruña

Xa nolo avisa o profesor Benigno Fernández Salgado, para quen Manuel García Blanco ben pode ser considerado “o máis temperán antecesor dos psicólogos, sociólogos e planificadores modernos da lingua galega” (Fernández Salgado 2000: 293). Evidentemente, do punto de vista dunha Didáctica da Lingua Galega propiamente si o é. Mesmo no eido dos inicios dunha Sociolingüística especificamente galega tamén o é ¹. Á parte do interese de Castelao, Antón Villar ou Viqueira a respecto das preocupacións polo idioma, quizais sexan Ramón Villar Ponte, irmán do principal organizador das *Irmandades da Fala*, e o noso Manuel García Blanco os primeiros en elaboraren senllos diagnósticos en redor do idioma da Galiza, dous traballos de análise e estudo das previsións sobre o porvir da lingua que, sen medo a incorrer en erro, representan os dous primeiros ensaios de carácter propiamente sociolingüístico. E como por mor do ostracismo interior ao que foi condenado, o do viveirés ficou inédito até 2001 ², o do palense débese considerar como o primeiro achegamento polo que, na Galiza, se efectúa unha diagnose do feito lingüístico propio, e faise dunha óptica eminentemente didáctica. Non en van, estaba asinado por un docente vocacionalmente perfecto. E, non en van, explicándose nel o peso da diglosia, está redixido en lingua castelá ³.

- 1 Cando o prof. Regueira cualifica seu compañeiro Alonso Montero – que en 1973, na editora Akal saca á luz o coñecido *Informe – dramático – sobre la lengua gallega* – como o iniciador da Sociolingüística Galega (Regueira 1996: 60), está esquecendo a monumental contribución do prof. Carvalho Calero – responsábel dunha bibliografía máis monumental aínda sobre Historia da Literatura Galega – no mundo dos estudos de Socioloxía e Historia Social do Galego, así como o relevante papel de García Blanco nunha Didáctica do Galego que axiña constituirá unha das principais preocupacións do pensamento irmandiño na Galiza. Con todo, son os casos de Zernadas y Castro, Sarmiento, Pintos e Murguía, quen nos séculos XVIII e XIX foron os grandes precursores da Sociolingüística e da Didáctica da Lingua de xorne galego.
- 2 Basta comprobar o orixinal do traballo, actualmente nos fondos cedidos por Teresa Villar Chao, filla do intelectual de Viveiro, á biblioteca do Parlamento da Galiza en Compostela, para decatármonos de que o texto constituiría un capítulo inicial destinado a unha obra pola que Villar Ponte quería efectuar un estudo histórico do idioma galego dunha perspectiva social, tal como xa indicou Sanmartín Rei (2004: 75-93).
- 3 Circunstancia lingüística que lle achega moito máis valor didáctico e que, como digo, asenta nun dos primeiros achegamentos á diglosia da Galiza. Neste caso, porén, non estamos diante dun traballo que, pola elección idiomática empregada, poidamos incluír no espectro da Sociolingüística Española, senón todo o contrario. Neste sentido, o mesmo sucede co texto que en redor do nacionalismo, Villar Ponte

O traballo villarpontiano, de vinte e nove páxinas mecanografadas que el mesmo titulou *O feito galego (libro de proselitismo)*, divídese en tres seccións: “O idioma esenza da nacionalidade”, “O problema básico do idioma” e “Escolma de feitos amostrativos da lingua no rexurdire de un pobo”. Nel, malia que redixido trinta anos despois da publicación das consideracións de García Blanco ⁴, albíscase un dos máis ferventes desexos de boa parte da intelectualidade da Galiza do seu tempo – a da Época Nós –, e faino co mesmo ton e coa mesma coherencia edificada nun proxecto claramente organizado e sistematizado que caracteriza a aposta por unha Didáctica da Lingua Galega sustentada nos argumentos sociolingüísticos vocacionalmente máis diferenciadores. Neste sentido, e fóra do interese moito menos independentista de García Blanco – lembremos para iso que o texto do da Ulloa é un lustro anterior ao nacemento oficial do nacionalismo galego–, no traballo do irmán de Antón Villar Ponte concébase o idioma como a manifestación máis destacada de calquera nacionalidade diferenciada, detacándose, por conseguinte, que o feito da negación da súa utilización é algo que en todo caso se debe traducir polo triunfo dun asimilacionismo lingüístico aparentado co do imperialismo e o colonialismo máis feroz. Para o do país do Landro, en tanto, unha estratexia liberadora comezaría pola recuperación de todos os sinais identitarios que o pobo posúe de seu, e entre eles aparece a lingua como elemento cohesivo para todos e todas as integrantes da comunidade, dunha sociedade que nin entende nin atende a criterios de pretendida universalidade e globalización a través do uso dun vehículo lingüístico alleo e imposto. E, por tal motivo, no seu estudo quixo ofrecer un diagnóstico do feito lingüístico no espazo da Europa, facéndoo dunha chave didáctica – el denominaríaa ‘propagandismo’ – capaz de servir modelicamente para a súa arelada constitución dunha Galiza delimitada desde e para a súa propia realidade lingüístico-nacional⁵, dunha Galiza que de asistir á destrución do seu idioma, asistirá ao seu propio desmantelamento como pobo, porque:

cando un pobo ten un idioma que lle non foi imposto senón que xurdiu dentro del como eflorescencia admirábel e revelación xurdia do seu poder de creación, da súa forza vital, renunciar a falalo sería como negarse a si mesmo para asolagarse na tarefa suicida, monstruosa e inconcibíbel de buscar polo vieiro máis doado a propia desaparición, o seu voluntario esmorecemento.

publica en 1916, un ensaio tamén redixido no idioma da Castela e que non por iso ten menos relevancia para a cultura galega nin deixa de ser considerado fundacional do pensamento nacionalista galeguista.

- 4 Por máis que o traballo de García Blanco se date en 1912 e o de Villar fose redixido *circa* 1940-1945, ambos os intelectuais eran case enteiramente contemporáneos. O viveirés nacera en 1890 e falecera en 1953 e era, portanto, oito anos máis novo que o de Palas.
- 5 Un dos máis claros tons didácticos do ensaio de Villar Ponte asenta precisamente nesta dimensión: co seu texto desexaba ofrecer á poboación – sobre todo aos e ás nacionalistas – os argumentos necesarios para o combate das teses dos e das que non acreditaban no proxecto do nacionalismo galego.

Sería tanto como crebar toda relación e contacto coa xeografía e a historia, coa tradición e coa propia natureza, para deixar de ser o que é por causas superiores, por designios ultrahumanos, e aparecer trocado en axeitado elemento para o florecemento de todas as submisións e das máis vergoñosas escravitudes. Sería tanto como borrar de súpeto todas as naturais arelas de permanencia e superación que na lingua propia se acochan e latexan dun xeito inigualado por nada, para entregarse, covarde e resignadamente, a todos os escarnios e aldraxes que preceden decote ao punto culminante da desaparición (Villar Ponte 2001: 18-19).

Nunha epígrafe posterior, titulado “Argumentos a prol da lingua” e que o de Viveiro non chegou a redixir mais para o que compilou non poucas anotacións e textos, quixo delimitar certos prexuízos cos que contaba o pobo da Galiza e que tiñan de ser afrontados para a consecución da liberadora proposta que guiaba o seu diagnóstico:

os non galegos terán que aprender o galego: mentira.

Non haberá convivencia.

Vds. non falarán máis que o galego.

Éralles mellor e máis práctico escribir en castelán.

Co bilingüismo terá que haber dúas clases de ensino (cf. BPG, *O feito galego (libro de proselitismo)*, “Fundo Ramón Villar Ponte”).

Trátase, pois, duns apuntamentos que van abrir unha serie de consideracións “a prol da lingua”, claro, que nos confirman que o ensaio villarpontiano se orixinara e estaba directamente motivado por unha defensa fronte aos ataques adoito recibidos polos e polas galegas a respecto da súa lingua e do seu posicionamento lingüístico. Por eles, xa que logo, o da cidade do Landro mesmo apostaba por unha dirección bilingüe do Ensino galego ⁶, un ensino que se había fundamentar na integración e que, como non, amais da cultura galega habería incorporar o seu vehículo lingüístico propio na construción do proceso de ensino-aprendizaxe, algo do que o pensamento do mariñao era intensamente debedor do risquiano ⁷. Xa o dicía seu irmán Antón, dez meses maior que o profesor García Blanco, para quen en 1916:

6 Véxase, por tanto, a non radicalidade dos seus criterios e a apertura cara a unha nación que, e por isto se constata, asume o estado de colonialismo de que é obxecto. Por outra parte, malia que o Ramón Villar nacera na vila por entón máis importante da Mariña luguesa, antes de celebrar o seu primeiro cabodano, Viveiro recibiu o título de cidade de mans da por entón raíña gobernadora M^a Cristina Borbón, quen así mesmo lle outorgou ao concello viveirés o tratamento de “Excelentísimo”.

7 Risco, como é sabido catedrático de Historia da Escola Normal de Ourense desde 1916, é responsábel dun Plano Pedagógico para a galeguización das escolas (1921) de enorme interese para a Didáctica da Lingua e a Literatura Galega. A el, por tanto, alude o propio Villar Ponte.

fundar e soste escolas en Galicia é obra santa, patriótica [...] Toda a nosa presoalidade está na nosa lingua. Por eso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora porvidencial da nosa concencia coleitiva, veña a inxertarse na voz da xuventude vilega, pra restaurar así antre todos un sentimento, un pensamento i unha aición que dean mañán o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que faga progresar a Galicia esnaquizando os logreiros i os lavercos [...] Pobo que recobra a súa lingua recóbrase a si mesmo, pénsase como se fala, e fálase como se pensa. Cando morre un idioma morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home (Villar Ponte 1916 b) ⁸.

Un ano despois da publicación deste desexo, un dos máis ferventes institucionistas da Galiza, Xoán Vicente Viqueira, apostaría por unha Escola puramente galega, unha Escola que fose quen de espertar a raza e capaz de facer xermolar nela todo canto tiña de bo:

a escola pedímoslle a raza en toda a súa integridade: mulleres, homes da nosa raza para loitar, para vencer na inmensa loita da vida. Sexa logo o lar da Galicia. E que todo desde o ler até o insino máis alto fágase pensando que o saber soio val cando é saber para a vida, e lembrándonos da nosa raza e dos seus fins na humanidade [...] A lingua galega, co espírito galego, debe penetrar na escola e levalo aló envolvemento no seu seio. Non queremos somente que se insine no noso linguaxe por ser o noso. Hai para ilo tamén outros motivos. ¿Non é absurdo que hoxe nas escolas ruraes e nas máis das vilas falen os mestres ós discípulos en castelao, onde as rapaciñas e os rapaciños coñéceno, si o coñecen, como unha lingua estranxeira? [...] A máis sinxela pedagogía dínos que o mestre ha de chegar cas súas palabras ó fondo da ialma do neno. ¿E como poderen chegar con verbos estranxeiros e incomprensidos? Aínda existe outra razón para levar o galego á escola. O porvir económico da Galicia (ó que me refiro debe xa parte do seu benestar) e o porvir cultural, depende da súa estrutura bilingüe. O galego ábrelle o mundo portugués, o castelao o mundo español. Volver polo galego é aumentar o horizonte da nosa actividade universal! [...] Os que isto cobizamos temos de facer dos mestres unha aristocracia do país. Temos de erguer a súa situación económica [...] temos que erguer tamén a súa formación pedagóxica e cultural. Deben formarse para isto, os mestres na facultade (a crear!) de Filosofía da Universidade, organizando nela estudos pedagóxicos, en substitución das Normas das que xa até os políticos da instrución (?) pública declaran a inutilidade relativa. Ao ir os mestres á facultade de Filosofía acharían nela un traballo sólido, un horizonte amplo, e se faría a obra con xustiza de igualalos cos mestres secundarios e universitarios (Viqueira 1917).

8 Doce anos máis tarde, agora nas páxinas da revista *Nós* da cidade das Burgas, o maior dos Villar Ponte asegurará que non sabía “doutra aristocracia nin doutra aristarquía galega actual que non sexa a dos que teñen o Idioma materno por brason” (Villar Ponte 1928).

Despois de ser escasamente celebrada a súa publicación na prensa galega⁹, nas páxinas daquel voceiro coruñés, mais dezaseis números antes da publicación das reflexións viqueirianas, e no número correspondente ao 10 de marzo, nunha caixa de folletón da que non consta esta natureza senón é porque ocupa a parte baixa da penúltima folla do xornal, porque posúe a indicación final – “(Seguirá)” – e porque números adiante, o texto proseguiría¹⁰, *A Nosa Terra* decide ofrecer á comunidade galega un traballo que xa cinco anos antes se publicara na cidade dos muros romanos. Xa que logo, inaugurando o espazo dos folletóns d’*A Nosa Terra*, co simplificado título *Consideración sobre a fala galega por M. G. B.* e no máis puro estilo lingüístico villarpontiano, a primeira entrega do traballo de García Blanco ábrese coa seguinte nota de presentación:

[...] chegou ás nosas maus un folleto imprentado en Lugo no ano de 1912, do que é autor o señor M. G. B., á quen non temos o gusto de conoscere. Trata d’un modo maxistral do estado de deixadés á que ten chegado o noso idioma materno e do xeito pra chegarnos ao seu rexurdimento.

Con algunhas apreciacións do autor non estamos conformes, mais é merecente dos nosos laudes a ansia querendosa que quer espertar nas almas dos bos galegos pra que afinquemos na fonte esgrevia da nosa nobre fala a persoalidade de Galicia.

Por descontento mandámoslle unha aperta d’hirmans ao descoñecido autor, e pedímoslle perdon pol-oa trevimento de verter ao galego o seu valedeiro libriño. Temol-a seguranza de que os nosos suscritores hannos d’agradecer que pol-a nosa mediacion conozan tan proveitoso e patriótico traballo.

A tradución do texto do de Palas, que en realidade non sabemos por que ficou en suspenso tras a segunda entrega¹¹, era, así, integrada no medio en que propiamente nacera, no

9 Só *La Voz de Galicia* e o *Heraldo de Vigo* da cidade olívica foron os medios xornalísticos da nación que se preocuparon por louvar a saída do ensaio de García Blanco (*La Voz de Galicia* 1912; Montero 1912). No primeiro dos casos, a través dun editorial, a redacción efectuou un detido e amplo estudo do traballo.

10 Alí titulado *Consideración sobre a fala galega*, o texto de Manuel García Blanco tan só foi publicado en dúas entregas, unha no número 12, correspondente ao 10 de marzo de 1917, e outra no 17, do 30 de abril seguinte. Nesta ocasión, xa coa indicación “(2) Folletón de A NOSA TERRA”, tamén se publicou na penúltima das páxinas do número, o que indica que na vontade do medio herculino existía xa un interese cara á publicación de obras neste formato. Desgrazadamente, o traballo do lugués quedou en suspenso, e até o número 32, do 30 de setembro de 1917, non volvería saír un novo folletón: esta vez a obra elixida sería *Ramón Cabanillas, poeta da raza (Apuntes pra un estudio)*, que fora galardoado nos Xogos Florais composteláns celebrados con anterioridade e que, malia aparecer coa asinatura “X”, se debía á pluma de Antón Villar Ponte, alma d’*A Nosa Terra*. Precisamente, ao Antón Villar débese a tradución do texto de García Blanco, así como a nota de presentación – pola que a redacción do medio coruñés declaraba o descoñecemento da identidade de quen, desde Lugo, se agachara tras do acrónimo co que se asinaba o libro – e unha “Nota da Redaición” incluída na segunda das entregas.

11 Non sería nada estraño que, debido á rixidez do carácter de Manuel García Blanco, malia terse laiado e recoñecer publicamente o feito de non dominar a escrita do idioma galego, fose el mesmo quen, ao

medio do nacionalismo galego herdeiro do anterior rexionalismo político onde, con efecto e na sección luguesa, o García Blanco destacara e se proxectara publicamente.

A través dunha meditada tradución pola que se eliminaba o florido estilo do autor e se dirixía intencionalmente cara á causa política que *A Nosa Terra* defendía, a pena de Antón Villar, responsábel da adaptación do texto, decidiu alterar o ton e o estilo do discurso que simplemente tiña de versionar e suprimir notas no rodapé, así como incluír outras polas que deixar patente certas incorreccións en que, por descoñecemento, incorrera o autor.

Este é o caso dunha notiña no rodapé existente na segunda entrega do folletón, unha nota pola que simplemente se quere deixar patente unha serie –e ben pequena, por certo– que nin dá contas do uso xeneralizado do galego nin moito menos responde ao que no seu traballo expresaba o palense. Xa que logo, cun ánimo igual de notarial que o de García Blanco, aproveitando que este se laia da falta de compromiso lingüístico por parte dos individuos do espazo urbano da Galiza (onde, di o ullense, o galego só era usado polas clases proletarias, pois as demais consideraban que falar en idioma galego era signo de rusticidade ou falta de preparación), nunha “Nota da Redacción” o Villar Ponte trata de enmendar tal visión recollendo una fragmentaria nómina de tres exemplos – un deles, por certo, posterior á situación que García Blanco comenta – polos que clamar pola ignorancia do autor que traduce ¹²:

o autor esquécense de que dende o ano de 1902 veñen representándose, na Cruña, no Ferrol e n’outros pobos obras dramáticas serias, con grande aprauso do público. Cando os mitis dos solidarios fíxose uso do galego n’algunhas vilas y-en moitas aldeas, con bos resultados para a propaganda; e nestes días os Amigos da fala, en Lugo, Ferrol e na Cruña, en conferencias a [sic] asambleas, falan en galego, sendo escoitados con antusiasmo e agarimo. Temos que reconocer que neste sentido adiantouse moito ¹³.

coñecer a saída desta tradución do seu libríño, mesmo tras comprobar o público desacordo parcial do medio en que saía a respecto dalgúns dos seus criterios, e tras observar que, amais, nela se intercalarían notas da redacción do voceiro polas que se lle enmendaban os seus argumentos corrixindo parte dos asuntos alí expostos, impedise a continuación da publicación da tradución galega do seu estudo en folletón.

12 E, claro, en todo caso, á vista desa *addenda*, quen esquece algo é o propio Villar Ponte, que descoñecedor de quen é o responsábel do traballo que traduce, non sabe que se trata dunha persoa de intensa formación sociolingüística e política, así como de fortes conviccións e activismo galeguista; un dos valores, dos ‘homes novos’, que en 1917 máis destacaban no proxecto novirrexurdentista do galeguismo novecentista lucense: é o mesmo Correa Calderón tan louvado polas páxinas do voceiro herculino quen dá contas de tal extremo en *La Idea Moderna*, curiosamente un xornal cuxos intereses galeguistas eran abondo coñecidos, e así ponderados, pola redacción d’*A Nosa Terra*.

13 Foi o 13 de agosto de 1882 cando se estrea a primeira obra teatral galega en público, *A fonte do xuramento* de Francisco M^o de la Iglesia, posta en escena no *Liceo Brigantino* da Coruña.

Trátase, pois, dunha tradución para o galego pola que, amén dos referidos desexos reintegradores, se consolidaba un discurso pre-nacionalista (rexionalista en todo caso) en chave puramente nacionalista. Para iso, o tradutor seguiu unha serie de argumentos – así os considero á vista das dúas entregas que o voceiro herculino ofrece cinco anos despois da publicación do ensaio do palense – que basculaban entre o feito de que o galego xa non se explica como obstáculo para a transmisión comunicadora ordinaria (estaba a ser fixado para facer proselitismo científico, neste caso lingüístico) e unha clara rapidez e sinxeleza literaria, principalmente movida pola urxencia do traballo (algo que quizais agache certa falla de formación no eido da tradución por parte de Villar Ponte, quen decide, así, esquecer en parte o compromiso orixinario do texto que traduce) e por unha aposta cara a unha estrutura galega de xorne simplificado e simplista (onde o novo texto se dirixe a través da ausencia de subordinación e a complicación sintáctica que, por contra, si tiña o orixinal)¹⁴.

Esta é a tradución que en 1917 *A Nosa Terra* ofrece ao seo dun galeguismo aínda ancorado nas concepcións do rexionalismo decimonónico¹⁵:

aínda teñen pra nós nas demais rexiós d’España unha vella opinion moi desfavorable pra a nosa terra e pra os que tivemos a honra de ser nados nela; aínda teñen ao probro galego por inculto, probe e despreziable; aínda se lle representa en moitas partes como detido n-un grado de civilización das primeiras edades. A este humillante descreto, que s’espallou á fora da nosa terra, opuxeron máis d’unha ves valentes protestas os dinos e amantes fillos d’esta aldraxada rexión. A fermosura e fertilidade do seu chan, a súa raza traballadora, a calidade dos homes ilustres que a honran, a nobreza e dozura da súa fala, a riqueza do seu arte e da súa literatura van sendo xa estimadas no que valen pol-a ilustración e bon gusto da crítica imparcial. Ende ben, moito falla

14 Como a seguir veremos e xa subliñou Fernández Salgado, onde puña “Galicia” optouse por fórmulas como “nós” ou “a nosa terra”, sen dúbida máis próximas e sentimentais, máis contundentes; onde aparecía “la ignorancia” aparece “os iñorantes”, cun claro desexo de personalización humana; onde García Blanco escribe “personalidad” Villar Ponte traduce “nacionalidade”, seguindo unha efervescencia ideolóxica confesional; e onde se rexistra “población indígena” optouse pola eliminación do enfoque etnicista e pola fórmula “os que tivemos a honra de ser nados nela [a Galiza]”, o que denota un uso verbal da primeira persoa de plural implícita para volver manifestar unha fervenza nacionalista definida. Xa que logo, a atenuación tradutora de Villar artéllase en redor da reforma do etnicismo que caracterizaba o discurso de García Blanco (algo xa superado, nesa altura considerado obsoleto e rexionalista) e de mostrar un espazo novo capaz de exhibir unha comunicación directa, nacionalista e orientada firmemente cara a unha sociedade nova, moi distinta da de 1912, xa novecentista, necesitada dun discurso con maior contundencia verbal e cun realce argumentativo forte e definidamente implicado cos teoremas do por entón aínda nacente mais altamente organizado nacionalismo galego.

15 Posto que, como é sabido, nomeadamente, a ideoloxía nacionalista, que por esas mesmas data estaba a se xestar propiamente emanada do pensamento de Antón Villar Ponte, non botaría a andar – e por tanto non se faría pública – até os últimos días do ano 1918, concretamente os seus 17 e 18 de novembro.

ainda por facer pra que na boca dos iñorantes apasionados e vulgares deixe de ser a verba *gallego* un alcume semellante a toxco e baixo.

Mais é o peor do caso que o pobo que tal aldraxe recibe, compárteo resoltamente. El mesmo é o que combate todo aquilo que lle da caracter e persoalidade. Certas protestas individuás non representan o xeneral sentir da masa popular galega, nin adoitan iren na compañía de feitos que poideran axuntarlles forza e proveito. Galicia non s'estudia nin se conece á si mesma; non ten concenza do que é, non distingue o que ten de bo, pra afirmalo facendo que non morra, nin o que ten de malo, pra combatilo suprimindoo. Cando debера desvirtuar os ataques sin medida da opinión allea, con terca publicación das suas condicións de nacionalidade, ríndese cobardemente a eles, chega a aceptar como sua aquela desleigada opinión, rompe o fio da sua historia, avergónase de a sua condición e dirixe todol'os seus esforzos á *castellanizarse*; coida librarse do desprecio copiando baixamente os costumes do pobo que mais a aldraxa, e converte a Castela en espello do seo ideal, e síntese como satisfeita sendo vítima do mais asoballante centralismo.

En total'as manifestaciós da nosa vida rexional ven dándose este triste fenómeno de desprezar o que privativamente é noso. Estudialo e combatilo con algo mais que queixas inútiles debe ser un labor dis que por bos galegos se tiñan.

E comenente, pois, adicar algunhas consideraciós na sua manifestación na esfera d'aquel tan permanente como vario atributo human ¹⁶, que por ser espresión do íntimo e sustantivo da personalidade individual e coletiva, a mentalidade, compon unha das suas notas mais diferenciás e específicas, e con razón cóntase entre os mais fortes vínculos sociás, entre os factores mais activos e os mais podentes sostés dos pobos e das naciós. Referímonos á fala.

*
* *

A fala galega ten un pasado moi grorioso, que conforta e magóa o noso corazón xuntamente. Houbo un tempo – o século XIII e boa parte do XIV – no que, o agora esquencido e mal apreciado idioma galego, sirveu d'istrumento escrusivo â inspirada e abondosa lírica d'unha grande parte da Iberia: entón os sabios príncipes, os doces e sinxelos poetas, os vagorosos trovadores d'aqueles frorecentes reinos, no hacharon, fora do provenzal, idioma tan propio e esgrevio coma él pra espresaren as concepciós xeniaes do seu númen. Mais o sistema político, centralista e unitario, que pouco despois apoderouse de Castela, non quería admitir ningunha diversidade idiomática no estado español. Unha moi variada poesía do pobo e un brillante renacemento contemporáneo d'aquela literatura groriosa fan ver as calidades d'esquisita

16 Até aquí, coa nota "(Seguirá)", chega a primeira entrega do folletón.

fermosura q'este vello idioma atesoura. A crítica documentada e intelixente teno por doce, rico e propio pra todal-as manifestaciós literarias. Mais todo foi labor perdido; non por eso deixa de comprendérselle no xuicio xeneral que se fai sobre o que ten igual orixe. O mesmo pol-os propios que pol-os alleos, esta fala que tan axiña progresou, tenra, sinxela, melosiña e nobre, foi tida como cousa d'un pobo torpe e iñorante. O mesmo pobo, qu'en edades pasadas a formou, traducindo n-ela a sua alma, a sustancia do seu ser, tamén a trata con indiferenza e avergónhase d'usala pra comunicar as suas ideas e afectos. Este é un feito verdadeiro e grave pra que poida seguir vivindo a nosa fala, e d'esto deben ocuparse os que queiran contêr o decaimento que agoira unha compreta ruína.

Da Galicia vilenga desaparece empuxada pol-o idioma oficial. Nas cibdades e vilas xa non se usa senon entre as xentes obreiras; as demais pensan que a lingua do Rei Sabio, na que compuxo as *Cántigas a Santa María*, non deben d'empregala en de xamais, sobre todo diante do público, pois coidan qu'eso non é propio de xente ben criada. En situaciós en que interveñan persoas de certa categoría social, sería un tido por mal criado e pailan, e daría grande escándalo quen practicamente ousara oponerse a tan desleigada preocupación¹⁷. Falar na lingua de Castela ven sendo unha sinal de distinción e d'urbanidade. Resínese a esto quen non queira ser tido por home labrego.

D'un modo particular, entre as donas (nas que toda cousa sin peso e mail-a *cursilería* teñen achego) e custión de non resistir a mais pequena oposición a este prexuicio. ¿Non son inconciliabres a fealdade e a fermosura, a tosquedade e a sinxeleza, a sosaindade e a gracia? ¿Non deixarian de ser bonitas, feituquiñas, graciosas a dona distinta, a pálida señoriña artesana, a moza obreira, se d'elas se sospeitase que falaban en galego? E pra faceren entender que o non usan jen que ridículo se poñen, en que mexericadas caen a miudo! Estrano é que non bafen o *snobismo*, nin rebaixe os atractivos e gracias das nosas fermosas mulleres a grande imperfeición con que adoitan falar o castelán, e que os lixen co'esas doces cadenzas, esas espresivas infleisiós, esas finas toalidades que dan â lingua musical de Rosalía Castro caracter tan oposto â recia e monótona da lingua oficial.

Para avaliarmos a situación lingüística da Galiza deste período cômpre levarmos en consideración que, como sinalou García Turnes, para quen o fragmento temporal máis significativo para tal fin é o que vai de 1875 a 1916, por un lado asístese a unha especialmente lenta diminución do monolingüismo en galego en favor dun bilingüismo galego-castelán, mentres que por outro, o proceso cultural do Rexurdimento supón unha reconquista da lingua galega para determinados ámbitos até o momento proscritos, o que, por tanto, permite unha leve mellora tanto no status como no propio corpus lingüístico (García Turnes 1999a: 800).

17 Neste momento é onde Villar Ponte introduciu a referida nota.

As clases máis favorecidas, ora a burguesía, ora os descendentes da vella fidalguía da nación, comezarán unha irreversíbel deserción lingüística, nun primeiro momento orientada tan só cara aos ámbitos públicos e despois rapidamente dirixida cara aos privados. Por conseguinte, os estratos sociais menos favorecidos dos medios urbanos van seguir os ditados dos altos e medios no abandono da lingua “nun intento de apropiación simbólica do prestixio e do poder destes” (García Turnes 1999 b: 171). Porén, nas clases campesiñas a falta de mobilidade social non os vai instar ao aprendizado dunha lingua que non lles ía ser útil nin necesaria na vida cotiá, e iso malia á influencia da emigración, moito máis que notábel nestas castes.

A sociedade galega ilustrada – nomeadamente a de xorne rexionalista – asiste, o 9 de agosto de 1907, á saída ás rúas da Galiza do primeiro número dun novo xornal, *A Nosa Terra*, por entón como voceiro de *Solidaridad Gallega*, onde, a pesar dos seus intereses galeguistas, vai ser o bilingüismo con predominancia do castelán un dos seus selos máis destacados. En 1916, as *Irmandades da Fala* recuperan este xornal; así o 14 de novembro sae novamente, na Coruña e como boletín decenal baixo o subtítulo “Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’ América e Portugal”, coa principal característica do exercicio dun monolingüismo xa basculado cara ao idioma galego. No seu número 8, a través dun artigo asinado por Manoel Ponte de Fontán, como escusa para introducir o tema da diferenza entre ‘lingua’ e ‘dialecto’, expónse: “por non sei que artes de diáñica meiguería veu parar ás miñas mans un número do boletín A Nosa Terra esquirto todo il no noso idioma, e non dialeuto, coma deron en chamarlle os casteláns, ás falas gallega, catalana e vasca”.

Nestes argumentos xa se advirte da novidade que supuña a aparición da nova empresa xornalística, albiscándose a apertura dunha xanela orientada cara á discusión sobre as ideas que en redor da lingua xa existían na sociedade galega do momento, un debate que máis adiante se ha converter nun dos piares necesarios na lexitimación dun uso visíbel do galego, e non só na prensa senón tamén en ámbitos dos que fora eliminado e que cumpría acadar para levar adiante o proxecto de normalización lingüística que cunha enorme ilusión iniciara o grupo coruñés das *Irmandades*. Desde *A Nosa Terra* ábrese, así, un debate sobre a visión dunha parte da sociedade galega, contrariamente á maior parte da prensa da época, adoito disposta ao pacto cos representantes do pensamento conservador e continuísta. Con todo, xa nolo di o seu propio alentador: “este boletín é de todos os galegos. A súa dona é Galiza enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as suas follas serán dignas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento dunha época” (Villar Ponte 1916a).

Desde os primeiros números do boletín incidíase na valorización da lingua galega como un dos trazos fundamentais do pobo galego, argumento usado para reclamar a oficialidade do idioma, tal e como o fai Dámaso Calvo no número 5,

así como para afirmar que se estaba diante dunha nova política feita en galego, unha política elaborada nunha lingua en que aínda non se enganara a poboación. Trátase dun tema en que tamén incide Euxenio Charlón, quen en “O enxebrismo trágico o progreso e a libértá”, un texto publicado no número de 16 de febreiro de 1917, afirma que en múltiples ocasións “a alma dos pobos é o idioma”, tal e como acontece no artigo “O cabalo de batalla. O idioma por riba de todo” – da autoría de Antón Villar, un texto aparecido o 10 de novembro de 1917 – , onde se relataba que ao ser o idioma a alma dos pobos, cando se mudaba a lingua propia por unha estranxeira, se estaba a transformala por unha allea, estraña, pois “quen non teña unha y-alma de seu, non pode ser nada no mundo. A y-alma dos pobos é o idioma; e nos deixamos perder a nosa y-alma, trocándoa pol-as imposicións d’unha alma estrana”.

A lingua galega, por tanto, foi o eixe que movía o voceiro das *Irmandades*. As referencias á cuestión da lingua aparecen en case todos os xornais ben directa ben indirectamente. Agora ben, na maior parte dos casos tales reflexións non tiñan nada a ver co *corpus* lingüístico, pois o que movía a súa praxe era unha chamada política da lingua. Neste sentido hai varios artigos que remiten directamente ao labor que a impresión e difusión deste xornal cumpre para as *Irmandades*, de feito resulta moi interesante cando nos distintos aniversarios de recuperación da cabeceira se lembra todo o que se levaba feito, algo co que as *Irmandades* traballaban e que *A Nosa Terra* tomou como bandeira propia. Xa que logo, no xa referido artigo de Ponte de Fontán afirmábase o seguinte:

moito me agradou vere que todo il estaba esquirto no noso idioma, mais o que m’enchu de regocixo e fixome derrotalo fol d’alegría preporzonándome o día de maor satisfazón da miña longa e xa cansada vida, foi ó lere os artigos que traía, nos que brila un santo refrexo de ideyas nazonalistas nas que adoito penséi, e as que quixera vere feitas realidades enantes que pecha-os ollos, que han cobriri pr’a miña disgracia e contr’a miña vountade, a terra da non patria miña (Ponte de Fontán 1917).

Precisamente nesta mesma alegría é onde localizamos o verdadeiro proxecto das *Irmandades*, un proxecto que irá ficando plasmado polas páxinas do voceiro ao longo de non poucos números, un plano transformador que principalmente pretendía mudar, radicalmente e en moitos casos desde unha necesaria intransixencia, a situación sociolingüística do galego naquela altura. Así pois, nesta nova etapa do xornal coruñés véñse abrir unha vía de esperanza para o colectivo interesado polo idioma e, á vez, por un país que desexaba e imaxinaba un futuro ilusionado mercé á posibilidade dunha apertura a respecto da identidade propia da nación. Nesta liña, tamén é preciso lembrar as palabras do máis novo dos Villar Ponte, quen en “Puntos de vista. Vai sendo hora...”, en 1920 deixaría claro que:

xa levamos os “bos e xenerosos” mais de tres anos de autuazón, e aínda qu’os trunfos conqueridos foron moitos e o número de prosélitos abranguido é pra enchere de Leducia aínda aos mais descontentos, non por iso poden deixárese de asiñalare certos luares d’aquel autuare, luares que, con pouco de bon desexo – e iste, afortunadamente abonda – desaparecerán casi de súpeto, tan axiña como nós queiramos (Villar Ponte 1920).

Xa catro anos antes, en 1916, a través de “Dimpois da primeira saída”, un contributo que se publicaba no segundo número do voceiro, Martís Morás fixera unha reflexión orixinada tras a edición do primeiro exemplar d’*A Nosa Terra*, e fixérao relatando a enorme ilusión por un deseño que axudaba ao renacemento da fala e ao fomento polo interese e pola curiosidade que este espertaba en determinados sectores da sociedade galega. Por tanto, neses comezos do debate en redor do *corpus* da lingua galega, nos primeiros números do xornal tratábase o feito de lle dar unha oportunidade a un idioma que até o momento non estaba a ser traballado a fondo dunha perspectiva filolóxica, asunto que fica patente no artigo “A lingua, úneca arma invencible”, un interesante texto publicado o 24 de novembro de 1916 polo que se lembraba que *A Nosa Terra* nacera coa misión específica de procurar a propaganda en lingua galega e que o fixera en resposta á actitude do xornal, tamén coruñés, *El Noroeste*, onde intereseiramente só se utilizaba a lingua galega como instrumento poético e musical, advocándoa por tanto a un nivel primario de elaboración, o cal implicaba non considerala apta para a superación das derregas das parcelas lingüísticas a que historicamente a relegara a presión do vehículo castelán. Neste sentido, seguindo o que claramente apuntaría Margarita Ledo Andión na introdución que preparou para a edición facsimilar d’*A Nosa Terra* a respecto da importancia que para o nacionalismo novecentista despregou a importancia da edición do seu voceiro:

o primeiro elemento diste modelo é o idioma, que desde o espacio editorial de presentación califícase como *inalienábel*, como símbolo do nacionalismo. Facer acordar á cidadanía galega que latexa no bloque social que se quere consensuar e afirmarse, *naturalizarse*, entre a súa audiencia tipo-tara dinamizar a idea da transformación, só posíbel a través do galeguismo político, será a liña evolutiva que modula os seus obxectivos (Ledo Andión 1988).

É por todo isto como unha Lingüística propiamente galega e como os estudos dunha Didáctica da Lingua Galega non poden eludir as análises sociolóxicas. A Sociolingüística, que especialmente se desenvolveu nos comezos do século XIX, case unha centuria antes da saída da segunda etapa do xornal *A Nosa Terra*, centrou o seu obxecto principal na investigación e no estudo de como a Socioloxía influía na formación das linguas e na súa consecuenta distribución e estruturación. Con outras palabras, estamos ante o estudo, tanto sincrónico como diacrónico, das linguas; ante

a análise das relacións entre os idiomas, as nacións e as culturas en chave humana, isto é, un estudo e unha análise preocupados polas cuestións e os factores que determinan o individuo que fala: a idade, o sexo, a orixe étnica ou nacionalidade, a súa situación económica ou o seu nivel educativo (López Morales 2004: 21-22; Černý 2008: 216); non en van, a Sociolingüística vaise valer de enquisas para crear os seus propios mapas e relacionarase estreitamente coa Dialectoloxía.

Xaora, a diversidade cultural e lingüística demarca, pois, as imaxinarias fronteiras dos nacionalismos: a lingua forma a base máis forte para a distinción de nacións, de aí que un dos asuntos que revista maior importancia na súa actividade sexa a definición de se un vehículo lingüístico encerra unha lingua ou se traduce como un dialecto.

É desta maneira como observamos, nunha lingua, a capacidade de se fragmentar por varias razóns, procurando partes subdivididas que forman dialectos: uns convértese en linguas oficiais e outros permanecerán como falas rexionais ou locais. Neste sentido xiraron as agullas do intereseiro reloxo da Filoloxía Española durante centurias, un eido historicamente ocupado – desde o século XV até o XIX (Quilis Merín 2008) e, xa no XX, sobre todo para crear certa escola e un asentimento global por parte da poboación, a través do medio considerado máis idóneo: o da propia Escola (Moreno Fernández 2008: 555), onde se estaban a educar as xeracións de individuos construtores da sociedade subseguinte – pola demostración e a publicitación de que o galego non era senón outra cousa que un dos ‘dialectos’ da imponente lingua que os españois xulgaban directamente enamada do latín; véxanse para iso, como exemplo non moi afastado do noso tempo, os criterios de Camproux, que refuga abertamente da introdución dos argumentos políticos para o establecemento dos estancos lingüísticos:

el ejemplo del sardo (al que es conveniente sumar, sin duda, el ejemplo del retorrománico) nos indica que no podemos definir pertinentemente la noción de lengua fijándonos en la presencia o la ausencia de rasgos políticos o culturales: unidad e independencia política, función cultural o literaria. Estos rasgos son válidos para el español, el italiano y el francés. Para el occitano únicamente es válida la función cultural y literaria. El catalán ha seguido siendo una lengua, a pesar de que ya no sea la de un país independiente. El gallego está considerado como un dialecto español, mientras que el portugués tiene el rango de lengua, pese a que en su más antiguo período el gallego formó una unidad con el portugués, y que la lengua de los poetas gallegos no se diferenciaba del portugués de entonces. Así pues, no existe ningún criterio preciso y único que pueda permitir delimitar exactamente la diferencia entre dialecto románico y lengua románica, ya que una lengua puede estar determinada a la vez por criterios propiamente lingüísticos pero asimismo por elementos de orden diferente: factores históricos, políticos, culturales, literarios (Camproux 1980: 77-78).

Mais á parte da defensa convencida e fervente da entidade e a capacidade lingüísticas do vehículo propio da Galiza –fóra, claro, de etiquetas como ‘lingua’ ou ‘dialecto’ que, segundo como as definamos van expresar unha cousa ou outra–, un vehículo que non dubidaba en aparelar, simetricamente, a falas como o castelán; García Blanco é quen de definir e analizar o fenómeno da diglosia. E faino, como moitos asuntos compilados no seu pequeno mais compacto traballo, describindoo moito antes de que fose así nomeado (Santamarina 1998). El ben nos amosa como, nos primeirísimos anos do século XX, a situación lingüística da Galiza basculaba entre a diversidade, funcional e xerárquica, de dous ámbitos de uso reservados ao galego e ao castelán, coexistindo deste modo uns usos formais ou superordinados como exclusivo patrimonio do castelán como ‘lingua A’ e uns informais ou subordinados que se reservaban para o galego como ‘lingua B’.

É un dos máximos imperativos da Educación, desde logo da tarefa da Escola Pública, educar cidadáns e cidadás que participen firme, activa e efectivamente nunha sociedade diversa e democrática, e que o fagan desde os postulados do respecto á verdade e á realidade histórica, fóra do marchamo do dirixismo ideolóxico. Un estado democrático constrúese, unicamente, cando os cidadáns e as cidadás teñen o coñecemento, as actitudes e as habilidades necesarios para a súa participación nunha cultura cívica e pública, e cando senten que os seus propios intereses, experiencias, desexos, esperanzas e soños son obxecto de atención e, portanto, han ser levados en consideración (Banks 2004).

Neste sentido, a máis simple das didácticas, e sobre todo a Didáctica da Lingua, baséase nunha aproximación centrada no coñecemento capaz de entender que o eixo fundamental do proceso de ensino reside na interpretación de coñecementos, habilidades e competencias, de aí que unha das máximas de tal didáctica se organice a respecto da análise dos procesos para facilitar o aprendizado de tales coñecementos, habilidades e competencias. Mesmo o lema actual e máis revolucionario da Educación – ‘todas as escolas e unha grande Escola’ (Hopkins 2007) – centra tamén a súa atención na adquisición de contidos por parte do alumnado, indicando que o empeño por reforzar a adquisición e retención dos coñecementos das cadeiras debe se algo capaz de percorrer a actividade da política educativa de todos e cada un dos centros de ensino. Non en van, aprender coñecementos implica, xa que logo, un proceso construtivo asociado directamente á realización de actividades e á resolución de problemas reais, e nunca un fenómeno de acumulación de coñecementos declarativos, descontextualizado dos problemas da realidade cotiá: esta concepción de aprendizaxe, pois, como un proceso de transformación do coñecemento declarativo en procedementa mediante a realización de actividades deseña unha figura do aprendizado moito diferente da que aseguraba que tal espazo era un mundo simplemente declarativo e sen intereses contextualizadores.

Cómpre non perdermos de vista xamais que a Didáctica da Lingua e a Literatura constitúe un campo científico de recente desenvolvemento que, en liñas xerais, ten como obxecto de estudo a multiplicidade de elementos e problemas que directamente se relacionan coa Educación Lingüística e Literaria no ámbito escolar. Desta forma, porén:

la complejidad de este objeto tiene una consecuencia directa que se enmarca en la configuración epistémica misma de la disciplina, y es el hecho de que otorga un papel fundamental a la investigación, puesto que la elaboración de su corpus tiene que surgir necesariamente del continuo contraste entre los presupuestos teóricos de partida con la validación práctica de los mismos en las aulas por medio de procesos de transposición didáctica (Núñez Delgado & Romero López 2003: 9) ¹⁸.

E, como tamén sabía García Blanco:

la investigación perfecciona la enseñanza si ofrece hipótesis (es decir, conclusiones provisionales) cuya aplicación se puede comprobar porque pueden ser probadas en el aula por el profesor (Stenhouse 1987: 81);

En suma, trátase de, como en 1582 recoñecera o visontino Juan López de Velasco, cronista e cosmógrafo maior do Consello de Indias filipino:

assi conviene mucho, que los niños sean enseñados de maestros inteligentes y curiosos al tiempo de la niñez, quando con facilidad por estar las potencias tiernas y desembaraçadas se les imprimen como en cera las buenas costumbres, tan presto como las malas: que creciendo en edad, vienen despues a conuertirse en naturaleza (López de Velasco 1582: 309).

Mais, cales foron os condicionantes e a perspectiva de quen, en realidade estaba apousentado baixo o selo profesional dun profesor axudante de Letras do Instituto de Lugo ¹⁹? Desde logo, en primeiro termo estaba o comportamento dun individuo

18 Daquela, en consecuencia, tanto o traballo de García Blanco como o que aquí presento sitúanse plenamente na liña da investigación en Didáctica da Lingua (Galega, por suposto), posto que neles se atopa un diagnóstico e unha exposición de solucións capaces de mellorar o proceso de adquisición, o de ensino-aprendizaxe, da lingua galega, ben encarreirados cara á súa aplicación ben en cadeiras como “Lingua e Literatura Galega e a súa Didáctica” do Grao de Mestre(a) en Educación Primaria, ben nas aulas de mestrados universitarios como o orientado cara ao Ensino Secundario, ben nas de calquera Programa de Doutoramento pertencente ao ámbito da Disciplina de Didáctica da Lingua e a Literatura. Falo, por suposto, da construción dun modelo metodolóxico científico que sirva tanto para a análise e estudo das teorías como para a orientación do elemento práctico, inherente á praxe da Didáctica.

19 Como vemos polas consideracións a respecto da lingua galega trazadas por García Blanco en 1912, algo que tamén se constata pola propia dirección das aulas de Lingua Francesa que adoito leccionaba no centro educativo lugués, a dirección educativo-didáctica tanto do seu texto como da mesma actividade

que, para alén das linguas que impartía, era antes que outra cousa un atento e fino escultador, un pensador, un filósofo quimicamente puro, un estudioso responsábel co seu medio e un creador de coñecemento igualmente fiel ao medio de que proviña. En segundo lugar, tamén desde logo, estaba a dimensión de quen, tendo reflexionado en redor dos temas propios do ensino de linguas, pretendía a mellora da transmisión de coñecementos lingüísticos, daquela o principal sostén e a máis clara vocación do ensino de linguas no Estado español. Desta forma, finalmente, Manuel García Blanco preséntasenos, como un dos primeiros didactas da Galiza, o cal non é nada desdeñábel. Adiántase, por tanto, case un século aos intereses científicos propiamente recoñecidos por unha didáctica da lingua e a literatura que, segundo confesarían Mendoza Fillola e Cantero, se nutre dunha perspectiva lingüística encarreirada cara ao coñecemento da lingua propiamente como un medio de interacción e comunicación social (Mendoza Fillola & Cantero 2003: 11).

Partamos, pois, do propio espazo da investigación en Didáctica da Lingua Galega para comezar a percorrer pola análise e polas aportacións de Manuel García Blanco, e fagámolo desde o detido e ponderado estudo de Souto Presedo, o verdadeiro primeiro traballo de investigación sobre Didáctica lingüística galega da Historia. Só desta forma poderemos incardinar García Blanco no espazo que lle é propio, o dun intelectual que, non en van, “pode ser considerado o máis temperán antecesor dos psicólogos, sociólogos e planificadores modernos da lingua galega” (Fernández Salgado 2000: 293); e que é, porén, o precursor da Didáctica da Lingua Galega. Así pois, para Elvira Souto:

nom se trata de negar as causas históricas (económico-políticas) que despoletarom e alimentarom esse processo senom de discriminar entre o que é resultado directo da açom dessas forças externas e o que som as suas consequências mediatas, consequências cuja melhor expressom se há de procurar no comportamento lingüístico dos proprios falantes que, interiorizado

docente do intelectual de Palas redunda na constitución dun modelo de ensino lingüístico-literario cristalizado nun contexto de idiomas en contacto – plurilingüe, multicultural e, por suposto, amplamente diglósico – onde, como ocorria na Galiza de comezos do século XX e segue a ocorrer na dos inicios da centuria seguinte, o ensino da Lingua e a Literatura – xa non digamos galega e castelá – require uns modelos educativos de achegamento á realidade dun alumnado capaz de aproveitar o arriquecemento cultural das comunidades bilingües e que, por suposto, sexa consciente da situación diglósica en que vive a súa sociedade. Desta forma, pois, García Blanco constitúese como unha das primeiras persoas pertencentes ao mundo do Ensino Secundario en ser consciente da situación lingüística do seu país, en estudala e analizala e en facelo sob unha perspectiva claramente dirixida á mellora educativa das capas intermedias do roteiro educativo galego do momento, os alumnos e alumnas que, a partir dos dez anos de idade, ingresaban nos establecementos do Ensino Medio da Galiza. Xa que logo, a propia avaliación deste comportamento constitúe en si unha posta en funcionamento dun programa dirixido cara á revisión e á mellora, e porén cara a un mellor aproveitamento, das pautas do ensino tanto de Lingua Galega como de Lingua Castelá en todos os tramos educativos que o actual sistema formativo español regula na referida nación.

o conflito e os preconceitos que lle som inherentes, acabam por admitir a lingua dominante como vehículo de comunicación privilegiado en todas as esferas. Daí que nom interese apenas estudar – e quantificar – o proceso de substitución do galego polo castelano, senom tamén indagar, acentua o citado investigador, qual a función da linguaxe na comunicación, quais os mecanismos de construción dos novos significados (tanto referenciais como simbólicos, sociais e culturais) e, em definitivo, quais os meios por que se conformam e propagam outras normas de uso e outra estruturação da fala pois é bem sabido que enquanto o galego conseguiu manter-se com relativa vitalidade na vida familiar até o período anterior às últimas décadas, o espanhol foi instituindo-se progressivamente em código de relação social por excelência nas retículas de interação abertas do mundo do trabalho e no domínio público circunstancial, no contacto com desconhecidos (que nom raro tenhem, por sua vez, umha origem lingüística galego-dominante), e é sabido que foi precisamente a partir daí que acabou por penetrar todos os ámbitos (Souto Presedo 1994: 29-30).

Trátase, claro que salvando as diferenzas entre un momento en que o galego estaba prohibido institucionalmente e outro no que, malia ás restricións do actual Goberno Feijóo, o galego está protexido – polo menos segue a ser idioma co-oficial da nación e é a lingua oficial dos órganos gobernamentais autonómicos, das universidades galegas e, por caso, dos centros educativos en todos os niveis; dun instante que calquera curioso fotógrafo, como o foi o García Blanco a comezos do século XX, o retrataría do mesmo xeito mais cen anos despois; porque seguindo as apreciacións de Souto:

na Galiza de fins do século XX é umha evidência que a lingua perde vitalidade dia a dia, que nom existe um sentimento generalizado nem da nossa ascendência lingüística comum nem da diferença que nos separa das linguas vizinhas, como tamén nom existe a consciencia colectiva de ser preciso alargar os ámbitos de uso do galego e em contrapartida sim está mui estendido esse sentir [...] de se falar por toda a parte umha modalidade mui hibridada, o “castrapo” (Souto Presedo 1994: 78) ²⁰.

Xa que logo, antes como agora, cómpre non perdermos de vista parte das concepcións hegelianas que sustentaban as teorías do nacionalismo galego, e acreditar en que a nación galega:

20 Cómpre levarmos en consideración que se o estudo de García Blanco é emblemático, punteiro e exemplar para a Galiza de comezos do século XX, o de Souto Presedo vén significarse de igual xeito mais para a Galiza de finais da mesma centuria. Tanto naquel texto como neste, o punto de partida é semellante, por desgraza, referindo o aparentamento dos dous momentos, dous momentos en que habemos reconecer a situación de desequilibrio en que coexisten o galego e o castelán e a necesidade de dar cabo dos preconceptos negativos que ameazaban e ameazan a sobrevivencia da primeira das linguas citadas, un idioma que a lexislación vixente define como lingua propia do país.

é un feito natural, un feito biolóxico, independente da vontade dos homes, estando constituída por unha comunidade de intereses espirituales e vitales, na que, según as diferentes opinións, interveñan causas xeográficas, étnicas, históricas, etcétera (Risco 1931 b: 1).

Manuel García Blanco, evidentemente, non cría en semellantes argumentos a respecto dos fundamentos nacionalistas ²¹, malia que si acreditase nos postulados polos que Hegel expuña que o individuo era simple pensamento, razón en estado puro, de aí que se apropiase duns postulados idealistas a través dos cales a función da lingua se asumía coa produción de suxeitos: si, por medio da súa actividade – o *logos* ou razón especulativa – o individuo é quen de porlle nomes ás cousas (é por medio do ‘nome’ como o obxecto nace tal que ‘ser’), de forma que as fai vivas, á vez que toma posesión da natureza e experimentase como espírito enteiramente libre. A autosuficiencia da unidade ‘linguaxe – pensamento’, pois, conforma un solipsismo (Hegel 1984: 156) – Marx acreditará, seguíndoo, na interacción das persoas co seu ambiente – determinante na interpretación de todo sistema social, que segundo o estruturalismo posterior – especialmente na visión marxiana de Althusser – ha combinarse co resto de elementos segundo o propio principio regulativo que posúe cada sistema.

Encabezando o seu traballo con senllas citas líricas, unha de Pondal e outra de Curros – polas que se facía fincapé no esquecemento, por parte de galegos e galegas, do seu propio idioma cara a unha “lingua d’escravos”; e a través das que se compilaban os

21 Evidentemente, García Blanco non era nacionalista. Nin como independentista (claro que nun sentido máis ben federalista), nin como portador dunha ideoloxía aínda non operativa. Cuns obxectivos revisionistas que claramente refugaban do programa institucionalista do galeguismo rexionalista – e quizais unha das maiores grallas do tradutor d’ *A Nosa Terra* estriba precisamente en considerar García Blanco como pouco amábel cunha ideoloxía que aínda non existía – , o palense preséntase como afirmador do baseamento ideolóxico propio que acabará a rexer no labor lingüístico-cultural do nacionalismo posterior. Neste sentido, só con lermos o programa aprobado pola *Irmandade da Fala* da Coruña comprobamos este extremo: entre as súas propostas apostábase pola divulgación do galego (ora a través de relatorios e ciclos de conferencias, ora coa publicación de traballos de toda índole), pola formación dunha biblioteca composta por títulos galegos e polo traballo a prol dun Ensino nidamente educador e crente nos postulados galeguistas, peticións xa formuladas había seis anos polo intelectual ullense. Non en van, os argumentos do de Palas, na liña do relativismo spenceriano e do darwinismo evolucionista, ían principalmente dirixidos contra os “obcecados espíritus que, fálto del más elemental concepto de relatividad y de evolución condenan las lenguas regionales” (García Blanco 1912: 28). Neste sentido, García Blanco alicerza os piares que sustentan o seu estudo desde esta dimensión: trece anos antes de que vise o seu libriño, o historiador Sánchez Moguel, nun ton caracteristicamente español (e, claro, españolista) criticaba as pretensións dos movementos ‘histórico-rexionalistas’ da Catalunya e a Galiza, que consideraba de pouca aceptación (Sánchez Moguel 1888: 6) e que xulgaba de modo distinto: o catalán como verdadeiramente importante e o galego “menos importante sin duda” (Sánchez Moguel 1888: 15 e 35). Moguel sustentaba os seus argumentos nun historicismo que xiraba en redor da consideración de que a “historia rexionalista” era máis grave que unha Historia “inspirada en las doctrinas políticas” e que tanto unha como outra recoñecían “igualmente como primer principio la unidad e indivisibilidad de la nación” (Sánchez Moguel 1888: 14), extremo que tamén compartía a ideoloxía do García Blanco.

verdadeiros desexos do autor a prol da recuperación lingüística na Galiza – , algo que en todo caso informaba tanto do proxecto político do lucense como dos seus coñecementos en materia literaria, García Blanco articula a súa proposta con base nos dous piares que o propio título delimitaba: por un lado o feito da decadencia do idioma galego, polo outro o da súa posíbel rehabilitación.

Como xa o fixera Rosalía na dedicatoria que en *Cantares* lle dirixe á súa admirada *Fernán Caballero*, Manuel García Blanco inicia o seu traballo co propósito de contrarrestar o “arraigado y extendido”, “viejo concepto vulgar de Galicia” que “tiene aún el pueblo gallego nota de inculto, grosero, mísero, despreciable [...] estacionado en un grado de civilización casi primitivo”²². Deste modo, louva as “reiteradas y valientes protestas” dos “dignos y amantes hijos de esta vilipendiada región”, consistentes, segundo el nun xuízo imparcial, en destacar a beleza e fertilidade da súa terra, a exuberancia e laboriosidade da raza, a calidade dos “hombres ilustres que la honran”, as excelencias da lingua e a riqueza da súas arte e literatura. Con todo, di o crítico, “mucho falta todavía por hacer” para que “la palabra *gallego*” deixe de ser “calificativo sinónimo de tosco y vil” (García Blanco 1912: 3-4). O propio pobo da Galiza, xulga, comparte tales criterios:

Galicia no se estudia ni se conoce a sí misma, carece de ciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, para afirmarlo, hacerlo prevalecer, de lo que contiene de malo, para corregirlo [...] rompe la continuidad de su historia, de su condición se avergüenza y ocúltala cuidadosamente (García Blanco 1912: 4).

A Galiza castelanízase copiando servilmente o modo de ser do pobo responsábel do insulto e desfeita, considerando a Castela como ideal, o que implica “ser víctima de un absorbente centralismo”. Xa que logo, e ese era o propósito do traballo, cómpre destacarmos a lingua como nota diferencial e específica, como un dos máis fortes vínculos sociais, factor máis activo e firme subtexto de pobos e nacionalidades, expresión do íntimo e substantivo da personalidade individual e colectiva (a mentalidade), e facelo a través dun estudo sereno e obxectivo.

22 Algo nada alleo á realidade pasada e presente do Estado Español, onde unha institución como a *Real Academia Española*, até 2001 incluía definicións de “gallego” como “tonto” ou “tartamudo” (alegando que eran rexistros procedentes de Costa Rica e El Salvador), e recollía ditos como “hacer mesa gallega”, que se usaba para expresar como unha persoa levaba os cartos do contrario no xogo, e frases como “mesa gallega” ou “mesa de gallegos” para aludir a aquela na que faltaba o pan de trigo. Claro que falamos dunha cultura que, como a española, posúe un grande elenco de ditos e refráns ofensivos cara á Galiza: “no se come sal molida en Galicia”, “no fies en perro que cojea ni en amor de gallega”, “a gallego pedidor, castellano tenedor”, “- gallego, vuélvete moro. - No quiero. - Y te daré dos reales. - No quiero. - Darte he dos y medio. - Ora daca, hijos y mujer y todo”, “gallego, dalde ao demo”, “galleguito, ¿darás la coz? Tarde o temprano, sí señor”, “como soy gallego, ni pago ni niego”, “o somos gallegos, o no nos entendemos”, “ni perro, ni negro, ni mozo gallego” ou “a falta de hechiceros lo quieren ser los gallegos” (Pardo de Neyra 2002 b: 66, e 2004: 238-239, n. 1).

Para o intelectual palense, a fala galega, a “habla indígena”²³, é merecente tanto da cualificación de ‘lingua’ como da de ‘dialecto’: a diferenza ‘lingua / dialecto’ constitúese, para el, segundo un carácter unicamente secundario; só estriba no uso “nacional oficial” que ten o idioma e do carece o dialecto. O galego, por tanto, “puede sin petulancia denominarse idioma” porque é lingua propia dun pobo, mais tamén “se le puede llamar dialecto” porque “no es lengua oficial de una nación” (García Blanco 1912: 5, n. 1). E non o sendo, avalia o seu “pasado gloriosísimo”, que remite aos séculos XIII e XIV, cando era “instrumento exclusivo a la inspirada y copiosa literatura lírica de gran parte de la Iberia cristiana”, malia que logo, o “sistema político, centralista y unitario, que luego después se entronizó en Castilla” impediú a diversidade idiomática dentro das súas fronteiras. Haberá que agardar até o “brillante renacimiento contemporáneo de aquella gloriosa literatura”, di, para pór en relevo a beleza dese “viejo idioma”²⁴.

Non é de estrañar, polo tanto, que ante semellante desdouro, o “vulgo” – claro que fala do foráneo –, e “no hay que encarecer cuán innumerable es el vulgo”, teña o idioma galego por lingua “ruda, bárbara y propia de un pueblo de beocios y estúpidos”, o que implicou que o propio pobo que a creou acabase por considerala como un idioma menor e “trátala hoy con el más despectivo desdén y avergüénzase de usarla como medio de expresión de sus ideas y afectos” (García Blanco 1912: 6), un feito que, advirte, constitúese como “de gravedad suma” para a “supervivencia de la hermosa lengua regional”, feito que debe ser levado en consideración para conter a “creciente decadencia que la amenaza de próxima, total ruina”. E apunta o profesor tres feitos que demostran tal decadencia conducente ao que considera ruína lingüística total: 1) a desaparición do idioma da Galiza urbana, que substitúe a súa lingua polo “idioma oficial”²⁵; 2) especialmente no “llamado con justicia bello sexo


23 Desde un punto de vista etnicista, o adxectivo ‘indixena’ que García Blanco adoito utiliza no seu ensaio, incide nesa proxección de colonización á que foi sometida a Galiza desde hai máis de cincocentos anos. Indixena, pois, é para o ullense individuo que ten conciencia de pertencer a un grupo humano distinto ao maioritario; remite, por tanto, á época anterior ao estado de civilización española, e refire unha situación que fala de marxinação e opresión.

24 Fala García Blanco dun esquecemento intencionado para os séculos XVI-XVIII (os mal chamados **Séculos Escuros*). Como sucedería no rexurdimento cultural catalán, por unha banda debido á situación intensamente centralista do sistema monarquista hispánico, por outra porque o Rexurdimento, como a Renaiñza da Catalunya, louvaba a estética medieval: lembremos que polas datas en que García Blanco dá ao prelo as súas consideracións lingüísticas triunfaba a *art nouveau*, un movemento de xorne prerrafaelita que non dubidaba – como postulaban Ruskin, Morris e Viollet-le-Duc – en promover unha dirección encaminada a un renacemento do goticismo simbolista derivado duns establecementos nidiamente historicistas. Xa que logo, estamos tamén ante un asunto de carácter e de raíz así mesmo estéticos que, axiña, habería conducir ao decadentismo simbolista que, en chave lusogalega, instituiría os ditados do sentimento saudosista.

25 Nas cidades e vilas da nación, di García Blanco que o galego só é usado polas “ínfimas clases de la sociedad”. En situacións onde se dá concurso “de personas de cierta categoría social” (reunións, paseatas, espectáculos) sería groseiro usar o galego. Falar castelán é, pois, “condición de buen tono y una señal inequívoca de distinción”, ademais de “regla elemental de urbanidad”.

(en el cual toda fivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento)” tamén ten asento unha predilección polo uso do castelán²⁶, e para demostrar que non o falan, “¿en cuán extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de fátua presunción se incurre a menudo!”; e 3) finalmente, alude aos “prejuicios del pueblo gallego respecto de su lengua propia”, o cal transcendeu á educación doméstica provocando que os pais e as nais lles inculcasen aos seus fillos e fillas²⁷ unha “aversión decidida al habla regional”, facéndoo “cual si les tardara ver extinguirse en ellos tan característico signo, tan primordial condición de la existencia autónoma de un pueblo” (García Blanco 1912: 8). Era unha cuestión de patoloxía racial que producía dúas consecuencias:

- debilitamento da solidariedade comunitaria da Galiza.
- corrupción e deturpación lingüística.



26 Criterios fondamente machistas que levan ao autor a preguntarse: “¿no dejarían de ser bellas, delicadas, graciosas la dama de distinción, la anémica señorita mesocrática, la plebeya menestrala, si de ellas se sospechase que usaban el feo, tosco e insípido hablar galaico?” (García Blanco 1912: 7). Deseguido, cando fala de quen, usando castelán, o enloda con esas “dulces cadencias, [...] expresivas inflexiones, [...] delicadas tonalidades que dan a la lengua musical de Rosalía contextura tan opuesta a la recia y monótona de la oficial” (García Blanco 1912: 7). Por tanto, lembra a muller galega que “antes de inferir agravio al habla regional” considere que Rosalía, escritora galega, era “una distinguida dama gallega, toda sentimiento delicadeza y ternura, cuya obra poética ensalza cada día más la crítica”, especialmente aludindo Azorín, que viña de publicar un artigo sobre a poeta compostelá (Azorín 1913) no que, así mesmo en ton machista, falaba dela como voz “entre los mejores líricos castellanos modernos”, o que, non sen razón, leva a García Blanco a se preguntar se á vista de tales criterios ponderativos e aceptalos, habería que admitir que, como a obra rosaliana castelá era inferior á galega, a galega fose obxecto dunha máis grande ponderación por ser “poetisa gallega” (García Blanco 1912: 7, n. 2).

27 Por suposto, facendo gala dese machismo lingüístico prototípico da súa xeración e da súa época, García Blanco fala unicamente de “padres” e de “hijos”. Por desgraza, trátase dun asunto que, a Historia así nolo demostrará, non era un asunto verdadeiramente nin de época nin de xeracións, pois na actualidade, a nosa sociedade segue a practicar un fêrvido machismo lingüístico onde apenas rexistramos a presenza do elemento feminino, un xénero tradicionalmente invisibilizado porque o elemento masculino é o paradigma do universal.

Para García Blanco, tres son os argumentos dos que, di o de Palas, os pais e as nais se valen para fundamentar esa educación castelá. En primeiro lugar está a necesidade de que o neno, a nena, lea libros escritos en castelán; en segundo termo porque é así como se han comunicar co medio social que, finalmente, ha formalos e ilustralos; e en terceiro lugar porque só desta forma poderá mostrarse como procedente dunha “familia distinguida”. Trátase, en tanto, dunha perda lingüística no medio materno que conduce ao exercicio da “más honda repugnancia” cara ao idioma da Galiza, o asentimento cara aos xuízos do medio familiar (“el más autorizado para el niño inexperto”) ao respecto da educación. Nel é onde reside a ecuación ‘galego = plebeo, tabernario, lingua de viláns e brutos’; de aí que considere que unha única xeración de “celosos educadores” chegaría para soterrar no esquecemento “lo que han respetado largos siglos”. Así mesmo, á par desta situación destaca o estudioso como para os solidarios implica grave dano o feito de que unhas clases falen castelán e outras o “da región”, e que “el uso del uno con menoscabo del otro se halle más extendido en la ciudad que en el campo, en unas localidades que en otras”, unha dualidade idiomática que implica, por un lado “antagonismos de clase” e por outro “el divorcio entre localidades y provincias hermanas, cuya estrecha unión tan útil sería para la defensa eficaz e sus comunes intereses” (García Blanco 1912: 9).

Con esta situación revélase intimamente relacionada a emigración, ben dirixida cara a terras afastadas, ben concentrada nos núcleos urbanos próximos, que tamén implica esquecemento lingüístico, pois cando o galego deixa a súa terra, “lo primero de que [...] se cuida [...] es de despojarse de aquellas señales que, como su lenguaje revelarían su procedencia [...] finge haberse olvidado, del habla regional y aprovecha la coyuntura para permitirse el lujo de chapurrar el castellano” (García Blanco 1912: 9).

Xa que logo, albíscase unha morriña non extensa ao idioma que se debe completar cun dos maiores desafectos lingüísticos que se viven no país: o uso “corriente” de “algunos sonidos exóticos, cientos de vocablos, crecido número de frases” que o investigador chama “*castellanismos*” e que, en realidade, constitúen unha “disonante y abigarrada jerga” capaz de combinarse co acento e a entoación, propiamente galegas, que un falante da Galiza lle dá ao idioma da Castela (García Blanco 1912: 10-11).

Deseguida pasa a falar da escrita, pois para o intelectual de Pambre o que dá “prestigio y condiciones de fijeza y estabilidad” a unha lingua é “su cultivo mediante la escritura”. Seguindo cun discurso de corte hegeliano, dá contas da indiscutibilidade de que en todos os pobos o normal é que existan manifestacións escritas, e que estas se redixan no seu idioma propio. Na Galiza, aínda así, ocorre o contrario, “carece la lengua gallega de cultivo gráfico vulgar, espontáneo” (García

Blanco 1912: 11), e apunta para iso tres feitos: a existencia de rótulos comerciais tan só en castelán, o emprego deste idioma en xornais e revistas e o interese da poboación por redixir, tamén neste idioma, os documentos epistolares e os íntimos e familiares ²⁸. A escrita galega “ha caído tan por completo en desuso” que, di o palense, “si hablar en gallego es plebello y vulgar, escribirlo sólo parece propio de una cultura sólida”, de aí que destaque que o pobo non sabe ler neste idioma, non ten costume de o facer, non existe uniformidade ortográfica portanto, e a maior parte de persoas cultivadas “jamás han leído ni siquiera visto una página escrita en lengua regional”. Xa que logo, avalía, ante tal “uso reflexivo, erudito” – capaz de provocar a redacción de obras en verso e textos prosísticos, as máis das veces de xorne humorístico e que, portanto, é responsábel da idea de que o galego non serve para asuntos serios – hai que estender o “uso gráfico del dialecto a todo género de escritos” e, amais de demostrar que tal idea constitúe un inmenso disparate, facer chegar o galego a un grao de elaboración e perfeccionamento que incida en que o idioma da Galiza serve para todo uso lingüístico, e, novamente perseguindo a sacralización da lingua galega, volve apelar para iso aos versos d’ *Aires d’a miña terra*.

A segunda das grandes partes en que García Blanco divide o seu estudo correspóndese co asunto da decadencia do idioma. E facéndose eco das teorías hegelianas a respecto de lingua como reflexo do ser do pobo, como algo que outorga carácter distintivo ás comunidades humanas, é mester considerar que un dos labores esenciais do pobo galego consiste na conservación e no referido perfeccionamento lingüísticos. Xulga, como probas dun movemento restaurador, empresas xa realizadas tales como a actividade literaria lírica do Rexurdimento, a escrita de traballos filolóxicos, a institución dunha “corporación de personas doctas” (a *Real Academia Gallega*) e a creación dunha cátedra de estudos galegos na *Universidad Central española*. Con todo, establecidas xa semellantes empresas, considera así mesmo que nunca se procurou a restauración, no pobo,

28 Pasarían moitos anos, case cen, até que a preocupación investigadora da Galiza se centrara no estudo da máis directa realidade social do idioma. Falo arestora do “Modelo Burela”, levado a cabo na vila mariñá de Burela, debido a unha iniciativa de Intervención Educativa do IES “Perdouro” destinada á comunidade escolar e, por extensión, ao conxunto total da comunidade. Un grupo de rapaces e raparigas coordinado por Bernardo Penabade Rei botáronse ás rúas burelás e conseguiron rexistrar e localizar unha mancha de documentos de todo tipo: desde lápidas até publicidade, actas notariais e de comunidades veciñais, recordatorios, notas necrolóxicas ou correspondencia e textos da vida privada. Tal iniciativa didáctica chegou á Cámara Municipal e unha comisión específica, tamén liderada por Penabade, redixiu un Proxecto de Planificación Lingüística que finalmente a corporación aprobou en abril de 2008 (até o momento, só Compostela e Ferrol contaban con planos de Normalización Lingüística). Froito da experiencia realizouse un documental onde se observa como, aos trinta anos da entrada do idioma galego no ensino oficial, se revertía un imaxinario que xerarquizaba as linguas e a través dun proxecto no que ía incluída a normalización lingüística do idioma nacional (Nicieza 2009).

dun “perdido amor a su propia lengua” (García Blanco 1912: 14-15); pois coa publicación de obras como *Cantares*, *Aires* e *Queixumes* – cumes literarias. Porén –nada se logrou aínda a respecto da educación popular: e posto que o pobo non le este tipo de textos, cumpría, como xa expresara Lamas Carvajal ²⁹, espertar o ánimo popular.

Por iso, para alén da actividade lírica, aposta polo cultivo de xéneros de maior difusión e “máis alcance educativo”, nomeadamente o teatro, a oratoria, a novela e o xornalismo, por entón case inexistentes. Non é estraño que, denunciando a falta do xénero prosístico na Galiza, explique, asombrado, a existencia de moitos “estimables ingenios galaicos” que coa súa dirección literaria privan á literatura galega dun labor definitivo, pois se serven do vehículo lingüístico castelán para expresárense. Fano porque, recorrendo outravolta a Curros, consideran que “escribir nada máis pr’unha provincia, / Ou, com’os pobos árcades fixeron, / Escribir sobr’a casca d’os curtizos, / Cáxeque todo ven a ser o mesmo” ³⁰. Mercé a este desexo currosiano acredita na fundamentación dun sólido cultivo literario que sexa quen de traspasar os lindeiros “de nuestra pequeña región” (García Blanco 1912: 16), pois, agora valéndose da por entón revolucionaria visión wölffliniana dunha ‘arte pola arte’ encarreirada apostolarmente cara á sociedade, para el calquera produción literaria acabará dependendo da súa beleza, e moito menos da lingua nela usada.

Con todo, e como os medios de expresión de toda manifestación artística é de indubidábel importancia para quen, como García Blanco, non desouvía a filosofía de Kant, xulga necesario subliñar – e comentar – a importancia e o significado de dúas das empresas definitivamente relevantes para a rehabilitación lingüística que propón. A primeira é a *Real Academia Gallega*, piar da lingua da Galiza e motor do labor reconstrutor que estuda. Sen embargo, até o momento, xulga, só serviu para alimentar discordias – considera que foi duramente criticada e que aínda falta para que sexa considerada como debe por unha función docente e lexisladora en materia de lingua – : deste xeito, nin leva publicadas obras de interese nin organizado entidades auxiliares, nin tampouco alentado empresas “beneficiosas para el porvenir del dialecto”. Non se preocupou pola creación de certames e premios que recompensen os cultivadores do galego, e, por outro lado, adoptou como lingua o idioma

29 Válese arestora do prólogo de *Espiñas, follas e frores* – un dos intelectuais máis temperamente comprometidos coa extensión do idioma galego ao espazo campesiño, por tanto cunha instrución popular realizada no idioma propio da Galiza (Lamas Carvajal 1876) – e propón abertamente, deste xeito, a difusión e a instrución populares, ben claro que considerando que o campesiñado de entón non estaba capacitado “para leer libritos” (García Blanco 1912: 14, n. 1).

30 Trátase dos catro primeiros versos de *Aires d’a miña terra*.

“oficial de la nación y no aquél cuyo cultivo y progreso tiene a su cuidado” (García Blanco 1912: 17). Por iso propón que os académicos discursen, redixan traballos, levanten actas e escriban o boletín en idioma galego, todo o cal indica que se trata dunha institución reflexo dos devezos do “régimen centralista que nos gobierna, cuya más caracterizada tendencia es anular la personalidad de las regiones”³¹. A segunda refírese ao establecemento da “cátedra de lengua galaico-portuguesa” da *Universidad Central de Madrid*³², que non en van implicaba que a lingua e a literatura da Galiza eran “algo digno de estudio” (García Blanco 1912: 18). Neste sentido expresa como o realmente relevante, segundo a súa vea didactista, non estaba a residir no ensino superior, senón no elemental: aquel serviría para formar eruditos, coñecedores teórico-técnicos do galego, persoas “a quienes importa lo mismo investigar sobre materia viva que sobre materia muerta” e que, indubidabelmente, en pouco ou en nada alimentarían o convencemento da protesta ante o feito de que o galego estivese proscrito do ámbito escolar, fóra do ensino elemental, a fin de contas, para el o verdadeiramente importante na edificación dunha Escola propiamente de seu para a Galiza que el arelaba.

Mais como para o estrato popular, a influencia dos literatos e intelectuais é algo certamente afastado, seguía a expor, García Blanco manifesta a importancia de que “las personas distinguidas y celebradas por sus hábitos de estudio y sus dotes de ilustración” se valesen do idioma galego. Non abonda, e destaca, con celebracións a respecto da lingua, senón que é necesario, insiste, que:

31 Apunta, ademais, como a concesión dese título de ‘Real’ se debe á súa dirección lingüística. Así pois, exhibindo unha gran cautela – e non criticando (el, que era republicano), senón todo o contrario, o réxime que se agacha tras o título da institución – destaca que “por donde ese mismo respetable epíteto, del que por otras razones debe estar orgullosa, viene a ser precisamente la señal más inequívoca de que los tiene descuidados” (García Blanco 1912: 17). Con todo, ese apunte – ben significativo, por certo, dun tímido trasacordo cara ao significado da monarquía – constitúese como un gol que o García Blanco lle mete ao propietario do xornal e da imprenta que publica o seu texto, neste caso ao monarquista lucense Juan Manuel Pardo, que malia todo estaba a dar á luz un ensaio claramente revolucionario.

32 Deste modo denuncia que se trata dunha cátedra eminentemente nominal, que había dous anos (1910) fora organizada por Lei do Reino e votada en Cortes, “lo cual, después de todo, no es cosa que pueda causar asombro en este país clásico de leyes incumplidas y de hacienda mal administrada” (García Blanco 1912: 18, n. 1). Trátase, en realidade da cátedra de “Literatura Galaico-Portuguesa”, que xunto á de “Literatura Catalano-Provenzal” foran creadas en 1910 no seo dos estudos filolóxicos españois, a primeira para a Universidad Central e a segunda na Universitat de Barcelona. Loxicamente, a Deputación da Coruña protestou airadamente, considerando que tales estudos correspondían ao ensino universitario da Galiza, debendo estar adscritos ben á Coruña, ben – moito mellor – a Compostela (*La Correspondencia de España* 1910; *La Vanguardia* 1910). Como subliñou Malé, a iniciativa nacera do interese do institucionalismo español, mais en chave de política catalá (unha política á quen tanto lle debía e debe a política propia da Galiza).

nuestros intelectuales den muestras claras y terminantes de que no respetan en la práctica vulgares preocupaciones, que ellos sean los más solícitos cultivadores, del gallego en su trato y comunicación íntimos, así orales como gráficos (García Blanco 1912: 19) ³³.

Desta forma, propón que unha maneira de presión do vulgo ben podería ser o uso constante do idioma, por parte da xente cultivada e ilustrada, en todo tipo de situacións, seguindo un proceso que articula deste xeito:


- Fase inicial e primeiros pasos na utilización do galego no ámbito familiar. Nel procurárase unha educación centrada no amor cara á lingua.
- Uso lingüístico galego consciente no trato ordinario. Sempre desterrando del a idea da vergoña e o temor pola formación dun xuízo desfavorábel dos demais.
- Institucionalización do idioma como medio de relación (familiar, amical) e como vehículo de transmisión de todo tipo de desexos (cartas e documentos variados). Só así se constituiría como **lingua propia da comunidade** ³⁴.

Por iso, novamente retratando a exemplar actitude dos cataláns – para el iniciadores dun modelo que a Galiza debía seguir –, “todo gallego, sólo por serlo, es para otro

33 Neste sentido, ademais de denunciar o pouco corrente do caso: “ni mucho menos, entre los literatos regionales”, alude ao caso de Ribalta Copete, un intelectual que escribe e fala en lingua galega en todas as situacións. A respecto do propio carácter pioneiro deste último, García Blanco preséntase como un avanzado, pois será en 1916 cando desde o seu medio madrileño *Estudios Gallegos*, Ribalta propoña o estudo da relación ‘lingua-economía’, isto é, a necesidade dun estudo económico da realidade galega efectuado na lingua nacional. Mais García Blanco tamén aproveita para pór en relevo que cando algúns poetas o obsequiaron con exemplares das súas obras, llas dedicasen en castelán (García Blanco 1912: 19-20, n. 2). Mais tamén é destacábel como, anteriormente, el mesmo recoñecera que coa redacción do seu traballo, el propio estaba a incorrer na falta que censuraba: con todo, quere deixar patente que o feito de non telo redixido en galego se debía a que, malia ser o vehículo en que adoito se expresaba (“a mucha honra lo tiene, y no le sonroja confesarlo”), destácase ignorante a respecto do seu emprego gráfico; a fin de contas, dicía, “¿qué importa al mundo una inconsecuencia más?” (García Blanco 1912: 19, n. 1). É un dos xuízos que lle serven aos comentaristas da prensa galega que, en todo caso, celebraron grandemente a saída do ensaio. Para o primeiro, que se laia, co palense, da inexistencia de prosa galega, “el mismo García Blanco redacta en la lengua oficial las páginas de su folleto galleguista” (*La Voz de Galicia* 1912).

34 Constitúe a idea final deste proceso a consecución dunha cultura forte que traballe polo logro da elevación do nivel cultural popular. Ese era o camiño, en xuízo do de Palas, polo que “las lenguas regionales llegan a ser lenguas nacionales y los idiomas alcanzan preponderancia internacional” (García Blanco 1912: 25), unha aposta máis que revolucionaria en tal momento, que se traduce como a vez primeira pola que o idioma da Galiza é obxecto da petición da súa internacionalización, amais de se constituir como eixe directo dun futuro no que o país acabaría sendo unha entidade nacional *de facto*, e non *de iure*.

gallego un amigo a quien puede tratar con familiaridad: ¿no son los pueblos grandes familias?” (García Blanco 1912: 21). As súas novas propostas seguen a incidir nese hegelianismo de raíz confesionalmente sociolóxica: i) así, en primeiro termo destaca como para influír nas masas populares tense de considerar os medios xornalísticos. A folla impresa chega a todos os lugares, é accesíbel e nela hai algo sempre que é de interese directo para o pobo. Láíase do que se perdeu desde os tempos d’ *O Tío Marcos d’a Portela*, de aí que decida apostar pola necesidade dun medio xornalístico propiamente galego, unha cabeceira galega enteiramente redixida en idioma da Galiza³⁵; ii) en segundo termo diríxese cara á acción colectiva, e propón a creación dun “*Instituto de Estudios Galaicos*” que estudase a Galiza, o individuo galego e a súa sociedade. Desta forma conseguiríase modernizar o idioma e lograría convertelo en instrumento apto para a construción do coñecemento científico (García Blanco 1912: 23). Tal instituto sería quen de publicar un “*Boletín*” redixido en galego que serviría para trocar con outras publicacións foráneas (“nacionales y extranjeras”) onde dar a coñecer a Galiza e a súa realidade; iii) e en terceiro lugar expón a necesidade da creación dunha “*Biblioteca Gallega*” e un “*Museo gallego*” como vehículos altamente operativos para a expresión dunha iniciativa de socialización do pobo cara ao idioma.



35 Creo que este é o principal motivo das críticas de que, con todo, foi obxecto no voceiro do nacionalismo. Ao esquecer *A Nosa Terra* quizais provocase os pouco amábeis xuízos – que o tildaban de ignorante – publicados polo tradutor do seu ensaio.

Ante a complexidade do que propón, o da Ulloa fala da Catalunya, onde da nada se edificara unha empresa catalá como a que el pedía para a súa Galiza. E faino apelando ao esforzo particular de individuos e entidades, pois dos órganos provinciais e locais nada se podía agardar senón obstáculos, e, como non, á emigración, de onde tradicionalmente ten saído o necesario para o financiamento de proxectos beneficiosos para a nación, pois:

en todo lo que acometen imponen el sello de un patriotismo vehemente, impetuoso, que no hay que atribuir tan sólo a condiciones del alma gallega, sino también a circunstancias político-sociales, propias de ciertos países americanos de inmigración (García Blanco 1912: 24).

Fala agora, pois, o sociólogo, o especialista en Estatística, para quen, con todo, era altamente criticábel o “ridículo y bochornoso espectáculo que nuestros flamantes ‘habaneros’ dan, cuando fingen haber olvidado la lengua de su aldea”, o que sen dúbida ben reflectía que o idioma da Galiza non estaba mellor atendido fóra.

Con todo, tras apostar porque o galego fose quen de se constituír en ‘lingua nacional’, García Blanco quixo deixar patente os seus desexos tradicionalistas a respecto da confianza no proxecto monarquista español. Non era para menos, dados os tempos, e por outra parte tampouco debía apostar pola fervente defensa dun pensamento totalmente contrario ao do proxectado político local que se agachaba tras o nome do propietario da imprenta do xornal onde se publicaban as *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Deste xeito, confesa claramente o seu desexo de non romper a ‘unidade española’, destacando que cumpría non facer o que xa fixera Rosalía, aborrecer o castelán: pois admirando a Castela, “el fuerte y magnánimo pueblo que durante siglos ejerció dignamente la hegemonía ibérica”, a súa cultura e a súa literatura. Conviña, portanto, “que no se rompa por culpa nuestra la armonía interregional de España”, pois a España – dicía – non só era a Castela e a súa cultura, e “lo que a la nación importa es la persistencia de su rica variedad idiomática” (García Blanco 1912: 25). Xa que logo, sob o pretexto da loita pola idea dunha única lingua oficial para tal realidade política, pensa que cabería oficializar máis dun idioma dos usados en calquera das nacionalidades que compuñan o Estado. E como non podía ser doutro modo, volve exemplificar coa Catalunya, onde localiza unha Renaixença temporalmente paralela ao Rexurdimento galego e onde colocaba a existencia dun pobo leal e firme, que nunca chegara ao esquecemento da súa tradición e ao abandono da cultura propia, como si fixera o galego, e onde o idioma de Castela nunca tivo a “cordial acogida” (García Blanco 1912: 26) que polo contrario si tivera na Galiza – de aí que tivese de volver insistir nun labor baseado nun exercicio literario unicamente centrado no cultivo da lírica mais que non conseguira a extensión popular dun proxecto verdadeiramente recuperador. Os cataláns e as catalás falaban en público no seu idioma, e faciano tanto dentro das

fronteiras da súa nación como fóra delas; o seu labor cultural realizábase en catalán, cultivábanse todos os xéneros literarios naquel idioma e, ademais, practicábase o exercicio de “toda suerte de disciplinas científicas” así mesmo en catalán (García Blanco 1912: 27). Por iso, seguindo a ecuación:

lingua catalá = instrumento lingüístico + condicionante lingüístico
de comunicación de progreso;

conseguiron internacionalizar o idioma e darlle un posto entre as linguas nacionais europeas. A Catalunya, porén, é identificada como a “región [...] máis próspera, [...] máis progresiva, la de más acusada y consciente personalidad de las regiones que integran la nación española” (García Blanco 1912: 27); de aí que se decida por louvar a súa actitude e política rexionalista en desagravio do cualificativo de que, como “doctrina antipatriótica”, fora obxecto. Posteriormente tido por redención e esperanza, non é estraño que o aparentase como “supremo interés” para a Galiza, como mostra da personalidade e revigoramento do espírito propio galego. Daquela, o medidor deste ditado non é outro que a lingua, o uso que dela se faga, nunha nova ecuación que aparelha lingua a ‘asiduidade + esmero’.

Nesta nova louvanza do idioma como instrumento, máxima en redor da cal xira todo o ensaio, e seguindo a admirada devoción polo espazo político-cultural da Catalunya, recupera deseguido, mais en idioma da Castela, parte dun discurso maragalliano que, como Presidente do *Ateneu Barcelonès*, o poeta catalán proferira o 15 de outubro de 1903. Trátase do famoso “Elogio de la paraula”, que lle serve ao prof. García Blanco para defender a Galiza e o seu idioma e porque discutía as teses que consideraban os seus argumentos como:


incompatibles con la estabilidad de la forma de organización político-administrativa a que hemos llegado, que juzgan perfecta y definitiva (como si alguna hubiera que lo fuese) (García Blanco 1912: 28).

Falaba o Maragall de ‘lingua universal’ como expresión e comunicación da alma universal. ‘Alma universal’ é a beleza amorosa que todo o percorre e que en cada terra, como patrimonio compartido fala por boca dos individuos que, habitándoa, a fan terra en si mesma. Cada ‘terra’ comunica a súa substancia coas súas verbas; de aí que exaltar as ‘linguas populares’ sexa proclamar o ‘imperio do verbo creador’, o cal constitúe en si mesmo un canto ao progreso. A ‘lei do verbo’ vén ser a lei do mundo, porque o mundo foi creado polo verbo, e deste dirixirao cara ao ‘ceo’, convertendo infinitamente a terra en paraíso celestial. Deste modo, dicía Maragall, creremos na distribución territorial sinalada “por la vida espontánea de los lenguajes”. Desta forma, fóra de loitas e de bandeiras de credo enarboradas en campos de batalla,

conclúe o barceloní que quen isto defenda non só está a defender unha ‘causa nacional’, senón que defenderá un “ideal humano arraigado en el amor divino que anima bellamente el mundo” (cf. García Blanco 1912: 29)³⁶.


Así as cousas, García Blanco remata cun cántico de esperanza, o que falaba dunha “Suevia” chea de vales e montañas onde, “cual rasgo superviviente de una personalidad definida y vigorosa”, subsiste o eco “de una lengua viril y robusto como el roble de la montaña, dúctil y tierno como el sauce del valle” (García Blanco 1912: 29). Mentres isto exista haberá esperanza na “regeneración regional”: xa que logo, un dos principais deberes de calquera persoa galega artellábase en redor do optimismo e do saúdo cordial cara ao referido rexurdimento. Por iso quer pechar o seu ensaio cuns versos do seu admirado, por monolingüe escritor, Ribalta Copete, para quen o idioma da raza galega nunca morrería en tanto fose consciente de que o seu niño estaba construído coas seixas dunha montaña.

DECADENCIA



36 As palabras que García Blanco recollía do discurso maragalliano, na liña malmberguiana que despois rexerá na Lingüística (Ebner, como Methlagl, acabará sacralizando a linguaxe como trazo característico do ser humano; Salinas, como Vossler e Stenzel, pola súa parte acreditará no valor da linguaxe como configurador do sentimento nacional), viñan retratar a importancia da palabra como agasallo divino e como produtora de ámbitos de relación e interacción humanas. Mais as consideracións que o ullense recolle do discurso do catalán son as máis elocuentes a respecto dunha lingua considerada como propio motor das comunidades humanas e, por se isto fose pouco, como portadora da mesma esencia da divindade. Cómpre referir como García Blanco é o primeiro tradutor que o “Elogi de la paraula” ten na Península Ibérica, adiantándose corenta e sete anos á versión española que, na antoloxía *Vida escrita: Ensayos* preparada por Carles Riba, a editora madrileña Aguilar publicou en 1959.

REHABILITACIÓN



Fontes e bibliografía

- Álvarez Cáccamo, C. (1987): “Fala, bilingüismo, poder social”, *Agália*, núm. 10, A Coruña: 127-150.
- Anderson, B. (1983): *Imagined Communities. Reflections on the Origins and Spread of Nationalism* (Londres: Verso).
- Anderson, J. B. (1983): *The architecture of Cognition*, Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press.
- A Nosa Terra* (1907): “Mitin galeguista” (art. ed.), núm. 11, A Coruña, 19/10: 4-5.
- Aracil, L. V. (1982): *Papers de Sociolingüística* (Barcelona: Edicions de la Magrana).
- Ballay, T. R.; K. L. Hughes & D. T. Morre (2004): *Working Knowledge* (Nova York: Roulledge Falmer).
- Banks, J. A. (2004): *Diversity and Citizenship Education: Global Perspectives* (San Francisco: Jossey Bass).

- Bernal, J. M. (2001): “Diglosia y funciones sociales de las lenguas en Grecia (1830-1941)”, *Minerva: Revista de Filología Clásica*, núm. 15, La Rioja: 115-136.
- Biblioteca do Parlamento da Galiza [BPG]: O feito galego (libro de proselitismo)*, ms. inéd., “Fundo Ramón Villar Ponte”, circa 1940-1945.
- Boullón Agrelo, A. I. & F. R. Tato Plaza (1991): “A cátedra de lingua e literatura galega na Universidade de Santiago: datos para a historia dunha reivindicación”, en M. Brea & F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, vol. 2: 35-53 (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela).
- Calvet, L. J. (1981): *Lingüística y colonialismo: Breve tratado de glotofagia* (trad. de J. A. Doval) (Xixón: Editorial Júcar).
- Camps, A. (2001): “Introducció: Objecte, modalitats i àmbits de la recerca en Didàctica de la Llengua”, en A. Camps, I. Ríos & M. Cambra (coords.), *Recerca i formació en Didàctica de la Llengua*: 9-22 (Barcelona: Graó).
- Carré Aldao, U. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*, A Coruña: Imp. y Fotograbado de Ferrer.
- Carvalho Calero, R. (1979): *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia). 7ª ed., corr. e aumentada.
- Černý, J. (2008): *Úvod do studia jazyka* (Olomouc: Rubico), 2ª ed.
- Camproux, C. (1980): *Las lenguas románicas* (trad. de D. de Bas) (Barcelona: Oikos-Tau).
- Consejo de Europa* (2002): *Marco común de referencia para el aprendizaje, la enseñanza y la evolución de las lenguas* (Madrid: Anaya – Ministerio de Educación, Cultura y Deportes (MECD) – Instituto Cervantes).
- Correa Calderón, E. (1925): “La Enciclopedia Gallega”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 14/10 [repr. in *Índice de utopías gallegas* (Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, S.A.), 1929: 211-219].
- Cotarelo Villedor, A. (1906): *Programa de Lengua y Literatura Españolas*, (Compostela: Tipografía Galaica). 2ª ed.
- Díez, M.; F. Morales & A. Sabín (1980): *Las lenguas de España* (Madrid: Instituto Nacional de Educación, Ministerio de Educación y Ciencia).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)* (trad. de A. Iglesias Francos), *Verba*, anexo 47, Compostela.
- García Blanco, M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*, Lugo: Imp. de El Norte de Galicia [asinado como M.G.B.; parcialmente trad. para o galego n’*A Nosa Terra*, como “Consideración sobre a fala galega”, núm. 12, A Coruña, 10/03/1917, e núm. 17, A Coruña, 30/03/1917, atr. a A. Villar Ponte].

- García Fitz, F. (2009): “La Reconquista: un estado de la cuestión”, *Clio & Crimen*, núm. 6, Durango, Bizkaia: 142-215.
- García Turnes, B. (1999a): “A situación do galego entre 1875 e 1916. Perspectiva sociolingüística”, en D. Kreemer (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*, vol. II: 799-815 (Sada, A Coruña - Trier: Edicións do Castro - Publicacións do Centro de Documentación da Galiza da Universidade de Trier).
- García Turnes, B. (1999b): “A lingua galega entre dous séculos (1875-1916): contribución á historia sociolingüística do galego”, *Revista de Lengua y Literatura Catalana, Gallega y Vasca*, núm. 6, Madrid: 169-180.
- Gayoso y Arias, R. (1895): *El Regionalismo y la unidad nacional. Hechos más notables de la provincia de Lugo en pró de dicha unidad* (Lugo: Imp. de Gerardo Castro).
- Hegel, G. W. F. (1984): *Filosofía real*, ed. de J. M. Ripalda (México: Fondo de Cultura Económica).
- Hopkins, D. (2007): *Every school a great school* (Nova York: Open University Press – McGraw-Hill).
- La Correspondencia de España* (1910): “Galicia. Literatura galaico-portuguesa” (art. ed.), núm. 19265, Madrid, 10/11: 3.
- La Vanguardia* (1910): “Coruña” (art. ed.), Barcelona, 18/11: 9.
- La Voz de Galicia* (1912): “La decadencia del idioma gallego” (art. ed.), A Coruña, 14/11.
- Ledo Andión, M. (1988): “Introducción”, en *A Nosa Terra* (ed. facsimilar) (A Coruña: EDMAN).
- López Morales, H. (2004): *Sociolingüística* (Madrid: Gredos). [3ª ed. aumentada].
- López de Velasco, J. (1582): *Ortographia y Pronunciacion castellana*, (Burgos: Imprensa, con preuilegio de su Magestad, para los Reynos de España).
- Malé, J. (2004): “Antoni Rubió i Lluch: la literatura catalana a la universitat”, in J. Malé, R. Cabré & M. Jufresa (eds.), *Del Romanticisme al Noucentisme. Els grans mestres de la Filologia Catalana i la Filologia Clàssica a la Universitat de Barcelona*: 51-65 (Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona).
- Maragall i Gorina, J. (1904): “Elogi de la paraula”, in *Acta de la sessió pública celebrada en el Ateneu Barcelonés el 15 d'octubre de 1903*, Barcelona: Tobella & Costa, Impressors: 21-34 [disponible na Internet: <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/35716107878259619976613/index.htm>].
- Mendoza Fillola, A. & F. J. Cantero (2003): “Didáctica de la Lengua y la Literatura: aspectos epistemológicos”, en A. Mendoza (coord.), *Didáctica de la Lengua y la Literatura*: 3-32 (Madrid: Pearson Educación).
- Montero, J. (1912): “Consideraciones sobre la lengua gallega”, *Heraldo de Vigo*, 25/10.

- Moreno Fernández, F. (2008): “Etiquetas lingüísticas y convivencia”, in J. Elvira *et alii*, *Lenguas, reinos y dialectos en la Edad Media Ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*, Madrid – Francoforte do Meno: Iberoamericana - Vervuert: 553-560.
- Morin, E. (2009): *Breve historia de la barbarie en Occidente* (trad. de A. Grieco y Bavio) (Barcelona: Paidós).
- Nicieza, M. (2009): *Modelo Burela*, guión de B. Penabade, Burela, Lugo: Concello de Burela.
- Núñez Delgado, M. P. & A. Romero López (2003): *Investigación en Didáctica de la Lengua e innovación curricular. Validación de un programa de intervención didáctica para el desarrollo de la competencia discursiva oral* (Granada: Universidad de Granada).
- Pardo Bazán, E. (1984): *De mi tierra* (Vigo: Xerais).
- Pardo de Neyra, X. (2002a): *Evaristo Correa Calderón na literatura galega contemporánea. Vanguardismo e galeguismo* (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela).
- Pardo de Neyra, X. (2002b): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*, Compostela: Laiovento.
- Pardo de Neyra, X. (2004): “El juego literario de la colonización en *El mejor alcalde, el Rey*”, *Anuario de Estudios Filológicos*, núm. XXVII, Cáceres: 237-258.
- Pardo de Neyra, X. (2009): “Correa Calderón, Evaristo”, en F. Lafarga & L. Pegenaute (eds.), *Diccionario histórico de la traducción en España*: 264-265 (Madrid: Gredos).
- Ponte de Fontán, M. (1917): “Pra evitare tortas interpretaciós. Puntualicemos o noso pensamento”, *A Nosa Terra*, núm. 5, A Coruña, 25/01: 8.
- Quilis Merín, M. (2008): “Lenguas y dialectos peninsulares y su normalización en la antigua lexicografía española”, *Peninsula. Revista de Estudos Ibéricos*, núm. 5, Porto: 185-199.
- Regueira, X. L. (1996): “Os estudos de lingüística galega”, in R. Lorenzo & R. Álvarez Blanco (coords.), *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*: 47-67 (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela).
- Risco, V. (1921): “Seición Pedagóxica. Plan Pedagóxico pr’a Galeguización d’as Escolas”, *Nós*, núms. 6 e 7, Ourense, 20/08 e 25/10 [reed. en *Sarmiento*, núm. 13, Compostela, 2009: 181-189].
- Risco, V. (1931a): “A galeguización da Escola”, *A Fouce*, 29, Bos Aires, 1/03.
- Risco, V. (1931b): “O programa do nazonalismo”, *A Nosa Terra*, núm. 283, A Coruña, 1/05: 1-3.

- Sánchez Moguel, A. (1888): *Discursos leídos ante la Real Academia de la Historia en la Recepción Pública de D. Antonio Sánchez Moguel el Día 8 de Diciembre de 1888*, Madrid: Imp. de la Viuda de Hernando y Cía.
- Sanmartín Rei, G. (2004): “Ramón Vilar Ponte e os estudos sobre a lingua galega”, *Estudos Galegos*, 4: 75-93.
- Santhamarina, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega* (A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega).
- Souto Presedo, E. (1994): *Sócio-didáctica lingüística* (Compostela: Laiovento).
- Stenhouse, L. (1987): *La investigación como base de la enseñanza* (trad. de P. Manzano Bernárdez) (Madrid: Morata).
- Teijeiro Fuentes, M. A. (1996): “Galicia y los gallegos en la literatura del Siglo de Oro”, *Scriptura*, núm. 11, Lleida: 203-246.
- Tusón Valls, A. (1994): “Aportaciones de la Sociolingüística a la Enseñanza de la Lengua”, in C. Lomas & A. Osoro (coords.), *El enfoque comunicativo de la enseñanza de la lengua* 55-68 (Barcelona: Paidós).
- VV.AA. (2009): *Nova Escola Galega e a lingua 1983-2007. 25 anos na defensa do idioma*, Compostela: Nova Escola Galega.
- Villar Ponte, A. (1916a): *Nacionalismo gallego (Apuntes para un libro) Nuestra afirmación regional* (A Coruña: Papelería Gallega).
- Villar Ponte, A. (1916b): “A bandeira ergueita”, *A Nosa Terra*, núm. 1, A Coruña, 14/11: 1-2.
- Villar Ponte, A. (1928): “O problema da lingua”, *Nós*, 50, Ourense, 15/02.
- Villar Ponte, R. (1920): “Puntos de vista. Vai sendo hora...”, *A Nosa Terra*, núm. 89, A Coruña, 25/09: 128.
- Villar Ponte, R. (2001): *O feito lingüístico galego* (A Coruña: AS-PG).
- Viqueira, X. V. (1917): “Verbas d’un mestre. A nosa escola”, *A Nosa Terra*, núm. 28-29, A Coruña, 30/08: 2.

Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Unha lectura en paralelo da sustentabilidade lingüística desde as achegas da economía feminista

Goretti Sanmartín Rei
Universidade da Coruña

O presente artigo pretende realizar un achegamento á obra de Manuel García Blanco desde a contemporaneidade e, por tanto, inclúe unha reescrita sobre a base das formulacións realizadas naquela altura coa ollada dos cen anos transcorridos entre as súas palabras e as nosas. No entanto, quixemos tamén aproveitar esta ocasión de realizarmos unha homenaxe a Manuel García Blanco, considerado un pioneiro da planificación lingüística sobre o galego (Fernández Salgado 2000: 293), para proporcionarmos algunhas ferramentas para debater e continuar a construír camiños que aposten pola linguodiversidade desde a perspectiva da sustentabilidade lingüística. Para isto, recolleemos as propostas conceptuais que desde a Economía Feminista realizaron nos últimos tempos diferentes autoras, nomeadamente Amaia Pérez de Orozco e Astrid Agenjo, para, a continuación, desenvolver un paralelismo entre as relacións de dominio do patriarcado e as de sometemento lingüístico, unha ligazón que xa posúe unha certa tradición entre nós. Procuraremos, pois, fuxindo de interpretacións baseadas na progresividade (e si aplicando a de complementariedade) ou no encapsulamento (quer do autor homenaxeado ou doutras figuras que citemos), analizar algunhas das chaves da contemporaneidade movéndonos entre o que denominaremos Sustentabilidade Lingüística da Conciliación e Sustentabilidade Lingüística da Ruptura, un préstamo dos conceptos de Economía Feminista da Conciliación e Economía Feminista da Ruptura, que tanta clarificación están a producir no marco dunha crise sistémica como a que estamos a padecer.

I

Un paso adiante e outro atrás. Galiza!

Aínda en pleno século XXI existe unha forte tendencia a considerar o Estado español como unitario e fundamentalmente monolingüe ou, cando menos, monolingüe desde unha perspectiva oficial en que tamén se incardina o practicamente total descoñecemento dos outros idiomas distintos ao español por parte da inmensa maioría

da poboación. Para alén de interpretaren moitas das persoas residentes nos territorios do Estado que teñen como lingua propia o castelán que non teñen ningún motivo nin para aprenderen nin para se achegaren aos outros idiomas legalmente cooficiais nos seus territorios¹, existe un total desprezo pola riqueza que supón posuír unha diversidade lingüística e cultural tan próxima nun mundo xa cun nivel moi elevado de extinción acelerada de linguas. Lembremos, como indica Junyent (2012: 130) que estamos moi lonxe do equilibrio, porque nestes momentos o 96% da humanidade fala o 4% das linguas, ou viceversa, o 4% da humanidade fala o 96% das linguas.

Un dos indicios en que se manifesta esta falta de interese pola heteroxeneidade lingüística do Estado español é a súa ausencia absoluta dos planos de ensino, pois en ningún momento no sistema educativo, nos seus moi diferentes graos, se establece a oportunidade de coñecer, mesmo con carácter optativo, as outras linguas. E isto resulta tan común para a inmensa maioría da poboación que, en ocasións, chega a considerar unha ofensa o feito de ser recibida con carteis coa toponimia nesas outras linguas, propias dos seus respectivos espazos xeográficos e amparadas con diferentes normativas.

O alarmante descenso da transmisión interxeracional do galego a partir, sobre todo, da revisión dos datos iniciais do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (o MSG de 1992 e a súa actualización de 2004), mais tamén da información extraída do *Censo de Poboación e Vivenda*, provocou un intercambio de opinións entre persoas investigadoras, quer a veren o vaso medio cheo quer a observalo como baleiro ou, cando menos, penzo constante e aceleradamente². A transformación dunha situación a que podíamos aplicar o concepto de diglosia, cando menos na reinterpretación deste concepto que no Estado español introduciu a reflexión sociolingüística sobre o catalán, a un espazo en que o galego deixa de ser a lingua inicial maioritaria e onde, por tanto, é o castelán o que cobre as funcións familiares e coloquiais inutiliza moita da argumentación habitual a prol dos dereitos lingüísticos desta comunidade. Estamos a falar dunha lingua maioritaria na comunidade onde é propia ou dunha lingua xa minoritaria no seu territorio histórico?

Por outra parte, a estes datos negativos podemos acrecentar que a UNESCO situou no ano 2001 o galego como lingua en perigo dentro do seu Atlas das Linguas en Perigo no Mundo, de onde foi retirada na edición de 2009 pola súa proximidade co portugués. A ninguén se lle escapa que este criterio continuaba a deixar o galego onde estaba inicialmente –isto é, no perigo inminente de falta de rcambio xeracional–,

1 Un feito que podemos estender ao portugués, de falarmos desde a perspectiva peninsular, e que, de maneira indirecta tamén repercute negativamente sobre o galego, magnífica porta de entrada á lusofonía.

2 Unha boa síntese desta cuestión pode lerse en Freixeiro 2010.

mais a preocupación foi minguando e o recurso ás posibilidades desde a lusofonía aumentou, mesmo desde os ámbitos máis dispares, como se aí puidésemos achar a única chave da porta de salvación do galego.

Porén, no mundo político, e no humano en xeral, a memoria é feble e a resposta a todos os síntomas de alerta foi o intento de retroceder no uso da lingua e, sobre todo, de o facer a costa da lingua que hoxe representa o poder esmagador do neoliberalismo, o inglés, tentando establecer un ensino obrigatorio en tres linguas, seica en igualdade de condicións. O uniformismo, o igualitarismo, é un dos males modernos máis perigosos: tratar igual as desiguais, a pesar de existiren ducias de estudos que negan esta perspectiva e recomendan o contrario. Deste feito escandaloso ficou constancia nas *Bases para a elaboración do Decreto para o Plurilingüismo* que foron contestadas tamén por sectores oficiais e institucionais e cuxos contidos continúan a inspirar o actual *Decreto para o Plurilingüismo*. Houbo milleiros de persoas nas rúas e mesmo se alzaron voces a prol do galego de persoas que até o momento se situaran comodamente no español. No entanto, como veremos máis adiante, faltou realizar con anterioridade unha forte campaña de divulgación das razóns de termos que nos comprometer coa lingua e de o ensino ter que coadxuvar a reequilibrar unha sociedade onde xa existían moitos lugares en que o galego case non deixaba pegada. Houbo moitas obras que abordaron a análise dese momento histórico, que reflexionaron sobre os marcos que reproducimos e difundimos, e os que nos impoñen, mais a maioría da poboación, tamén dentro dos grupos máis belixerantes contra a imposición do español, non percorreu o camiño necesario nin para aumentar os seus coñecementos lingüísticos e recoñecer a linguodiversidade como un ben que temos a obriga de preservar, nin para actualizar o seu discurso e procurar novas empatías sociais.

Nesta última perspectiva, unha aprendizaxe que parte das competencias pasivas secundarizando as activas dá boa conta de estarmos a falar, para un importante sector da poboación, cando menos cualitativamente, dunha lingua estranxeira. Este feito, que leva décadas a se producir a maneira de pingueira, é agora superior ao contrario, á aprendizaxe que parte da lingua propia para dotar @s falantes dun modelo culto e de variabilidade de rexistros. De nos situarmos tan só dúas ou tres décadas antes (e de aí para atrás) non era case perceptíbel a existencia no país de persoas lingüísticamente estranxeiras en galego e quizais quen o negaba partía de existiren numerosas interferencias lingüísticas do galego no castelán falado en Galiza, moi próximo fonética e sintacticamente. Porén, o aumento de crianzas españolfalantes e a masiva irrupción dos medios de comunicación nese idioma, coadxuvaron para que o español fose cada vez máis español e aumentaron a distancia lingüística entre o galego e o español desde o español, non desde o galego, que pasou tamén a se ver afectado coa introdución de, por exemplo, formas verbais, que noutroa galegofalantes tradicionais nunca empregarían. Este proceso contribuíu á establecer a categoría de neofalantes –de que logo falaremos– como un modelo

particular e diferenciado e mesmo houbo investigador@s que se dedicaron a explicar a variación intralingüística en galego desde a perspectiva da crioulística, un enfoque de grande interese pouco aproveitada para se interpretar socialmente. Viaxamos desde a diferenza de Castelao entre falar galego por galeguismo ou por ruralismo ás declaracións de orgullo de seren neofalantes de Belén Regueira ou de Séchu Sende. Esta construción dun *nós* diferente, baseado na vontade e na xustiza, na chegada á loita a prol da lingua dominada independentemente do lugar de procedencia, non foi acompañada dunha mudanza, cando menos dunha actualización, da reivindicación dun *nós* que parte, na tradición histórica, da pertenza ás clases populares, do territorio, da idea dunha reclamación particular que nos corresponde, unha verdade, claro, mais parcial por ocultar outras que se ligan con ela obrigatoriamente.

Para alén disto, o problema é aínda maior cando se concentraron moitos esforzos na formación (no sistema educativo obrigatorio e na formación de persoas adultas, fundamentalmente daquelas que pertencían á Administración) e hoxe temos persoas que dominan teoricamente o idioma, mais que non o practican, sobre todo de maneira espontánea. Nestes casos a lingua circunscríbese ao rixido formulario da linguaxe administrativa, mesmo cunhas doses de inmovilismo, de reiteración, de modelo que choca frontalmente coas pretensións de posuírmos unha lingua rica, viva, vizosa, en que as persoas falantes se identifiquen e gocen. O galego, desde esta perspectiva, convértese nunha opción eternamente posíbel mais rara vez sentida e actualizada.

De abordarmos a cuestión do ensino desde unha perspectiva interna, parece esperpéntico ese continuo interrogante a respecto de se podemos ou non impartir matemáticas en galego. Desde os libros do colectivo *Vacaloura* e a súa introdución nun momento en que o uso do galego ía asociado aínda aos ecos da loita contra a ditadura, á modernidade e liberdade, cada certo tempo o movemento a prol do galego tivo que se defender das acusacións a respecto das dificultades de comprensión dunha materia tan árida na nosa lingua. Como se non fose moito máis complexa a abordaxe da filosofía ou da historia desde esta perspectiva! Mais a filosofía e a historia teñen menos relevancia no mundo tecnocientífico actual, que rexeita como acientífico todo aquilo que non sexa puramente experimental. E a escusa de poderen vir persoas doutras partes do Estado continúa a actuar como un muro que contradí a mesma teoría que sinala que o galego non serve fóra. Ora ben, ou partimos de que o galego é unha lingua cun alto grao de parentesco con outras linguas próximas, como o catalán, o italiano, o francés ou o español, de tal xeito que existe un nivel de intercomprensión que podería favorecer que as persoas non tivesen que inicialmente mudar de lingua (aínda que acabasen facéndoo cara ao galego por solidariedade, por ética, por xustiza) e desenvolvesen moitos actos de comunicación bilingües e/ou plurilingües (que é o que acontece realmente no noso país entre galegofalantes e españolfalantes), na liña de fomento das competencias pasivas que moit@s lingüistas argumentaron como crucial para abrírmos as mentes á heteroxeneidade,

ou ben recoñecemos as dificultades dese proceso de recepción que implica non partir de preconceptos e decidimos, por tanto, que a única maneira para conservarmos esta riqueza lingüística é mantérmola ligada aos seus territorios respectivos e conseguir alí que todo o mundo a empregue de xeito habitual.

Neste derradeiro caso, para garantirmos a súa viabilidade, cómpre estaren dispostas as persoas que deciden instalarse, por un tempo ou para sempre, neste espazo privilexiado, a coñeceren e usaren o idioma propio que vive entre nós. Isto é o que fan, ano a ano e con gran suceso xornalístico, as persoas estranxeiras que acoden aos cursos de lingua e cultura galega para *estranxeir@s*. Referímonos a individuos procedentes de Bydgoszcz, de Cracovia, de Leipzig, de Málaga, de San Petersburgo, de São Paulo, de Barcelona, de Illinois, de Zadar, de Benin, de Split, de Zagreb, de Valladolid, de Cracovia....

Non é habitual teorizar sobre a recepción esaxerada da presenza entre nós deste grupos de persoas preocupadas polo galego, algo que reproducen fundamentalmente os medios de comunicación (xornais, radios e televisións, tamén ou sobre todo os profundamente antigalegos) e que ten unha outra vertente na promoción de numerosos lectorados e/ou actividades no estranxeiro en tempos en que se afogan as posibilidades de intervención normalizadora no país. É evidente que o feito de isto acontecer está relacionado directamente coa idea de a estas persoas supórselles que van chegar a un determinado grao de utilización de uso da lingua, sen desexar excesivamente, sen pasar certos límites, como complemento ao coñecemento do español, porque, en palabras de Manuel García Blanco: “É evidente que un maior uso, un cultivo máis asiduo da nosa lingua sería incompatible coa nosa actual extremada devoción ao nacido na terra que tanto aborreceu a gran Rosalía”. Conciliación ou ruptura? Conciliación e ruptura? Velaí a discusión. En certa maneira, as persoas estranxeiras asumen o traballo de coidados que as persoas do propio lugar non realizan, como as mulleres inmigrantes asumen as tarefas que corresponderían a outras persoas e, por tanto, iniciándonos xa os paralelismos de que falamos na presentación do traballo, estas cadeas globais de coidados [para o traballo feminino e para as linguas en perigo] son o expoñente visíbel da exportación do problema, aínda que, naturalmente, sen chegar a resolvelo (na liña de Carrasco 2009: 186). Nas gravacións efectuadas na Universidade da Coruña para a segunda edición da campaña *En galego tamén se fai ciencia*, unha profesora da Facultade de Ciencias da Educación, de orixe norteamericana, conta como ela é valorada moi positivamente polo seu alumnado por se expresar en galego tras tanto esforzo. Fronte a iso, comenta que outros membros do profesorado non son igual de aceptados e que mesmo son corrixidos por un estudiantado que, en ocasións, domina máis a lingua que unha parte do profesorado. O esforzo como valor especial e a falta de esforzo que se supón en quen xa ten o galego como lingua natural ou próxima. Existen posibilidades de transformar esta realidade e de a reverter a prol do galego? Existen, demostrando o esforzo, realizando o esforzo, mellorando o modelo

lingüístico, mudándoo, modernizándoo, non fosilizándose en etapas da aprendizaxe ou na lingua recibida a través do contorno familiar.

O que causa unha verdadeira conmoción é observar como @s propi@s galeg@s andan a fuxir da súa lingua colectiva deitando mil e un argumentos para non se construíren nela. Case todas estas xustificacións están atravesadas pola comodidade e o desleixo, pola falta de interese e de vontade, o que provocou tamén que pouco a pouco se vaia forxando un clima onde o feito de peneirmos un modelo de galego culto sexa estigmatizado por extemporáneo e falto de autenticidade.

Tras décadas de ensino da lingua e da literatura galegas a través do sistema educativo nas súas etapas de obrigatoriedade e tras se dilapidaren moitos fondos na formación e reciclaxe de persoas adultas, o galego é coñecido moi parcialmente (non a través da lectura, por exemplo) e é utilizado con numerosas inseguranzas tanto a nivel escrito como oral. Tamén esta cuestión serviu para romper coa cohesión social que noutroza reclamou Manuel García Blanco como substancial, pois, como acabamos de ver, sobre o cadro que leva anos a se instalar entre nós de diferenzas xeográficas, de clase, de niveis de estudo..., irrompe con forza outro que divide as persoas falantes en de pedigree e en mestizos, en neofalantes e galegofalantesdeverdade, en neofalantes con posibilidade de se recuperaren da súa doenza e neofalantes condenad@s ao infortunio de non posuíren determinados trazos fonéticos. Levado ao extremo da desesperación, existen xa non só neofalantes que queren deixar de selo, senón falantes iniciais que imitan @s neofalantes.

O ensino da lingua e da literatura galegas non serviu para aquilo que lle daba sentido realmente. Para alén da idea de conservación e de mantemento da lingua nas persoas que xa a posuían e de achegamento inicial a aquelas ás que lle fora furtada, o ensino debía servir de restaurador das deficiencias e de requilibrador das desigualdades. Nesa liña, non existiu un material didáctico que puidese enfrontar esta perspectiva. O galego converteuse, en ocasións, nunha listaxe de palabras raras e antigas que aprender e aínda hoxe,cando se editan/preparan materiais para o ensino a galeg@s ou a estranxeir@s se recorre excesivamente a falar de gastronomía, da gaita, do celtismo ou da ambigüidade do noso carácter. Diso ou dos computadores e das novas tecnoloxías, das glorias literarias doutroza. O ensino conseguiu que todo o mundo rememore o pasado glorioso das cantigas ou, como moito, a contemporaneidade (?), historicamente falando, de Rosalía..., mais ben pouca influencia tivo e ten o ensaio na súa formulación desde comezos do século XX á actualidade. quen pode citar seis ensaístas galegos contemporáneos? Existen mesmo seis ensaístas galegas contemporáneas? A maior incoherencia entre o discurso teórico e a praxe das persoas comprometidas co galego non está na ausencia de uso do galego nos sistemas informáticos (que tamén) senón na falta de coñecemento da cultura e da expresión artística feita desde o galego e en galego, por seren espazos de construción

de pensamento, de orixinalidade, de desenvolvemento do aspecto lúdico, dos tempos de lecer. A lingua para que? Non se trata de encapsular a lingua, senón de a facer libre, de que poida funcionar como calquera outra lingua, na liña do argumentario defendido por García Negro en múltiples ocasións.

Destas consideración tírase que andamos a bater continuamente cun reduccionismo binarista: ou o antigo ou o máis moderno. A casa, polo tellado e nos cimentos, mais sen cuartos onde vivir nin paredes que nos acollan nin xanelas para respirar. A identidade tradicional fosilizada, estática, nun lugar onde non podes ser bo galego sen comer cocido e churrasco e onde se celebra esa identidade tipificada enxebriamente no mundo publicitario de empresas que empregan case exclusivamente o español.

Todos estes síntomas dun acelerado proceso de substitución lingüística co español como protagonista triunfante son moito máis graves se falaros das elites e dunha intelectualidade que se move tamén na falta de interese polo máis próximo. Porque non esquezamos que á conservación do galego como lingua das clases populares uniuse, no difícil labor de planificar a súa restitución, unha elite comprometida que foi o referente inicial dos primeiros precusores. De maneira relevante, tiveron un papel inesquecibel as persoas que renovaron e galeguizaron lingüisticamente o legado de Manuel García Blanco, os homes das Irmandades e do grupo Nós, os que conseguiron ligar teoría e praxe, ao non daren por feito que o galego continuaría unicamente de maneira “natural”. O exemplo máis paradigmático é o de Ramón Vilar Ponte, pois é coñecida a súa radical posición a respecto da coherencia no emprego do galego, nun intento de levar á práctica aquilo que xa era teoría asumida polo nacionalismo organizado naquela altura e que partira do ideario murguiano: a lingua como sinal máis claro de nacionalidade distinta. O seu combate contra a hipocrísia lingüística e as contradicións que noutrora embazaran o labor dos Precusores achégannos con bastante fidelidade ás dificultades de conseguir restituír a lingua propia naqueles individuos que pertencían ás clases que xa desertaran dela, unha cuestión que cumpría modificar, e para iso, nada mellor que o propio exemplo, tal e como evidencia este texto, que xa reproducimos en anteriores traballos, e que Ramón Vilar Ponte escribiu baixo unha foto de seu fillo maior, Xaime, cando este contaba apenas uns meses de idade:

Vera efigie d'un infante galego nazonalista, cicais do único infante que xa no berce, pertencendo a unha familia non labrega nin artesan, ven sendo aloumiñado por seus pais, d'un xeito conscente e ateigado de intenzón, coás verbas da língua doce e groriosa da Patria, língua â que hoxe están facendo rexurdire as beneméritas Irmandades da Fala.

En Viveiro a 19 de Santiago do Ano Santo de 1920

Xaime Villar Chao

¡Patria libre!

Ramón Vilar Ponte teima en converter en galegofalantes aquelas clases que deixaran de selo, nun proceso que tiña de ser intencionado, ideoloxizado, consciente. Ramón Vilar Ponte, e con el as Irmandades e o nacionalismo galego desta etapa, afirmaba con rotundidade a súa intención de mudar esta situación, conseguindo que o galego volvea a ser a lingua inicial das clases altas, pouco máis dunha década despois de se produciren as coñecidas palabras de Murguía en que se laiaba dos cambios producidos nos 50 anos transcorridos desde que el era novo a respecto do emprego do galego polas clases altas.

Existen hoxe importantes obras de autoría galega pensadas desde o galego, desde o catalán, desde o éuscara e redactadas neses idiomas, que só son lidas na xa cativa medida en que son traducidas ao español. E ese esforzo económico significa tamén unha peneira ideolóxica guiada pola idea de pertenceren estes textos ao grupo de produtos comerciais, defendidos desde unha mercadotecnia que ten moito máis que ver con modas e intereses conxunturais que con calidade artística, renovación ou provocación. É evidente a dificultade da comprensión do éuscara, mais parece que no que ás actitudes e aos preconceitos se refire, todo aquilo que atinxe a unha lingua dominada remata por se estender ás outras, porque para persoas cultas, que fan esforzos por entenderen italiano ou francés, que pasan anos a estudar e reforzar o seu inglés, non debería significar un gran labor achegarse á lectura e á comprensión en galego e/ou en catalán, partindo como parten do español, unha lingua con moitas semellanzas. Son moitos os traballos que poderíamos citar onde persoas das letras e da cultura, en ocasións tamén da política, decidiron estudar un idioma para coñecer tal autor/a na súa lingua orixinal, mais iso non acontece entre nós nin para Rosalía de Castro nin para ningunha escritora actual, cuxa obra continúa a ofrecerse, cando se fai, isto é, en contadas ocasións, en versión traducidas, moi poucas veces en textos bilingües que puidesen servir para dar testemuño de en que lingua se produciu ese texto. Finalmente, non é de estrañar que supoña unha anomalía poder mercar literatura en galego fóra das fronteiras administrativas desta nación e que tamén o sexa ler nese idioma para calquera persoa que non teña unha relación directa co noso país. Porén, o máis grave é que isto aconteza con persoas criadas e que pasaron polo sistema educativo galego.

Difícil é, pois, que sen un pequeno coñecemento desas linguas exista un respecto e unha consideración cara a elas por parte da maioría da poboación. De aí que aínda persistan graves prexuízos baseados no feito de vulgaren unhas persoas que hai linguas grandes e pequenas, mellores e peores, linguas de andar por casa e de exhibir con orgullo nos ámbitos de prestixio. A pesar de todo o traballo feito polos movementos que levan décadas a reivindicaren o uso do idioma galego en todos os ámbitos, continúa vixente a idea de posuíren algunhas linguas unha vitalidade especial baseada na expresividade, na eufonía, no carácter lírico e amoroso, no feito de se refuxiaren do fogar, sen teren que se enfrontar á modernización nin á ardua tarefa de recibiren neoloxismos e de os adaptaren, vizosas nunha exuberancia que

fai difícil o seu sometemento aos moldes normativos ou de homoxeneidade. Desde esta óptica idílica, ben logo se pasa ao tópico de que linguas como o galego non han morrer nunca, porque están ligadas a ese mundo ancestral que leva séculos sobrevivindo aos intentos de destrución.

E, paseniñamente, vai ficando gravada a idea de non se poder mencionar a posibilidade de substitución lingüística porque fica aínda moito tempo antes de que desapareza o derradeiro falante que coñecía o galego, mesmo sen ter con quen o usar. Non se pondera nestas contas da leiteira o feito de existiren persoas que non poden ler en galego, que non o poden escribir, por non falarmos daquelas que o non poden falar, embora obtivesen unha alta cualificación nesta materia no seu currículo escolar.

Cada certo tempo xorden científico@s, literat@s, investigador@s, entusiastas da nosa lingua, que abordan a posibilidade de morte do galego, mais só ultimamente isto se realizou desde unha perspectiva global, inserida nunha perspectiva ecolingüística que divide as linguas en dominantes e dominadas e que denuncia a perda que está a supor a destrución da linguodiversidade. Significativas son a este respecto, as derradeiras palabras do traballo de Moure que pretende reconducir a ollada da lingüística para que o centro de gravitación sexan a ética e a xustiza e que, por tanto, poidamos inserirnos plenamente nun proxecto planetario de restitución da diversidade:

Nos últimos anos, ao acubillo da globalización neoliberal, todo Occidente, e Galiza non é unha excepción, converteuse en lugar de acollida para grandes bolsas de poboación emigrante. Non parece aínda urxente para a nosa sociedade coñecer o mapa real das linguas que se falan entre nós –saber se, por exemplo, entre as linguas máis faladas entre a nosa poboación traballadora está o árabe, ou o coreano, ou o kurdo, ou o portugués caboverdiano-. No entanto, só o día que emprendamos políticas decididas de defensa do galego e doutras linguas minoritarias que poden verse desprotexidas, estaremos realmente facendo que os coñecementos da lingüística no que respecta á variación e á diversidade, teñan unha efectividade práctica; unha razón ética e, daquela, ecolingüística (Moure 2011: 119-120).

Por outra parte, e non só recentemente, existiu un discurso de o galego pertencer só a certos grupos, aos de lingua, aos nacionalistas, aos da cultura, nun intento de igualación “do dominado” e de negación da pluralidade, un fenómeno semellante ao da ocultación das diferenzas entre as mulleres e a súa redución a un abstracto singular. Este preconceito é difícil de contrarrestar, agás facéndonos cun discurso global e asumindo outras loitas, como veremos máis adiante, porque o que pretende xustamente é anular a voz das persoas comprometidas e interesadas que terían que deixar de intervir para non parecer que o fan.

Unha ramificación pouco recoñecida deste prexuízo e difundida en ocasións (quizais inconscientemente) tamén por persoas comprometidas coa lingua está a actuar de maneira especialmente agresiva con aquelas persoas que levan, que levamos, a defender un bo uso lingüístico, pois non soubemos explicar as razóns sociolingüísticas dunha escolla que ten moi pouco de filolóxica e moito de intervención e apropiación identitaria. Non se trata de fosilizarse nin arcaizarse, senón de acompañar, de moverse, de que cada persoa procure os seus puntos de referencia (literarios, reais) e que os poña a funcionar que os active. Trátase desa alegría de sentir que a expresión “Ler no libro” recende a infancia e que coa outra “Fai o que che eu digo” reencontras as túas devanceiras. Trátase tamén de achar lingua na literatura. E trátase non de representar as persoas que expresamos esta opinión cun gran bolígrafo vermello a baixar puntos por faltas, senón todo o contrario, de solicitar que non se computen como erros empregar unhas veces ben e outras mal o infinitivo flexionado, mais utilízalo como maneira de mellorar, ou de estender a dúbida sobre a colocación pronominal fronte ao recurso fácil de modificar a frase para non ter que pensar e colocalo sistematicamente ao final. Porque só deste coñecemento, desta reflexión interna, sae un estilo particular en que as persoas poden sentirse cómodas e gozar.

Para alén desta xustificación, é un universal que o proceso de erosión interna da lingua é sinal inequívoco de camiñar cara á substitución lingüística. O propio Manuel García Blanco, autor das páxinas que dan pé a estouttras, fala con clareza desta cuestión:

Do lamentábel desafecto do pobo galego á súa lingua constitúe tamén proba concluínte a deturpación que por todas partes a pexa e aniquila. No canto dos propios e xenuínos sons da lingua indíxena, teñen uso corrente en toda a rexión algúns sons exóticos, centos de vocábulos, un crecente número de frases que, consonte a súa procedencia, poden chamarse *castelanismos*. Estes figuran no galego que se fala (tamén na escrita, pois nin nos máis enxebres escritores galaicos deixan de se manifestaren os estragos desta corrupción) e, por mor deles, considérase a nosa lingua disonante e deturpada xerga. Cómpre salientar a grande aceptación de que goza a idea de que tales barbarismos enriquecen e afinan a nosa lingua, danlle graza, amortecen a súa suposta rudeza e inexpressión nativas. Hai quen tolera que se fale en galego en determinadas circunstancias, mais só a condición de que sexa un galego modernista, *sui generis*, limpo das súas voces máis enxebres e características, dos seus xiros e modismos máis peculiares, máis típicos. Pola súa vez, tamén o castelán queda en grande medida deturpado nos galegos beizos. Porque un idioma, en efecto, non ten tan só un léxico e unha sintaxe particulares, senón tamén unha entoación e un acento propios; e o noso privativo acento galego, que con dificultade chegamos a dominar, imprimelle á fala castelá modulacións tan pouco acordes coa entoación

propia desta lingua, que delatan a nosa galeguidade tanto, polo menos, coma o propio léxico do dialecto. Do que resulta, con frecuencia, que ao tratar de nos agochar, amosámonos con enteira claridade.

Tamén Freixeiro (2010: 31-38) analizou a relevancia dos procesos de erosión interna dunha lingua como sinal de substitución lingüística e Moure (2011: 108-113) indica algúns dos trazos da perda da riqueza expresiva do galego que nos devolven a imaxe do inicio de morte lingüística. Un dos conceptos que xorden para explicar diferentes situacións de deturpación foi o de semifalantes, cuxa presenza algunhas autoras sitúan xa nunha fase segunda do proceso de desaparición da lingua:

A distribución desigual de linguas nunha comunidade bi- ou multilingüe sempre dá lugar a unha distribución complementaria de dominios, que consecuentemente leva á perda léxica ou a un desenvolvemento léxico defectivo nos dominios que favorecen á lingua dominante. Debido á restrición de dominios, o bilingüismo aumenta porque os falantes se ven forzados a aprenderen a lingua dominante para usala en dominios onde a lingua recesiva non pode usarse. Isto acrecenta a interferencia e a simplificación (p. ex. a perda de sistemas morfo-fonémicos) mais a lingua A aínda pode permanecer como unha lingua funcionalmente intacta. No entanto, unha vez que se toma a decisión de abandonar A e a transmisión lingüística se ve interrompida, a situación cambia radicalmente. A lingua antes primaria A faise secundaria e comeza a mostrar serios signos de imperfección. Debido á falta de estratexias de transmisión lingüística, a única fonte de datos de A para o neno/a nena é o que ocasionalmente escoita no seu contorno. Porén a simple exposición a unha lingua non abonda, obviamente, para desenvolver un nivel de sultura normal. Ademais nunha situación en que case todos os dominios foron conquistados para a lingua T, A simplemente non será usada nun número importante de estilos (narrativo, formal etc.). Desde a perspectiva sociolingüística, o uso restrinxido de A ten un efecto de retroalimentación na actitude negativa cara a A.

É nese punto cando entramos na seguinte fase -quizais a crucial- no proceso de morte da lingua. Este período caracterízase por un fenómeno chamado *decaemento lingüístico* e que pode definirse como a desintegración lingüística que é típica da fala dos semifalantes, isto é, a xeración falante que resulta da interrupción da transmisión. Cando un considerábel número de nenos e nenas nunha comunidade de fala bilingüe se suxeitan regularmente a estratexias de transmisión só nunha das linguas (e quizais aínda se ven abertamente desaniman a adquiriren a outra) a consecuencia trivial é unha adquisición imperfecta da lingua cuxa transmisión se suprimiu. Os semifalantes caracterízanse por un imperfecto coñecemento de A. A súa morfoloxía é extremadamente defectiva e a perda de categorías importantes (tempo, aspecto, modalidade), aínda que esas categorías estean presentes en T. A súa fala adoito mostra unha simplificación sintáctica semellante

aos pidgins e unha forte inseguranza no conxunto de formas e funcións. Dificilmente son capaces de dominar as distincións fonolóxicas de A e mostran estremas variacións na pronuncia (Sasse 1992).

A fluutuación entre un discurso conciliador e un de ruptura son frecuentes. Non acreditamos nunha liña historicista nin de encapsulamento de autor@s, pois xa Rosalía se rebelaba con indignación contra Castela e propoñía que Galiza non debía chamarse española, mentres que Manuel García Blanco alertaba contra estes excesos. Xulgamos que a nosa historia nos devolve un continuo ir e vir por eses camiños (a nosa tea de Penélope particular). Navegamos entre os discursos de optarmos por unha convivencia monolingüe inmersa nunha pluralidade lingüística que non se reduza a galego e español á defensa da convivencia do binomio galego/español nas súas numerosas adxectivacións: harmónico, compensatorio, restitutivo, todas elas a procurar en que espazos si podemos usar o galego e, por tanto, a nos transmitir, en que espazos non podemos facelo. As dúas perspectivas poden opoñerse en ocasións, mais outras veces poden ser complementarias. Nas dúas hai aspectos positivos e negativos para o labor planificador. Con todo, temos que evitar que nalgúns enfoques da conciliación poidan reducirse as análises a un perigoso “acrecente galego e remexa”, nunha paráfrase do “engada mulleres e revolve” que a denominada economía de xénero, fronte á economía feminista, (Agenjo 2011: 73-74) utilizou para se referir a dous enfoques metodolóxicos en que @ lector/a poderá facilmente substituír as referencias femininas polas lingüísticas:

Análise “da muller” como suxeito de estudo: atenden á ausencia ou subrepresentación das mulleres como suxeito epistemolóxico na economía. Harding denomínaos como “estudos de equidade”.

Análise “da muller” como obxecto de estudo ou Empirismo Feminista: considérase que a exclusión das mulleres foi consecuencia dunha mala aplicación do método científico; é dicir, os enfoques androcéntricos fixeron mala ciencia por non atenderen a experiencia feminina. Por tanto, a solución que se formula é inserir as mulleres (como colectivo cunha experiencia de opresión común) nos marcos teóricos preexistentes, sen os cuestionar. A súa recuperación do xénero e as experiencias femininas danse, por tanto, nos límites do que os enfoques androcéntricos consideran económico (o ámbito monetizado) e céntranse fundamentalmente na análise da participación feminina no mercado laboral.

II

Eu tamén navegar

Exposto o estado de decadencia en que se acha a lingua galega, quer motivado no cada vez máis decrecente uso que a inmoviliza, que a fosiliza e que mingua os seus lexítimos dominios, quer reflectido no forte proceso de erosión interna que sofre, cómpre agora detérmonos nas medidas que se adoptaron e nas que sería conveniente adoptar para promover o seu cultivo e oporse ao descrédito que a acompaña e á parálise provocada pola regra que cuestiona o interese de realizarmos un esforzo para lle garantir mil primaveras máis.

Antes de iniciarmos os camiños da contemporaneidade, debemos reparar nun dos elementos do discurso de Manuel García Blanco que é, desde a nosa perspectiva, central para o labor planificador. Falamos, sen ningunha dúbida da importancia que para o autor tiña a lingua como elemento de cohesión social:

Para a solidariedade rexional (agora, que tanto se fala de mancomunidade) entraña un gravísimo dano o feito de que unhas clases sociais falen a cotío o idioma oficial e outras o da rexión, e que o uso dun en detrimento do outro estea máis espallado na cidade ca no campo, nunhas localidades ca noutras. En efecto, quen será tan cego que non vexa canto contribúe esta dualidade idiomática a manter e fomentar no pobo galego os antagonismos de clase, o divorcio entre os elementos urbano e rural e a rivalidade entre localidades e provincias irmás, cuxa estreita unión tan útil sería para a defensa eficaz dos seus comúns intereses?

A ruptura desa cohesión acrecentouse nos últimos tempos ao cada vez combinar máis elementos. Á destrución do hábitat que durante centos de anos foi considerado o “natural” do galego (o rural) e a súa unión co de clase, sumouse o cada vez máis acelerado proceso de españolización segundo os índices de educación, de xénero³ e de idade, producindo unha crise sistémica que dá lugar á ruptura do modelo tradicional cando existe unha multitude de persoas que só teñen o español como lingua de referencia para case todas as súas interaccións lingüísticas.

O difícil, é, pois, realizar un diagnóstico acaído que recolla a complexidade das situacións e non as reduza a unha. Cómpre planificar para cada lugar e situación.

3 Xa un clásico desde os versos pondalianos de “Meniñas da Cruña /falade galego” ou o Certame realizado en Pontevedra en 1929 co lema “Que resortes poderán empregarse para que o adoiten [o galego] as mulleres das clases media e elevada?”, mais hoxe actualizado e rigorosamente tratado por Suárez Fernández (2010) ou por Moure (2010).

Existen persoas con lealdade e orgullo natural, mais iso non é suficiente. Existen persoas e condutas diglósicas, mais non é iso o que condiciona o acelerado proceso de substitución lingüística na actualidade.

Para alén de nos dotarmos dunha lexislación que protexe e fomenta o uso do galego –aínda que escasa, pouco desenvolvida e moitas veces incumprida–, houbo importantes acordos institucionais que parecían vir acompañados da esperanza dunha restitución histórica. Referímonos á elaboración do *Plan xeral de normalización da lingua galega* (aprobado polo Parlamento galego en 2004) e aos seus resultados, un proceso en que non cabía desenvolver un plano que respondese ás demandas dos sectores máis combativos a prol da lingua por canto estaba dirixido pola dereita que levaba décadas a gobernar a nación e a tentar construír unhas canles por onde podía discorrer o galego. Mesmo unha gran parte do desenvolvemento normativo desta etapa estivo máis dedicado a observar que non se movían estas marxes que a provocar o necesario tsunami normalizador. No fondo, o *Plan xeral de normalización da lingua galega* supuxo unha escenificación política dun acordo que non se pretendía cumprir, sen apenas base real de compromiso. As persoas que se integraron na súa elaboración, algunhas delas con boa vontade, elaboraron unha batería de medidas cuxo eixo central foi o ensino. Á falta dunha planificación que concretase prazos, indicase prioridades e estudase o orzamento preciso, acrecentouse a inexistencia da integración global dos diferentes ámbitos. De feito, a día de hoxe, oito anos despois da súa aprobación, o que se leva realizado son medidas puntuais, sen ningunha orientación de carácter xeral e a sen a avaliación sobre o seu grao de cumprimento. O único desenvolvemento lexislativo de envergadura foi a elaboración, a partir das propostas deste texto considerado por algúns como paralegal, do *Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, de cuxa aprobación se desmarcou o PP no último momento, tras recibir ordes directas de Madrid. E as posibilidades dun decreto fanado nas súas orixes, que chegou tarde para os sectores máis comprometidos co idioma e que non foi suficientemente defendido polo partido maioritario que sustentaba o goberno naquela altura, remataron nunha escandalosa conversión do texto nunha ilusoria “imposición” do galego.

Porque un dos problemas fundamentais foi a absorción sistemática polo poder de todas cantas iniciativas relevantes se poñían riba da mesa para transformar unha realidade de opresión. O sustento a nivel de marcos superficiais do compromiso lingüístico en fórmulas reivindicativas básicas fica totalmente escurecido polos marcos básicos, por aqueles que constitúen unha cosmovisión moral ou unha filosofía política (Lakoff 2011: 61). A abordaxe realizada por Méndez López (2011: 31-48) dá boa conta destas mudanzas e da falta de solidez do discurso comprometido coa lingua, sobre todo a través do recoñecemento de non sermos nós as que pensamos, de seren os marcos os que están a pensar por nós.

Un exemplo poucas veces abordado e relacionado con esta cuestión está en como a sociedade galega, mesmo aquela con coñecementos lingüísticos a través do sistema educativo, lle dá as costas á produción literaria propia. Porque no fondo existe un marco profundo que non a considera ou que a ten por menor. O entusiasmo de accedermos á lectura en galego de textos xa non tanto prohibidos (iso xa acontecera antes) como excluídos do ensino, mesmo nas clases de lingua e literatura españolas ou en aulas optativas fóra do horario lectivo, foi substituído pola inclusión das materias de lingua e literatura galegas como máis unha parte do sistema. Fronte ao feito de se construíren algunhas persoas docentes nas marxes do sistema, negándose a aceptar gran parte das súas regras (a autoridade formal como criterio principal, a avaliación por medio de exames, as diferenzas sociais como condicionantes dos rendementos intelectual...) existiu un grupo numeroso de docentes –con moi relevantes excepcións, tanto cualitativamente–, que se integraron perfectamente nos marcos existentes e mesmo contribuíron a realizar os novos marcos que se foron sucedendo.

Desapareceu, pois, a posibilidade de constituír unha vangarda revolucionaria dentro do sistema educativo e a lingua galega pasou a ser máis unha materia, con aprobados e reprobados, con lecturas obrigatorias e exames, con persoas expulsadas das aulas e cuns contidos que había que dar. E todo iso acrecentouse nunha situación de forte inseguranza, de dúbidas internas que levaban o profesorado a ter que se someter constantemente a un exame sobre os seus propios coñecementos. A lingua reducida á norma. A lingua excluída do pracer, da lectura que engancha, da música que nos gusta. E, sobre todo, observamos con preocupación que desde o ensino a lingua e a literatura galegas fican reducidas á súa historia, nunha versión de arqueoloxía e de erudición sobre o pasado. De facermos un inquérito sobre que lembra a inmensa maioría do alumnado de secundaria das aulas de lingua e literatura galegas bateríamos coa doma e castración de Galiza, coa referencia a que houbo uns Séculos Escuros e coa existencia das cantigas medievais e de que tamén Afonso X o Sabio usaba o galego. Practicamente ninguén coñecerá máis que o nome dalgunhas autoras contemporáneas, poucas, mais damos por feito que este alumnado non leu nada de ensaio galego e moi pouco teatro. Como, daquela, podemos pensar en estarmos a intervir para mudar a sociedade? Como poden entrar ideas novas? Como podemos cambiar este mundo sen dialogarmos co que están a facer @s nos@s contemporá@s?

Velaquí o gran fracaso do ensino: non construír lector@s para o futuro. Están a cubrir esa necesidade, con importante acerto, clubs de lectura e actividades realizadas desde pequenas bibliotecas, que conseguen facer chegar a literatura a xente de todas as idades, nunha interesante mestura de idades, de niveis de estudo, de dedicacións e onde, por certo, son maioría esmagadora as mulleres que logo usan menos o galego.

O movemento nacionalista centrou todos os seus esforzos en conseguir que o galego superase a súa condición de lingua subalterna a través da explicación do que significaba o reparto diglósico de usos lingüísticos e conseguiu condicionar o seu uso institucional, cando menos formalmente. Non xulgamos que este feito fose menor e é evidente que, sen el se producir, o galego non gozaría xa da escasa fortuna que posúe e o seu derradeiro falante estaría exposto no museo que tan ben se transmite no filme de Edu Lavandeira *Galicia 2098*. Porén, este camiño foi esquecendo o labor de penetrar igualmente noutros espazos, nos espazos cotiáns, na lingua do lecer, e para moitas persoas que viven na Galiza a diglosia non existe porque elas posúen unha única lingua en que están instaladas as 24 horas do día (incluídos os sonhos) e non exercen o seu uso segundo as pautas de interacción lingüística que implica este concepto. O problema reside en que a presenza formal do galego en impresos administrativos, en actos rituais, en declaracións públicas de carácter institucional, mesmo na loita política, ocultan a inexistencia do galego noutros ámbitos, que son menos considerados.

Non deixa de ser relevante tamén a procura dunha argumentación sólida que defenda o uso do galego no mundo. Entre estas motivacións, destaca, polo seu uso habitual, o feito de ser o noso, o que se criou e deu historicamente esta terra, como se de castañas se tratase, e dicimos de castañas porque elas foron de doada substitución polas patacas cando estas viñeron de América. De aí que sexa un criterio con poucas posibilidades de enraizar, a pesar de isto parecer un paradoxo, sobre todo de ser o único elemento ou o central. A substitución deste criterio por un novo alicerzado na xustiza e na ética foi defendido nos últimos anos por Moure (en múltiples textos, mais de maneira moi contundente e rigorosa en 2011). A ligazón deste aspecto coa falta de posibilidades de apelar á conversión ao galego de novos falantes a partir de ser esta a lingua inicial lévanos novamente ás teorías sobre a morte da lingua, un tabú no noso contorno (Moure 2011: 39-41) e á relación conflitiva entre nacionalismo e ecoloxismo que Comellas (2011: 83-84) abordou tanto para o caso galego como para o catalán.

Coincidimos en que a hipótese da morte da lingua non supón un perigo real para o galego e quixeramos acrecentar máis unha cuestión sobre a causa de non ser ben vista non só naqueles “ámbitos gobernamentais responsables da planificación e das políticas lingüísticas” (Comellas 2011: 85), senón nos espazos nacionalistas sempre afastados do poder. O conflito é especialmente complexo por canto as relación entre movementos de carácter internacionalista e nacionalista sempre abalaron entre fortes contradicións. Para alén dunha declaración de intencións e mesmo dunha teoría continuada interna ao nacionalismo de apoio a todas as causas de dominio e de opresión⁴, o conflito xorde cando ese apoio, esas ligazóns supoñen algún tipo de

4 Pénsese, por exemplo, na obra de Ramón Vilar Ponte, tanto no seu testamento que non coñecemos rematado, mais cuxo primeiro capítulo se dedica a este tema, *O feito lingüístico galego*, como

alianza interna con forzas, persoas ou grupos non nacionalistas. Nesta difícil balanza, o nacionalismo sempre procurou a defensa férrea do noso sen concesión a unha imbricación de causas que puidesen rematar por atraer outras persoas. As dificultades para asumir as ideas feministas desde unha perspectiva global, as contradicións co ecoloxismo, o afastamento a respecto dos movementos de solidariedade... Velaquí onde a teoría dos marcos de Lakoff se fai presente. Porque por máis que existan lemas e campañas de carácter global que sexan aplaudidos, o marco profundo para a inmensa maioría de nacionalistas galegos pivota arredor unicamente do criterio de nos pertencer. Porque, que axuda máis ao galego un lema como “Vivamos como galegos”, carente de mensaxe transformadora ou alternativa ou un “Intento ser normal, mais abúrrome enseguida”, dito por unha nena que se pendura dunha barra cabeza abaixo no mesmo lugar onde as súas compañeiras, cinco nenas bailarinas en perfecta ringleira, continúan a facer os seus exercicios nunha imaxe que circulou hai pouco polas redes sociais? Ou indo a un tema máis espiñento, é mellor ler (ou consultar na rede) xornais feitos no país que presentan unha realidade deformada –tamén lingüísticamente– co obxecto de reproducir o sistema dominante ou acudirmos a outras fontes diferentes, mesmo que afastadas de nós?

Para afondarmos nesta liña, parécenos que pode ser de utilidade para a análise e a futura planificación a aplicación ao caso das linguas da metodoloxía que Agenjo, baseándose fundamentalmente en Pérez Orozco, realizou desde a Economía Feminista, moi concretamente, a diferenza entre Economía Feminista da Conciliación e Economía Feminista da Ruptura (Agenjo 2011). Partamos desde o comezo que non se trata de unha superar outra ou antecede-la. Non son liñas rectas que se continúen, nin paralelas, que non posúan puntos en común a apenas se rocen. Son camiños diferentes con elementos de encontro cuxa diverxencia vén dada polo obxectivo final que perseguen. E lembremos, que o importante, a pregunta que sempre andamos a formular e que case nunca enfrontamos é cal é o obxectivo da normalización?, a que sociedade queremos chegar?, ou, dito doutra maneira, como debuxariamos nós ese futuro tras se aplicaren as medidas que desexamos impulsar nese mundo novo.

Para o obxecto de estudo das repercusións de xénero na crise e as posibilidades de construción dun novo sistema económico, a Economía Feminista da Conciliación tenta situar nun mesmo nivel dúas esferas que funcionan na economía como totalmente opostas: a mercantil e a doméstica, o ámbito non remunerado. Nesta división sexual do traballo, os homes asumen o rol de sustentador familiar e as mulleres adscribíense aos labores menos prestixiados, entre os que salienta o traballo doméstico non remunerado, sen valor nunha sociedade de mercado.

no seu discurso de entrada no Seminario de Estudos Galegos, *O sentimento nazonalista e o internacionalismo*.

O enfrontamento entre a esfera do público e do privado para a lingua foi descrita por Queizán (1989 [1977]) e García Negro (1993: 75-82) e son evidente as súas concomitancias coa clásica división sexual do traballo. No caso lingüístico teríamos a clásica oposición de usos diglósicos que García Negro salientou:

MULLER/LINGUA B	VARÓN/LINGUA A
Natureza.....	Civilización
Infancia.....	Vida adulta
Sentimento.....	Racionalidade
Vida privada.....	Vida pública
Usos primarios.....	Usos secundarios
Dominada.....	Dominante
Enaltecemento compensatorio.....	Praxe necesaria
Discriminación efectiva.....	Hexemonía social

Esta perspectiva, no que á Economía se refire, distánciase dos enfoques androcéntricos que só atenden a parte monetarizada da realidade económica e consegue eliminar a carga xerárquica dos elementos economía/non economía; traballo/non traballo. A relevancia deste enfoque non é tanto incluír a esfera doméstica, senón incluíla asimilándoa ao mercado, isto é, descartando a existencia de actividades económicas distintivas dos fogares e excluindo da análise aspectos persoas e emocionais (afecto, cariño, culpabilidade, frustración...). Nesta análise, a esfera mercantil non perde a centralidade, como non a perde en todos os discursos lingüísticos que xulgan prioritarios conseguir todo o que lle concede “a vida adulta” ás linguas, por continuarmos o símil de García Negro. Trátase de o galego posuír hexemonía social nunha praxe necesaria dominante, coa utilización na vida pública dos usos secundarios guiados pola racionalidade.

A obsesión polo desenvolvemento lexislativo, o descanso nos poderes públicos para solucionar a cuestión, a falta de estímulo que implica supor que a planificación ten que vir de arriba, sitúannos nun escenario de reclamacións para ser alguén, para ser valorada a lingua, para ser útil e desexada. Xulgar que hai que centrarse en esixir o deber de coñecer o galego no Estatuto de Autonomía ou en que hai que modificar a Constitución española sería defender a sustentabilidade lingüística da conciliación, igual que o sería recoñecer que hai dúas linguas que se empregan para interactuar nesta sociedade e que hai espazos para a promoción dunha e espazos que cubrirá a outra.

Pola contra, a Economía Feminista da Ruptura intenta desenvolver formas alternativas para pensar a economía, sitúase fóra das concepcións capitalocéntricas dominantes e trata de construír un discurso que permita liberar o termo subordinado da inevitábel estrutura de valoración asociada á lóxica falo/capitalo-céntrica

(Pérez 2006: 138). A Economía Feminista da Ruptura céntrase no impacto da crise sobre o elemento que transcende e contén tanto a esfera doméstica como mercantil, a denominada sustentabilidade da vida, un termo bisagra que precisa dotarse dun punto de vista que incorpore os dous aspectos centrais e que será o coidado da vida. Resumindo, mentres que na Economía Feminista da Conciliación a noción de coidados se refire ao coidado por parte da familia e das institucións, na Economía Feminista da Ruptura, considérase a noción de coidados como un todo, isto é, facerse cargo do mantemento da vida e da dependencia universal. Neste enfoque a centralidade é para as persoas, cos seus corpos e coas súas identidades (Agenjo 2011: 93).

Realizando, pois, unha translación á problemática da diversidade lingüística, teríamos como desde a primeira das perspectivas, a Sustentabilidade Lingüística de Conciliación trataría de superar a clásica división diglósica entre esfera públicas e privada para o galego. Lembremos as palabras de García Blanco argumentando a falta de coherencia neste sentido e as de Vilar Ponte reclamándoa nas Irmandades. A esfera pública inclúe o emprego do galego na administración, no sistema educativo, nos medios de comunicación, na lexislación..., e a esfera doméstica falaría da súa presenza como lingua inicial, como lingua do ámbito privado, das relacións familiares... Nesta perspectiva a Sustentabilidade Lingüística de Conciliación tamén lle concede importancia á presenza do galego na vida cotiá e tenta eliminar esa dicotomía que favorece unha diglosia inversa totalmente perversa para o futuro do idioma.

Desde a perspectiva da Sustentabilidade Lingüística da Conciliación, son centrais a recuperación para o galego de ámbitos totalmente españolizados, o Exército, a Igrexa ou a Xustiza ou o seu uso en revistas informais, de moda, de escándalos na vida pública...

Fundamental é tamén nesta perspectiva a consideración dos criterios utilitaristas como os máis fortes do discurso. Porén, as linguas, para existiren, non precisan demostrar a súa utilidade. Ou nós non debíamos reparar nese elemento como principal. Porque hai moitas dúbidas sobre se o criterio da utilidade é o que debe movernos. Na definición de inútil en calquera dicionario, para alén da referencia a que non serve para nada, está a de indicar alguén que non pode mover o corpo ou algún dos seus membros ou que non está capacitado para traballar e entre os seus sinónimos poderíamos incluír formas como *improdutivo*, *infrutuoso*, *baldío*. Definitivamente o galego encaixa perfectamente nesta definición, un corpo, un organismo, enfermo, un espírito doente (metáfora de grande uso na nosa literatura), incapacitado para traballar nalgúns ámbitos e a quen temos de subvencionar e de axudar para se valer, tanto externa como internamente (ai, a axuda do español para encher tantos ocos, tantos espazos perdidos!!!).

Por outro lado, cantas veces, cando menos na praxe política, ou na actividade de xestión que hoxe parece suplantala, parece oporse inútil a responsábel. O responsábel é a utilidade. O irresponsábel é a inutilidade. “Sería irresponsábel non facer isto que pode ser útil”, escoitamos, cando o que se oculta detrás é o sentimento de non querer, de non desexar facer iso ou, cando menos, de non estarmos convencidas de ser ese o camiño ou o lugar.

Cantas loitas teríamos perdido de nos deixarmos levar sempre por esta idea? Inútil oporse ao complexo problema dos prezos do leite nesta nación e responsábel dicir que non hai nada que facer. Inútil ser insubmiso e responsábel obxectar. Inútil ser okupa e responsábel xa non arrendar un piso, senón mercar unha casa de nova construción. É máis útil, claro. Ou é útil.

Deteñámonos un momento en xulgar cantas cuestións van parar, aínda hoxe, a este caixón do inútil, do improdutivo, desde o tempo dedicado ás crianzas ao de facer os xantares e os labores domésticos en xeral, aspectos que analizou o pensamento feminista para nos devolver unha visión contraria á que socialmente está prestixiada. Porque o importante será defender eses tempos e eses espazos para todo o mundo e non conseguir que ninguén teña que desenvolver esas tarefas para ser realmente moderno e produtivo. A utilidade en termos produtivos, en termos de mercado, en termos económicos non pode ser a nosa guía, porque daquela o que teremos que realizar é un proceso de reivindicación da inutilidade, como o que eu estou a facer agora. Para que serve a literatura, a arte, o coñecemento humanístico? Para nada. Absolutamente para nada. Improdutividade en estado puro.

Non fica outro remedio, pois, que reivindicarmos a inutilidade de tantas horas nos hospitais á beira dos seres que queremos ou a de tantas horas de coidados e de atencións para os máis pequenos desenvolveren as súas capacidades. Mesmo poderíamos reivindicar a inutilidade dos sentimentos, pois o amor materno, por darnos un exemplo, parece ter a súa utilidade garantida na educación das crianzas e nos coidados que precisan esforzo e traballo físico, mais que acontece cando esa nai está nunha cadeira de rodas, cando non pode desenvolver a serie de traballos que implica a maternidade? Xa non ten valor ese sentimento? Non ten tampouco valor o xesto de tantas persoas doadoras a non ser que teñan unha persoa destinataria con rostro a agardaren por ese sangue, por ese órgano?

O modelo económico (xa non político) que domina na actualidade impón que a cidadanía converta a satisfacción dos seus propios intereses no principal obxectivo das súas vidas, mesmo reducindo eses intereses a cuestións de carácter material, de riqueza e bens materiais. O utilitarismo é unha corrente de pensamento que defende a utilidade como o valor máis importante, quer desde a propia conveniencia ou desde o propio pracer, quer orientado a unha ampliación a través da procura da maior felicidade para o maior número de persoas. Por suposto que existen

elementos positivos nesta doutrina filosófica, uns elementos en que agora non imos reparar porque o que prima é a incapacidade de concordarmos coa aplicación sistemática dos postulados utilitaristas na sociedade moderna, menos no ámbito das linguas.

Por un lado, unha construción baseada en maiorías e minorías non debería convencernos ás persoas usuarias de linguas ameazadas que sufrimos día a día o feito de sermos quer unha minoría cuantitativa nalgúns contextos, quer unha maioría dominada e, por tanto, cualitativamente, unha minoría social. Alén disto, o criterio de utilidade, aplicado habitualmente ao número de falantes que posúe unha lingua, é un prexuízo que temos de combater, pois a lexitimidade está sempre de parte das linguas, independentemente do número de falantes e das súas posibilidades de extensión no mundo. Porque non temos menos dereitos lingüísticos nestes momentos con menos utentes de galego, porcentualmente, que os que posuía a poboación galegofalante de finais do século XIX ou do século XVIII. Xustamente, mesmo sendo menos posuímos realmente máis dereitos polo feito de os construímos desde a consciencia de sermos na lingua.

A afirmación constante de que o galego é útil (tan útil e tan inútil como o resto das linguas) vai da man dun argumento que atenta contra as posicións da Sustentabilidade Lingüística da Ruptura: o importante número de falantes que posúe a través do portugués. Fronte a esta visión utilitarista, queremos defender a conxunción de dous criterios, un baseado na sustentabilidade das linguas, en plural, cun especial achegamento aos outros/ás outras e outro baseado na identificación d@s falantes. Só introducíndonos, para o primeiro dos conceptos o plural podemos centrarnos nas persoas e darlle unha solución á controversia entre monolingüismo, bilingüismo e plurilingüismo.

Nese camiño, se nos quixermos situar na Sustentabilidade Lingüística da Ruptura, temos que procurar un novo concepto que englobe as dúas perspectivas do cadro diglósico, a doméstica e a pública, a dominante e a dominada e iso só o podemos construír se situarmos no centro as linguas e as interaccións lingüísticas desde as relacións humanas, desde a idea de as linguas seren o que @s falantes quixeren..., e desexaren... e gozaren. Ese concepto é, desde a nosa perspectiva, unha outra faceta dos coidados, o do esforzo practicado, que atravesa un e outro espazo e onde tamén se incardina a mellora interna das linguas que pode coadxuvar á súa sustentabilidade. Lembremos o exemplo da profesora de fóra de Galiza que recibe os parabéns polo seu esforzo. Por que non aproveitarmos esta idea e trasladar o esforzo que todas as persoas galegofalantes facemos día a día para construír o noso galego? Porque non o recollemos tal e cal e así o devolvemos. Seguimos a liña de o mellorar, de o actualizar, de o facer noso para termos seguranza e comodidade a través da lingua.

A Sustentabilidade Lingüística da Ruptura non pretende continuar a separar o privado e o público, concedendo, desa maneira na realidade moita máis importancia ao público, como fai a Sustentabilidade Lingüística da Conciliación. Entraría de maneira central neste enfoque a vontade de as persoas falantes se construíren en galego desde a vontade de vivir unha vida digna e pracenteira. A lectura, a expresión dos sentimentos... Están a traballar neste enfoque os clubs de lectura, os grupos de teatro, as persoas que se dedican a contar, a narrar, as editoriais que publican textos que nos engaiolan.

E esta perspectiva da sustentabilidade lingüística é a que se mergulla completamente na reivindicación do uso da lingua para o conxunto da poboación, na liña do suxerido entre nós por Moure:

En todo o caso, a defensa irrenunciábel do galego (só) non é menos pacífica nin menos convivencial que as continuas defensas dun bilingüismo oportunista que se cualifica con distintas etiquetas porque, se estou convencida de que a este pobo lle roubaron unha lingua –e estouno– non me limito a reclamar eses dereitos para min –aínda que tamén fose lexítimo, por suposto–, senón que se podería defender que teño a obriga moral de restituírlles os seus dereitos aos actualmente falantes de español que aínda non son conscientes do que lles quitaron. Igual que teño obriga ética de facerlle ver a quen me devolve mal o cambio que me está a dar de máis. Igual que a antropóloga sente a obriga moral de liberar as nenas dun sacrificio ritual que nin sequera vai conseguir aplacar o volcán. Mesmo se elas non quixeren ser liberadas, que é tanto como se eses falantes de español, ignorantes da historia e da lingüística, se puxeren a invocar a liberdade..., en lugar de invocaren o dereito a ser liberados (Moure 2011: 119).

Xa para irmos pondo o ramo á nosa argumentación, desde a perspectiva da necesidade de mantemento de todas as linguas e da interdependencia universais, nunca podería, por exemplo, neste concreto momento histórico e no espazo en que nos encontramos, defenderse o uso do inglés como estratexia de conciliación, porque irrompería de maneira agresiva nos coidados e na interdependencia universal. O termo sustentabilidade das linguas lévanos a un escenario onde defendemos as linguas para persistiren e se enfrontaren á globalización. Sitúanos a favor do español nos EEUU ou en calquera contexto onde cumpra o papel de lingua dominada e en contra da imposición del no Estado español, mais lévanos a pensar máis nas minorías indíxenas, no saami ou no guaraní, e no catalán ou no éuscaro que no inglés e no portugués.

O camiño da Sustentabilidade Lingüística da Ruptura enlaza co traballo dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino, coa unión entre distintas xeracións e a recuperación da lingua nas voces d@s outr@s, coa participación en vídeos e montaxes, co labor calado das comisións de normalización dos centros

universitarios, co apoio á lectura en galego das bibliotecas, os xogos de maxia coas nosas palabras... Son fundamentais, pois, as redes de apoio (interxeracionais, comunitarias) e de divulgación desta morea de pequenas actividades, para combater a idea de estarmos sós, de estarmos soas a resolver estas cuestións.

Referencias bibliográficas

- Agénjo Calderón, A. (2011): “Lecturas de la crisis en clave feminista: una comparación de la literatura en torno a los efectos específicos sobre las mujeres”, *Papeles de Europa*, 23: 70-100.
- Carrasco, C. (2009): “Mujeres, sostenibilidad y deuda social”, *Revista de Educación*, 2009: 169-191.
- Comellas, P. (2011): “A hipótese da morte das linguas” *Grial* 190: 79-85.
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Freixeiro Mato, X. R. (2010): “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”, en Sanmartín Rei, G. (coord.): *Lingua e futuro*: 13-53 (Bertamiráns, Ames: Laiovento).
- García Negro, M. P. (1993): *Sempre en galego* (Ames, Bertamiráns: Laiovento).
- García Negro, M^a. P. (2000): “Mulleres e idioma galego: analoxia de dúas subordinacións”, en García Negro, M^a. P., *Direitos lingüísticos e control político* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Junyent, C. (2012): “Para sermos lingüisticamente sustentábeis”, en Sanmartín Rei, G. (ed.): *VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Ecoloxía*: 129-139 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).
- Lakoff, R. (2011): *Puntos de reflexión. Manual del progresista* (Barcelona: Península).
- Méndez López, I. (2011): “Queremos galego ou impoñemos galego? Breve panorámica verbo dos marcos e discursos (erróneos?) sobre a lingua galega”, en Martínez Lema, P. / Sanmartín Rei, G. (eds.) (2011): *Unha outra guía para a intervención lingüística*: 31-48 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

- Moure, T. (2010): “Falarmos galego as mulleres, por que non?”, en Mosquera Carregal, X. (ed.): *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*: 147-169 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).
- Moure, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Pérez de Orozco, A. (2006): *Perspectivas feministas en torno a la economía: el caso de los cuidados* (Madrid: Consejo Económico y Social).
- Queizán, M^a. X. (1989) [1977]: “A lingua galega e a muller”, en Queizán, M^a. X., *Evidencias*: 23-62 (Vigo: Xerais).
- Sasse, H.-J- (1992): “Theory on language death”, en Brezinger, M. (ed.): *Language Death. Factual and theoretical explorations with special reference to East Africa*: 7-30 (Berlin-Mew York: Mouton-DeGruyter).
- Suárez Fernández, I. (2010): “Presentación de datos sociolingüísticos desde a perspectiva de xénero”, en Mosquera Carregal, X. (ed.): *Lingua e Xénero. VI Xornadas sobre Lingua e Usos*: 19-32 (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

Manuel García Blanco e a calidade da lingua: o contexto social e o filolóxico nos inicios do século XIX

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña

1. Introducción

Nos últimos tempos, un dos temas recorrentes no marco dos estudos lingüísticos galegos ten o tipo de lingua, e nomeadamente a súa calidade, como albo de reflexión. Debátese sobre se a preferencia na escolla de estruturas morfosintácticas e repertorios lexicais debe decantarse polas construcións máis xenuínas e diferenciais, algunhas hoxe de escasa atestación no uso diario, ou, polo contrario, sobre se o modelo dunha variedade culta ten de seleccionar o máis común nos hábitos orais e escritos dos nosos días. Unha proposta na primeira liña é o traballo *Lingua de calidade*, de Freixeiro Mato (2009), obra que, entre outros temas, concede singular atención ao potenciamento das construcións morfosintácticas tradicionais e diferenciais a respecto do español, á necesidade de aproximación (e reencontro) do galego consigo propio, isto é, coas outras variedades do sistema, e á eliminación do uso habitual de todo canto for alleo ao idioma. E unha orientación cara á segunda das hipóteses é a que se acha na obra colectiva *Norma lingüística e variación*, editada por Álvarez & Monteagudo (2005), en que, sempre rexeitando o foráneo, varias persoas expoñen as súas opinións sobre as relacións entre o fenómeno do variacionismo lingüístico e a necesidade dunha norma de referencia, a cal, a seu ver, non ten necesariamente de se decantar polo diferencial face ao español e pola aproximación ás outras normas do mesmo sistema lingüístico.

Algúns dos esteos que apoian a reflexión nese ámbito da calidade lingüística asentan, por exemplo, na necesidade de potenciar as colocacións do pronome con infinitivos rexidos por preposición ou conxunción ao xeito tradicional en vez de como se dispoñen actualmente de maneira maioritaria (*De o pensar ben, non debeu deixar de estudar* vs. *De pensalo ben, nunca debeu deixar de estudar*; *O valo? Antes que o arraxar élle mellor levantar un novo* vs. *O valo? Antes que arraxalo élle mellor levantar un novo*); ou na disposición desas mesmas formas pronominais clíticas no marco das perífrases, en que se perciben tamén como as ordes máis diferenciais tenden a ser moito menos detectadas (*Telo que saudar / Tes que o saudar* vs. *Tes que saudalo*); ou na necesaria recuperación do futuro do subxuntivo a teor da súa pertinencia funcional (*Se traballares, aprobas ≠ Se*

traballas, aprobas); ou no tamén necesario potenciamento do infinitivo flexionado (*Convén **virde** axiña* vs. *Convén **que veñades** axiña*; *Estudan para **aprobar*** vs. **Estudan para **aprobar***); ou no rexeitamento da preposición *a* como marca de CD (*Vin **as** ministras discutiren* vs. **Vin **ás** ministras discutiren*); ou no emprego da interpolación pronominal como eficaz recurso estilístico e expresivo (*Xa che **eu** dixen que estaba a chover* vs. *Xa che dixen **eu** que estaba a chover*); etc. Todos estes fenómenos corresponden, en xeral, a trazos ben representativos da morfosintaxe galega que non achan equivalentes na sincronía actual do español. Por este motivo, as estruturas máis empregadas a día de hoxe, as segundas na nosa exposición, coinciden coas desta lingua, de maneira que non corren risco de entraren en crise ou de desapareceren.

Na realidade, parecidos debates non son estritamente modernos, aínda que ben é certo que é nestes tempos, debido ao impresionante desenvolvemento da lingüística galega, que posúen máis seguimento en foros especializados. As publicacións convencionais en formato de libro viron como o desenvolvemento das novas tecnoloxías posibilitaron que a reflexión sobre a lingua se realizase neses novos medios: foros de discusión e debate, blogs, páxinas web etc. que redundan positivamente na especulación á volta da lingua galega¹.

Mais, na liña do dito, son asuntos que xa se formularon ou xa se intuiron noutros tempos: así, hai un século, Manuel García Blanco daba a lume o seu opúsculo intitulado *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* (en adiante CDR), en que deixaba constancia da precaria situación do idioma en termos sociolóxicos, verificando a presenza de diversos preconceitos que empecían o normal uso do galego e o seu proceso de recuperación social. Cunha capacidade de análise verdadeiramente digna de nota, o autor vai facendo un repaso aos principais problemas que, do seu punto de vista, afectaban a lingua na altura, ben como a algunhas causas e tamén a determinadas solucións para tales eivas. En xeral, transcorridos cen anos desde 1912, chama poderosamente a atención como a totalidade desas ideas preconceituosas continúa a se detectar na sociedade galega hodierna, mesmo se proxectando conscientemente varias delas desde as instancias gobernamentais e culturais do país. Lida hoxe, a obra dá conta dunha notabilísima actualidade, o que serve para repararmos cando menos en dúas cuestións: en primeiro

1 Apropíámonos, neste sentido, da opinión de Romero & Vaquero (2001: 23), que, hai pouco máis de unha década, ponderaban as facilidades que ofrece a rede, pois está aberta “os 365 días do ano, as 24 horas do día, e podemos acceder no momento en que mellor nos conveña, sen ter que movermos da casa ou do lugar do traballo. Podemos buscar e seleccionar de forma activa a información que nos interesa mercé ás potentes ferramentas que son os buscadores, nas súas diversas variantes. Así mesmo, podemos recibir comodamente información na nosa caixa de correo electrónico: subscribímonos a un xornal, sintonizar canles específicas que nos escolman información segundo os intereses que previamente establezamos, subscribímonos a unha dolda especializada” etc.

lugar, García Blanco evidencia unha capacidade de reflexión sociolingüística asaz rigorosa canto á análise dos feitos; e en segundo lugar, o opúsculo, con cen anos de antelación, serve para reclamar medidas urxentes aos poderes públicos para toda esa listaxe de preconceptos conseguir desaparecer.

Precisamente, un dos temas que trata é a deturpación do galego e o seu nivel tolerado de descafeinización, quere dicir, un idioma, nas súas propias palabras, permitido embora “limpio de sus voces más *enxebres* y características” (CDR 10), e a este asunto imos dedicar as presentes palabras. Veremos que outros autores con preocupacións lingüísticas similares ás de García Blanco, anteriores ou até contemporáneos deste, tamén fixeron fincapé no necesario potenciamento do uso do idioma, da calidade lingüística e dalgúns dos seus trazos característicos. E tamén veremos, igualmente, que agora, moito máis que hai un século, son absolutamente precisas actuacións propositadas para usarmos unha lingua de calidade, asentada en si propia e destonada de todo cando lle for estraño desde as megafonías públicas, que son as encargadas, entre outras funcións, de velaren pola recuperación social do idioma.

2. O galego e os estudos lingüísticos na alborada do século XX

2.1. Lingua e sociedade

Se no plano literario o galego comezara no Rexurdimento a súa recuperación literaria cunha produción verdadeiramente digna de nota, nos outros dominios públicos do idioma, nos primordios do século XX, o español, cal na centuria anterior, continuaba a ser lingua única e hexemónica na igrexa, na administración, na acción política ou nas escolas, nas cales existía a prohibición de aprender ás crianzas calquera lingua que non fose o castelán; lembémonos de que, xa no século XVIII, Sarmiento facía notar a necesidade de que os escolinos fosen educados na súa propia lingua, situación que aínda na actualidade está lonxe de se cumprir a pesar de existiren disposicións legais que regulan unha mínima presenza do galego nos centros de ensino. Desta situación tomou boa nota García Blanco, que deixou escrito o que segue, a ponderar que o uso por parte dos defensores do país podería coadxuvar no proceso de rexeneración da lingua:

Nuestros curas rurales usan constantemente el castellano en las sencillas, familiares pláticas con que adoctrinan a sus feligreses. En los mítines solidarios y agrarios, ahora tan de moda, ¿qué elocuente tributo se cuida de comunicar en gallego a la multitud sus redentores ideales? ¿Cuáles de los ardorosos manifiestos regionalistas y redencionistas se han redactado en

nuestra lengua regional? La floja campaña social y política que en favor de los intereses de la región sostienen algunos individuos y entidades, brinda, sin embargo, muy propicia ocasión para el cultivo de nuestro idioma y el desarrollo de nuestra literatura, y las doctrinas regionalistas ganarían en crédito y consistencia predicadas, propagadas mediante la lengua regional (CDR 15, n. 1).

Á marxe deses ámbitos, no nivel oral, porén, o galego mantíña unha percentaxe de uso moito notábel e, aínda que é difícil sinalarmos índices numéricos que reflectan esa proporción de falantes, hai estudos en que, a se centraren no século XIX, falan de máis dun 90% practicamente monolingüe para o caso da xente que vivía da agricultura, do traballo no mar ou do artesanato (Freixeiro Mato & Sanmartín Rei & Sánchez Rei 2005: 57) ou, en todo o caso, estudos que falan dunha abrumante maioría de molingües en galego. Esa cifra parece perfectamente lóxica se partimos do mundo tradicional, presente na Galiza oitocentista tamén nun 90% e con única lingua o galego, e podería ser ampliada até aos primeiros anos do século XX, na liña do proposto pola profesora Sanmartín Rei (2002: 77), época en que a poboación de procedencia camponesa e mariñeira non debía ter sufrido mudanzas substanciais en relación cos derradeiros anos do XIX. Nas cidades, con todo, a cousa era algo diferente e nelas o uso do español estaba máis arraizado, conforme a observación de García Blanco, harmonizando con algunhas impresións da altura²; o galego, a seu ver, na Galiza urbana

desaparece a ojos vistas, sustituida al idioma oficial; en nuestras ciudades y villas ya no se usa sino entre las ínfimas clases de la sociedad; las demas estiman, por virtud y obra de un arraigado prejuicio que la lengua en que [...] escribió el Rey Sabio las *Cantigas a Santa María*, no debe expresarse nunca, públicamente al menos, ninguna persona bien nacida que aspire a la consideración ajena (CDR 6).

Nese mesmo ano en que García Blanco dá a lume o seu opúsculo, outro autor, Leopoldo Pedreira, tamén facía referencia ao convivio citadino das dúas linguas, mesmo salientando a calidade do español empregado nas cidades:

2 Crf. como exemplo os seguintes excertos do antirrexionalista Pedreira (1912: 65, 79): “La lengua regional va desapareciendo en todas las localidades y el castellano es la lengua del púlpito y de la escuela [...]. En estas provincias [Lugo, Ourense e Pontevedra] se conserva mucho más el dialecto regional que en la Coruña, porque Orense y Pontevedra sufren la influencia de la proximidad a Portugal; y Lugo está muy aislado por la poca importancia de sus costas y la pobreza relativa y la falta de comunicaciones en el interior. Sin embargo, en las ciudades como en los campos se difunde el castellano”.

En el Ferrol y en La Coruña se habla el castellano más correctamente que en varias capitales de la provincia de Castilla; sirvan de testimonio de este aserto las obras de la ferrolana Concepción Arenal, y las del insigne coruñés D. Manuel Linares Rivas. Sin embargo, el lenguaje popular y aun los escritos de la prensa, están en las grandes urbes llenos de americanismos y contaminados de frases regionales (Pedreira 1912: 65, n. 1).

Con todo, o punto de vista deste autor quizais pareza maiúsculo de máis. Que se empregase o español nos ambientes citadinos non implica que se utilizase con toda a corrección necesaria, de modo que, coas lóxicas matizacións, talvez sexa máis veraz a perspectiva de Aurelio Ribalta datada en 1894; segundo el, o español urbano

ten toda a sintaxis gallega e unha non pequena levadura de parolas, refrás e ditos, feitos gallegos por onde quer que se lles mire [...]. o castellano falado nas rus [sic] das nosas vilas é, de leixos, gallego e moi gallego pol-o son con que o falan, as infreusiós e a prosodia, que son antre nosoutros sempre gallegas, anque nós mesmos non queramos que o pareza (citado tamén en Freixeiro Mato & Sanmartín Rei & Sánchez Rei 2005: 698).

A mesma impresión é recollida polo propio García Blanco:

A su vez, también el castellano sale no poco maltrecho de los gallegos labios. Porque un idioma, en efecto, no tiene tan sólo un léxico y una sintaxis peculiares, sino también una entonación y un acento propios; y nuestro elevado acento gallego, que con dificultad llegamos a dominar, imprime al habla castellana modulaciones tan poco en armonía con la entonación propia de esta lengua, que delatan nuestra condición de gallegos (CDR 10).

Por outro lado, aínda que se contaba desde finais do século XIX cunha gramática en que se declara que todo o que contén procede da atenta observación de “nuestros aldeanos” (Saco Arce 1868: X), ben como outras obras a que máis abaixo faremos referencia, tamén non é doado establecermos algúns puntos mínimos que digan respecto a unha precisa situación lingüística interna do idioma, ou sexa, á súa caracterización gramatical e lexical, e isto é facilmente explicábel por varios motivos: o principal ten que ver co feito de que toda a información que posuímos desa época procede, como non podía ser doutro xeito, da lingua escrita, sistema certamente impreciso de reflexión dunha determinada oralidade. En segundo lugar, este primeiro factor, que na teoría (e na práctica) é aplicábel para outros sistemas lingüísticos, non debería ser ponderado no caso galego se non contásenos cunha tradición literaria e gramatical certamente irregular en confronto con outros países, que se traduce nun número menor de textos conservados. E como terceiro punto para subliñarmos e que está directamente ligado aos dous anteriores, débese facer

mención ao feito de os escritores e escritoras que se arriscaron a compor nunha lingua proscrita na práctica estaren aculturados en español como lingua fundamental e única da súa educación, o que probabelmente puido influír nos seus modelos lingüísticos.

2.2. Lingua e estudos filolóxicos

Noutra orde de cousas, o galego mantíñase (e aínda hoxe acontece) nunha perigosa situación de dialectalización, tanto a respecto de si propio como en relación coa lingua dominante: relativamente a esta, porque o idioma sobrevivía nunha inestábel situación de conflito lingüístico, estigmatizado á baixa e constantemente erosionado polas interferencias do idioma oficial, que ían afectando devagariño as súas particularidades gramaticais, até ao punto de teren a facultade de hibridizaren o galego nunha sorte de sociolectos máis ou menos afastados da lingua imposta; nalgunhas cidades e centros populacionais de importancia aínda hoxe é posíbel detectarmos distintos niveis de mesturaxe entre o galego e o español, o cal non resulta difícil de comprendermos se pensamos que son precisamente os núcleos urbanos onde as clases máis acomodadas, mais con distinto grao de suceso, falaban na altura a nova lingua.

E o galego tamén se achaba en perigo de se dialectalizar a respecto de si mesmo polo feito de ficar propositadamente esquecido das tentativas, públicas ou privadas, de lle arranaxen unha norma padrón, válida para todos os usos e para todos os escritores e escritoras, que unificase as falas nunha variedade estándar. Unha tradición gramatical inexistente, que comezaba precisamente había pouco menos de cincuenta anos a súa complicada singradura, aínda non fora quen de determinar con exactitude o arcaico e o moderno, o coloquial e o formal, o común e o minoritario, o correcto e o incorrecto, o foráneo e o de noso; esa tradición³ tiña producido obras de nula ou escasa validade epistemolóxica, como *El habla gallega* de Cuveiro Piñol (1868), do *Compendio* de Mirás (1864) ou os *Elementos* de Valladares (1892), traballos, todos eles, desfasados a respecto das correntes europeas⁴.

3 En relación ás características das nosas gramáticas, nomeadamente as anteriores á década de 80 do século XIX, véxase Sánchez Rei (2005). Sobre os estudos lingüísticos dos inicios da centuria seguinte, véxase Fernández Salgado (2000).

4 Repárese en que cando Mirás publica o seu *Compendio*, en 1864, había xa moitos anos que as obras de Bopp, Grimm ou Humboldt eran consideradas clásicas, elaboradas partindo duns principios rigorosos e cunha metodoloxía superior á que adopta Francisco Mirás. Por seu turno, na segunda metade do XIX tamén son editados algúns dos contributos de Schleicher ou Hermann Paul, hoxe xa referencias sobradamente coñecidas. Contrastivamente, os investigadores galegos non podían dedicarse ao estudo do sánscrito, ás variacións lingüísticas históricas ou mesmo a compararen as linguas indoeuropeas cando o idioma do país comezaba a ser obxecto de reflexión con varios séculos de demora. Por súa

Cousa distinta é a xa citada *Gramática* de Saco Arce (1868), pois serviu durante moito tempo como única referencia rigorosa⁵ para aquelas persoas que se interesaban polas características gramaticais do galego: aínda que ficou superada polos títulos máis recentes⁶, o certo é que, mesmo na actualidade, é de obrigada consulta para termos unha idea de como podería ser o galego de finais do XIX, especialmente a variedade de Ourense, a súa cidade natal; el foi o primeiro que tentou sistematizar, cun éxito notorio a termos en conta traballos contemporáneos e mesmo posteriores, as particularidades gramaticais do noso idioma e, certamente, algúns dos datos que nos proporciona non deixan de nos parecer curiosos, aínda que conteña informacións que hoxe sabemos inadecuadas, inacaídas ou incorrectas. E cousa tamén diferente é o traballo de lingüística diacrónica de García de Diego, *Elementos de gramática histórica gallega*, dados a lume en 1909, obra cuxo autor posúe unha notábel formación filolóxica que lle vai permitir facer a primeira aproximación á evolución interna da lingua cuns criterios cientificamente sólidos

Mais en xeral, todas esas obras, mesmo a de Saco Arce ou a de García de Diego, non foron coñecidas máis alá duns cenáculos de ilustrados, o que verifica unha escasa ou nula incidencia social no seu conxunto. Así as cousas, ora por o galego non ser lingua oficial, coas consecuencias que isto implica (ausencia na admistración, no ensino, nos documentos oficiais etc.), ora por ser relegado propositadamente como lingua oral e familiar, non se fixo necesario contar cunha descrición da súa fenomenoloxía gramatical practicamente até ás décadas finais do século XX, precisamente porque se non sentía a necesidade de coñecer e estudar unha lingua relegada á oralidade e á coloquialidade ágrafas.

As xentes que conservaron a lingua demoraron moito tempo en teren acceso ás gramáticas e aos dicionarios galegos, xa que a maioría dos títulos non contou coa

vez, Fernández Salgado (2000: 68-69), ponderando que dentro “da erudición galega, o estudio serio da filoloxía comparativa de tradición alemana ía chegar a Galicia só durante a última década do século pasado [o XIX]”, subliña a figura de Amor Ruibal, autor dos dous volumes de *Los Problemas Fundamentales de la Filología Comparada* (1904-1905), investigador que, co paso do tempo, abandonaría o interese pola filoloxía para se preocupar por cuestións teolóxicas e filosóficas.

- 5 Unha boa parte das gramáticas e dos traballos posteriores á de Saco Arce teñen a súa inspiración nesa obra, aínda que os resultados non estean en moitos casos á altura das fontes orixinais. Do traballo de Santiago y Gómez, por exemplo, afirma Carballo Calero (1979: 34), facendo súas as palabras de Rohlf, que, coa excepción do que tira de Saco, nada hai de interese nese contributo absolutamente diletante e retrasado desde o punto de vista científico. Non se dedican mellores xuízos a Luguís Freire, pois o mesmo Carballo Calero (1979: 34) matiza que se se suprimir o que o mariñán traduciu do presbítero ourensán “bien poca cosa queda”, o que vén coincidir coas impresións de Santamarina (1974: 194), quen afirma que a gramática de Luguís non é senón unha tradución para o galego da obra de Saco.
- 6 Pódese afirmar que, en xeral, a influencia da obra de Saco Arce finaliza cando Carvalho Calero publica a súa *Gramática*, que chegou a ter sete edicións.

implantación social que precisan os traballos desta índole. Isto evidénciase, máis unha vez, facéndonos un seguimento dos textos da literatura clásica galega dos séculos XIX e inicios da seguinte centuria, nos cales, na súa maioría, non se tiveron en conta as obras gramaticais e, en consecuencia, os escritores a e as escritoras continuaron a escribir como xulgaban máis oportuno ou máis acorde co que eles entendían como ‘lingua galega’. A presenza neses textos de vocábulos tirados directamente da lingua medieval, do portugués, de pseudogaleguismos e mesmo de fenomenoloxías de marcada procedencia popular así o parece corroborar. Non teñen perda, pois, as seguintes palabras, de Aurelio Ribalta, cando en 1916 se refire a esa escasa ou nula socialización das gramáticas nas páxinas de *Estudios Gallegos*:

En gallego ai poucas gramáticas; pro e que a xente non pide ter mais. Nas botan de menos. As moitas gramáticas das outras linguas responden aas nezesesidás da enseñanza. Pro en Galizia non se estudia o gallego, depréndese sin libros [...]. Por esta razón “de feito”, non “de razón”, abonda ben con satisfazere as nezesidás dos eruditos, dos curiosos, dos literatos (tirado de Fernández Salgado 2000: 124).

Nestes medios, a situación en en que escribiu Manuel García Blanco o seu opúsculo é ben diferente se comparada coa actual no respectante ao grao de coñecemento científico sobre a lingua, pois viran rechamantes os numerosos títulos dados a lume presentemente e os escasos que foran sendo publicados na altura. Mais como persoa interesada polo futuro do idioma, García Blanco dá mostras de ser coñecedor desa tradición filolóxico-gramatical, segundo se deduce do seguinte comentario: a deixar constancia da súa benevolencia para con tales obras, sinalaba que “se han escrito acerca de la lengua regional eruditos trabajos gramaticales y filológicos” (CDR13)

Se esta era a situación das gramáticas, a dos traballos lexicográficos non era moito mellor. A maior parte dos dicionarios (Rodríguez 1863, Cuveiro Piñol 1876, Valladares 1884, Porto Rey 1901 etc.), de modo similar, non puidera coaduxvar na enformación dun modelo lingüístico a teor da súa falta de socialización. Estas obras lexicográficas son produto do coñecemento que existe sobre a lingua na altura e carecen da necesaria fundamentación científica se comparadas con contributos posteriores, e até, case, anteriores: mesmo hai quen diga que todo o labor dicionarístico do século XIX supón un retroceso a respecto dos eruditos dezaoitescos, como Sarmiento ou Sobreira. A tradición lexicográfica galega vai presentar, pois, certos trazos que contribúen para súa singularización, e un destes é o seu marcado carácter compilativo antes do que selectivo, isto é, concédese máis importancia á cantidade de entradas compiladas que a unha escolma entre todas as posíbeis. Este feito, que tamén se dá no século XX ao se herdar dos autores decimonónicos, evidénciase ben ás claras con só repararmos nos títulos das obras, auténticos expoñentes das inquietudes compilativas dos respectivos autores; deixándonos de lado o traballo

de Rodríguez e de Valladares, que “só” se intitulan *Diccionario Gallego-Castellano*, chama a atención como Cuveiro Piñol non hesitou en se referir ao seu dicionario co seguinte nome:

Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso.

O carácter compilativo que presentaban os dicionarios oitocentistas, podendo ser unha circunstancia tanto louvável canto discutíbel, incide, porén, na transmisión de erros, de definicións inacidas ou de irregularidades nas entradas que os enforman. Pensado (1988: 55), a analizar o dicionario de Marcial Valladares, postula que, aínda tendo o autor da Estrada un contacto e un coñecemento da lingua viva certamente notábel, continúa con algúns fallos de Rodríguez e de Cuveiro. O profesor da Universidade de Salamanca sitúa nesa transmisión eivada moitos dos problemas que tiveron os lexicógrafos posteriores, pois, nas súas propias palabras, estando certos vocábulos atestados nos tres dicionarios, “¿como iban a atreverse a desmentirlas?”.

Por outro lado, a lingua en que aparecen todas as definicións dos vocábulos rexistrados é o español. Non hai ningún dicionario pensado como galego-galego, nin como castelán-galego, mais como galego-castelán, e haberá que agardar até á centuria seguinte para podermos contar con traballos elaborados desde a nosa lingua e para a nosa lingua⁷. É unha situación paralela á das gramáticas decimonónicas, pois todas as do XIX están redixidas en español e contrastadas con este idioma; prima, subsecuentemente, o coñecemento da lingua desde o español antes que desde si propia. Indirectamente, o español está presente na escolma dos vocábulos, pois é costume evitar todo aquilo que coincida coa lingua imposta; fala por si propio o seguinte fragmento de Rodríguez (1863: X): “Es de saber que no incluyo en este diccionario las voces comunes á gallegos y castellanos, sino las puramente gallegas”.

7 Ás veces, esa orientación galego-español con que son elaborados os dicionarios do Ruxurdimento é xustificada mediante fins utilitarios. Así as cousas, Antonio de la Iglesia non hesita en destacar a importancia de que certos sectores sociais, adoito español-falantes, coñezan a lingua galega para unha mellor consecución dos seus labores profesionais: “Escaso fruto los alumnos podrian lograr de tales obras [os libros de texto] y explicaciones, si no conociesen los maestros y no hiciesen conocer á sus discípulos la correspondencia del castellano que oyen al profesor, ó leen en las aulas, con el language casi exclusivo que usan fuera tanto los niños como sus padres, allegados y confeligrases [...]. Sin algun conocimiento del idioma gallego, ¿cuántas dificultades no se presentarán á un extraño párroco en su santa misión de orador, consejero, pacificador, y de confesor sobre todo? ¿No facilitará su santo y civilizador cultivo, el estudio de un idioma que en la mayor parte de Galicia ha de escuchar precisamente y ha de verse obligado también por precisión á manejar en muchas ocasiones?” (Rodríguez 1863: VI).

Outrosí, a inclusión de vocábulos arcaicos lexitima tamén que se conte con entradas dialectais e popularismos, pois, de acordo con Bugarín López & González Rei (2001: 50), non existe unha vontade de elaboración de norma común lexical nin de “formación dun estándar”, o que “explica a multiplicación de solucións dialectais tanto fonéticas como morfolóxicas” (2001: 52). Aquí é observábel un distinto camiño seguido a respecto de unha das características da tradición gramatical galega, en que, conforme dicíamos máis arriba, un dos principais trazos é a ansia, cuns resultados desiguais, de procurar unha gramática normativa. Mais isto está moito de perto relacionado coa propia conformación do léxico, estruturado en inventarios abertos, en confronto coa morfoloxía ou coa fonoloxía, que é integrada por uns poucos elementos paradigmáticos de número necesariamente reducido. Neste sentido, evidéncianse unhas estratexias distintas en relación á nosa época: Santamarina (2001: 15), por exemplo, expón como a lexicografía moderna “a medida que o idioma mesmo vai gañando en funcións os dicionarios van abandonando o predominio do vello fondo dialectal e idiolectal en beneficio do fondo patrimonial común”.

Estas son, algunhas das características dos dicionarios da altura. E, se ben hoxe ninguén discute que, por seren os primeiros, presentan certa sorte de eivas se confrontados cos modernos, tamén non se lles debe negar todo o valor historiográfico que encerran. Do mesmo modo que as gramáticas da época, agás a de Saco Arce, carecen dunha sólida fundamentación científica e que o seu valor contextual é, aínda así, de primeira orde, igualmente no caso dos estudos lexicográficos debe primar a comprensión con que os podemos contemplar na actualidade, isto é, como o froito dun traballo individual, en ocasións mal visto polos detractores do Rexurdimento, non isento de dificultades a termos en conta o incipiente desenvolvemento da lingüística galega da época.

3. A vontade de prescrición: dos traballos oitocentistas á obra de García Blanco

3.1. Perspectivas sobre a índole prescritiva dos textos gramaticais

Así pois, aínda que cada obra da tradición filolóxica galega é singular en si propia, dáse máis unha característica no noso discurso gramatical, que consiste no carácter normativo da maioría dos títulos. Antes de máis, convirá clarificarmos que nin todos posúen o mesmo grao desta particularidade, mais é notábel esa pegada prescritiva. Isto tórnase lóxico de comprendermos a repararmos no abandono oficial en que se

achaba a lingua no momento de saír do prelo a maioría dos estudos, a que xa se fixo alusión máis arriba, xa que ningún organismo, público ou privado, se ocupou de analizar o galego. É doado entendermos, pois, que se fixese necesario contar cun modelo de lingua escrita que puidese servir como guía ou como solución a diversos problemas ou dúbidas gramaticais.

As consecuencias de se poder dispor dunha gramática prescritiva ou normativa están moito de perto relacionadas co proceso de estandarización, pois, dun modo ou doutro, os autores da época eran coñecedores dos beneficios que podía implicar unha variedade padrón. A literatura especializada costuma recoller que en tales circunstancias se vai achar unha poderosa barreira para a penetración de innovacións e de formas alleas. Desta maneira, a existencia dunha modalidade asumida como referencia serve de freo á variación diacrónica e á variación xeográfica, de modo que a lingua xa non evolúe libremente. Unha outra consecuencia nada a partir de aquí é o aparecemento da noción de “norma”, do que for válido e do que ten de ser evitado, do que for trazo dunha fala rexional, dunha utilización popular da lingua e do que for característico do padrón: durante o século XIX e unha boa parte do XX, carente o idioma dunha referencia modelar, os textos literarios da época abren a porta a todo canto fenómeno dialectal, de rexistro ou de estilo se podía atestar no galego da altura⁸.

Unha outra consecuencia do estándar é o feito de desenvolver unha responsabilidade identificadora no sentido de contribuír, primeiro, para que os seus utentes perciban como común o que partillan cos outros membros do colectivo que utilizar esa mesma lingua e, segundo, para notaren como distinto aquilo que é propio doutras sociedades ou colectivos lingüísticos. Igualmente, do punto de vista da comunidade, o estándar é capaz de proporcionar prestixio á lingua, pois, quer polos contextos de uso, quer polo tipo de persoas que o utilizaren, facilita ter unha visión da lingua considerada, en termos de apreciación popular, “máis alta” ou “máis elevada”. De aquí o feito de os procesos de estandarización, ás veces, poderen traer inherentemente unha certa dose de reprobación por parte de sectores que non conciben que se erixa en norma padrón o que anteriormente ficaba desposuído dese prestixio.

8 Non é de estrañar, por tanto, que se fixesen notar algunhas voces que levantaban publicamente esta cuestión, como a de Roque Pesqueira Crespo, datada en 1888 e publicada n’*O Tio Marcos d’a Portela*: “Ábranse algúns d’os moitos que sinalan noso renacemento; léanse por exemplo os *Aires d’a miña terra*, *Espiñas*, *follas e frores*, *Volvoretas* é *Soaces d’un vello*; cotéxese o linguaxe empregado por Curros, Lamas Carvaxal, García Ferreiro e Losada; prescindase d’os milleiros de bellezas de forma e de fondo qu’atesouran ditos libros, e limitando o eusamen á materialidá, toparanse as mesmas palabras escritas difrentemente [...]. Sin necesidá d’ir tan lonxe; pásese a vista en col d’os pródicos escritos en gallego y-á anomalía estará de corpo presente; n’un lado escriben ‘reiseñor’, n-outro ‘rousñol’, eiquí ‘tenresa’ acolá ‘tenresa’; xa poñen ‘côr’, ‘coor’ é ‘color’ indistintamente; xa nos dicen co-a mesma frescura ‘isto’ que ‘esto’, ‘precesión’ que ‘percesión’ ou ‘procesión’ (*TMP* 231, 3).

E falarmos de prestixio lévanos a salientarmos unha cuestión que incide directamente nestes asuntos, como é a complexa distinción entre *lingua* e *dialecto*, baseada no principio, con que non temos necesariamente de concordar nin o pretendemos, de que aquela posuirá unha variedade padrón, ao paso que este costuma carecer dela. Partindo, pois, do feito de que unha lingua, polo menos nalgúns sociedades, vai contar cunha variedade estandarizada, parece de relevo comentarmos a proposta de Bell (1976: 147-157), autor que hai uns anos propuxo determinados criterios para posibilitaren a diferenciación entre ambos os termos. Así, temos que o primeiro principio asenta na existencia dun padrón, que implica a aceptación de puntos de vista comúns a respecto do que merece ser codificado como modelo e daquilo que non posúe esa clase, isto é, daquilo que pertence á variedade estándar e do que fica á súa marxe. García Blanco, na dicotomía entre *lingua* e *dialecto*, recollendo o sentir maioritario da altura e quizais percibindo a ausencia dunha norma padrón, atribúe ao galego a condición de variedade dialectal⁹:

Sólo por un carácter meramente secundario suelen distinguirse los idiomas de los dialectos: el uso nacional oficial, que tienen los primeros y de que los segundos carecen. Por consiguiente, la lengua gallega puede sin petulancia denominarse idioma, puesto que es privativo y peculiar lenguaje de un pueblo, como sin afrenta se le puede llamar dialecto, ya que no es lengua oficial de una nación (CDR 5, n. 1).

Por outro lado, a falta de preparación da maioría dos autores das gramáticas fixo que a vontade de sinalaren pautas para un bo uso do idioma se orientase por camiños certamente dispares, inclusive en ocasións a contrariaren a propia lingua. Así as cousas, hai mostras en que o que se condena responde a trazos lingüísticos xenuinamente galegos. Tal é o caso de Marcial Valladares (1970: 52-53), que redixiu as seguintes palabras destinadas a proscribiren o infinitivo flexionado: “Esta conjugación, especie de futuro imperfecto de subjuntivo, creémos que ni es precisa, ni debe aconsejarse [...]. Quitemos á los infinitivos de estos verbos su terminación *en* y los ejemplos aducidos dirán, significarán lo mismo, pero de una manera más pura, más correcta”. E, a se referir a unha forma *tèren*, que aparece nun cantar tradicional publicado nun xornal, conclúe: “Aquí la persona agente es el pronombre *eles* que se supone en lugar de donos, ejerciendo su acción sobre el infinitivo *ter*, que maldita necesidad tiene de la adición *en*, para significar lo mismo; solo, si, para llenar el verso”.

9 A propia Rosalía de Castro, como indica Rodríguez (1988: 340), fai un “uso indistinto [...] das palabras lingua e dialecto para se referir ao galego”, xa que tal emprego correspondía “ao normal na súa época por parte da intelectualidade galeguista”.

Tamén non teñen perda os seus comentarios sobre as construcións transitivas direccionais formadas co verbo *ir* + prep. *en* (*Vai na vila*; *Van na casa dos avós* etc.), xa que as declara como incorreccións sempre prescindíbeis; o seguinte fragmento rexeita explicitamente esa particularidade lingüística do galego:

Los gallegos, si no todos, muchos decimos: *vai á Santiago*; *vai à vila*; *vai à feira*; *vai à romaría*; *vai ò muíño* [...]. Y también *vai en Santiago*; *vai n'a vila*; *vai n'a feira*; *vai n'a romaría*; *vai n'o muíño*. Lo primero, supone que la persona, de quien se hable, piensa ir, salir, ó camina á uno de los puntos indicados; pero que no há llegado todavía: lo segundo, supone que há llegado ya, que está allí. En el primer caso, no hay defecto del lenguaje; en el segundo si lo hay y consiste en tomar un tiempo por otro y una preposición por otra; pues si la persona, de quien se hable, há llegado á uno de dichos sitios, si está allí ¿como hemos de poder decir que vá, cuando este vá, ó *vai* es tiempo presente? El pretérito, ó pasado, es el tiempo que debe usarse y decir há ido, no *en*, sino á, preposición que en este caso rige el verbo *ir*. Mas, como el gallego, por carecer de tiempos compuestos, no tiene equivalente para há ido y, de emplear el pasado perfecto *foi* = fue, dá á entender que la persona há regresado, lo que no es su ánimo significar; de ahí que lo mejor, en casos tales, es valerse de otros verbos, decir, por ejemplo, *marchóu á...*; *saèu pra...* (Valladares 1970: 111).

Igualmente, non están sen exemplo tentativas de escolla dalgunha das diferentes solucións dialectais, que non chegarían a callar por, entre outros motivos, a antecitada falta de socialización. Constitúe un testemuño deste fenómeno a seguinte citación de Saco Arce (1868: 32), quen se declaraba, talvez pola súa procedencia ourensá, partidario do que que era (e aínda hoxe é) habitual na súa rexión no referente á flexión do plural das palabras terminadas en *-n*: “La combinación *ns* no es sin embargo muy eufónica, y no convendrá prodigarla. El gallego, por punto general, la repugna”¹⁰.

Noutras ocasións, os consellos dos gramáticos consagrábanse a desterrar españolismos da lingua, como mostra a seguinte citación de Lugrís Freire (1931: 98), na cal se comentan “algunhas particularidades do réxime do verbo”; seguindo

10 No entanto, predominando un certo carácter prescriptivo ao longo da tradición gramatical galega, tamén non faltan casos en que esa vontade de prescrición perde intensidade, de forma que se pode afirmar que hai ocasións en que se obvia dita tendencia normativa. Así se desprende, por exemplo, do seguinte comentario de Cuveiro Piñol (1868: 8), cando, desenvolvendo o número, proporciona certas informacións de carácter dialectal indicando que ningunha delas resulta inapropiada: “El plural de los nombres gallegos, tenga el singular la desinencia que quiera, no se forma como en castellano [...]: *manos*, mas, mans, maos y maus según dijimos en el prólogo [...]; *manzanas*, mazás, manzás y mazans; *ciudadanos*, *ciudadados*, ciudadás y ciudadáns [...] según las diferentes comarcas, pero que cualquiera de ellos no disuena”.

moi de cerca os exemplos que expuña en pleno Rexurdimento o ourensán Saco Arce, indica a respecto de certas construcións pronominais o que segue: “Empréganse en galego como intransitivos, en vez da forma reflexiva, os verbos cando a súa acción se refere ao suxeto, v. g.: ‘O reló xa *parou*’. ‘O fidalgo de Pazos xa *emprobeceu*’. ‘A roupa xa *exoitou*’. E non debéra dicirse: ‘O fidalgo xa se emprobeceu’. ‘O reló xa se parou’”.

E de cando en vez, algúns autores, a se guiaren pola procura da enxebreza idiomática e polo diferencialismo, incorreron na defensa de trazos de marcada autoctonicidade mais en usos agramaticais. O primeiro terzo do século pasado caracterizouse, no tocante ao modelo lingüístico, pola constante priorización de todo aquilo que fose diferencial en relación co español. O tradicional recurso da interpolación gramatical, subsecuentemente, non resultou indiferente para certos gramáticos, que o contemplaban como unha estrutura morfosintáctica marcada positivamente por se non atestar en castelán. Esa procura do xenuíno, do enxebre, foi a causante de que se empregase en casos en que o pronome átono aparece en posición inicial absoluta e, tamén, foi o motivo de que Lugris Freire (1931: 87-88) se referise á dita construción coas seguintes palabras, ponderando, xunto a estruturas lexítimas, outras agramaticais: “‘Que *me* non queira; *o* non vin; non se foi nin pensa en *se* marchar’. Esto resulta mais conforme cō verdadeiro xeito galego que as formas que adoita empregar as xentes das vilas e moitos escritores dicindo: ‘Que non *me* queira; non-*o* vin; pensa en non marcharse’”.

Por outra parte, é posíbel que se pense que a necesidade prescriptivista debía ser encomendada a algún organismo oficial ou institución, como a Real Academia Galega, mais demostraron a súa total ineficacia no sentido de non proporcionaren á lingua de estudos desa índole. O único traballo de antes da Guerra Civil que a susodita institución puido dar a lume foi, como é sabido, o seu coñecido *Diccionario Gallego-Castellano* (RAG 1913-1928), que ficou inconcluso na entrada *cativo* por falta de orzamentos que puidesen subsidiar a súa publicación. A oportunidade do aparecemento da Real Academia Galega non pasou desapercibida a García Blanco, que, uns anos depois da súa fundación, resumía as finalidades para que fora creada: “para cuidar de su conservación, depuración y esplendor se ha instituído una corporación de personas doctas (CDR 13). Tamén se podería acudir ao ámbito académico, mais, como é sabido, a lingua e a literatura galegas só chegaron como materias á universidade na década de 60 do pasado século, o cal non implica que non houbese algúns estudos orientados nesa materia, como sinala o propio García Blanco, aínda que tamén expón que se trata dunha situación académico-administrativa “puramente nominal” e que “no funciona todavía” (CDR 18, n. 1):

El reciente establecimiento de la cátedra de Lengua galaico-portuguesa en la Universidad Central es un hecho de innegable importancia, con el cual

ha quedado oficialmente reconocido que la lengua y la literatura regionales constituyen algo digno de atento estudio. No caigamos, sin embargo, en la candidez de creer que para reanimar el dialecto y fomenar su uso tengamos bastante con que se le haya hecho materia de enseñanza superior (CDR 18).

3.2. As opinións de García Blanco sobre a autenticidade da lingua

3.2.1. A hibridación co español

Así pois, cunhas poucas gramáticas en xeral de escasa validade científica mais cunha vontade de prescrición notábel, e cuns dicionarios con parecidas características, son interesantes as ideas sobre a lingua que desenvolve García Blanco. Podemos afirmar que o autor que inspira este volume foi unha persoa comprometida coa necesaria prescrición e autenticidade do idioma, xa que, embora non sendo numericamente moito representativos, deixou diversos comentarios de carácter normativista. Cronoloxicamente, e en coherencia co sinalado máis arriba, enmárcandose nesá época en que se prioriza lingüisticamente o máis autóctone conforme Fernández Salgado & Monteagudo Romero (1995), García Blanco critica a presión do español de dúas maneiras complementares; así as cousas, na primeira delas, pon de relevo en termos sociolingüísticos as interferencias¹¹ como máis unha proba da desquerenza dos galegos e das galegas pola súa propia lingua:

Del lamentable desafecto del pueblo gallego a su lengua constituye también prueba concluyente la corrupción que por doquiera la afea y aniquila. En vez de los propios y genuinos de la lengua indígena, tienen en toda la región uso corriente algunos sonidos exóticos, cientos de vocablos, crecido número de

11 Os españolismos no galego afectan varios campos da análise lingüística, tales como o fonético-fonolóxico (*é* *[^he], *unha* [^huna] etc.), o morfolóxico (**animales*, **a lume*, **o auga* etc.), o sintáctico (**Me dixo iso*, **Le pediu un autógrafo*, **A casa na que viven é grande* etc.), o lexical (**sello*, **llavero*, **gallego* etc.), o semántico (**o sangue roxo*, etc.), o pragmático-textual (fórmulas cal **Bueno*, **Buenos días* etc. empregadas como marcas discursivas de inicio) ou o fraseolóxico (**De tal pao tal astilla* en vez de *De tal niño tal paxariño* etc.). É certo que ao compararmos cada unha destas esferas non se presentan os mesmos niveis de hibridación ou de españolización, e vira tamén verdade que en moitos casos o que determina esas maiores cotas de mesturaxe asenta, no que se coñece nos estudos de variación lingüística, como o factor “idade” (Chambers & Trudgill 1994: 126-129; Sánchez Rei 2011: 69-76): a mocidade, por exemplo, é capaz de se exprimir en galego cun léxico menos beliscado de españolismos, mais do punto de vista prosódico, sintáctico ou fraseolóxico, o influxo do castelán tórnase máis evidente; contrastivamente, a xente idosa pode utilizar léxico de orixe española en maiores proporcións que case se non detecta nas faixas etáreas máis novas, mais as súas características entonativas, fraseolóxicas e sintácticas recoñécense máis xenuínas.

frases que, en atención a su procedencia, pueden llamarse *castellanismos*, a los cuales es debido que el gallego que en el día se habla (también el que se escribe: ni aun en los más castizos escritores galaicos dejan de manifestarse los estragos de la corrupción) tenga tanto de disonante y abigarrada jerga. Y es de notar la gran aceptación de que goza el parecer de que tales barbarismos enriquecen y afinan nuestra lengua (CDR 10).

Interesa ponderarmos relativamente a este excerto algunhas ideas fundamentais: en primeiro lugar, fai unha chamada de atención sobre as interferencias fonéticas, o que el denomina “algunos sonidos exóticos”; probabelmente estivese a referir á *gheada*, un dos temas da lingüística galega máis recorrentes e sobre a cal se leva publicado unha abondosa literatura. En segundo lugar, identifica a grande cantidade de españolismos lexicais en “cientos de vocablos” e “crecido número de frases”, os cales constitúen a día de hoxe unha das máis evidentes mostras da degradación da lingua. García Blanco dá mostras de avanzar na identificación e detección de españolismos, sobre todo a termos en conta o contexto finisecular, en que, de acordo con Fernández Salgado & Monteagudo Romero (1995: 131), o

que se semella claro nesta etapa é que o castellanismo non é visto como problema. Os lindeiros entre a interferencia propiamente dita e a integración non están nidiamante derregados e polo tanto considérase tan lícito utilizar distintas variantes dialectais como variantes esóxenas que aparecen mesturadas na fala viva¹².

Mais, con todo, houbo voces na tradición anterior que ponderaron a desmesurada penetración de formas españolas na praxe habitual do galego. Desta maneira, Saco Arce, nun seu artigo intulado “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, dado a lume en 1976, comenta como mesmo os bardos máis brillantes da época non foron excepcións perante o emprego de palabras tiradas do español:

12 No poema de Ramón Armada Teixeira “Cuba e Galicia” áchase un bo número de substantivos españois e mesmo americanismos que o autor emprega conscientemente e que os marca mediante o uso da itálica. Eis un fragmento desa composición, tamén citada en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 701-702): “*Cando pol-as estancias / vex 'os bohíos, / á sombra d'os zapotes / e mamoncillos, / y-escoito n'os bateyes / cantos guajiros / ó son do calabazo / d'o tiple e güiro, / adouro a nobre terra / d'os meus cativos [...]* / *hay tanta poésia / por estes sitios / e teñen os guateques / tantos feitizos, / que d'esta terra hermosa / casi son fillo [...]*. / *Bogar pol-o Almendares / n'unha piragua, / subir o Yarayabo, / baixar o Sagua, / e ver como n'as veiras / cimbran as palmas, / o güin y-os cocoteros / y-as cañas-brabas; / oír n'as arboledas, / por entr'as ramas, / os trinos dos sinsontes / e d'as guanaras, / buscar pol-as colinas / flores galanas, / nelumbios, tulipanes / y-hermosas dalías; / durmir a siesta á sombra, / mecend'a hamaca; / correr un sabanero / pol-as sabáñas; / xogar ós galos giros / si s'abre a valla, / y-ás festas d'os ingenios / ir de guaracha; / todo parece encanto, / todo entusiasmo.*”

Es uno de los [defectos] principales la mezcla de vocablos castellanos, con que inconsideradamente se mina la pureza del lenguaje. Nunca será excesivo el esmero que en este punto se ponga [...]. No ha logrado, que yo sepa, ninguno de nuestros poetas librarse de este defecto (tamén citado en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 693).

A agudeza lingüística do clérigo ourensán permítelle aliás identificar como españolismos, tamén rexeitábeis, aqueles parcialmente tinxidos de galego baixo un certo óleo fundamentalmente fonético:

Daña finalmente á la pureza del lenguaje el emplear voces castellanas galleguizadas, ó sea, mas ó menos modificadas en su estructura material, para comunicarles cierto aire del país; lo cual es generalmente efecto de la ignorancia ú olvido de las propiamente gallegas. En composiciones de nuestros mejores poetas, tropiezo con vocablos como “conexo, lexos, aleixar, conozo, unhos, poda”, etc. en vez de “coello, lonxe, alongar coñezo, us ó uns, póida ó pódea” (tamén citado en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 693-694).

Nesa corrente de detección de construcións e vocábulos foráneos débese salientar que non foi Saco Arce o único en reparar na proliferación deste sufixo apreciativo. Só tres anos despois, en 1879, Aurelio Elías Martínez cuestionaba na mesma publicación ourensá o uso que facían os poetas contemporáneos de certos españolismos e tamén do abuso do sufixo apreciativo *-iño*:

no han podido librarse del contagio de las incorrecciones, precisamente porque todos sus trabajos son de edificación y porque á cada paso tropiezan con obstáculos insuperables, en la senda sin guía y sin más auxilio que sus propias fuerzas recorren. Así vemos que unos hacen un censurable empleo de los diminutivos, otros que repudian palabras genuinamente gallegas, aplicando las equivalentes castellanas (tirado de Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei 2005: 660).

E, por último, García Blanco critica que houbese xente na altura que considerase que toda esa maré de elementos foráneos enriquecían o galego; posibelmente estivese a se referir a algunhas impresións segundo as cales a documentación de formas españolas era sentida como un recurso estilístico, sentimento propio de linguas subordinadas a outras, en que se pretende que esta ou estoutra interferencia achegue algún matiz expresivo. Así parecen corroboralo as seguintes citacións, en que, a comentar palabras ou versos en español, inocentemente Pérez Ballesteros, colector do *Cancionero popular gallego* deixa á expresividade a orixe desas fenomenoloxías equiparándoas cos mecanismos de acrecentamento lexical desenvolvidos polas linguas románicas durante o Renacemento:

A veces se intercalan en el canto palabras castellanas que tienen equivalente en gallego, y aun versos enteros, como en el presente cantar. El colector ha respetado algunas incorrecciones (CPG II, 5).

No es nuevo la intercalación de alguna frase castellana en los cantares gallegos, como no lo es, el hallarlas latinas y gallegas en poesías antiguas castellanas (CPG II, 13).

A veces se intercala una voz castellana, á semejanza de lo que ocurrió á algunos poetas castellanos, en particular del siglo XV, con la lengua latina (CPG III, 128).

3.2.2. A crítica da descafeinización

A segunda das maneiras de criticar a influencia do español parte da base das naturais coincidencias morfosintácticas e lexicais co español. Así pois, podería fálarse dun outro tipo de españolismos, se callar menos evidente mais tamén operante, que consiste na utilización case exclusiva de estruturas gramaticais e léxico autóctones mais comúns co castelán, práctica que escurece solucións galegas distintas da lingua imposta. Precisamente, o segundo dos excertos que vale a pena salientarmos aquí está moito de perto relacionado co suposto anterior, mais non comenta a utilización de certas interferencias que poderíamos considerar evidentes. Antes ben, pon en relevo a perda de enxebreza idiomática pola esoutro tipo de influencia, moito na liña da procura dunha praxe lingüística de calidade¹³; ao paso que apunta unha nota de carácter sociolingüístico referida á permisividade no uso do idioma, pondera como esa “licenza social” obriga a deixar na gaveta unha parte do que o identifica:

Hay quien tolera que se hable el gallego en determinadas circunstancias, mas sólo a condición de que sea un gallego modernista, sui géneris, limpio de sus voces más enxebres y características, de sus giros y modismos más peculiares, más típicos (CDR 10)¹⁴.

13 Non se debe confundir o emprego dunha lingua destonada de españolismos coa identificación desta coas variedades populares do idioma. Así, é ben significativa a seguinte citación, en que J. Barreiro Meiro se declara firme seguidor dun modelo de lingua popular no rotativo *Galicia. Revista Regional*. O escrito, datado en Maio de 1888, pon de exemplo algúns dos nosos clásicos do século XIX e o *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros, dos cales pondera a proximidade entre a fala do pobo e as obras deses autores e autoras: “Hay escritores –admira V. la palabra– que cuanto más zafio y cerrado vá, mejor y más castizo les parece. Composiciones, ó lo que sea, he visto, y guardo quizá para solfear algún día, que nunca las pude leer; tales están de aportuguesadas y rústicas, como yo digo. Por eso, al par que no pude leer á estos, admiro á Rosalía y Añón, mis ídolos, y me deleitan obras como los *Cantares* y el *Cancionero popular gallego*, porque en estos libros veo á mi pueblo tal cual es, usando, no desabrida y ruda jerga de palabras montunas, sino *feiticeira faliña* tan dulce á mis oídos como los matinales gorjeos de la alondra” (tirado de Freixeiro Mato & Sanmartín Rei & Sánchez Rei 2005: 670).

14 Cuestión á parte en que non imos entrar aquí foi o debate á volta de en que rexións do país se empregaba unha lingua máis autóctone. Normalmente, houbo entre finais do século XIX e principios da centuria

García Blanco, pois, a manter puntos en común cos gramáticos do século XIX no referente á detección de españolismos, dá mostras de preludiar varias das reivindicacións no uso dunha lingua de calidade que algunhas persoas reclamamos na actualidade. Enlazando coas palabras do principio, debemos tamén potenciar aquelas construcións morfosintácticas a que fixemos referencia para así non incorreremos na eliminación dos seus trazos “más peculiares, más típicos”. Que gaña o galego orientándose de modo preferencial cara a unha estrutura do tipo *Cómpre que veñades* en vez de *Cómpre virdes*? Onde están as vantaxes de empregarmos habitualmente unha fórmula como *Para lelo tivo que estudar* en lugar de *Para o ler tivo de estudar*? Asumamos, nestes medios, e a parafrasearmos García Blanco, que o galego non pode ser empregado sen as súas estruturas morfosintácticas e repertorios lexicais máis peculiares e típicos. Só así sairá reforzado e máis seguro face ás interferencias do español.

4. Cabo

Queremos findar este contributo ponderando algúns aspectos do traballo de García Blanco. Parece lóxico, en primeiro lugar, sinalarmos a súa tan (infelizmente) notoria actualidade. Un século despois, o galego continúa a se manter nunha situación nada favorecedora para a súa sobrevivencia: constantemente erosionado polo español e golpeado permanentemente por unha serie de preconceitos, moitos deles xa comentados polo autor, a lingua aínda non conseguiu deixar de lado todos eses empecementos para a súa proxección social e a súa recuperación. Máis que hai cen anos, urxen agora medidas serias destinadas a involuciren as tendencias que se encontran no uso e na súa imaxe pública.

E, precisamente, unha desas medidas debería ser, como moito ben apuntou García Blanco, a de optar por un galego lingüisticamente digno, desposuído do estraño e reidentificado consigo propio. A día de hoxe, algunhas persoas exprímense en galego constante e conscientemente e afirman que o máis importante é faláreno, aínda que sexa mal, secundarizando así a necesidade de continua mellora común a todos os membros dunha comunidade lingüística. Parece que todas as linguas, excepto o galego, deben aspirar a seren empregadas dun xeito que as gramáticas tradicionais identificarían como correcto ou modelar, ao paso que a nosa, en confronto, ten de

seguite diversas opinións, nas cales se observaba o galego de zonas afastadas como o máis puro. Un exemplo que se podería expor ao respecto é o seguinte excerto de Cuveiro Piñol (1876: [III]), autor que apela ás aldeas que teñen pouco contacto coas entidades urbanas como os focos de conservación do máis xenuíno: “Se advierte además, que en los pueblos y localidades mas montañosas ó que están en menos contacto con los grandes centros, es en donde se conserva mas puro el lenguaje”.

pagar unha alcabala extraordinaria na alfándega da autenticidade idiomática. Todos os idiomas son empregados dun modo considerado pouco ortodoxo nos momentos iniciais en que comezan a se usar e todos eles, para seren falados con propiedade, teñen primeiro de ser utilizados con dubidosa aceptación; pensemos na fala das crianzas (**facín* por *fixen*, **sabín* por *sei* etc.), na aprendizaxe de segundas linguas, na mellora e ampliación vocabular por medio da poderosa ferramenta que é a literatura etc. Mais condenarmos o galego a ese constante estado embrionario canto á calidade non parece adecuado, sobre todo para a restauración do uso e para a restauración do status. Debemos aspirar a que o galego sexa empregado, dun xeito progresivo, cada vez máis e mellor. Obviamente, o primeiro chanzo ten de ser o uso, mais o segundo degrao debe ser a mellora constante que todos os utentes da lingua debemos interiorizar, mellora que, na aprendizaxe diaria da lingua pasa por asumirmos, na liña do sinalado por Sanmartín Rei (2009), que todas as persoas somos dalgunha maneira neofalantes.

As vantaxes de nos decantarmos decididamente por ese modelo lingüístico son claras e as eivas de non coidarmos a lingua son tamén evidentes. En primeiro lugar, unha praxe lingüística de calidade erixe unha poderosa barreira face á continua presión do español e a ameaza de constante hibridación con esta lingua. En segundo lugar, serve para recuperarmos todas esas fenomenoloxías tradicionais seriamente en perigo canto ao seu uso; nalgúns casos, segundo etnotextos que fomos gravando nos últimos tempos en diversas zonas do país (A Coruña, Arteixo, Sobrado dos Monxes etc.), ocorre que a calidade lingüística fai que persoas idosas salienten ou lembren esa autenticidade idiomática: usádomos unha lingua dignificada, cunha consciente recuperación de léxico e de estruturas sintácticas, non resulta raro ouvirmos a algunha avoa ou a algún avó afirmacións do tipo *Ai, así é como falabamos antes* ou *Esa palabra é moi vella, xa a dicía a mamá* ou *Antes esa frase usábase moito*. En terceiro lugar, un modelo de lingua digno tamén valoriza a lingua en si propia e, subsecuentemente, a súa recuperación social. E en cuarto lugar, unha outra consecuencia desa vontade de uso, sendo unha valiosa axuda para aprofundar nun modelo xenuíno, achega a o galego ás outras variedades do sistema lingüístico, nomeadamente á lusitana e á brasileira, que puideron conservar sen problemas a maior parte dos fenómenos que hoxe identifica na Galiza a consciencia dunha lingua de calidade.

5. Referencias bibliográficas

Álvarez, R. & Monteagudo, H. (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Insitituto da Lingua Galega).

- Bell, R. T. (1976): *Sociolinguistics: Goals, Approaches and Problems* (London: Batsford).
- Bugarín López, M. J. & González Rei, B. (2001): “Achegamento ós dicionarios galegos do século XIX”, en Regueira, X. L. & Veiga, A. (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Anexo 49 de *Verba*: 47-58 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- CDR = García Blanco, M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* (Lugo).
- Chambers, J. K. & Trudgill, P. (1994): *La dialectología* (Barcelona: Visor).
- CPG = Pérez Ballesteros, José (ed.) (1979) [1885-1886]: *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de la Coruña. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga* (Madrid: Akal).
- Cuveiro Piñol, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía).
- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso* (Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C^a).
- Fernández Salgado, B. & Monteagudo Romero, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Monteagudo, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*: 99-176 (Vigo: Galaxia).
- Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Freixeiro Mato, X. R. & Sánchez Rei, X. M. & Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade. Vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro* (Vigo: Xerais).
- García de Diego, V. (1984) [1909]: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Anexo 23 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- Lugris Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago de Compostela: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).
- Pedreira, L. (1912): *Descripción de España* (A Coruña: Zincke Hermanos)
- Pensado, J. L. (1988): “La lexicografía gallega decimonónica”, en Lorenzo, R. (ed.), *Coloquio de lexicografía*. Anexo 29 de *Verba*: 49-56 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Porto Rey 1901 = Bugarín López, M. J. / González Rei, B. (eds.) (2000): *Diccionario gallego-castellano. El más completo en su clase, de los publicados hasta la fecha y redactado en vista de los de Don Francisco Javier Rodríguez, Don Juan Cuveiro Piñol y de Don Marcial Valladares Núñez y de gran número de obras de los más acreditados escritores antiguos y modernos. Por Francisco Porto Rey. Contiene infinidad de voces desusadas, tomadas de un sinnúmero de documentos antiguos, gran cantidad de etimologías, modismos, refranes, historiografías, nombres de plantas, animales y el de casi todas las feligresías y aldeas de la región* (A Coruña: Seminario de Lexicografía / Real Academia Galega).
- RAG [Real Academia Gallega] (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano* (A Coruña: RAG).
- Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano* (Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial).
- Romero, D. & Vaquero, I. (2001): *Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos* (Vigo: Xerais).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sánchez Rei, X. M. (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laioven-to).
- Sanmartín Rei, G. (2002): *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)* (A Coruña: Espiral Maior).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).

- Santamarina, A. (1974a): “Gramática”, en *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. 16: 191-195 (Santiago de Compostela / Xixón: Silverio Cañada Editor).
- Santamarina, A. (2001): “Os lexicógrafos galegos. Historia dunha profesión”, en Departamento de Filoloxía Galega (ed.), *Día das Letras Galegas. 2001. Eladio Rodríguez González: 7-21* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Santiago Gómez, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: Tipografía de El Eco Franciscano).
- TMP = (1989): *O Tio Marcos d’a Portela. Parrafeos co Pobo Gallego*. Reprodución facsimilada (Oleiros / A Coruña: Ediciones Edivar / Edman Ediciones).
- Valladares, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano* (Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central).
- Valladares, M. (1970) [redixidos en 1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).

Consideracións sobre a continuada decadencia e a rehabilitación das linguas galega e bretoa: cen anos despois

Robert Neal Baxter
Universidade de Vigo

Ne gavan ket plijus tamm ebet
Gwelout [...] yaouankiz va Bro o redek d'ar c'hêrioù
Da werzhañ o nerzh ha frankiz o buhez
D'ar mac'her o goapao. [...] Na mammoù yaouank va bro
O komz yezh ar mac'her d'o bugaligoù.
Torfed eo terriñ ar chadenn

Añjela Duval 'Dismantroù Breizh' (1966)¹

Con esta miña contribución non pretendo someter o texto en cuestión a unha análise académica, ao entender que non foi a intención inicial do seu autor redactar un texto propiamente académico. Por tanto, acho que o mellor xeito de renderlle homenaxe consiste en reivindicar o seu carácter marcadamente político, como chamamento a prol do galego.

Seguindo fiel, pois, ao espírito orixinal, hei procurar, sen escatimar no rigor académico que tal labor exige, recalcar algúns dos elementos aínda vixentes do escrito, tanto no caso da Galiza, como da Bretaña. Repasaremos unha serie de afirmacións descritivas e reivindicacións que artellan a dúas partes do texto e que seguen a resoar ao longo dos vinte lustros que xa pasaron, séndomos conscientes de que somos nós a quen corresponde hoxe seguir coa tarefa inacabada de rehabilitarmos as nosas linguas ancestrais e que fan de nós o que somos; se é que queiramos seguir a selo.

Tras unha primeira lectura do texto, chaman poderosamente a atención dous aspectos, ao comparar a situación descrita a respecto da Galiza con aquela da Bretaña, dúas

1 “Non me resulta nada agradábel / Ver [...] a mocidade do país a correr para as cidades / Para vender a súa forza e a liberdade das súas vidas / Ao represor que se burlará del@s. [...] / Nin as nais novas do meu país / A falar a lingua do represor ás súas crianzas. / É un crime romper a cadea”. Extracto da poesía *As Ruínas da Bretaña* por Añjela Duval (1905-1981), poeta-labrega autodidacta que sempre escribiu na lingua do país que tamén sempre defendeu.

nacións periféricas da cornixa atlántica que comparten o mesmo lema² e cuxas diferenzas aparentes son máis de orde cuantitativa que cualitativa: en primeiro lugar, desde o punto de vista histórico, as similitudes e paralelismos que existen entre as dúas linguas na época descrita de principios do século XX; e, en segundo lugar, a triste vixencia dos feitos descritos en ambos os casos na actualidade, unha centuria máis tarde. O texto podería valer de manual para entender o proceso sociohistórico que leva á lenta agonía dunha lingua asoballada, e tamén de guía para frear este proceso e “rehabilitar” (‘normalizar’, diríamos hoxe) as nosas linguas nacionais, malia as aparentes diferenzas entre as situacións en que están sumidas.

Para quen non estiver familiarizad@ coa historia do recente declive da lingua bretoa, resulta útil contextualizarmos a situación mediante un rápido percorrido polos feitos históricos máis sobranceiros da época en cuestión (en torno a 1912) na Bretaña e na Galiza. Así, ao comparamos ambas a situacións, procederemos a pór en destaque os elementos que teñen en común e os puntos de diverxencia a partir da análise descrita no propio documento en cuestión, as *Consideraciones*.

Aínda que Manuel García Blanco publicou as *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* dous anos antes no comezo da Primeira Guerra Mundial, para entender o revulsivo da historia recente da lingua bretoa, é importante saltarmos até o período desta Guerra (1914-1918). No caso galego, este lixeiro ‘reaxuste’ temporal non ten maior importancia, xa que, ao manter o goberno de Afonso XIII unha postura de neutralidade, non figura a Guerra como capítulo marcante da historia da Galiza; segundo Alonso (1996: 240) o período até a I Guerra Mundial “caracterízase por un medre significativo no volume de emigrantes”, mais o período da Guerra en si só merece a mención de “paréntese obrigada”, e o mesmo autor (Alonso 1996: 252) salta directamente de 1904 até a ditadura de Primo de Rivera co golpe de 1923, como se non pasase nada de importancia que mereza a pena comentar no interludio. Antes de pasarmos a indagar en que punto a Primeira Guerra si supuxo un punto de inflexión moi importante polo bretón, digamos de paso, que o aumento da taxa de emigración neste período tamén constitúe un punto de coincidencia na historia social das dúas nacións en cuestión: “le mouvement émigration, déjà important avant 1914, va ainsi reprendre de plus belle après la fin des hostilités” (Abalain 1999: 50).

Debido á participación da Francia nesta, despois da introdución do servizo militar obrigatorio en 1872, a Guerra de 1914 reviste unha importancia enorme para a Bretaña e a súa lingua, ao ser o punto de inflexión para un contacto masivo da poboación britófona co francés e o punto de partido do seu recente declive.

2 En bretón o famoso “Denantes mortos que escravos” dise: “Kentoc’h mervel eget bezañ saotret” (‘Antes morrer do que ser luxado’, en latín: *Potius mori quam fœdari*).

Así, os datos dunha serie de estudos recompilados por Abalain (1999: 33 & 35) dan os seguintes resultados: entre 1806 e 1830 o bretón mantense estábel, con ao redor de un millón de falantes, o que representa a enorme maioría (70%) da poboación da Baixa Bretaña; entre 1878 e 1886, un outro estudo indica a mesma tendencia, con 1.322.300 falantes na Baixa Bretaña e 43.000 na Alta Bretaña, incluídas 660.000 persoas monolingües e bretón, fronte a tan só 60.000 persoas que non o falan; en 1928 segue a haber un millón de falantes na Baixa Bretaña, iso é 75% da poboación, segundo os cálculos do destacado activista, Roparz Hemon. En resumo, a mediados do século:

l'image qui se dégage [...] est celle d'une Basse-Bretagne massivement bretonnante : dans les communes rurales, on ne parle que le breton, même si le français est compris par plusieurs habitants ; on parle le breton dans la majorité des villes [...] ; le pourcentage de monolingues bretonnants y est très élevé, mais le bilinguisme gagne progressivement les villes côtières et certaines villes du centre-Bretagne (Abalain 1999: 35)³.

A Guerra pon en suspenso o Movemento bretón que se foi fraguando desde 1890 e paraliza a case totalidade das publicacións (Fouéré 1977: 24) a poboación fica decimada; segundo Gwegen (1975: 45), un de cada catro bretóns foron enrolados no exército; dúas veces máis que a media francesa... Varían as cifras, mais, hoxe por hoxe, estímase que o número de bretóns que perderon a vida na Primeira Guerra Mundial acende a 150.000, iso é 19% dos alistados (Laouénan 2008) caídos, 'mortos por Francia', como rezan habitualmente os monumentos aos mortos, agás en Brest onde o epitafio leva tamén –de xeito moi excepcional– en bretón a máis ambigua inscrición “D'hor bugale marv evit ar Vro” ('Polos nosos fillos mortos polo País'), talvez para agochar que o 'sacrificio' se fixo para un poder foráneo, ao significar orixinalmente *Bro-C'hall* ('Francia') 'o país estranxeiro', que tamén explicaría po que se foi introducindo o galicismo *Ar Frañs* no bretón, para substituír a imaxe que tiña as bretoas e os bretóns de Francia como algo alleo a el@s, coa imaxe que ten a República centralista dela propia ...

Nin estaba allea a 'Gran' Guerra á cuestión da lingua, pois, segundo Poupinot (1914: 21), algúns soldados bretóns pagaron coa súa vida ao seren considerados

3 A imaxe que se desprende [...] é a dunha Baixa Bretaña maioritariamente de fala bretoa: nas parroquias rurais só se fala bretón, aínda que existen varios habitantes que entenden o francés; fálase bretón na maioría das cidades [...]; a porcentaxe de falantes monolingües de bretón é moi elevada, mais o bilingüismo está a penetrar aos poucos nas vilas costeiras e certas vilas do centro da Bretaña.

polo exército francés como espías ou desertores, executados polo exército francés por non saberen expresarse na lingua da ‘patria’ pola se supuña estaban a loitar...

Entre eses soldados atopábase, entre moitos outros artistas, un dos mellores plumas da súa xeración, autor da escolma de poesías *Ar en deulin* (‘De xeonllos’), publicado de xeito póstumo en 1925, que inclúe a poesía pola que é máis coñecido *Me ’zo ganet e kreiz ar mor* (‘Nacín no medio do mar’) que lembra as súas orixes como fillo de pescador e que foi moitas veces musicada. Coetáneo do autor do texto galego en consideración, e tamén autor dun texto en francés titulado *Les tueurs du breton* (‘Os asasinos do bretón’) publicado en 1911, Yann-Bêr Kalloc’h, nacido en 1888 na Illa de Groe (Mor-Bihan), foille arrebatada a vida na fronte en Urvillers (Francia), o 10 de abril de 1917. Pode que o seu nome figura entre os ‘escritores mortos no campo de honor’ no Panteón de París, mais non abonda tan alta, mais baleira, homenaxe para colmar o seu desexo confirmado: que se acordase á lingua e á historia da Bretaña o lugar que lle corresponde.

Pois, tal como os dirixentes indios do Congreso Nacional Indio que confiaban en que o apoio masivo que brindaba o seu pobo á mesma guerra, ao carón dos británicos que mandaban neles deste o Imperio, ían ser recompensado coa concesión da autonomía (*home rule*), morrendo 47.746 indios nos campos de batalla, Kalloc’h tamén inxenuamente acreditaba en que o sacrificio dos bretóns se vise recompensado por quen estaban a loitar, permitindo que se ensinase a lingua e a historia na Bretaña na escolas do país, tal e como se recolle nunha famosa carta súa con data do 12 outubro de 1915:

[...] aussitôt la paix signée, que l’on fasse circuler en Bretagne une sorte de pétition au gouvernement, demandant l’enseignement de la langue et de l’histoire de la Bretagne dans toutes les écoles secondaires et supérieures de toute la Bretagne. Les signataires de cette pétition? Tout le monde, mais avant tout les soldats, ceux qui auront versés leur sang pour la France, officiers, sous-officiers, simples soldats et marins. Rappelier les blessures, les citations, les morts (Kalloc’h 1915)⁴.

Porén, ao igual que os 140.000 indios que serviron na Fronte occidental, Kalloc’h e os preto de 79.000 alistados bretóns tamén ían ficar defraudados.

4 “[...] en canto estiver asinada a paz, cómpre que se faga circular pola Bretaña unha especie de petición ante o Goberno, pedindo o ensino da lingua e historia da Bretaña en todos os centros de ensino secundario e superior de toda a Bretaña. Quen debe asinar esta petición? Todo o mundo, mais sobre todos os combatentes, aqueles que derramarían o seu sangue por Francia, oficiais, suboficiais, soldados rasos e os das forzas navais. Lembremos as feridas, as mencións, os mortos.”

Mais o impacto da Guerra non se mide só en números de mortos, senón tamén na influencia que exerceu sobre aqueles que sobreviviron: “Quant aux survivants, qui ont souvent passé cinq années de leur vie en milieu de langue française, ils ont découvert d’autres façons de vivre, et appris qu’on gagnait plus d’argent en ville qu’à la campagne [...]” (Abalain 1999: 50)⁵.

As guerras nunca son boas para os pobos, e a Segunda Guerra Mundial ía agravar aínda máis a situación (Abalain 1999: 35), mais iso xa traspasa o contexto histórico específico que nos interesa aquí, agás sinalar o ritmo vertixinoso co que o bretón foi perdendo terreo desde principios do século. Segundo Broudic (2009) e Ofis ar brezhoneg (2007), en 1999 @s bretonfalantes non eran máis de 19,6% en Penn-ar-Bed, 15,40% en Aodoù-an-Arvor, 9,5% en Mor-Bihan, 1,3% en Il-ha-Gwilun e 0,8% en Liger-Atlantel⁶, cun total de 428.000 persoas; 2007, a cifra para os cinco departamentos xa non pasaba de 5,5%, cun total de 206.000 falantes. Estas cifras tradúcense, en definitiva, nunha perda de 800.000 falantes en menos de 80 anos (1928-2007), ou sexa unha baixa de 80%, e unha caída de 85% desde 1886. Se esta tendencia non se corrixe de xeito urxente, as expectativas de vida máis alá do primeiro cuarto deste novo século son máis que incertas, malia as tentativas de ‘rehabilitación’. Mais sempre que houber quen queira transmitirlo, caberá a esperanza.

Para alén das guerras, en ambos os casos, a ‘decadencia’ lingüística –máis espectacular no caso do bretón– responde a un elenco de factores complexos e interrelacionados, que se expoñen na primeira parte do texto. Comecemos por repasarmos algúns dos paralelismos máis destacados que se desprenden dos temas abordados ao se compararen as situacións do galego e do bretón, xa non só no contexto histórico do momento en que foi redactado, senón tamén na súa máis actual vixencia aínda hoxe.

As *Consideraciones* abren coa constatación que: “tiene aún el pueblo gallego [en las demás regiones españolas] nota de inculto, grosero, mísero, despreciable”. Esta valoración coincide case exactamente coa imaxe de *plouc* (‘badoco’) inculto que plasma a figura de *Bécassine* no imaxinario francés. Personaxe de banda deseñada creada polo francés Émile-Joseph Porphyre Pinchon en 1905, *Bécassine* representa a criada bretoa recentemente chegada á ‘Capital’ (léase, emigrada a Francia), vestida con cofia e zocas. Talvez non é un azar que aparece habitualmente retratada sen boca; en 1969 a revista *Bretagne Révolutionne* (en Williams 2007:144) escribe:

5 “No que se refire aos superviventes, que a miúdo pasaron cinco anos da súa vida nun medio francófono, descubriron outros xeitos de vivir, e aprenderon que se gañaba máis diñeiro na cidade que no rural.”

6 O artigo utiliza a forma bretoa dos topónimos. En caso de dúbida, pódense consultar en: <http://www.geobreizh.com/breizh/bre/index.asp>

“aujourd’hui elle a retrouvé sa bouche [...] maintenant elle dit merde à la marquise, en attendant de lui servir des grenades en guise d’artichauts”⁷, sendo alcachofa o produto emblemático da parte da Bretaña de onde é orixinaria a Bécassine.

Representa o estereotipo da ‘provinciana’ (segundo a dicotomía francesa ‘París-Provincia’); unha miñaxoia, lela e babeca. De feito, o dicionario Larousse dá a palabra *bécassine* (lit. ‘becacina’) como sinónimo de “jeune fille sottre ou naïve” (‘moza boba ou inxenua’)... Non é de estrañar, pois, a repulsa que suscitou esta figura no movemento bretón (Williams 2007: 144; Gibson 2005: 21): en 1939 a representación de Bécassine foi atacada no parisiense Museo de cera de Grévin por tres membros de *Breiz Atao*; o filme rodado no mesmo ano por Carón non se puido proxectar até 1989 no festival de Douarnenez.

Por desgraza, este tipo de caracterizacións grotescas transcende a época en cuestión, polo que o texto de García Blanco resulta tan actual aínda hoxe: na Bretaña, coa emisión dun selo co gallo do centenario de Bécassine en 2005, que non foi exenta de polémica, ou o *single* e 1979 de Chantal Goya *Bécassine, c’est ma cousine* (‘Bécassine é curmá miña’) –que fai referencia ao tópico de que todo o mundo na Bretaña son curmáns e curmáns–, e que mereceu a réplica do guitarrista bretón, Dan ar Braz, *Bécassine, ce n’est pas ma cousine* (‘Bécassine non é curmá miña’); ou na Galiza, coas invectiva de Rosa Díez “Zapatero es gallego, en el sentido más peyorativo del término” en 2010, aguilloando aínda máis Arcadi Espada ao tratar quen se se sentise ofendid@ de “aldeanos, estúpidos, ignorantes y pueblerinos”; será que non se decataron de que, un ano antes, a RAE acordara suprimir da 23 edición do seu dicionario previsto para 2013 a acepción de ‘gallego’ como sinónimo de ‘tonto’ (aínda non a eliminaron da versión en liña do dicionario), grazas a unha proposición non de Lei interposta no Parlamento do Estado polo Deputado do BNG, Francisco Rodríguez...

Canta razón tiña Manuel García Blanco cando escribiu, xa hai máis de cen anos: “muchacha todavía por hacer para que en boca de la ignorancia, del apasionamiento y la vulgaridad, deje de ser la palabra *gallego* un calificativo sinónimo de tosco y vil”.

Mais o peor non é o que pensan @s outros de nós, senón o que nós pensamos (e o que nos fan pensar) de nós propi@s: “es lo peor del caso que el pueblo que de tal juicio es objeto, lejos de rechazarlo, compártelo resueltamente”. Ao nivel dos usos lingüísticos, esta alienación cultural cristalízase nun rexeitamento do galego: “El mismo pueblo que en lo antiguo la formó [...] trátala hoy con el más

7 “hoxe devólvese a boca [...] e agora di ‘que che dean’ á marquesa, mentres espera para lle servir unha ración de bombas no canto de alcachofas.”

despectivo desdén y avergüénzase de usarla como medio de expresión de sus ideas y afectos”.

A culpa, a falta de autoestima, interiorízanse, asúmese como propio para chegar ao autoodio descrito por Francisco Rodríguez (1991: 75), tal e como e recolle nas *Consideraciones*: “se avergüenza y [...] dirige todos sus esfuerzos a *castellanizarse*; cree prevenir el desprecio y el insulto afanándose por copiar servilmente el modo de ser del pueblo del cual más sañudos proceden el insulto y el desprecio, y convierte a Castilla en su más perfecto ideal [...]”. Breaña *ibidem*. De aí decorre a ruptura na transmisión interxeracional do idioma; como é lóxico: ningún pai, nin ningunha nai quera deixar en herdanza algo do que aprenderon a se avergoñaren e entenden como unha pexa, unha eiva...: “[...] tales prejuicios del pueblo gallego respecto de su lengua propia no pueden menos de transcender a la importantísima función de la educación doméstica; e he ahí, en efecto, a nuestros previsores padres de familia [...] creen que no los capacitan para vivir en el mundo, si no logran inculcarles aversión decidida al habla regional [...]. Y nuestro niños, dóciles a la terminante prohibición y al ejemplo paternos, no hablan jamás el gallego [...]”. O bretón é o exemplo paradigmático do enorme alcance e rapidez con que se producen as nefastas consecuencias da ruptura na transmisión da lingua dunha xeración por outro:

Aujourd’hui ce sont donc 70% des bretonnants qui sont âgés de 60 ans ou plus. Si les moins de 60 ans sont si peu nombreux à savoir le breton, c’est qu’il y a eu une interruption de la transmission de la langue au sein de la cellule familiale [...] intervenue dans les années après-guerre (Broudic 2009: 133)⁸.

Mais, obviamente, como ben deixa entrever a cita anterior, o rexeitamento do que cada un/ha é non xorde da nada porque si; ninguén nace odiándose a si propi@. Como no caso da anorexia, a realidade percíbese deformada por unha falsa imaxe proxectada desde fóra. A culpa nunca pode ser de quen estea afixido (da vítima) senón de quen perpetra o desbaratamento cultural que pretende —até agora sen éxito; que son uns “imperialistas fracasados”, Castela *dixit*— levar un pobo enteiro a renegar do seu por “vergoña”, procurando facer das vítimas os seus propios verdugos.

En non é para menos: “[Mas] el sistema político, centralista y unitario que luego después se entronizó en Castilla, no podía tolerar ninguna diversidad idiomática en la nación”. A Breaña tamén padeceu a súa propia “doma e castración”, para

8 “Hoxe 60% dos bretonfalantes teñen 60 anos ou máis. Se son si pouco numerosos os que saben bretón con menos de 60 anos, é debido a que houbo unha interrupción na transmisión da lingua no seo do núcleo familiar [...] que se produciu na posguerra” [en referencia, neste caso, á Segunda Guerra Mundial].

recollermos as verbas de Castelao. Valla un repaso moi rápido por algúns dos elementos históricos máis destacados (Abalain 2000: 38-46; Gwegen 1975: 31-42): tras a unión do Ducado da Bretaña á coroa francesa a finais dos anos 1480, o rei de Francia, Francisco I, promulgou a ordenanza de Villers-Cotterêts⁹ en 1539, tornando obrigatorio o uso do francés nas pazos de xustiza e en todas as actas oficiais; a Revolución francesa de 1789 augurou “a longa noite de pedra” da lingua bretoa, con tres lustros de acoso e represión desapiadada contra as linguas ‘rexionais’ da República, que pasa polo “Informe sobre os idiomas” presentado por Bertrand Barère ante o Comité de Saúde Pública que afirmaba que “o federalismo [inimigo da República indivisíbel] e a superstición falan baixo-bretón”, e a pasaxe da “lingua común” á “lingua única” que preconiza a erradicación das outras linguas, coa famosa proclama do Abade Grégoire en 1793 ante o Comité de Instrución Pública: “il est plus important qu’on ne pense en politique d’extirper cette diversité d’idiomes grossiers, qui prolongent l’enfance de la raison et la vieillesse des préjugés”,¹⁰ seguido, ao ano seguinte, do seu “Informe sobre a necesidade e os medios para aniquilar os dialectos e universalizar o uso da lingua francesa” e, nese mesmo ano, promúlgase o uso da lingua francesa nos escolas primarias do Estado; saltando varios séculos de asoballamento sistemático e deliberado, sobre todo no ámbito educativo, xa máis recentemente, coincidindo máis ou menos co inicio da ditadura fascista de Franco, na Bretaña a práctica de colgar ao pescozo dalgún/ha alumno/a pillado/a *in flagrante* a falar bretón nun colexio o ‘símbolo’ da vergoña (en bretón *simbol* ou *buoc’h*, lit. vaca) que levaba parello algún castigo. Para se librar do símbolo, había que delatar un compañeiro ou unha compañeira (Griffon 2008); que mellor símbolo hai, desde logo, de como se plantou en toda unha xeración a semente do autoodio?

En termos contemporáneos (Skutnabb-Kangas 2000), non é atrevido falar de “linguicidio” planificado e calculado.

Ao mesmo tempo encétase a fractura entre o urbano e o rural, traspasando a simples división xeográfica, sendo o espello da dicotomía caricatural España-Galiza, rico-pobre, ignorante-culto: “y que el uso del uno [español] con menoscabo del otro se halla más extendido en la ciudad que en el campo, en unas localidades que en otras. En efecto, ¿Quién será tan ciego que no vea cuánto construye esta dualidad idiomática a mantener y fomentar en el pueblo los antagonismos de clase, el divorcio entre los elementos urbano y rural [...]?”. A lóxica é clara: *divide et impera*; unha Galiza rural, cunha lingua identificada co atraso e a miseria, e unha Galiza urbana que se nega a si mesma, virada cara a España e a súa lingua. Nun contexto así,

9 Pódese consultar o texto completo da ordenanza na rede; <http://www.legifrance.gouv.fr/affichTexte.do?dateTexte=20110726&cidTexte=LEGITEXT000006070939>

10 “É máis importante do que se pensa na política extirpar esta diversidade de idiomas groseiros, que prolongan a infancia da razón e a vellez dos prexuízos”.

resulta moi difícil levantar unha consciencia de pobo ou de nación: “Galicia [...] carece de conciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, de lo que contiene de malo [...]”.

O texto galego acerta en identificar a lingua como “substantivo de la personalidad individual y colectiva [...] se cuenta entre los más fuertes vínculos sociales, entre los factores más activos y más firmes sostenes de los pueblos y nacionalidades”. Nunha palabra, a reivindicación histórica do nacionalismo do galego como máxima expresión do pobo galego como nación, tal e como recolle a célebre definición da *Sempre de Galiza* de Castelao, baseada, á súa vez, na de Stalin no seu *Marxismo e a cuestión nacional*: “Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura. Somentes a existencia de tódolos signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación”.

No entanto, o caso galego difire radicalmente neste aspecto por razóns históricas: malia que a extensión lingüística do bretón fose moito maior en séculos anteriores e que comeza a recuar a partir do século X, chegando até máis alá de Sant-Nazer no extremo leste (Gwegen 1975: 24-25), existe, desde sempre, unha división lingüística na Bretaña entre a Breizh-Izel (Baixa Bretaña), de fala bretoa, e a Breizh-Uhel (Alta Bretaña), de fala galó e francés. Nunca foi lingua de todo o país, ficando as grandes urbes de Roazhon e Naoned fóra desta zona, o que non implica que non houbera contacto co bretón. Porén, a lingua bretoa segue a ocupar un lugar esencial como elemento que singulariza a identidade nacional no seu conxunto, como demostran o feito de ser o Departamento do Liger-Atlantel o que rexistra a taxa de crecemento maior, e Roazhon é a municipalidade co maior número de alumnas/os en centros bilingües (Ofis ar brezhoneg 2001: 5), talvez por non teren sido obxecto da burla secular e vítimas do autoodio de quen a padeceu. Así, na Bretaña tamén se recoñece desde sempre o papel chave da “fala propia e diferenciada” como elemento que dá cohesión á consciencia colectiva da nación, plasmado na consigna tradicional “Hep brezhoneg, Breizh ebet!” (‘Sen bretón, non hai Bretaña!’) ou mesmo, de xeito máis incisivo, da cita atribuída ao autor e político Roparz Hemon “ar galleg eo karr an ankoù e Breizh” (‘o francés é o carro da morte na Bretaña’).

Conclúe o autor das *Conclusiones*: “Es el lenguaje [...] cualidad de esencial valor para constituir el ser de los pueblos y darle carácter propio y distintivo; por consiguiente “ser o no ser, esta es la cuestión”, verdaderamente grave y fundamental, que respecto al pueblo gallego se plantea, cuando nos preguntamos por la razón de la conveniencia de conservar y perfeccionar el idioma galaico”.

Unindo a cuestión da lingua cos temas abordados anteriormente (autoodio, división rural/urbano), adiantando a célebre definición de Ferguson (1959) en case medio século, o autor das *Consideraciones* fai un retrato precoz da diglosia caracterizada

por: “Hablar en castellano ha llegado a ser entre nosotros no ya una condición de buen tono y una señal inequívoca de distinción, sino también una regla de urbanidad: resígnese a no pertenecer al gremio de las personas distinguidas, de las personas decentes quien no le preste acatamiento”. Segundo Loureiro-Rodríguez (2007), a situación diglósica do galego na actualidade segue a ser a mesma que a situación descrita por García Blanco cen anos antes; o precario desequilibrio entre o galego e o español que algúns denominan como ‘bilingüismo’ (harmónico, cordial, etc.). A cuestión é, á luz do exemplo bretón, canto tempo pode durar esta situación de “decadencia” continua que pouco a pouco corroe a lingua?

O termo ‘diglósica’ é o mesmo que se utiliza para describir a situación do bretón fronte ao francés xa desde 1616 (Broudic 2009: 17). Mais se ben Broudic afirma que “La diglossie caractérise toujours la langue bretonne” tamén se pregunta “dans quelle mesure le breton est-il ou non la langue du foyer?” (ibid: 18-19)¹¹. O caso do bretón é máis grave que o galego en termos cualitativos en canto que xa traspasou unha etapa para chegar á fase do “colonialismo triunfante”, ao deixar xa non de ser unha lingua do ámbito público de maior prestixio, senón tamén está a deixar de ser a lingua do ámbito privado, seguindo o proceso de atrición lingüística descrita por Calvet (1994) en termos de “glotofaxia”.

Paradoxalmente, e como consecuencia do anterior, o renovado interese na ‘rehabilitación’ das linguas nacionais leva a unha situación onde a súa custodia pasa, en certa medida, a mans dunha *intelligentsia*; “para cuidar de su conservación, depuración y esplendor, se ha instituido una corporación de personas doctas [...] no hay duda de que ha comenzado un movimiento de las clases intelectuales de nuestro país a favor de la rehabilitación del moribundo dialecto gallego”. Eis a dicotomía: como o pobo, polas razóns expostas, abandona a súa lingua, a lingua do pobo pasa a ser, nalgunha medida, custodiada por unha elite social. Mais, contrariamente ao que afirman algúns (Martínez 2012), non é unha cuestión de apropiarse do proceso ou da lingua, como se se tratase de arrebatalla ao pobo, senón de a custodiar, sempre traballando para que siga a ser a “lingoa proletaria do meu pobo” (Celso Emilio Ferreiro) que é o que lle dá toda súa razón de ser: “se ha de contribuir al remedio del desafecto popular de que nuestro lenguaje es víctima”. Por iso resulta tan esencial e tan vixente aínda hoxe o chamamento que fai o autor das *Consideraciones*: “Estudiarlo [menosprecio] serena y objetivamente y combatirlo con algo más que estériles lamentaciones es deber inexcusable de todo el que de buen gallego se precie”.

Finalmente, como non podería ser doutro xeito, ao estaren o bretón e o galego linguas integradas en Estados diferentes, as diferenzas entre a historia

11 “Aínda hoxe a diglosia caracteriza a lingua bretoa [...] en medida o bretón segue a ser a lingua do fogar?”.

sociolingüística e sociopolítica de ambas naturalmente diverxe en varios aspectos, sendo que o asoballamento, malia ser un denominador común, non reviste sempre as mesmas formas. Recollemos aquí dous aspectos que diferencian a historia do desenvolvemento sociolingüístico do bretón e do galego: o papel que desempeñou a igrexa católica e; a presenza das linguas no sistema escolar.

Exceptuando exemplos de persoeiros illados como o arcebispo de Compostela, Manuel Lago González (1865-1925), ou curas apegados ao pobo como Moncho Valcarce, entre outros, no seu conxunto a igrexa católica desempeñou, como institución, un papel desgaleguizador na Galiza: “En tódalas aproximacións se constata o lastre dun divorcio histórico entre a Institución eclesiástica e a fala propia e diferenciada de Galicia” (López Muñoz 1989: 201), corroborando a afirmación nas Consideracións: “Nuestros curas rurales usan constantemente el castellano en las sencillas, familiares pláticas con que adoctrinan a sus feligreses”. De feito, a existencia de asociacións e revistas de crentes de corte propiamente galego son, na súa meirande parte, recentes, como *Encrucillada* (revista 1977, asociación 1994) e *Irimia* (asociación 1978, revista 1981), similares á iniciativa de *Minihi Levenez*, asociación creada en 1984 polo cura Job an Hirien.

Na Bretaña, no entanto, a igrexa mostrou, desde moi cedo, un interese na lingua bretoa, sen dúbida como unha vía para poder comunicar e espallar a súa mensaxe nun país onde esta lingua aínda predominaba, polo que non se esforzaba en depurar a lingua, preferindo un bretón ‘popular’, altamente contaminado polo francés denominado *brezhoneg beleg* (‘o bretón dos curas’, Gerven 2002), tema que tamén aborda o autor das *Consideraciones* no caso do galego. En todo caso, nos séculos XVII e XVIII saíron do prelo moitas obras de tipo relixioso e tamén de divertimento da man da igrexa católica e, desde 1865, por exemplo, o Bispo de Kemper e Leon encárgase da publicación do que vai ser a lonxeva revista confesional en lingua bretoa *Feiz ha Breiz* (‘Fe e Bretaña’) para o clero e @s habitantes da súa diocese. A revista seguira, ao longo de tres etapas, até o ano 1944, se ben tras a guerra reaparece so o título de *Kroaz Breiz* (‘Cruz da Bretaña’). Ao principio do século, pasa a ser o órgano da asociación nacionalista católica *Bleun-Brug* (‘Flor de breixo’), con Yann-Vari Perrot á fronte, un abade cuxa ideoloxía se artella ao redor dun nacionalismo de corte profundamente cristián que se plasma no famoso consigna: “*Ar Brezhoneg hag ar Feiz A zo breur ha c’hoar e Breizh*” (‘o bretón e a fe son irmán e irmá na Bretaña’).

Debida á atención –intereseira– que prestaba a igrexa ao bretón, lingua do pobo que pretendía atinxir (e controlar), a cultura e a lingua bretoas asociábanse cada vez máis no imaxinario xacobino francés como inimigos do laicismo, valor absoluto do concepto da República herdado da Revolución francesa. De feito, durante a Terceira República (1870 à 1940), os sacerdotes do bispado de Kemper encabezaron unha

loita en defensa do bretón despois de se prohibir a predicación e a catequese nesta lingua. A confusión estendeuse —e segue a se estender— (non sempre sen razón) a equiparar a defensa do bretón e a igrexa co colaboracionismo cos ocupantes nazis durante a Segunda Guerra Mundial, motivo polo cal, sen dúbida, o propio Yann-Vari Perrot foi asasinado en 1943 do man dun membro da organización especial (unidade de resistencia armada) do Partido Comunista Francés (PCF).

A segunda grande diferenza entre o caso bretón ten a ver coa relación entre a lingua e a educación formal, ámbito esencial para a aprendizaxe e a doutrinación, de aí a máxima xesuíta: ‘dáme un neno de até sete anos e devolverei un home’. Tamén, loxicamente, a educación desempeña un papel esencial nos procesos de normalización lingüística (Ferguson 2006), ou, pola contra, na alienación cultural e desafección lingüística.

Unha das maiores diferenzas aparentes entre o caso galego e o bretón atinxe á súa presenza na educación. Xa non momento de redactar o texto, o autor das *Consideraciones* fala da existencia de estudos superiores de galego, ao citar “el reciente establecimiento de la cátedra de lengua galaico-portuguesa en la Universidad Central”. Facendo eco da necesidade de ligar o estudo erudito da lingua coa súa práctica como lingua popular, García Blanco acha en falta, porén, a existencia de docencia en galego nos ciclos inferiores da educación secundaria: “No caigamos, sin embargo, en la candidez de creer que para reanimar el dialecto y fomentar su uso tengamos bastante con que se le haya hecho materia de enseñanza superior, cuando tan necesitada está de enseñanza elemental”.

Ao ser o ámbito educativo unha peza chave na normalización lingüística (Joseph 2006: 38), esta tamén foi unha reivindicación constante do *Emsav* (movemento bretón): con nomes tan destacados como Yann Sohier, fundador da asociación *Ar Falz-Skol Vreizh* (1933) e a asociación *Ar Brezhoneg er skol*, fundado por Yann Fouéré e 1934 e *Emgleo Breiz* que recolle varias centenas de milleiras de sinaturas a favor do ensino do bretón en 1967. Ao non recibir unha resposta favorábel desde os poderes públicos (franceses), a primeira escola infantil *Diwan*, de inmersión lingüística, abriu as súas portas con 5 alumn@s en Lambaol-Gwitalmeze en 1977 (en 2011 xa eran 3.528 alumn@s en 35 escolas infantís e primarias, 6 colexios de secundaria e un instituto), dando pé, máis tarde, á creación de clases bilingües no ensino público promovidas pola asociación *Divyez*, coas primeiras clase en Roazhon, Lannuon e Sant-Riwal en 1982-1983 (5.995 alumn@s en 2011) e católico impulsado pola asociación *Dihun* (4.651 alumn@s en 2011)¹².

12 As cifras expresadas en termos absolutos para cuantificar o número de alumn@s que cursan estudos en bretón enmascaran as grandes diferenzas cuantitativas e cualitativas a respecto da repartición do ensino en cada caso entre o bretón e o francés.

Ao se contrastaren as situación actuais, o que parece claro é que o galego conquistou para si o que o bretón aínda non logrou, iso é, unha presenza garantida da lingua galega no ensino primario e secundario, non só como materias en si, senón como lingua de docencia en que se imparten outras materias. Son moit@s @s activistas e defensor@s do bretón que se conformarían con menos, ao non gozar o bretón de ningunha presenza sistemática e garantida, ao amparo dunha lexislación específica, da lingua nacional da Bretaña nas aulas do país. E é certo que moito camiño se ten andado nesta dirección, sempre grazas ás presións populares, desde a ditadura de Franco.

Agora ben, tal e como demostran as recentes reformas laborais aplicadas en moitos Estados europeos, as conquistas sociais non son, xa que logo, inmutábeis. E iso inclúe os dereitos lingüísticos, como demostra Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia fronte ao Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo do Goberno bipartito¹³ e o desmantelamento da rede de *Galescolas*, proba –se fai falta– de que a fráxil sorte das linguas depende dos avatares políticos, e que as forzas exóenas nunca van velar por que as nacións que conforman os seus Estados se desenvolvan en igualdade, senón todo o contrario. Volvemos ao mesmo, como xa apuntou o texto: a rehabilitación será a obra do pobo galego, como tamén a do bretón, ou non será.

Conclusiones

Non dá tempo a repasar todos os temas abordados nas *Consideraciones* desde a perspectiva da comparación histórica e contemporánea entre a situación do galego e a do bretón e, ao optarmos por centrar a nosa análise na cuestión da lingua, fican necesariamente fóra outros elementos, tamén de importancia, sobre todo o que ten a ver co ámbito da produción literatura e os seus xéneros, e tamén a cuestión da escrita e a grafía, que tamén teñen os seus puntos de encontro e demostran certas simetrías nos dúas nacións estudadas.

En todo o caso, o que se desprende dunha lectura obxectiva, mais tamén militante, é a súa pavorosa actualidade cen anos despois, iso é, en termos cualitativos a situación que padece o galego non mudou substancialmente en termos cualitativos.

Mais, ao non se ter mudada a situación de “decadencia” descrita, como tamén indica o autor das *Consideraciones*, de nada valen “lamentacións estériles”, senón que

13 Texto completo de ambas as lexislacións: http://www.fsiegalicia.es/files/Decreto_pluriling.pdf e http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_5.pdf.

as pautas que se apuntan para a “rehabilitación”, tanto do galego como do bretón, deben servir hoxe de guía de acción, de activismo a favor da dinamización social das nosas linguas nacionais para que se superar, dunha vez, a diglosia que nace do autoodio como resposta á violencia lingüicida e que leva, inexorabelmente, ao declive e á disolución lingüística.

O que si mudou desde que escribiu Manuel García Blanco é a velocidade do recuar lingüístico, exacerbado polo mundo globalizado e tecnoloxizado no que nos toca vivir, e a continuada ruptura na transmisión interxeracional que leva a unha perda de falantes mais tamén un abandono da lingua xa non só nas urbes, senón tamén no tradicional bastión rural do galego, como recolle a última edición do *Mapa sociolingüística de Galicia* (González González 2007).

Unha primeira ollada ao redor da situación actual do bretón tendería a indicar que a do galego é, en termos comparativos, moito mellor. Porén, os pasos descritos no texto para describir a involución da situación do galego son da mesma orde do que aconteceu co bretón: a diferenza real é só unha cuestión de números, e cando os números pasan por debaixo dun determinado limiar, calquera lingua se ve ameazada. Quer dicir que, malia a que o galego goce, hoxe por hoxe, de mellor saúde do que o bretón en termos do número de falantes e do seu status legal, polo que o galego non figura no *Atlas das lingua do mundo en perigo* da UNESCO (Moseley 2010) co mesmo cualificativo “severely endangered” (‘gravemente en perigo’; léase, de extinción) que o bretón, a rapidez co que o galego está a perder vitalidade nun contexto abertamente hostil fai que si corre o risco real de periclitarse de xeito acelerado, exactamente como o bretón, que pasou de máis dun millón de falantes a principios do século XX aos actuais 200.000, se non se actúa de maneira decidida e contundente en todas as fronteiras, desde as institucións até a sociedade. Non se trata de alarmismo, senón de realismo que nos debe mover a nos implicarmos na conservación dun elemento que fai das galegas e dos galegos un pobo, unha nación.

Concluamos, pois, lembrando o título do famoso libro de Lenin, *Que facer?*, e tamén as verbas do autor das *Consideraciones*, cando afirma que é o deber inescusábel de todas aquelas persoas de bo/a galego/a se precen combater o menosprezo con algo máis que con estériles lamentacións.

Referencias bibliográficas

- Abalain, H. (1999): *Histoire de la langue bretonne* (París: Gisserot).
- Alonso, B. (1996): “Idade contemporánea (Século XX)”, en Carballo, F. (coord.): *Historia de Galicia* (Vigo: A Nosa Terra).

- Broudic, F. (2009): *Parler breton au XXI^e siècle. Le nouveau sondage de TMO-Régions* (Brest: Emgleo Breiz).
- Calvet, L.-J. (1974): *Linguistique et colonialisme. Petit traite de glottophagie* (Paris: Payot). [Edición galega: (1993) *Lingüística e colonialismo. Pequeno tratado de Glotofaxia*. Santiago de Compostela: Laiovento.]
- Fouéré, Y. (1977): *Histoire résumé du mouvement breton* (Kemper: Nature et Bretagne).
- Ferguson, C.A. 1959: “Diglossia” *Word* 15, 325-340.
- Ferguson, G. (2006): *Language Planning and Education* (Dùn Èideann: Edinburgh University Press).
- Gerven, Y.: *Eus ar brezhoneg beleg dar brezhoneg lennegel*. [En liña] <http://www.oocities.org/yann_gerven/pennadou2.html> (última consulta: 24/02/2012).
- Gibson, J. (2005): Bécassine c’hoazh hag adarre [‘Bécassine aínda e outra vez’]. En *Breizh*, 40.
- González González, M. (dir.) (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1. *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. (A Coruña: Real Academia Galega). [En liña] <<http://www.udc.es/snl/documentospdf/LinguaInicial.pdf>> (última consulta: 26/02/2012).
- Griffon, Y. (2008): *La langue bretonne et l’école républicaine : témoignages de mémorialistes* (Roazhon: CRBC).
- Gwegen, J. (1975): *La langue bretonne face à ses oppresseurs* (Kemper: Nature et Bretagne).
- Joseph, J.E. (2006): *Language and Politics* (Dùn Èideann: Edinburgh University Press).
- Kalloc’h, Y-B. (1915): Lettre à Achille Collin, *Ar Vro* 42 (1/05/1967), 9-11. [En liña]: <http://fr.wikisource.org/wiki/Lettre_%C3%A0_Achille_Collin> (última consulta: 21/02/2012)
- Laouénan, R. (2008): *Le poilu des tranchées* (Speied: Coop Breizh).
- López Muñoz, D. (1989): *O idioma da Igrexa en Galicia* (Santiago: Consello da Cultura Galega).
- Loureiro-Rodríguez, V. (2007): “Are Galicians bound to diglossia? An analysis of the nature, uses and values of standard Galician”, en K. & Cameron, R. (eds.): *Spanish in Contact: Policy, Social and Linguistic Inquiries*: 119–132 (Potowski, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.).

- Martínez, I. (2012): “O nacionalismo quixo apropiarse da normalización, foi un erro desastroso”, *El País*, 23/02/2012. [En liña] <http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/02/23/galicia/1330029343_389017.html> (última consulta: 25/02/2012).
- Moseley, C. (ed.) (2010): *Atlas of the World's Languages in Danger*. París: UNESCO. [En liña]: <<http://www.unesco.org/culture/languages-atlas/>> (última consulta: 26/02/2012).
- Ofis ar brezhoneg (2007): *Ar brezhoneg e-kreiz ar roudour. Eil danevell hollek war stad ar brezhoneg, 2002-2007* [‘O bretón na encrucillada. Segundo informe xeral sobre a situación da lingua bretoa, 2002-2007’] [En liña]: < <http://www.ofis-bzh.org/upload/Danevell%20an%20Arsellva%202007.pdf> > (última consulta: 21/02/2012) (Dispoñíbel en francés: <<http://www.ofis-bzh.org/upload/Rapport%20Observatoire%202007.pdf>>) (última consulta: 25/02/2012).
- Ofis ar brezhoneg (2001): *Stad ar c’helenn divyezhek e 2010* [‘Situación do ensino bilingüe en 2010’] [En liña] http://www.ofis-bzh.org/upload/travail_paragraphe/fichier/285fichier.pdf (Dispoñíbel en francés: http://www.ofis-bzh.org/upload/travail_paragraphe/fichier/284fichier.pdf) (última consulta: 25/02/2012).
- Poupinot, Y. (1914) : *La Bretagne Contemporaine*, Tome II. *Depuis 1914* (París: Ker Vreiz).
- Rodríguez, F. (1991) (3ª ed.): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Skutnabb-Kangas, T. (2000): *Linguistic Genocide in Education-or Worldwide Diversity and Human Rights?* (Londres: Lawrence Erlbaum).
- Williams, H. (2007): *Postcolonial Brittany: Literature between Languages* (Berna: Peter Lang).

